



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 42

**Sesión plenaria**  
11 de marzo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Texto legislativo

**1.1** Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital (doc. núm. 15320, 12/PL-000006).  
Publicación do Ditame da comisión e do mantemento de emendas, BOPG nº 166, do 4.03.2025

## Punto 2. Comparecencias

### 2.1 21107 (12/CPP-000038)

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 26 de febreiro de 2025  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

### 2.2 20148 (12/CPP-000033)

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre as políticas de igualdade en Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

## Punto 3. Mocións

### 3.1 20968 (12/MOC-000050)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19447, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 25 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

### 3.2 21009 (12/MOC-000051)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Insua Lema, Óscar

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17724, publicada no BOPG núm. 148f1, do 30 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 25 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025



## **Punto 4. Proposicións non de lei**

### **4.1 538 (12/PNP-000033)**

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis**

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

### **4.2 19277 (12/PNP-001517)**

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

### **4.3 20038 (12/PNP-001597)**

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

### **4.4 20116 (12/PNP-001610)**

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

### **4.5 20353 (12/PNP-001632)**

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

### **4.6 20603 (12/PNP-001655)**

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Arias Rodríguez, Raquel e dezanove deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025



## Punto 5. Interpelacións

### 5.1 1137 (12/INT-000050)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén e quince deputados/as máis**

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

### 5.2 19844 (12/INT-000789)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

### 5.3 20084 (12/INT-000805)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

## Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 6.1 21103 (12/POPX-000035)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do grao de equidade que está a conseguir no financiamento das administracións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

### 6.2 21104 (12/POPX-000036)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas do Goberno galego para avanzar na igualdade real das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 20074 (12/POP-003104)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre os eventuais estudos ou informes dos que dispón a Xunta de Galicia respecto do alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



**7.2 21081 (12/PUP-000085)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos na planta de Nostián, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

**7.3 18601 (12/POP-002895)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e tres deputados/as máis**

Sobre a creación e composición do Observatorio das Mulleres do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

**7.4 19369 (12/POP-002998)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

**7.5 21091 (12/PUP-000087)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o tempo que tardará a Xunta de Galicia en aceptar o plan de condonación de débeda pública que lle propón o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

**7.6 19636 (12/POP-003040)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as medidas que está disposta a adoptar a Xunta de Galicia orientadas a afrontar o incremento de casos de agresión ao persoal sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

**7.7 19839 (12/POP-003057)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a dotación do novo centro de saúde de Moaña do servizo de urxencias sanitarias e doutros servizos incluídos no convenio asinado entrambas as administracións, autonómica e local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

**7.8 20143 (12/POP-003139)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre a adopción de medidas para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



**7.9 17375 (12/POP-002755)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis**

Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co fin de elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

**7.10 20303 (12/POP-003205)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna**

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

**7.11 21085 (12/PUP-000086)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo denunciada polo seu propio persoal investigador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente abre a sesión e comunica a inasistencia da deputada dona Iria Taibo Corsanego (BNG) e a delegación do seu voto, con base no artigo 84.3 do Regulamento do Parlamento, na deputada dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 12.)*

*Antes de entrar no desenvolvemento da orde do día da sesión, todos os membros da Cámara e mais as persoas asistentes gardan un minuto de silencio en recordo da que foi alcaldesa de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo (S). (Páx. 12.)*

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame, que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 12.)*

*Presentación do Ditame da Comisión: Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (García Comesaña). (Páx. 12.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se for o caso, defenderen as emendas mantidas: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 13.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 16.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 21.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 24.).*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 28.), Sra. Longueira Castro (S) (Páx. 29.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 31.) e Sra. Pomar Tojo (P) (Páx. 33.).*

### ***Votación do texto lexislativo***

*Votación das emendas mantidas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 35.)*



Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: *aprobado por 39 votos a favor, 33 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 35.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 26 de febreiro de 2025.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 46.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 47.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 50.) e *Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 53.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 57.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno* (Páx. 62.). *Nesta rolda interveñen: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 62.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 62.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 64.), *Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 65.) e *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)* (Páx. 67.).

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 70.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 73.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 75.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 77.).

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG).* (Páx. 80.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 82.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 84.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 86.) e *Sr. Marnotes Fernández (P)* (Páx. 88.).

*Nova intervención do señor Insua Lema (BNG).* (Páx. 91.)





### ***Votación das mocións***

Votación da Moción presenta polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

### **Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre as políticas de igualdade en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 94.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 99.), *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 99.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 103.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 107.).

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 110.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno* (Páx. 112.). *Nesta rolda interveñen (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 112.), *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 112.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 114.), *Sra. Arias Rodríguez (P)* (Páx. 116.) e *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)* (Páx. 117.).

*A señora Presas Bergantiños (BNG) observa determinadas inexactitudes no debate desta comparecencia, polo que pide a palabra con base no artigo 76.1 do Regulamento do Parlamento. O señor presidente non lla concede por considerar que abre outro debate.* (Páx. 120.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente anuncia dúas alteracións da orde do día.* (Páx. 122.)

### **Pregunta de D<sup>a</sup> Carmela González Iglesias e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación e composición do Observatorio das Mulleres do Mar.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 123.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 125.)



**Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 126.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 129.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada á proposición non de lei.* (Páx. 130.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Verea Fraiz (P)*. (Páx. 130.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 133.) e *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 134.).

*O señor Verea Fraiz (P) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 136.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada á proposición non de lei.* (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 138.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 143.) e *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 143.).

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 147.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a emenda presentada á proposición non de lei.* (Páx. 149.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 150.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 155.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 155.).

*A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 158.)

*Suspéndese a sesión ás oito e sete minutos da noite.*



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica inasistencia dona Iria Taibo. Xustifícaa con base no artigo 84.3 e delega o seu voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, prérgolles que gardemos un minuto de silencio en recordo da que foi alcaldesa de Lugo, dona Paula Alvarelos.

*(Todos os membros da Cámara e mais as persoas asistentes gardan un minuto de silencio.)*

Grazas. *(Aplausos.)*

E, agora si, comezamos coa orde do día. O primeiro punto é texto lexislativo.

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don Julio García Comesaña.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (García Comesaña):** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 5 de decembro de 2024, co número de rexistro 15.320. A Mesa do Parlamento, na reunión do 11 de decembro de 2024, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o día 30 de decembro de 2024 para as emendas á totalidade e o 1 de febreiro de 2025 para as emendas ao articulado. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas respectivamente pola Mesa da Comisión nas sesións do día 16 de xaneiro e 3 de febreiro



de 2025, foron publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 141. Foron dúas emendas á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda á totalidade con proposta de texto alternativo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Tamén se presentaron 65 emendas ao articulado: 29 foron presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 36 emendas presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Na sesión plenaria do día 28 de xaneiro de 2025 rexeitáronse as anteditas emendas á totalidade de devolución do proxecto, que continuou coa súa tramitación parlamentaria.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 7 de febreiro de 2025, designou as seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Carmen María Pomar Tojo; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil Fernández; e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Silvia Longueira Castro. A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 11 de febreiro de 2025, coa miña presenza e coa asistencia das ponentes titulares Carmen Pomar Tojo, Olalla Rodil Fernández e Silvia Longueira Castro. Nas seguintes reunións, dos días 13, 20 e 24 de febreiro de 2025, as ponentes analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei, as emendas formuladas e as propostas de transacción. Conclúen o seu informe coas recomendacións definitivas; informe que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª celebrada o pasado día 24 de febreiro. Recolléronse no Ditame todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe.

Ata aquí o resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo por esa Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que eu presido. Correspónde hoxe ao Pleno desta Cámara a súa definitiva aprobación.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos, polo tanto, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas e os votos particulares formulados. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente, bos días. Señorías.

Eu vou centrar a miña intervención —que estimo que non será moi longa— en comentar, máis que o articulado, a exposición de motivos. Falábase este día moito —por outras causas— de que as exposicións de motivos conteñen o espírito das leis; e o articulado, que é o que realmente se vai votar, contén a letra. Falábase moito con relación a unha nova lei que parece ser que se quere desenvolver en Cataluña sobre inmigración e, bueno, que se os motivos ou que se o articulado.... Entón, voume centrar fundamentalmente nalgúns cousas que di aquí a exposición de motivos, máis que nada como reflexión e como aportación.



Unha das cousas que di, despois de falar de cales foron os motivos polos que no seu día se constituíu a Corporación da Televisión de Galicia, é que, segundo consta na exposición de motivos, permitiu «a posta en marcha duns medios públicos de comunicación audiovisual que contribuíron de modo innegable para a normalización da lingua galega, para o reforzamento da identidade do pobo galego e para a promoción da cultura galega». Eu aquí entendo que a exposición de motivos parece que é un xuízo de valor; quero dicir que isto é bastante discutible. Non vou dicir agora se estou a favor ou se estou en contra, pero o que si que está claro é que é discutible o feito de que a Televisión de Galicia nos últimos anos normalizase a lingua galega. Non o teño absolutamente nada claro. Tampouco teño claro que promovese o reforzamento da identidade do pobo galego. Eu penso que non é o mesmo falar de identidade que falar de topicidade; unha cousa son os tópicos e outra cousa é a identidade. Eu, particularmente, penso que a Televisión de Galicia, especialmente a través de certos programas, o que promoveu foron os tópicos que sobre os galegos temos ás veces mesmo nós mesmos e incluso outras colectividades de fóra de Galicia.

Particularmente, penso que o fomento da lingua galega a través da televisión se debería facer como se fai de xeito natural: promocionándoa aos nenos. A interiorización dunha lingua faise na infancia e o eslabón principal a través do cal se normaliza unha lingua é a transmisión de pais a fillos ou de avós a netos, como nos sucedeu a moitos de nós. Nese sentido, eu penso que priorizar —que unha cousa non quita a outra— esa programación un pouco —digamos, na miña opinión— xerontolóxica que se fai moitas veces en detrimento dos programas dirixidos á infancia, pois debería cambiar. Todos sabemos que no seu momento a programación da televisión tiña uns programas dirixidos á infancia, uns personaxes de debuxos animados moi simpáticos. Unha ampla colectividade de persoas que hoxe son adultas, no entorno dos corenta ou dos trinta, recoñecen que coñecen o galego e que o usan cando o estiman oportuno porque, a pesar de non escoitalo na súa casa por parte dos seus pais, escoitábano nos programas de televisión dos debuxos animados, de personaxes que non vou recordar, porque seguro que todos vostedes os coñecen. É importante, porque, se non se fomenta na infancia, despois a cousa é practicamente imposible. Desde logo, é totalmente imposible interiorizar unha lingua de adulto; unha cousa é que se coñeza, como se coñece a álgebra como unha actividade intelectual, e outra cousa é interiorizalo como parte dun mesmo. Todos sabemos que as linguas maternas se caracterizan por adquirirse ao mesmo tempo que medra o cerebro; ou sexa, dalgunha maneira a lingua intégrase no que os informáticos chaman o *hardware*, a estrutura física; o resto, cando se aprende de adulto, é puro software.

Entón, bueno, eu falaría de fomentar na Televisión de Galicia os programas para nenos, recuperar un pouco a esencia daqueles debuxos animados ou doutros programas. Hai unha cuestión, e é que os programas dirixidos aos nenos non teñen por que ser necesariamente moi caros. Os nenos non precisan desa sobreestimulación sensorial que hoxe en día temos os adultos, con base na tolerancia esa da que falan os psicólogos, ás veces incluso relacionada coas adiccións; que cada vez queremos máis estímulos para manter o mesmo nivel de atención. Os nenos, non; os nenos entretéñense con moitas cousas. Eu recordo na miña infancia programas que hoxe os ves e parecen pouco máis que un programa de marionetas daquelas que había, como en Barrio Sésamo. Os nenos non precisan de moito investimento en diñeiro por parte de programas de televisión e son un excelente medio para introducir o galego na sociedade.





Porque, claro, eu sigo pensando que 135 millóns de euros paréceme unha verdadeira... Non sei como cualificalo, pero, en realidade, é un prezo sobredimensionado. Son 135 millóns de euros, que é tres medios do que é o orzamento da Deputación de Ourense, por exemplo, que ten que atender case cen concellos. Ségueme parecendo unha cantidade excesivamente astronómica. E, xa digo, ás veces o que fai falta é talento, máis que unha cantidade desorbitada de cartos. Porque, claro, aquí di na exposición de motivos que a Televisión de Galicia leva tido «unha situación financeira saneada». A ver, «situación financeira saneada» é un concepto que se debe aplicar ás empresas. Unha empresa está financeiramente saneada cando, con cargo aos seus propios recursos, con cargo ao que factura e con cargo á súa xeración de recursos cumpre tamén cos seus gastos; os ingresos equilíbranse cos gastos de xeito natural. Pero, bueno, é moi fácil dicir que se ten unha situación financeira saneada cando os cartos veñen á demanda do peto público. Ou sexa, cando a Xunta de Galicia che dá o que ti lle pides, pois sempre vai estar saneada; se non che chegan, pídeslles máis e vólvenche dar máis. Iso non é unha maneira... Pero é que, por outra parte, a finalidade da televisión pública non é que estea financeiramente saneada. Pode dar perdas, porque a súa rendibilidade debe ser de tipo social, como todos solemos aceptar.

Aquí fala de independencia e logo fala dun modelo mixto de financiamento que combina a compensación do ingreso público cos ingresos publicitarios. A ver, eu penso que unha televisión pública, se recibe ingresos publicitarios, xa non pode ser independente; ou sexa, iso paréceme de sentido común. Quere dicir, se determinadas empresas financian a través de publicidade unha televisión pública, loxicamente esa televisión pública vai emitir información nesgada cando se vexa involucrada esa empresa ou ese sector comercial concreto. Entón, non podemos falar de independencia se hai financiamento publicitario por parte dunha televisión pública.

Hai aquí dous tipos de independencia que teríamos que ter en conta: a independencia do poder executivo —do que tamén fala moito a lei— e a independencia dos sectores privados. A independencia do sector executivo xa sabemos que é bastante complicada.

Hoxe sae nun medio de comunicación unha entrevista ao que foi durante un tempo director da Televisión de Galicia, Arturo Maneiro Vila. Unha entrevista dunha páxina na que di cousas bastante interesantes. Como di —traduzo do castelán en tempo real— «As maiorías imponen o seu criterio e faise moi complicado que non haxa presións constantes dos partidos políticos».

Despois di aquí: «A televisión pública debería ofrecer contidos de interese que non son rendibles para unha televisión comercial e que ademais son os máis interesantes desde o punto de vista de ofrecer cultura e educación a unha sociedade». Se as emisións dunha televisión pública non teñen por que ser rendibles mesmo para os que contratan publicidade nela, dificilmente poderemos cumprir con ese requisito da independencia.

Logo di aquí unha cousa moi interesante: «Non poden pagarse con orzamentos públicos do Estado os espectáculos dunha televisión». Ou sexa, a televisión pública non debe estar para dar meramente espectáculo; salvo que o espectáculo sexa o formato que se escolla para transmitir outra serie de cousas como, por exemplo, unha serie de valores culturais ou un



idioma. O espectáculo e o entretemento nunha televisión pública soamente debería ser aceptable se cumprise esa condición: como formato para transmitir a verdadeira finalidade. Nunha televisión privada, o entretemento pode ser un fin en si mesmo, pero non así nunha televisión pública. E xa di aquí: «Non poden pagarse con orzamentos públicos espectáculos dunha televisión pública». Volvo repetir que isto o di un señor que foi director da Televisión de Galicia, Arturo Maneiro. A lexislación europea establece que os orzamentos que un Estado dedica á súa televisión pública teñen que ser contidos de interese social.

Logo aquí tamén lle manda unha pequena —como se di habitualmente xa en termos coloquiais— «viaxe» a outra parte do asunto. Di: «Os venres negros responden a un grupo de profesionais que están descontentos coa súa situación laboral e con que a cadea non apoia o suficiente os plantexamentos políticos. Esta protesta é unha loita da tendencia do outro lado; non para liberarse da politización». Ou sexa, di que eses venres negros que teñen lugar no entorno da Televisión de Galicia o que pretenden é unha politización inversa. Ben, pois non, a cuestión é que a Televisión de Galicia debería ser independente de toda presión política, sexa dun signo ou sexa doutro.

A esta lei —na que me inhibín bastante de participar na redacción porque estimei máis axeitado deixar a loita política en mans dos tres actores principais deste Parlamento— tampouco lle atopo suficientes tachas como para votala en contra, pero tampouco vou votar a favor, co cal o terceiro excluído xa saben cal é. Voume abster, confiando, coas miñas dúbidas, en que cos suficientes mecanismos de control parlamentario e restantes que tamén figuran na lei garantan esa independencia e ese bo facer da televisión.

Volvo repetir —e seguiremolo repetindo seguramente nos seguintes orzamentos—: 135 millóns de euros *in crescendo* con derivada positiva nos seguintes anos, se xeneralizamos como vén a cousa de atrás, parécenos unha cantidade verdadeiramente excesiva. Espero que co coñecemento desta cifra e a valoración por parte da opinión pública, que sabe facer números tamén e sabe o que valen as cousas, merme —porque non fai falta, incluso coas novas tecnoloxías— esa cantidade, que fai moita falta para outras moitas cousas; falamos de sanidade, falamos de educación... Tampouco quero facer demagogia, pero esa sería a realidade.

E nada máis. Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego... Perdón, tócalle ao Grupo Parlamentario Socialista primeiro.

Señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Bo día. Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día aos xornalistas e membros do comité de empresa, aínda que hoxe non nos acompañan neste hemiciclo. Para eles vai todo o noso apoio; (*Aplausos.*) todo o noso apoio para os tra-





balladores da CRTVG que están aí fóra do hemiciclo e que protagonizan a folga máis ampla, que cumpriu este venres 355 venres negros. Digo a folga máis ampla que coñece este país: case sete anos manifestándose todos os venres. Primeiro, pola condición do seu traballo e, segundo, pola vergoña. Pola vergoña que temos que pasar todas as galegas e galegos, que temos que sintonizar unha radio e unha televisión manipuladas, nas que a información e o entretemento son conceptos que mesmo poden ser parodia.

Unha parodia que nos leva ao século pasado para revisar a obra de Lampedusa, *O gatopardo*. Nela hai unha frase mítica que todos algunha vez repetimos nas nosas vidas e é que: «Se queremos que todo siga como está é preciso que todo cambie». Iso é exactamente o que van aprobar vostedes con esta lei. Unha normativa gatopardiana, que vai lexitimar o que xa fan, que é facer coa CRTVG o que máis lles conveña política e ideoloxicamente. Porque incluso a vergoña máis evidente precisa unha escusa para ser lexitimada e unha razón para continuar co marasmo e o control aos que estamos sometidos desde hai máis de quince anos.

E aquí temos a redacción de 59 artigos e 7 disposicións adicionais que queren lexitimar, basicamente para que non saiamos do lixo; para que, pase o que pase, poidan dicir que cumpren coa lei. Posiblemente un dos casos de cambalache democrático máis flagrantes do noso país. Digno de estudo para observar o comportamento do Partido Popular en Galicia. Se quixésemos resumir hoxe en día cun só exemplo a herdanza da era Feijóo, poderíamos poñer esta lei enriba da mesa.

Feita de costas ao Colexio Profesional de Xornalistas; feita de costas á Mesa do Sector Audiovisual.

Feita sen a blindaxe da lingua galega, tendo en conta que é unha das ferramentas estruturais para a divulgación, dignificación e coñecemento do galego.

Feita sen a figura do estatuto profesional, que nunca propiciaron que se constituíse na anterior lei, na que aínda rexe hoxe en día. Feita sen a figura do Consello Informativo, que tampouco propiciaron que se constituíse e que o contempla a lei que aínda rexe hoxe en día. Feita coa creación dun consello asesor unidireccional que afasta a pluralidade e a diversidade.

Sen darlle prioridade á conservación e á divulgación do seu patrimonio arquivístico, fiel testemuña da contemporaneidade; nesgado, pero fiel testemuña da construción da contemporaneidade.

Feita de costas á propia esencia do Parlamento, ao que burla a través da disposición adicional segunda, que lexitima o emprego dunha maioría absoluta para elixir a Dirección Xeral que sexa máis conveniente para o partido que governe. Feita de costas a cumprir coas normas xa aprobadas por este Parlamento, como é a Lei Paz-Andrade.

Feita cun articulado que mesmo deixa dúbidas sobre a contratación do persoal directivo no que aínda, con aportación do informe xurídico entregado por este Parlamento, poden cumprir co artigo 13 da normativa básica estatal para o nomeamento de persoal directivo público profesional. E o incumprimento dos artigos 58 e 60 da Lei 16/2010 de Galicia, de ordenación do sector público autonómico, que se aplica a sociedades públicas autonómicas como é a



CRTVG, que exige que exista convocatoria pública e selección conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade; que sempre se debe falar de persoal público profesional. A palabra «público» non aparece na regulación. O exercicio das súas funcións debe delimitarse claramente, deben ser avaliados con criterios de produtividade variables, pero que teñen que estar fixados previamente e con base en criterios obxectivos. Nada desta regulación aparece no artigo 45 da nova lei.

E o triste deste proceso é que pasamos dunha lei aprobada no ano 2011, con luces e sombras, evidentemente, e que foi feita coa idea de non retroceder á era Fraga; dito esencialmente dentro deste Parlamento no ano 2010. Por entón aprobouse a lei que nos levaba á pluralidade e á ausencia de manipulación. Pero, como di David Lombao en Praza Pública, «a Dirección da CRTVG pasou pola lei, pero non á inversa».

Estamos ante unha involución na que os traballadores da CRTVG e os espectadores van verse amortaxados aos seus dereitos. Os primeiros, por defender unha información veraz e de calidade; os segundos, porque teñen que financiar unha televisión pública, manipulada e cactiva, un patrimonio que nin sequera está a ser contemplado como un ben a preservar.

¿Quen vai dar amparo aos xornalistas na súa deontoloxía profesional? ¿Quen vai ser o órgano, o comité, a creación dunha cláusula, a creación dun convenio que vai dar amparo a esa deontoloxía precisa para os xornalistas e que está vixente en calquera radio e televisión estatal? ¿Quen van garantir que os espectadores están a recibir unha información veraz e contrastada, como sucede en calquera das outras televisións estatais?

É curioso como no ano 2010 se afrontaba a reforma da lei, por proposta do Partido Socialista, para emprender unha reforma legal dos medios públicos que implicase nomear a Dirección Xeral por maioría cualificada do Parlamento, para o caso da Dirección Xeral. E hoxe, *a las bravas*, faise por maioría absoluta baixo un «señoría, non hai máis preguntas» e a realidade é que nunca foi desenvolvida na lei actual. E niso levan vostedes un premio, no de poñer e aprobar textos no papel que despois non executan na vida real.

E o caso —vouno relatar aquí— é a trampa que fixeron na propia lei pola que se rexe hoxe a CRTVG. Lembramos que a mudanza na dirección xeral ao abeiro da Lei 2011 debía chegar nun máximo de seis meses —que nunca pasou—, contra mediados do 2012, unha vez que tiñamos aprobada a lei. Iso, digo, nunca sucedeu. O señor Sánchez Izquierdo, que fora presentado como director xeral en transición, ía asentándose no cargo e ficou blindado no ano 2015, cando o PP aproveitou o trámite dos orzamentos do vindeiro ano, do ano 2016, para reformular un artigo da Lei do ano 2011, permitindo que seguise exercendo por tempo indefinido o que non fora substituído o 1 de xaneiro do 2016. Como iso non ocorreu, como non o substituíron o 1 de xaneiro de 2016, continuou ata o día de hoxe nese tránsito, nesa interinidade que, posiblemente, sexa a máis longa da historia de calquera televisión.

Nin sequera imos conservar nesta lei o nome que a define como a Radio e a Televisión de Galicia, e pasamos a que se chame «Corporación de Servizos Audiovisuais». E a realidade é que nunca contaron vostedes coa Mesa do Audiovisual —esa que vai dar os servizos— para que redactase esta lei do sector. É máis, o trampolín que debía supoñer a CRTVG como im-



pulsor dos profesionais do sector e os creativos galegos quedou fóra de combate. E, tal e como afirma o propio sector —os actores, os directores, os produtores, os técnicos, os guionistas que viven do seu traballo fóra da comunidade autónoma— sen contar coa CRTVG como plataforma ou apoio á produción de produtos audiovisuais xerados en Galicia. Xeracións e xeracións de creadores, de artistas e técnicos que conforman o audiovisual galego crecen «a pesar de» e non «coa axuda da» CRTVG.

E vou facer unha ida, un camiño cara ás plataformas de Internet. Tal e como reza unha canle de Instagram de creativos galegos que di «Non saímos do lixo». Recomendolles que a vexan. E recomendolles que a vexan, por certo, na última entrada, que se chama «Nostáxicos de Fraga». Creo que no eido do humor non atopan mellor definición disto que estamos a vivir.

Unha lei que, se ben era esperada e ansiada, defrauda de principio a fin por tres motivos. O primeiro, pola premura coa que a despachan. Dúas reunións con cortalumes de negociación e unha postura pétrea, se ben quero dicir que houbo un bo ambiente e que tratamos de facer nesas dúas reunións o que puidemos e o que, máis ou menos, cada un de nós levaba solventado como emendas. É verdade que, en calquera caso, das 36 emendas propostas polo Partido Socialistas —26 de adición, 7 de substitución, 5 de supresión e 1 de modificación— apenas se aceptaron 5 emendas, que non modifican substancialmente aqueles eixos que reflicten o desprezo á profesión e á liberdade de expresión. Simplemente foron unhas modificacións que teñen que ver máis con cuestións técnicas que con cuestións de calado.

Segundo, a falta de calidade democrática, que rebasou límites que contraveñen inclusive o regulamento da Unión Europea. O futuro dirimirá que están a facer con esta lei que hoxe aprobará o Partido Popular referente á Televisión de Galicia. A falta de transparencia nos contratos cos diferentes integrantes do sector é outro dos eidos e das eivas que, deliberadamente, como é de supoñer, presenta a propia lei.

E o terceiro, que, alén da Dirección Xeral, a nova norma tamén reformula aspectos de elección do resto do Consello de Administración da nova Corporación de Servizos do Audiovisual de Galicia. Órgano de seis membros, ademais do director xeral, para cuxo nomeamento a nova lei si mantén o requisito da maioría reforzada. Unha das disposicións derradeiras da lei advirte de que «para a primeira elección dos novos conselleiros e conselleiras ao abeiro da nova normativa non se terán en conta os mandatos en que as persoas propostas, se for o caso, exercen os mesmos cargos cando a sociedade tiña a denominación de “Corporación de Radio e Televisión de Galicia”». É dicir, cambiamos a lei para que nada cambie; cambiamos a nomenclatura da Compañía da Radio e Televisión de Galicia para que na nova nomenclatura da Sociedade de Servizos Audiovisuais de Galicia poidamos seguir contando con aqueles membros do Consello de Administración que nos veña en gana.

Esa excepción implica, como dicía antes, que os actuais membros, catro deles elixidos no ano 2011 e dous que son representantes do PP, no ano 2022 pasarán a ter a cero o seu contador de participación neste consello. Tanto a lei de 2011 como a do 2025, por nomeamento desa lei, impedirían que ocupasen novos cargos, por suposto máis alá de dous mandatos de cinco anos; dez en total. Ata agora así estaba a lei. Pero, como cambiamos o nome da nova empresa, cambiamos o nome da nova compañía, ¿cal é o resultado? Que deste xeito todos



eles poden ser membros do Consello da nova Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ata o ano 2035; con independencia do tempo, evidentemente, que exercesen xa ese cargo na mesma compañía de Radiotelevisión de Galicia, pero que agora se chama diferente. Haberá casos, de darse así, en que conselleiros designados polo Partido Popular poden estar neste consello de administración ata vinte anos.

Como dicía, o vindeiro mes de maio vai facer dezaseis anos desde que o señor Alfonso Sánchez Izquierdo tomara posesión como director xeral da Compañía da Radiotelevisión de Galicia. Foi a penas un mes despois da chegada á Presidencia da Xunta de Alberto Núñez Feijóo, que usaba esa prerrogativa que a lei de creación da CRTVG do 1984 outorgaba ao Goberno galego e nomeaba directamente o máximo mandatario dos medios públicos de comunicación. Os resultados desta xestión son abrumadores. Primeiro, a confusa contratación de persoal directivo, tendo en conta, ademais, a situación actual na que os xulgados agardan dar resposta a trinta denuncias de persoal da compañía que estaba contratado cunha categoría de directivo e facendo funcións non xustificadas a tal categoría; é dicir, os amigos que meteron dentro da CRTVG. Máis dúas sentenzas, que xa foron ditadas, onde se lles dá a razón a outras dúas persoas contratadas de tal xeito. Estamos á espera, como dicía, desas trinta sentenzas que están ao caer. Denuncias por acoso laboral que prosperaron contra altos cargos da empresa. Baixas laborais debidas a situacións de *mobbing* e afastamento de tarefas dos traballadores. Nada disto, nada do que estou dicindo, é alleo para aqueles que dalgún xeito coñecemos o día a día da CRTVG. Si que é alleo para calquera que poida ver a Radiotelevisión de Galicia, para calquera que poida estar lendo un medio público. En ningún caso van saír estas novas, en ningún caso se vai dar a coñecer este —digamos— «secuestro» da democracia dos medios públicos.

Pero é que, a maiores, a percepción dos cidadáns é dunha radiotelevisión que está afastada da veracidade informativa e contemplada como algo residual dentro da oferta de entretemento das canles ordinarias. Á marxe de que non coñezan esta situación de secuestro democrático, a radiotelevisión de Galicia cae polo seu propio dinamismo, pola súa propia xestión, a cifras e a datos nunca antes coñecidos. Pechou o ano 2024 co peor dato de audiencia desde a súa creación: cunha cota de pantalla do 8,6 por cento, a cadea pública galega sufriu un desplome do 22 por cento respecto ao ano anterior, cando acadou un 11 por cento. Este dato dá a galega como a televisión autonómica que máis audiencia perdeu no ano 2024 dentro do Grupo Forta, onde o promedio xeral caeu un 0,4 por cento. E, como non podía ser doutro xeito, a CRTVG, sen embargo, insistiu en cualificar estes resultados como «moi satisfactorios».

Todo isto sucede durante estes dezaseis anos de caída libre, onde nunca se chegou ao orzamento do ano 2009, o último que foi un orzamento progresista da CRTVG (*Aplausos.*) onde se acadaron posiblemente uns dos mellores resultados que ten a canle autonómica. Pero, señorías, o orgullo dos que non poden edificar, como dixo Alexandre Dumas, é destruír. Eu non sei se vostedes queren edificar, máis ben vostedes queren controlar. Pero, en calquera caso, con este control o que están sinceramente é a destruír o pouco que queda da creatividade e, sobre todo, o pouco que queda daqueles técnicos, daqueles guionistas e daqueles creadores do audiovisual que hoxe en día nin atopan nin van atopar un espazo na Radiotelevisión de Galicia; e moito menos os espectadores que, de verdade, eu creo que os galegos non queremos outra cousa que...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** ...—remato agora, presidente— vernos representados e ver-nos na propia televisión que nos defende como lingua e como país. E iso no día de hoxe non é posible. Non o di o Partido Socialista; dino os datos das persoas que se negan a ver a radiotelevisión de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Longueira.

Señora Longueira, recórdolle que, despois, para votar ten que ser no seu escano e, estando no que está agora, se hai calquera outra historia ten que facelo desde o escano.

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, aí fóra hai hoxe concentradas traballadoras e traballadores da CRTVG que están en folga, mais tamén representantes de corenta organizacións, asociacións e entidades que conforman a plataforma «Liberemos a Galega». Corenta organizacións, asociacións e entidades que padecen a ocultación, a manipulación informativa e as consecuencias, en definitiva, dunha radio e televisión públicas de Galiza convertidas no terminal de propaganda do Partido Popular. Na súa leira particular na que só colle o PP, o seu discurso, o seu pensamento único e unha idea de Galiza tremendamente pequena e folclorizante que está moi lonxe, a anos luz, da Galiza plural e diversa que existe en realidade neste país. Aí fóra están concentradas todas as organizacións sindicais de Galicia, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza, entidades culturais, representantes profesionais das actrices e actores galegos, dos guionistas, das traballadoras da dobraxe, das produtoras independentes e representantes da industria musical galega, xunto a integrantes de entidades sociais que son silenciadas sistematicamente nos medios públicos de Galiza. Organizacións e entidades sindicais, profesionais e sociais que rexeitan esta lei con tanta contundencia como facemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego.

Porque con esta lei que vai aprobar hoxe en solitario o Partido Popular só buscan —permítanme facelo de maneira gráfica— facerse co mando da televisión; (*A señora Rodil Fernández amosa un mando a distancia.*) co control absoluto da radio e da televisión públicas de Galiza. (*Aplausos.*) Un mando da tele con só tres botóns: o de ocultar e silenciar o pluralismo político e a diversidade que enriquece a sociedade galega, o de impoñer o pensamento único do Partido Popular e, sobre todo, o máis importante —que ultimamente moito lle interesa ao Partido Popular—, o de blindar a fábrica de mentiras na que converteron a radio e a televisión públicas deste país. (*Aplausos.*)





É ben simbólico que hoxe se produza o debate e votación definitiva deste texto lexislativo coincidindo co 11 de marzo. ¿Lembran o que aconteceu daquela? E, sobre todo, ¿lembra o que fixo dende a televisión pública española e tamén sobre a televisión pública doutros territorios o Partido Popular? O que fixeron daquela e o que seguen facendo hoxe: mentir, mentir, mentir, enlamar e converter os medios públicos deste país nunha auténtica fábrica de lama e de mentiras. (*Aplausos.*)

A falta de pluralismo e a manipulación que soportamos dende a CRTVG está chegando a límites insospeitados, indecentes e insoportables. Tal é así que cada vez enganan menos xente e, como advertiamos dende o BNG no debate á totalidade desta lei, xa máis da metade das galegas e dos galegos consideran hoxe que a Televisión de Galiza non reflicte a pluralidade da sociedade galega. Non son reflexo nin a radio nin a televisión públicas deste país do pluralismo de opinións que existe na sociedade galega. Resulta misión imposible atopar unha análise que inclúa algunha perspectiva diferente ou discordante co pensamento único que impón o Partido Popular. E aínda máis, resulta cada día máis indigno ver como se utiliza a radio, pero sobre todo a televisión pública de Galiza, para atacar a oposición, mentir sobre ela ou directamente silenciala, simplemente porque é o que lle convén á estratexia partidista e electoralista desa fábrica de mentiras na que converteron o Partido Popular. E non só atacan a oposición, van xa tan *a calzón quitado* que é albo dos seus ataques e difamacións calquera que non diga o que pensa ou o que quere o Partido Popular; incluídas persoas expertas, académicas, catedráticas, que, digo eu, fan informes para unha institución do máis alto nivel estatutario como o Consello da Cultura. O PP, e o brazo executor que ten en San Marcos, non respecta absolutamente nada.

Con esta lei non fan nin a CRTVG máis independente nin menos governamental. Non van recoñecerlles máis dereitos ás traballadoras e os traballadores dos medios públicos galegos. Con esta lei non buscan mellorar a programación ou adaptar a corporación aos novos tempos.

Esta lei que hoxe vai sacar o Partido Popular en solitario adiante só pretende designar a dedo a nova dirección dos medios públicos, fulminar os dereitos profesionais das xornalistas para impedir que poidan facer o seu traballo en liberdade coa máxima profesionalidade e, sobre todo, atacar a liña de flotación que deu orixe e fundación en 1984 á Compañía da Radio e Televisión de Galiza. Atacala como garantía dun dereito fundamental; poucos cartos a financian para garantir o dereito de acceso a unha información plural, obxectiva, veraz e en lingua galega á sociedade deste país. E atacando tamén o segundo dos seus obxectivos fundamentais, que é garantir o proceso de normalización lingüística do galego. Fano ademais no peor momento, cando máis dano poden facerlle a este país, tal e como vimos, cun nivel de uso social da lingua galega en mínimos históricos. Vostedes non escollen o día máis que para facer o maior dano do que son capaces ou do que é posíbel.

No proceso de tramitación desta lei, se vostedes comparan o anteproxecto que foi publicado ou o proxecto que entrou para a súa tramitación nesta Cámara, non mudaron nada no articulado. Porque o obxectivo do partido Popular nunca foi nin é hoxe negociar ou debater o futuro dos medios públicos deste país. Tampouco é o seu obxectivo adaptar a CRTVG a un escenario dixital —no que levamos, por certo, máis de dez anos—, senón adecuar a lexis-



lación única e exclusivamente aos intereses do partido Popular; non das galegas e dos galegos. Vostedes buscan aquí acomodar a lei aos seus intereses partidistas.

Queren poñer á fronte da CRTVG alguén novo e toparon —¡vaia por Deus!— co engano que fixeron vostedes mesmos hai catorce anos. Daquela vendíannos a maioría reforzada e cualificada coa que ten que escollerse a dirección da CRTVG como a grande aposta do PP pola independencia dos medios públicos. Tanto crían nesa independencia que empezaron a incumplir a lei o mesmo día que a aprobaron e o día seguinte de que a publicaron no *DOG*. En vez de cumprir a lei, cambiárona pola porta de atrás cunha lei de acompañamento aos orzamentos que lles vale para todo: para regular proxectos industriais como Altri ou cambiar a lexislación da radio e televisión públicas de Galiza ou para manter ata que se aburra ou ata que queira de maneira absolutamente indefinida o actual director xeral, o señor Sánchez Izquierdo, na poltrona. E agora que el quere xubilarse —ou que alguén o quere xubilar— vostedes atopáronse con que esa maioría reforzada e cualificada é un obstáculo e, en vez de cumprir a lei, o Partido Popular decide cambiala. ¡Bárbaro! Se fan todos así fóra deste Parlamento... Reducen a maioría para non ter que falar con ninguén porque o PP só concibe así a democracia: como unha caixa de resonancia na que o PP só se oe a si mesmo, como un *orden y mando* no que só cabe o que quere o Partido Popular. A seguir manipulando e circulen, que aquí non hai nada que ver.

Estes días preguntábame moita xente —agora pola mañá cando saudabamos as persoas que están concentradas diante do Parlamento— que é o que vai pasar a partir de agora. Certamente nós hoxe non podemos parar esta lei. Esta lei aprobarase cos votos do Partido Popular, entrará en vigor e en tres meses desde a súa publicación no *DOG*, como máximo, comezarán a renovar os órganos de goberno e de administración da Corporación e cambiarán a Dirección Xeral. É o que queren, é o que buscan e é para o que fixeron esta lei.

«Logo teremos máis *telegaita*», respondían esas mesas persoas con ese termo que escoitamos tantas de nós tantas veces. A *telegaita*, un termo pexorativo co que hai quen pretende ridiculizar a televisión pública deste país. E eu cada vez que escoito a alguén falar da *telegaita* lémbrome dun profesor que tiñamos na carreira cando eu estudaba na Facultade de Comunicación en Pontevedra, que nos dicía: «Se non vos gusta, non a insultedes; traballade por ela, que tamén é vosa». E iso é o que fixemos desde o BNG desde o primeiro momento e, sobre todo, desde que empezou o proceso de tramitación desta lei. Por iso presentamos, ademais dunha emenda á totalidade de devolución, unha proposición de lei alternativa reguladora do servizo público audiovisual, coa que ofrecemos á sociedade galega, malia os vetos do Partido Popular, unha alternativa a este atropelo democrático, unha alternativa ao asalto que o PP vai facer hoxe, si, sobre a Corporación da Radio e da Televisión públicas de Galiza. Unha lei para rescatar os medios públicos e devolvérllelos aos seus lexítimos propietarios, que son as galegas e os galegos. Con máis transparencia, máis independencia e máis profesionalidade, para dar luz alí onde o Partido Popular só quere dedazos e sombras. Unha proposición de lei para devolver ao espírito fundacional da Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza o que debe ser: o galego como lingua propia da CRTVG, blindando o seu papel como axente normalizador, con máis vitalidade e importancia ca nunca. Unha nova lei, como a que mantivemos nas nosas emendas parciais, para garantir a pluralidade e a veracidade informativas dentro dunha programación de calidade, de vangarda, adaptada aos



tempos e ás inmensas posibilidades que ofrece un sector audiovisual como o galego e en galego, tremendamente vizoso, sen fronteiras nin límites, na lingua propia deste país.

En definitiva, nós, desde o BNG, seguimos defendendo unha lei para rescatar a CRTVG, para devolverlles o mando da tele ás galegas e aos galegos. Porque é aí onde reside o poder e a titularidade da Corporación da Radio e da Televisión Públicas de Galiza, na xente deste país; que non pensa como o Partido Popular toda ela, que non vota o Partido Popular toda ela e que sae todos os días adiante coa diversidade e a pluralidade de opinións que compoñen e integran a grandeza deste país.

Vostedes —e con isto remato—, señorías do Partido Popular, non creron nunca na independencia dos medios públicos galegos. Porque vostedes non cren na CRTVG máis que para convertela na súa leira particular e no seu terminal de propaganda. (*Aplausos.*) Por iso hoxe van facer retroceder co seu dedo este país vinte anos; co noso non contén. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

**A señora POMAR TOJO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Un saúdo tamén a todas e todos os traballadores e traballadoras da CRTVG; a todos e todas, a cada un deles e delas e a todos e todas os que traballan no sector audiovisual.

Case un ano despois de iniciar a súa tramitación —lembremos que o prazo para o envío de suxestións foi aberto no pasado verán do 2024—, abordamos hoxe o debate final do ditame previo á previsible aprobación definitiva do Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a lei de medios, como me referirei a ela nesta intervención.

Estamos, señorías, ante un texto lexislativo necesario, debatido e útil para a sociedade galega no seu conxunto. Hoxe, señorías, estamos garantindo o futuro dos medios públicos de Galicia, para que sigan servindo a cidadanía dun xeito efectivo nun panorama dixital en constante e imparable transformación. Estamos garantindo uns medios públicos que incorporan as necesidades das audiencias, capaces de ofrecer contidos de calidade que os conectan coa sociedade galega e o fan con rigor, pluralidade, obxectividade e profesionalidade.

Estamos garantindo uns medios públicos na vangarda tecnolóxica coa transformación dixital como piar, que ademais son un motor da nosa industria visual. Estamos garantindo uns medios públicos con maior eficiencia, que priorizan a proximidade, pero que, ao mesmo tempo, están mellor posicionados internacionalmente. E, sobre todo, señorías, estamos garantindo a promoción, a difusión e o impulso da lingua galega e o coñecemento da identidade cultural e lingüística de Galicia. (*Aplausos.*)





Estes obxectivos son os que definen a lei que hoxe debatemos neste Parlamento, na mesma liña das estratexias que están a deseñar os medios de referencia en Europa, para responder aos retos do século XXI. Unha lei necesaria para actualizar o noso marco normativo á lexislación española e tamén á europea, singularmente o Regulamento 2024/1083, polo que se establece un marco común para os servizos de medios de comunicación no mercado interior e se modifica a directiva 2010/13 da Unión Europea. Xorde, deste xeito, o Proxecto de lei de medios como resposta a todos os retos plantexados, pero faino tamén desde unha aposta polo diálogo e o consenso. Xa foi así en fase de anteproxecto, na que recibiu 111 alegacións, das que arredor dunha cuarta parte foron incorporadas total ou parcialmente, ademais das modificacións que introducimos na fase de ponencia e que agradezo desde o noso grupo parlamentario. Agradecemento —permítame o inciso— ás demais ponentes coas que compartín horas de debate moi intenso, pero sempre respectuoso, e un agradecemento explícito á letrada que nos acompañou e orientou durante a tramitación parlamentaria da lei cunha profesionalidade e solvencia xurídica que quero pór en valor expresamente.

Sei ben que explicar en detalle cada unha das novidades que introduce esta lei exige de moito máis tempo que o que corresponde a este debate, pero permítanme centrarme nalgúns dos aspectos que máis deron que falar nos últimos meses e que están constantemente nos ataques da oposición.

Xa temos dito, señorías, que a lei de medios é froito dun proceso transparente e participativo, que multiplica a pluralidade da futura Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia a través, por exemplo, dese Consello Asesor de Participación Social e Profesional, cunha maioría dos seus integrantes elixidos por este Parlamento para dar cabida a practicamente todos os sectores relacionados e tamén, por suposto, a unha representación dos profesionais da corporación. Unha lei que acentúa a pluralidade, pero tamén dende o minuto 1 busca o consenso; a diferenza, señorías, do que sucedeu na tan recente renovación da corporación da CRTVE, abordaba a través dun real decreto lei que rebaixou a maioría necesaria e elixiu os integrantes do Consello por maioría absoluta tan só 48 horas despois do primeiro e único intento de facelo a través dunha maioría cualificada de dous terzos. E, se nos retrotraemos aínda máis, foi tralo escandaloso cese de todo o Consello de Administración —tamén por decreto— cando chegou Sánchez á Moncloa e o posterior nomeamento dunha administradora única con todos os poderes, pero sen ningún tipo de control; alí xa sabemos quen ten o mando. Agora o que se fai é, de novo, nomear un administrador único encuberto a golpe de decretazo. En Madrid, señorías, liquidaron a renovación de RTVE en 48 horas; horas tráxicas, ademais, nas que se chegou a suspender o pleno do Congreso en solidariedade coas vítimas da dina, pero non sen antes validar ese decretazo que cambiou as maiorías necesarias para renovar o órgano de goberno da RTVE, sen consenso e sen o máis mínimo interese en buscalo. *(Aplausos.)*

Aquí, señorías da oposición, farémolo cun procedemento que conte con tempo suficiente para tratar de artellar un acordo amplo. Por iso, o proxecto de lei de medios ofrece dúas —repito, dúas— fórmulas para a elección da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia por maioría reforzada desta Cámara. Primeira opción: elección da Dirección Xeral por maioría reforzada de dous terzos do Parlamento de Galicia e, de non materializarse unha elección nesta primeira votación, contéplase unha segunda opción, para someter a proposta



a unha nova votación no prazo dun mes, abondando neste caso dunha maioría cualificada de tres quintos. E, só como última opción, a lei contempla unha disposición adicional como solución de último recurso para evitar interinidades e bloqueos á elección da Dirección Xeral por maioría absoluta na seguinte sesión plenaria. Dous meses fronte a 48 horas. Velaí a diferenza, señorías.

É curioso como os grupos da oposición nesta Cámara coincidiron dende un primeiro momento nese interese case exclusivo polo nomeamento do director xeral, que despois xa foron estendendo á estrutura directiva. Xa llelo dixen moitas veces, señorías: non teñen credibilidade para falar de nomeamento. Non teñen credibilidade para falar de estruturas directivas os mesmos que se dedican a colonizar as institucións con amigos; os mesmos que contratan en empresas públicas persoas que non pisan nin un só día o lugar de traballo. As estruturas directivas que vostedes nomean custan milleiros de euros, como a CRTVE do PSOE; coa complicidade, ademais, do BNG, o seu socio parlamentario que vota no Congreso dos Deputados o contrario do que defende aquí para a CRTVG.

¿Como poden falar aquí de que a actual CRTVG manipula, de que está secuestrada ou dicir que é o gabinete de prensa dun partido ou dun goberno? E facelo, señorías, sen ruborizarse. Non teñen credibilidade os que na etapa do Bipartito se repartiron os cargos na Televisión de Galicia e a Radio Galega. Lembro, unha vez máis: a Dirección da TVG para o BNG, a da Radio Galega para o PSdeG; a Dirección de Informativos da TVG para o PSdeG, a Dirección de Informativos da Radio Galega para o BNG. Despois, claro, pasou o que pasou: remataron a berros, vixiándose de esguello, gravándose, filtrando á prensa chamadas da parte do BNG, descualificando o traballo informativo dos medios públicos porque a parte do PSdeG considerábase ameazada e tratada de malos modos. E, señorías, pasará á historia como o momento de máis vergoña para a Corporación cando o director xeral da CRTVG tivo que enviar unha carta —non me cansarei de dicilo— ao vicepresidente da Xunta do BNG para denunciar as presións insuportables ás que estaba sometido. (*Aplausos.*) Todo iso despois de que o BNG botase as cámaras da TVG dos actos do mesmo vicepresidente. ¡Canta amnesia selectiva, señorías! ¡Canta amnesia selectiva! (*Aplausos.*) Ben, sorte para a corporación que este período durou pouco. E ¿saben por que durou pouco tempo? Porque os galegos e as galegas nunca máis lles deron o goberno a vostedes, señorías, nunca máis.

Xa corenta anos facendo a Televisión de Galicia e a Radio Galega, mantendo sempre, con firmeza e exixencia, a principal razón de ser dos medios públicos autonómicos, que radicaba na súa creación e segue a facelo, na promoción, difusión e impulso da lingua galega para dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia. Así foi ata o de agora e, non o dubiden, así continuará a suceder no futuro, porque este proxecto de lei así o recolle explicitamente, con claridade e sen ningún tipo de dúbida. Cómpre subliñalo fronte aos intentos de falseamento da realidade por parte de quen antepón un titular falseado ao interese xeral de Galicia e dos galegos e das galegas. Unha falsidade tan evidente que a sociedade galega non creu unha palabra do que dixeron. Xa o mencionei nos debates anteriores, pero é importante que quede claro que a redacción final do artigo referido á lingua incorpora parcialmente unha emenda presentada pola Mesa pola Normalización Lingüística; evidenciando, unha vez máis, o compromiso irrenunciado da Xunta de Galicia e do partido que sustenta o Goberno coa nosa lingua e coa nosa cultura. (*Aplausos.*)



O mesmo sucede no referido á posibilidade de utilizar outras linguas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma. Proba de que non hai a máis mínima intención de lesionar a lingua galega é que a redacción final deste artigo adopta o texto proposto nunha emenda formulada polo Consello da Cultura Galega. Cómpre tamén aclaralo. Sorprende a oposición numantina do PSdeG e do BNG a este punto pola contradición que encerra esta postura. Néganse a utilizar outras linguas fóra do territorio da comunidade galega.

Pero miren, o propio PSdeG trasladou unha emenda para acentuar a aposta da corporación polo mundo da lusofonía. E miren, vostedes negan en Galicia o que no País Vasco fan con absoluta naturalidade. Falamos dunha comunidade bilingüe na que recentemente veñen de pór en servizo unha plataforma de audio dixital á que denominan *Guau*. Plataforma —e leo textualmente— «*que nace tamén con outro objetivo: extender la cultura y la realidad vascas más allá de Euskadi gracias al audio en castellano, para llegar a un mercado de 600 millones potenciales de hispanohablantes*». E resulta, asemade, que a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias —que con tanta frecuencia invocan as súas señorías noutros debates— recolle o compromiso de fomentar os diferentes medios de acceso noutras linguas e obras producidas nestas linguas minoritarias, axudando e desenvolvendo actividades de tradución, dobraxe, postsincronización e subtitulación.

Fronte aos bulos, señorías, a verdade. Fronte ás *fakes*, exemplos que desmontan as súas argumentacións, que formulan sen rigor nin respecto polos medios públicos galegos. Como recolle ese vello dito do xornalismo, nada exento de ironía, «non deixes que a realidade che arruíne un bo titular». Vostedes só queren un titular contra o Partido Popular de Galicia.

Están vostedes tan botadas ao monte, señorías do BNG, co seu elevado e enervado nivel de intolerancia á frustración —e sei ben do que falo— que están a atravesar unha perigosa liña vermella. ¿Saben cal? Pois esa que atenta contra a nosa dignidade e a nosa integridade, a dignidade e a integridade das mulleres do Partido Popular. A última en sufrilo, a nosa conselleira do Medio Ambiente, a quen quero mostrar todo o noso apoio. (*Aplausos.*) Señorías, miren, a sororidade nin é sectaria, nin é selectiva nin discrimina pola cor política. Non todo vale, señorías, xa está ben. Deixen o feminismo demagóxico e practiquen o respecto e a igualdade condenando feitos como o desta fin de semana. (*Aplausos.*)

Esa é a mesma demagoxia que os leva a deslexitimar os medios públicos de comunicación e pór en dúbida a credibilidade dos e das súas profesionais. E fronte a esa deslexitimación, señorías, as leis e os regulamentos da Unión Europea sobre a liberdade dos medios de comunicación tamén defenden a supervisión por parte de organismo externos. Por iso, na liña das directrices europeas, a nova lei contempla a creación dun Consello Asesor de Participación Social e Profesional, onde haberá representantes dos e das traballadores e traballadoras dos medios públicos. A nova lei prevé os mecanismos necesarios para garantir a independencia, a rendición de contas, a transparencia e a responsabilidade.

Señorías, a Lei do 2011 xa despolitizou a CRTVG, recoñecendo a súa independencia e autonomía funcional. O actual director xeral é independente, por iso precisamente non lles gusta.



Pese a que foi pactado —non sei se o lembran, señorías— co Partido Socialista de Galicia; algo que deberían anotar ben para non esquecerse.

Pois ben, os medios públicos galegos seguirán a ser independentes e cun modelo de xestión baseada na boa gobernanza, na administración rigorosa, na estabilidade e non nas interinidades. E así, mentres vostedes nutren día tras día a crispación, seguindo esa estela de polarización do *sanchismo* e dos seus socios, nós apostamos e apostaremos polo consenso.

Polo momento máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Imos saudar os alumnos de primeiro de Bacharelato do IES de Sar, de Santiago de Compostela, e tamén os seus profesores, que hoxe nos visitan aquí no Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co debate, neste caso ten a palabra Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidente.

Bueno, esta segunda intervención gustárame recalcar a nosa idea de que o orzamento da Televisión de Galicia é realmente excesivo. Estimamos que se poden acadar os obxectivos polos que foi creada e que eses obxectivos esencialmente non se ven modificados coa modificación normativa que se vai facer de xeito inminente, que supón un cambio de nome e, no fondo, pouco máis.

Efectivamente, nós tamén pensamos que a Televisión de Galicia está fortemente controlada polo Executivo, pero é que pretender o contrario é incluso bastante utópico. Iso sucede en todas as televisións, o cal non quere dicir que haxa que ser fatalista e aceptalo así. Quero dicir, dos mecanismos que ten o Executivo, tanto na Televisión de Galicia por parte do Partido Popular como na Televisión española por parte do Partido Socialista, calquera persoa que teña máis de —non sei— dez ou doce neuronas dáse conta. Do que se trata é de que a opinión pública e a sociedade sexa cada vez máis crítica e que non comulgue con rodas de aeroxerador.

Eu tamén repito que a programación —nas escasas veces que vexo a televisión, en xeral, e a galega en particular— no caso concreto da galega moitas dos programas paréceme que fan ben pouco polo fomento da identidade galega e lémbrenme á filmografía castelá dos anos setenta, Fernando Esteso e Andrés Pajares, que o que facían era perpetuar determinados estereotipos do español. Determinados programas, que non vou nomear, a min tamén me parece que o que fan é fomentar máis que a identidade, como dicía, os tópicos, e aí si que ao mellor teríamos que tomar algunha medida dende o punto de vista da programación.

Quero recalcar que unha televisión pública non pode ser independente se recibe ingresos publicitarios, por motivos obvios. Aí sempre vai haber un nesgo no momento en que, de



xeito directo ou indirecto, as noticias ou os contidos afecten as empresas que se publicitan. Ademais, outra cuestión. Díxosenos en comisión cal é a cantidade adicional que prevé recibir a Televisión de Galicia por ese concepto. A verdade é que non compensa —non tería sentido, en todo caso, pero non compensa— o nesgo que pode ter unha televisión dende o momento en que recibe ingresos publicitarios coa cantidade que recibe. Quere dicir, que a perda de independencia que ten unha televisión se recibe presións do ámbito comercial por ingresos publicitarios non compensa en ningún caso; xa digo, postos no caso de que se aceptasen, que entendo que non se debían aceptar.

As presións do Executivo entendo que son bastante difíciles de evitar, incluso coa nova lei, pero tampouco se me ocorre un xeito real —porque tampouco nacemos onte pola tarde, como dicían os nosos avós— de evitalo. A única é o fomento do espírito crítico.

E logo, efectivamente, dicía a persoa que nomeei antes, e que sae hoxe entrevistada, que a Televisión Española ten un dez por cento de audiencia, porque hoxe en día multiplícase a oferta de consumo televisivo e de medios audiovisuais en xeral. Se a Televisión española ten un dez por cento, ¿que lle queda á galega? Quere dicir, que esa marxe de audiencia que poida ter pois tense que aproveitar loxicamente para os motivos para os que foi creada: o fomento da cultura galega.

Non teño moi claro iso de que se fomente a cultura galega noutras partes desde a Televisión de Galicia noutras linguas. Hai televisións do mundo que o fan e outras televisión do mundo que non o fan e, sen embargo, aí non hai problema ningún, emiten na lingua orixinal con subtítulos. Non sei. O que tampouco debería ser é unha desculpa ou unha porta de entrada á emisión sistemática de menos contidos en lingua galega e con esa desculpa minorizar a promoción do galego. De todas formas, tampouco o vexo mal, se se fai realmente con esa finalidade, coa finalidade de transmitir a cultura galega noutros países como evento cultural. Pero bueno, que se faga nunha lingua diferente... Xa saben aquilo de *traduttore, traditore*; ás veces a tradución non é fácil de facer.

Nada máis, que teño escasos segundos para rematar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidente.

Bueno, como se di moitas veces desde... Bueno, bos días aos alumnos e que sirva de algo esta experiencia, aínda que aquí ás veces as cousas non van como algúns quixésemos que fosen. (*Risos.*)

A verdade é que, claro, lei transparente e plural... Podemos dicir aquí vinte veces que non o é, poden vostedes voltar aquí a dicir que o é e pasaremos así os tres anos que nos quedan de lexislatura. Pero, ¿en que sentido —nun sentido moi claro— isto non é transparente nin plural? Pois hai un medidor que se chama audiencia e a vostedes, que tanto se xactan de





dicir que os votaron e que gobernan —que, efectivamente, vostedes gobernan porque foron votados— tamén lles dicimos o mesmo. Ou sexa, a Televisión de Galicia é unha televisión autonómica que perdeu un 22 por cento de cota de pantalla con respecto ao ano 2024. É a maior baixada das autonómicas en todo o Estado español. Polo tanto, non somos nós —que evidentemente dicimos que non hai credibilidade e non hai transparencia nin é plural—; dío a audiencia, que abandonou a Televisión de Galicia.

É dificilísimo que unha comunidade autónoma non queira verse, que non queiramos vernos na nosa lingua, que non queiramos ver quen somos, que non queiramos ver os nosos veciños na televisión. Todos queremos vernos na nosa televisión, pero ¿como será a nosa televisión cando somos a televisión de España que menos se ve e que baixa un 22 por cento en cota de audiencia?

Pero non é só iso, é que dende o ano 2010 a baixada foi paulatina. Evidentemente, hai novas canles, hai novas plataformas e abandónanos. ¿Como van estar vendo cousas inimaxinables!? Falacias que nin sequera podemos crernos porque a vida sucede na rúa e todos estamos na rúa e vemos o que sucede. Pero, sen embargo, o que se fai na galega non é o que acontece na rúa. Polo menos en Galicia. Entón, é moi fácil: non sintonizar a televisión. E non teñen máis resposta que esa, abandonaron a audiencia. Vostedes non teñen o respaldo da audiencia. A Televisión de Galicia non ten o respaldo da audiencia. Co cal, aí está a lexitimidade da súa falta de transparencia e da súa falta de pluralidade.

Por certo, vostedes suprimiron procedementos democráticos dentro da Televisión de Galicia. E, ademais, iso contravén as directrices do Regulamento europeo da liberdade de medios, que é unha normativa que rexe en todo Estado europeo. Vostedes verán porque non imos ter agora xa a elección cualificada de Dirección Xeral, o estatuto profesional e o Consello de Informativos, que, como digo, son elementos que protexen a deontoloxía dos profesionais e protexen a audiencia do que se poida dar como veraz ou non veraz. E isto está recollido nun regulamento europeo, unha norma superior. Vostedes verán que sucede cando esta norma que van aprobar agora en solitario non contemple esas tres medidas que nos exige Europa e que vostedes deciden saltala.

¿Como van poder facer vostedes un Consello de Administración, que é o responsable de facer o manual de estilo? Algo impensable, algo impensable. Non acontece en ningún medio privado que sexa o Consello de Administración da empresa de comunicación o que fai o manual de estilo. Fanos os xornalistas, fanos os traballadores, fanos os profesionais do medio. Aquí non, aquí faino o Consello de Administración. ¡Que Deus nos colla confesados co manual de estilo! Se é que o fan, porque nestes anos nin quixeron encargalo.

Destrúen vostedes o arquivo da contemporaneidade, destrúen vostedes as delegacións da CRTVG. Porque as están desmantelando en aras a unha organización que, por certo, levan quince anos organizando. Levan quince anos organizando o persoal e teñen trinta denuncias do persoal. (*Aplausos.*) Levan quince anos organizando a CRTVG e desmantelan os centros territoriais. (*Aplausos.*) E isto é grave, porque a televisión autonómica —aínda que vostedes non crean na contemporaneidade— é o arquivo da contemporaneidade, é o que vai recoller en tempo real o que somos. Pero vostedes non cren niso, non o cren nin o protexen. Por non



protexer, nin protexen o que xa hai como arquivo público da CRTVG; tendo como temos facultade de historia, facultade de información, a facultade de audiovisuais... Toda unha serie de elementos para os que o arquivo da CRTVG é imprescindible para contar o que somos; aínda que sexa nesgado, aínda que dentro de vinte anos veñan estudar como foi a era Feijóo e vexan o que se fixo nesta televisión e o que se fixo roubándolles a xeracións e xeracións de galegos participar da súa propia televisión e verse representados na súa propia televisión. Iso é o que están vostedes a facer, roubando a oportunidade das xeracións de galegos e galegas que non se ven representados nos seus medios públicos e, por suposto, dos profesionais que as integran.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Remato xa.

Pero —como dicía ao principio da miña intervención— como dicía Lampedusa en *O Gato-pardo*: «Imos cambiar todo para que nada cambie». O desgraciado disto é que imos ter que presencialo. Pero, insisto, contraveñen vostedes normas importantes e interesantes. Imos ver en que resulta todo isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Nós denunciabamos na primeira intervención que o Partido Popular é unha fábrica de mentiras e o mellor exemplo foi a intervención da deputada e portavoz, a señora Pomar, do Partido Popular. Veu aquí acusar o Bloque de que votamos diferente en Madrid, no Congreso, cando se fai por parte do Goberno de Pedro Sánchez do que a posición que mantén o Bloque Nacionalista Galego aquí. Está o *Diario de Sesións* e a hemeroteca para quen o queira ver: o Bloque Nacionalista Galego foi o único dos que estamos nesta Cámara que votou en contra da reforma de Radio-Televisión Española para reducir as maiorías. (*Aplausos.*) ¿Saben quen cambia máis de opinión que de camisa, señorías do Partido Popular? ¡Vostedes! ¿Saben como consideran, como tildan esa reforma para reducir as maiorías na elección da Dirección da Radio-Televisión Española vostedes en Madrid? «Un asalto á Radio-Televisión Española»; e aquí «transparencia, pluralismo e democracia». (*Aplausos.*) ¡*Baila gallego!* Porque ¿que lle preocupa ao Partido Popular? O único que lle preocupa ao Partido Popular de Radio-Televisión Española é que non poden controlala eles. Ese é o problema que ten o Partido Popular en Madrid, que o único que lles preocupa é que non poden controlala vostedes.

Veñen aquí acusarnos de que atacamos as conselleiras. A última mentira xa é que atacamos na porta da casa a conselleira de Medio Ambiente. (*Murmurios.*) ¡Outra mentira! (*Aplausos.*) ¡Outro bulo! ¡Outra difamación do Partido Popular, que non ten límites! Que converteu este país nunha auténtica lameira, pilotado polo sector máis ultra do Partido Popular. Non se deixen arrastrar



a onde os queren levar, nin moito menos pretendan traer a este país a crispación, a lameira na que converteron vostedes a política no Estado español. Porque non vai co Bloque Nacionalista Galego pero, sobre todo, non ten nada a ver coa personalidade da xente deste país. *(Aplausos.)*

Miren, señorías do Partido Popular, isto nin despolitiza, nin fai máis independente a CRTVG, nin está en liña co Regulamento europeo. Eu quero recordar aquí o que di o Regulamento europeo: que hai que afastar o centro de decisión das corporacións de medios públicos do poder político. E vostedes o que fan aquí é poñer a dedo a nova Dirección Xeral da CRTVG, señora Pomar; non van en liña co que di o Regulamento europeo. Danse dous meses e os outros 48 horas. Catorce anos tiveron para cambiar a lei para poder poñer a dirección da Radio e Televisión públicas de Galiza con arranxo ao que di a lei, con esa maioría reforzada e cualificada; non dous meses, catorce anos. E non o fixeron. Cambiaron pola porta de atrás cunha lei de acompañamento aos orzamentos para manter na poltrona o señor Sánchez Izquierdo ata que deixou de ser útil, ata que se quixo xubilar ou o queren xubilar agora vostedes.

Ao PP acordoulle que había que modificar ou substituír a Dirección Xeral o día que tiña que introducir aquí unha modificación da lei para facer iso posible, para que poida ser nomeada esa dirección xeral co voto único do Partido Popular. E a grande aposta pola pluralidade e a participación *(A señora Rodil Fernández ri.)* é un consello asesor que está recollido no artigo 27 da Lei 9/2011, que leva en vigor incumplida de maneira obscena polo Partido Popular desde que a votaron a favor e entrou en vigor coa publicación do DOG. A vostedes acordoulles que a xente tiña un mecanismo de participación nun consello asesor dentro da Radio e da Televisión públicas de Galiza agora que intentan enganarnos coa súa fábrica de mentiras a todas e a todos con que esta lei vai garantir máis transparencia, máis pluralidade e máis independencia na CRTVG. E o único que trae é máis control político do Partido Popular para seguir convertendo a Radio e a Televisión públicas de Galiza na súa leira particular, no seu terminal de propaganda.

E axitan aquí unha carta de hai quince anos. Eu levo oíndo oito anos que levo aquí sobre unha suposta carta —nunca a vimos— *(Murmurios.)* que dá vergoña, di. ¿Sabem que é o que dá vergoña, señora Pomar e señorías do Partido Popular? Permítanme que llelo lea: «*De los hechos se desprende que la sanción disciplinaria, en puridad, es una represalia por las continuas acciones judiciales entabladas por el demandante frente a la demandada, la CRTVG, así como por su activa participación en el movimiento Venres Negros, lo cual constituye una vulneración del derecho a la tutela judicial efectiva en su vertiente de garantía de la indemnidad y del derecho a la libertad ideológica del demandante. Motivos por los que insta —a Xustiza— la declaración de nulidad de la sanción impuesta y la condena a la CRTVG por vulneración de derechos fundamentales en cuantía de 6.251 euros*». Esta condena en firme polo Tribunal Supremo por violación dos dereitos fundamentais —entre eles, a liberdade ideolóxica— dun traballador da CRTVG. *(Aplausos.)* ¡Iso si que dá vergoña, señora Pomar! ¡Iso si que dá vergoña! *(Aplausos.)*

O dito, nós votaremos en contra desta lei, porque o único que fai é darlle o mando da tele, o control absoluto, ao Partido Popular. E temos unha alternativa para devolverlle a radio e a televisión públicas deste país aos seus lexítimos propietarios, que son as galegas e os galegos. *(Aplausos prolongados.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

**A señora POMAR TOJO:** Moitas grazas, presidente.

Mire, señora Longueira, señorías do Partido Socialista, actualicen os seus datos e deixen xa de falsealos. A TVG pechou 2024 como a canle autonómica máis vista en España, líder, segundo o Estudo xeral de medios, e a terceira máis vista da FORTA segundo Kantar Media. E, miren, se Europa exige tanto, ¿por que a CRTVE non cumpre o que exige Europa? Pregúntello vostede ao seu xefe de filas. (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodil, coñezo ben o *Diario de Sesións* dese famoso día tráxico para a Comunidade Autónoma de Valencia e absolutamente lamentable, que vai quedar nos anais da historia da CRTVE. Mire, o seu deputado en Madrid votou o novo presidente da CRTVE e votou todo o Consello de Administración. (*Aplausos.*) Iso tamén está no *Diario de Sesións*, señoría. (*Aplausos.*) Así que, se tan mal lles parece a lei de Madrid, ¿por que votaron o amigo de Sánchez como presidente? Non o sei. ¿Por que o votaron?

En fin, é unha mágoa que os grupos da oposición non teñan aportado nas súas intervencións nin unha soa proposta de cara aos desafíos reais e complexos aos que se enfrontan os medios públicos galegos. Bueno, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda á totalidade, unha vez máis, e presentou un proxecto alternativo; que, despois de analízalo, ¿saben en que acabaría? Isto seguro que hai xente que non o sabe. Pois en xestión con inestabilidade, en problemas de gobernanza, sen garantía de cumprimento da emisión de servizo público de calidade e eficiencia. E, tras o modelo intervencionista, sen respecto á liberdade de información nin á independencia dos xornalistas. Aínda máis, ademais sería unha elección similar á que se intentou na CRTVE, que foi un auténtico fracaso.

Polo tanto, nunca lles escoitamos unha soa proposta sobre un dos asuntos máis complexos, por exemplo, que tivo que abordar a corporación ao longo destes anos, como foi a controversia coa Axencia Tributaria. Tampouco lles preocuparon os traballadores e traballadoras. Só falan dende hai anos desa única sentenza, pero nunca falan do conxunto da corporación. Nunca se interesaron polos procesos de consolidación que se acometeron e que deron estabilidade á plantilla e á práctica totalidade dos traballadores e traballadoras; mesmo cando un destes procesos estivo paralizado polos recursos presentados por un sindicato. Só queren ir en contra do Partido Popular. Insisto: só é iso o que queren, por iso din «non» a todo.

Escoitamos hoxe do BNG certa nostalxia sobre a Lei dos medios públicos de comunicación de Galicia do 2011, pero a realidade é que votaron tamén en contra dela. En realidade, votarían en contra da nova lei que se propoña; deste ou de calquera outro texto, diga o que diga. Señorías, vostedes xa non enganan a ninguén: o seu son as pancartas, non as propostas. (*Aplausos.*)

E en canto aos Socialistas de Galicia, señorías, teñen moi difícil xustificar o seu «non». Non poden aducir argumentos de suposta falta de democracia nin cuestionar as maiorías para o



director xeral. Sinto dicirlles que non teñen a autoridade moral nin a credibilidade para facelo despois dos ataques do Goberno central á independencia dos medios, con medidas de control, de censura, da reforma exprés da CRTVE para nomear un administrador único encuberto á medida de Pedro Sánchez. Mentres vostedes basean a súa política en dicir que «non» a todo, o Partido Popular mira cara ao futuro e pensa nunha Galicia do século XXI en todos os ámbitos, e tamén no audiovisual. Non están autorizados, non teñen credibilidade, porque teñen unha folla de ruta relativa absolutamente ao control e limitación dos medios de comunicación. Queren facer un rexistro de medios de comunicación no que van dispor de información pública sobre a súa propiedade e sobre o seu investimento publicitario. Unha lei mordaza en toda regra que busca o férreo control dos medios e establece sancións —é dicir, multas— de ata 600.000 euros para garantir ese control. ¡Non teñen credibilidade!

Sometemos á consideración desta Cámara, señorías, unha lei necesaria, unha lei útil, unha lei que responde ás necesidades dunha sociedade e dun sector en permanente cambio; unha lei participativa e unha lei que busca o consenso. Mentres nós buscamos o consenso, vostedes, señorías da oposición, alimentan o *[Inaudible.]* e fano con todas as armas ao seu alcance. Buscan o desencontro tratando de utilizar e manipular o persoal da corporación, alimentan a división lanzando bulos, convertéronse en auténticos mestres das *fake news* con versións falseadas sobre o contido desta lei. E atentan contra o bo nome dos medios públicos autonómicos a través de campañas pagadas con fondos públicos, como fixo o BNG, nunha estratexia absolutamente inaudita. *(Aplausos.)*

Remato xa, presidente. Así que, mentres vostedes alimentan a crispación, nós seguimos a ofrecer o acordo e o consenso. Espírito que nos levou a admitir suxestións, alegacións e emendas tamén a través deste proxecto de lei, cuxo último trámite acometemos hoxe tras case un ano previo de consultas e fases previas. E facémolo para buscar o consenso na elección dos órganos de dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, corporación que botou a andar hai corenta anos xa e a cuxos traballadores e traballadoras —a todos e a todas elas— parabenizamos hoxe e tamén á súa dirección, polo feito e pola nova etapa que abre hoxe as portas cun marco normativo que prepara cara ao futuro. Señorías, a nosa predisposición —téñano claro— é sincera e seguimos coa nosa man tendida para acadar ese acordo que precisa, sen dúbida, da predisposición de todas as partes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación do texto lexislativo***

**O señor PRESIDENTE:** Pois, rematado o debate, procedemos á votación.

Comezamos votando as emendas mantidas e, posteriormente, o Ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos.

*Votación das emendas mantidas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital*

*Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *E votamos agora o Ditame da Comisión.*

Votamos.

*Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta lei*

**O señor PRESIDENTE:** *Rematou aquí este debate.*

*Abran as portas, por favor.*

*E continuamos co segundo punto da orde do día, que é de comparencias.*



**Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para dar conta do último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado o pasado 26 de febreiro de 2025**

**O señor PRESIDENTE:** Para iso ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidente.

Señorías, bos días a todos e todas.

Comparezo hoxe, a petición propia, ante o pleno do Parlamento galego para dar conta do resultado da reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado hai apenas dúas semanas e da proposta de asunción de débeda por parte do Goberno central.

Señorías, o primeiro que me gustaría salientar é a situación de inestabilidade que está a provocar o Goberno central no eido das comunidades autónomas pola súa inacción, en tres aspectos esenciais.

Estamos xa avanzado o mes de marzo deste ano e o Goberno central nin presentou o Proxecto de orzamentos xerais do Estado, nin actualizou as entregas a conta ás comunidades autónomas, nin impulsou a revisión do sistema de financiamento autonómico, tal e como comprometera o presidente do Goberno.

Tres cuestións básicas para Galicia que teñen un denominador común: as tres son responsabilidade do Goberno central.

Comecemos pola falla de orzamentos.

Esta non é unha cuestión nova, xa que se repite por segundo ano consecutivo, pois hai que lembrar que no ano 2024 o Goberno central tampouco foi quen de presentar as contas do Estado, incumprindo así o mandato constitucional do artigo 134 da Constitución.

E neste intre estamos nunha situación inédita, pois, tras máis dun ano e medio das eleccións xerais, o Executivo de Pedro Sánchez non foi capaz non xa de aprobar, nin tan sequera de presentar un Proxecto de orzamentos xerais do Estado.

E esta situación non é inocua para Galicia, senón que ten consecuencias, como a falta de actualización nas entregas a conta do sistema de financiamento autonómico. Desgraciadamente, tampouco este é un asunto novo, senón que xa aconteceu o mesmo o ano pasado, pois no ano 2024 o Goberno central atrasou esta actualización nada máis e nada menos que ata o pasado mes de setembro. E esta demora foi moi prexudicial para a Facenda galega, pois provocou uns gastos en xuros adicionais de 10 millóns de euros, uns cartos que tivemos que gastar por culpa da falta de dilixencia do Goberno central.



E, loxicamente, este ano tamén está a provocar un quebranto importante non só nas contas da Comunidade Autónoma, que son a nosa responsabilidade, senón nas contas de todas as administracións territoriais, incluídos os concellos, que reciben parte dos seus recursos como unha porcentaxe da recadación prevista polos impostos que recada a Administración xeral do Estado, como saben.

E o máis grave é que o Goberno central está a empregar este asunto de xeito partidario e tendo como refén toda a cidadanía galega, que paga os seus impostos día a día.

¿E por que digo isto? Porque o pretendido co Real decreto lei 9/2024, do 23 de decembro, coñecido como o Decreto ómnibus, que non foi convalidado polo Congreso dos Deputados, era simplemente prorrogar as entregas a conta do ano 2024, polo que nin tan sequera servía para actualizar as previsións para este exercicio de 2025 que figuran nas contas autonómicas. Pero, ante esta derrota parlamentaria, o Goberno central tivo unha pataleta e actúa como un mal perdedor, adoptando como represalia retrotraerse ás entregas a conta dos orzamentos xerais do ano 2023, os últimos aprobados.

En calquera caso —insisto—, os galegos e as galegas non teñen culpa de que o Goberno non sexa quen de aprobar uns orzamentos tras máis de ano e medio das eleccións xerais.

Porque, señorías, neste ano o Goberno central ten retidos case 1.600 millóns de euros á Comunidade Autónoma pola non actualización das entregas a conta; uns cartos que lle corresponden a Galicia e dos que non debería dispor de xeito discrecional o Estado, o Goberno central evidentemente, posto que nos corresponden polos impostos pagados á nosa Comunidade Autónoma. Por iso o lóxico é que o Goberno galego puidese dispor da súa totalidade dende o primeiro día do ano, para dedicalos ás necesidades dos galegos e das galegas.

A cambio, a 11 de marzo aínda non é posible, o que nos custa cada mes un millón e medio de euros en xuros adicionais, que se poderían evitar perfectamente se o Estado nos transferise estes recursos que —insisto— son dos galegos. *(Aplausos.)*

Señorías, a única razón de que o Goberno central non actualizara as entregas á conta a estas alturas non é outra que a de que está tratando de usar o financiamento das administracións territoriais como moeda de cambio para os seus acordos, como se puidese dispor discrecionalmente deses recursos que financian os servizos públicos galegos. É algo moi grave, polo que volvo reivindicar no pleno desta Cámara a urxente transferencia destes recursos, para evitar custos financeiros innecesarios e dispor do total dos recursos que lle corresponden a Galicia pola súa participación nos tributos cedidos.

E o Goberno de España, o Goberno do Estado, pódeo facer de dúas maneiras: cun acordo do Consello de Ministros para prorrogar as entregas a conta do ano 2024, tal e como xa fixo no ano 2020, ou traer un decreto lei para a súa actualización a este ano 2025. Estou convencido de que, se o Goberno de Pedro Sánchez leva esta medida separada doutras que soe incluír como contrapartida, poderá por fin gañar unha votación no Congreso dos Deputados.



E a terceira inacción á que me refería do Goberno central é a falta de compromiso coa revisión do sistema de financiamento autonómico, un asunto no que existe consenso para a súa actualización por parte de todas as comunidades autónomas pero que se segue a demorar sine día e que constitúe a auténtica prioridade da nosa Comunidade Autónoma.

E, pese a que o Executivo central busca, unha e outra vez, descargar a culpa na oposición, a responsabilidade de impulsar a revisión do modelo é única e exclusivamente súa.

Señorías —reitero—, estamos no mes de marzo e o Goberno central nin presenta orzamentos nin actualiza entregas a conta, nin revisa o sistema de financiamento autonómico.

A segunda cuestión á que me quero referir é a convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira, que, sen dúbida, marca un antes e un despois para o respecto institucional que debe ter o Estado para coas comunidades autónomas. E créanme: teño moi claro que este respecto institucional ten un camiño de ida e volta.

E isto é así tras moitos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Que pasou?

Isto é así tras moitos desplantes. Galicia, xunto coa maioría das comunidades autónomas, quixo dicir basta a esta actitude do Ministerio de Facenda, que nos trae a este foro para tentar que as comunidades validemos, sen máis, cuestións xa negociadas previamente sen a nosa participación.

Galicia actuou con responsabilidade. Como é a nosa obriga, o Goberno galego mantivo a lealdade institucional acudindo á reunión e sen querer buscar conflitos, pero tamén tivemos que ser firmes na defensa dos nosos intereses. Fixémolo liderando a posición das comunidades autónomas que se sentían agraviadas por unha forma de actuar do Goberno central que non podemos aceptar a maior parte das comunidades autónomas.

O que non podemos consentir é que nun foro multilateral como o Consello de Política Fiscal e Financeira, no que se ten que articular o Estado das autonomías de forma colaborativa, coordinándonos e proponendo entre todos, se traian documentos importantes xa negociados previamente de xeito bilateral, neste caso con Esquerra Republicana de Cataluña. É unha política de feitos consumados á que quixemos dicir «basta».

En concreto, á reunión de hai dúas semanas leváronse dous asuntos na orde do día sen negociación nin diálogo previo. Por unha banda, o imposto á banca, do que as comunidades autónomas soubemos polos medios de comunicación que a súa recadación ía ser cedida ás comunidades e ía repartirse en función do produto interior bruto.

E as preguntas que me xorden aquí son dúas: ¿por que este criterio? ¿Por que non o de po-boación axustada, que é o que se emprega de xeito habitual no sistema de financiamento autonómico? Non semella moi progresista esta repartición, aos máis ricos máis cartos, e todo isto co voto a favor do Bloque Nacionalista Galego e dos deputados galegos do Partido





Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*) Non sei que intereses están a defender nese intre estes deputados galegos.

En segundo lugar, ¿para que o levan ao Consello de Política Fiscal e Financeira se xa estaba aprobado nunha lei? Precisamente para facer o que lles acabo de indicar hai un intre: para darlle un certo toque de multilateralidade a algo xa pechado polo Goberno sen consultar a opinión das comunidades autónomas.

E, por outro lado —e moito máis grave—, o acordo de asunción dunha porcentaxe da débeda autonómica por parte do Goberno central, que non é máis que unha reasignación desa débeda. E todo, de novo, ás nosas costas. Un acordo pechado de xeito bilateral con Esquerra Republicana de Cataluña, como dicía, para tentar que as comunidades autónomas o branqueásemos nunha reunión multilateral. É de tal gravidade que este pacto nin sequera foi anunciado polo Ministerio de Facenda, senón que foi a propia Esquerra a encargada de anunciálo. ¡Ata onde chegamos, señorías!

Un pacto —insisto— que tamén fixo caer da orde do día o asunto máis importante e ao que se tiña comprometido o propio presidente do Goberno: a revisión do sistema de financiamento autonómico. Explicareime. Témonos que remontar ao pasado mes de decembro cando o propio Pedro Sánchez anuncia en Santander durante a Conferencia de Presidentes a convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira para falar da reforma do modelo. Así parecía que ía ser ata que unha semana antes da reunión, cando o Ministerio de Hacienda, non por interese xeral, senón partidista, retirou ese punto da orde do día. Por primeira vez a orde do día dun Consello de Política Fiscal e Financeira non a fixa o Ministerio, senón un partido, Esquerra Republicana de Cataluña. Insisto: ¡ata onde chegamos, señorías!

Na miña opinión os órganos institucionais deben estar ao servizo dos intereses da cidadanía e non poden converterse nun instrumento ao servizo de intereses políticos particulares. (*Aplausos.*)

E co que en realidade nos atopamos na reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira foi cunha proposta de asunción de débeda negociada de xeito bilateral entre o Goberno e este partido, que se incluíu na orde do día coa pretensión de que o resto das comunidades autónomas tan só a ratificásemos, baixo o slogan de que polo menos nos quitarán algo de débeda, que nin sequera é certo, como veremos de seguido.

E a resposta de Galicia foi clara —reitero—: non aceptamos branquear un acordo bilateral nunha reunión multilateral. Non quixemos ser cómplices nin avalar algo que non beneficia a Galicia e tan só é unha máis das cesións do Goberno central aos seus socios soberanistas. Ao contrario de Pedro Sánchez, o Goberno galego aposta polo traballo de todas as comunidades autónomas, iso si, en pé de igualdade e con cooperación. (*Aplausos.*) Porque no Consello de Política Fiscal e Financeira quedou patente que a maioría das comunidades autónomas queremos traballar xuntas, para construír un mellor Estado das autonomías e prestar mellores servizos a todos os cidadáns de España.

Porque, chegados a este punto, témonos que preguntar que pretende o Goberno central coa mal chamada condonación da débeda. A resposta é moi sinxela: contentar os seus socios



para poder seguir adiante coa lexislatura. Pero, para conseguir esta finalidade, obviamente o Goberno central ten que intentar, por unha banda, dividir as comunidades autónomas e, por outra, transmitir que é unha boa medida para todas, cando a realidade é que é un traxe á medida só para algúns. Afortunadamente, non o conseguiu.

Señorías, ¿en que consiste a asunción da débeda do Estado? Tan só nunha redistribución da mesma entre as comunidades autónomas e o Goberno central, pero non dun xeito equitativo. Porque, señorías —insisto unha vez máis—, a débeda non desaparece, vai haber que pagala igualmente, simplemente habería un cambio de titular. Son 83.000 millóns de euros de débeda, nada máis e nada menos que o 5,2 por cento do PIB de España do ano 2024, aos que tería que facer fronte cada unha das comunidades autónomas, porque é débeda autonómica, en función do seu nivel de endebedamento, que deriva do seu comportamento financeiro ao longo de todos estes anos; e agora, coa proposta do Goberno central, terán que responder todos os cidadáns españois por igual.

Como logo afondarei, con esta formulación os cidadáns daqueles territorios menos endebedados, como é o caso de Galicia, sairán claramente prexudicados, porque lles correspondería unha participación na débeda autonómica estatal maior da que tiñan antes.

Polo tanto, realmente do que estamos a falar é dunha mutualización da débeda autonómica, unha redistribución da débeda das comunidades autónomas, que de individual pasa a colectiva. E, ante esta proposta, institucións especializadas e alonxadas da política coinciden nos riscos e nas consecuencias negativas que poderían ter de aprobarse tal e como está formulada. Por exemplo, para a axencia de cualificación Moody's esta operación de exención do Goberno central ás comunidades autónomas danaría a solvencia de España. Na súa opinión suscita risco moral, no senso de que premia a mala xestión das finanzas públicas e engade que, se a condonación da débeda desincentiva a aplicación de políticas fiscais prudentes a nivel rexional, isto repercutirá na estabilidade das finanzas públicas prudentes a ese nivel e pesará sobre as finanzas do Estado.

Pola súa banda, outra axencia de cualificación, Standard & Poor's, coincide en que esta proposta pode xerar risco moral ao diminuír ese incentivo das rexións para conter o crecemento da débeda en previsión de posibles medidas similares no futuro. Igualmente cuestiona o método de repartición, pois o apoio que recibe cada rexión non está directamente relacionado coa súa posición financeira.

Pola súa banda, a Airef, a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, rexeita que o Goberno central non formule ningunha condición de control do déficit e do gasto a cambio desta asunción de débeda. En concreto, sinala que non ten sentido facer unha condonación da débeda se non se garante que non se vai seguir acumulando débeda no futuro por riba do que permiten as regras fiscais, e pide que esta medida vaia acompañada dunha reforma xeral do sistema de financiamento autonómico, como tamén pide a nosa Comunidade Autónoma.

E, por último, Fedea considera que é unha pésima idea, pois, ao igual que Airef, pensa que, ao non levar suxeita ningunha condicionalidade, é unha invitación á irresponsabilidade fiscal das comunidades. Tamén cre arbitraria a repartición co fin de favorecer algunha comunidade autónoma.





Señorías, non son opinións do Goberno galego nin doutros sectores políticos, senón de organismos especializados independentes.

Señorías, Galicia non pode aceptar tal e como está formulada esta asunción de débeda, por diversos motivos. Vexamos os principais. En primeiro lugar —acabamos de velo—, porque favorece as comunidades autónomas incumpridoras e penaliza as cumpridoras, como Galicia. Parece mentira que calquera deputado ou deputada desta Cámara poida defender un trato discriminatorio para esta comunidade autónoma, precisamente por ter tido un mellor desempeño fiscal que o resto.

Ademais, cando estamos ante unha proposta deste tipo, é moi importante valorala en termos de equidade, valorala en definitiva en termos de trato non discriminatorio, porque, máis alá de riscos reputacionais, este tipo de medidas envían mensaxes moi pouco edificantes, como que non era necesario cumprir coas obrigas; polo tanto, ser incentivos de irresponsabilidade e de futuros incumprimentos, o que pode desembocar en agravios e tratos desiguais, como é o caso.

Señorías, calquera formulación que se faga sobre a débeda, calquera medida que se tome para aliviar a carga financeira, ten que partir do principio de absoluta equidade entre as comunidades autónomas. Precisamente isto é o que defendía o acordo que se adoptou neste mesmo Parlamento de Galicia no ano 2023, e cito textualmente: «No caso de que se leve a cabo unha condonación de débeda das comunidades autónomas adheridas do FLA, que son aquelas que están máis endebedadas, que son aquelas que non poden financiarse nos mercados e que son aquelas que teñen problemas de débeda, que se trate a todas as comunidades autónomas por igual, sen que se produzan agravios». Evidentemente, todos estaremos de acordo, aínda que algúns non o queiran recoñecer, en que, tal e como está plantexada esta suposta quita ou condonación, isto non se cumpre.

A segunda razón pola que esta proposta non é conveniente para Galicia é porque non mellora a nosa capacidade de gasto. Así o recolle o texto e así nolo confirmaron os técnicos do Ministerio de Facenda na reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira. É unha operación que non xera capacidade adicional de gasto ás comunidades, xa que a débeda e o gasto global non poden aumentar, en aplicación do principio de neutralidade do impacto do déficit e da débeda pública, que —insisto— recolle o propio acordo no seu teor literal. Por tanto, pese ás declaracións da ministra no senso contrario —reitero—, tanto os técnicos do seu departamento como o propio acordo no seu teor literal confirman que Galicia non podería investir os recursos liberados por un menor pasivo financeiro pola suposta condonación da débeda. E isto é a clave, señorías, desta operación. Como dixo o presidente, se realmente puidésemos dispor deses 4.000 millóns de euros, por suposto que os colleríamos, pero neste caso non estamos a falar dunha transferencia, senón dunha asunción de débeda.

Precisamente o que pedimos nós é esa transferencia, esa revisión do sistema de financiamento autonómico. Por tanto, neste asunto pido por favor aos grupos da oposición que non tenten enganar a cidadanía, porque no eido da Administración pública esa débeda non é como unha hipoteca a unha familia. Así, no caso das familias, a hipoteca págase co seu salario e, se non teñen que pagala, poden dispor de máis cartos para consumir ou para aforrar,



pero as administracións públicas refinanciamos a débeda; cando vence, emitimos outra vez débeda e con iso pagamos a débeda anterior que vence. Polo tanto, non podemos dispor deses recursos para máis gasto. O único que pasaría é que non teríamos que emitir tanta débeda a futuro para financiar as novas amortizacións. E ¿por que? Porque co cambio de titularidade a que tería que emitila sería a Administración xeral do Estado. Por tanto, reitero unha vez máis: con esta proposta, Galicia non podería gastar máis e fornecer os seus servizos públicos fundamentais.

Así mesmo, outra consecuencia desta operación sería que os xuros os pagarían todos os españois a escote, a través dos orzamentos xerais do Estado, en forma de menos dispoñibilidade para investimento ou servizos públicos nesas contas, que tamén se territorializan, por certo. E, por se isto non fora abondo, en canto aos aforros xerados polos xuros nas comunidades autónomas, tal e como acredita a propia Airef, ao non computar os xuros da regra de gasto, este aforro non xeraría tampouco unha maior marxe de gasto noutras políticas públicas nas comunidades autónomas beneficiadas por un menor pago de xuros.

Por tanto, señorías, non tenten enganar a xente, porque a proposta de asunción da débeda polo Estado non supón nin un euro de capacidade de gasto adicional para as administracións autonómicas, nin un euro. (*Aplausos.*) É, por así dicilo, un financiamento *fake*, cunha formulación que aparenta achegar máis cartos ás comunidades autónomas, cando a única realidade é que non dan recursos para gastar de verdade nin para investir.

A terceira razón para desbotar esta proposta é que, coa metodoloxía empregada, se penaliza a disciplina financeira e a sustentabilidade das finanzas públicas e se vulnera a autonomía fiscal das comunidades autónomas, beneficiando as comunidades autónomas que subiron o tramo autonómico do IRPF.

¿Por que o Goberno prexudica de novo Galicia por facer unha boa xestión e poder aliviar os impostos que pagan os galegos e as galegas? A resposta é que o ministerio, por razóns políticas e non técnicas, se viu forzado a inventar unha serie de criterios para conseguir un resultado predeterminado de antemán, o que figuraba no acordo con ERC, para favorecer as contas dunha comunidade determinada. Galicia non pode permitir que se premie sen ningunha xustificación unha comunidade que, ademais de subir impostos, é a máis endebedada, sen mellorar con iso a calidade de vida dos seus veciños, e ao tempo que se castiga a nosa comunidade autónoma, que foi quen de rebaixar os impostos, sendo a comunidade que menos incrementou porcentualmente o seu endebedamento. Todos os grupos parlamentarios deberían apoiar o Goberno galego para non aceptar este castigo. É o mundo ao revés.

E a cuarta razón para rexeitar este acordo é que os galegos e as galegas veríamos incrementado o noso volume global de endebedamento, como dicía. E isto é así porque, co mecanismo de asunción da débeda pactado entre o Goberno de España e ERC, a débeda, por moito que a queiran vestir, non desaparece. O Goberno central non achega nin un euro, como xa expliquei. A débeda simplemente se traslada á bolsa común do Goberno central por parte das comunidades autónomas, pero en maior contía polas que teñen un menor endebedamento.



Por iso, como resultado desta mutualización, coa repartición da mesma os galegos terminarían asumindo máis débeda da que ceden, case 600 millóns de euros de débeda adicional, exactamente 597 millóns de euros de débeda adicional. En concreto, por cada galego e cada galega veríase incrementada a débeda en 220 euros. Esta maior cantidade daríase porque, por unha banda, o Goberno central asumiría 1.477 euros por galego de débeda autonómica, pero, a cambio, cada galego tería que asumir 1.696 euros de débeda xeral de todas as comunidades autónomas máis endebedadas.

Dirémolo as veces que faga falta: un negocio ruinoso. E aínda hai quen quere que Galicia acepte isto, que non sería máis que aceptar que cada cidadán de Galicia tivese que asumir 220 euros máis de débeda, para que Pedro Sánchez —iso si— gañe tempo na Moncloa.

En definitiva, creo que expuxen de xeito claro as principais razóns polas que a Galicia non lle convén unha proposta inxusta, que desincentiva o rigor financeiro e que fomenta a irresponsabilidade política. Señorías, Galicia ten sido prudente e o seu Goberno non está disposto a entregar este esforzo colectivo a cambio de nada. Porque —reitero— non estamos de acordo con esta asunción de débeda por parte do Estado, pero é que, sen ter en conta isto, a formulación que se fai cos criterios que se elixen é a máis lesiva para os intereses de Galicia e dos galegos e galegas.

A nosa Comunidade só recibiría un 4,8 por cento do total deses 83.000 millóns de débeda, unha porcentaxe inferior a calquera outro parámetro que lle corresponde á nosa Comunidade Autónoma. Se a repartición se fixese por poboación, debería ser o 5,5 por cento; se a repartición non se fixese por poboación axustada, o 6,7 por cento. A asunción de débeda polas comunidades autónomas máis beneficiadas por este sistema, medida en termos de débeda por habitante axustado, é un 67 por cento superior á que asumiría a nosa Comunidade Autónoma. Por outra banda, o impacto na *ratio* débeda/PIB en Galicia sería menor que no conxunto das comunidades autónomas; aforraríanos este sistema un punto menos que a media das demais autónomas. E, por se todo isto fose pouco, e aínda que non se poden gastar, Galicia sería a que tería unha menor porcentaxe de aforro sobre o gasto non financeiro en termos de intereses de xuros, a metade que a media.

O acordo entre Esquerra e o Ministerio de Facenda maltrata a nosa Comunidade Autónoma, propoñendo unha asunción da débeda 333 euros menor por habitante en relación coa media das comunidades autónomas. Os que defenden esta discriminación terán que explicar por que o fan. (*Aplausos.*)

Unha vez exposto isto, o realmente importante é explicar que precisa e que reclama Galicia. O máis urxente é a inmediata actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico, unha cuestión á que xa me referín ao inicio da miña intervención e sobre a que non me estenderei. Pero si quero insistir en que non hai ningunha razón que xustifique que o Goberno central lle estea a reter a Galicia case 1.600 millóns de euros, a razón de 127 millóns de euros ao mes, que son os recursos dos galegos e das galegas, o que está a provocar que cada mes teñamos que asumir uns xuros adicionais de 1,5 millóns de euros para pagar a tempo aos nosos provedores. O Goberno de Pedro Sánchez pode e debe transferir xa estes recursos a Galicia, que é o que nos corresponde polos impostos pagados na nosa Comunidade Autónoma.



A segunda cuestión que precisa Galicia é que o Goberno central retire a mal chamada condonación da débeda, por todas esas razóns xa expostas, pero, sobre todo, porque é inxusta, é insolidaria e castiga a nosa Comunidade Autónoma, ademais de non solucionar o exceso de endebedamento das restantes.

En terceiro lugar, o máis importante é que o Executivo central afronte dunha vez por todas a necesaria revisión do sistema de financiamento autonómico. Para Galicia é vital contar canto antes cun novo modelo que pague os 500 millóns de euros de déficit anual que precisamos e que o actual sistema de financiamento non achega. O Goberno central ten que escoitar as comunidades autónomas e responder ás súas demandas, porque, así como a maioría das comunidades autónomas non estamos de acordo na asunción de parte do noso endebedamento por parte do Estado, e menos da forma en que se plantexa, si existe un consenso xeneralizado en que é preciso abordar a reforma do sistema de financiamento autonómico, para dotar as comunidades de máis recursos para poder desenvolver as nosas políticas de gasto. O Goberno de Sánchez leva case sete anos mareando a perdiz, trasladando sine día este asunto, do que xa perdín a conta das veces que ten anunciado a súa revisión, para logo tentar trasladar ás comunidades autónomas a responsabilidade de que non se chegue a un acordo.

Pois non, señorías, non somos as comunidades autónomas as que nos temos que pór de acordo para que logo o Goberno de España aprobe un novo modelo; é o Goberno de España o que ten que impulsar unha reforma que sexa debatida e aprobada posteriormente polo conxunto das comunidades autónomas, un sistema que —lémbrolles— se aproba por lei nas Cortes.

O que fai o señor Sánchez é usar un asunto vital para as comunidades autónomas de xeito partidista e como unha ferramenta política para fuxir da súa responsabilidade e non abordar a cuestión nuclear: dotar de máis recursos o sistema. Porque non é lóxico que, se a recadación dos tributos cedidos se ten incrementado no período 2008-2023 nun 61,5 por cento, os recursos do sistema de financiamento autonómico tan só teñan aumentado un 43,6 por cento, e menos aínda os da nosa Comunidade Autónoma, que o fixeron nun 28,1 por cento. Por iso, urxe a actualización dun modelo con máis recursos.

A posición do Goberno galego coñécena e nós non mudamos. Galicia precisa un sistema que atenda de verdade os custos da prestación dos servizos na nosa comunidade, sobre todo estes sobrecostos causados pola dispersión poboacional, única en España, pois concentramos a metade dos núcleos de poboación de todo o Estado, e tamén polo avellentamento, cunha taxa de poboación maior de 65 anos, sensiblemente superior á media. O actual modelo non achega suficientes recursos para a nosa Comunidade Autónoma. Vemos, como xa dixen, un déficit dun mínimo de 500 millóns de euros ao ano que precisamos, porque, sobre todo, o efecto da dispersión non está suficientemente ponderado.

Dito isto, o obxectivo común ten que ser contar cun mapa de servizos e cuantificar ben o custo en cada territorio, e que o resultado permita que calquera cidadán, con independencia de onde resida, reciba un financiamento equivalente, porque, como teño dito moitas veces, hai que financiar servizos ás persoas, non territorios.



Iso si, somos conscientes de que hai que buscar alianzas e favorecer un consenso, porque ningunha autonomía vai conseguir un financiamento á carta. Señorías, aquí teño que rectificar, co do financiamento á carta, porque, se segue este goberno en España, igual hai unha comunidade que si que acada este financiamento á carta. (*Aplausos.*) E non lles caiba dúbida: o primeiro paso é a condonación e o segundo paso é o financiamento singular. Os soberanistas cataláns son os únicos neste sainete que non menten.

Neste escenario, dende o Goberno galego mantemos unha folla de ruta clara, da que non nos afastamos, e que é a que maioritariamente defenden os expertos que teñen pasado pola comisión creada para o efecto neste Parlamento.

Ademais, somos capaces de defender os intereses de Galicia coa busca de alianzas con outras comunidades autónomas, tal e como xa fixemos no pasado. Neste senso, quero lembrar que xa no ano 2021 fomos capaces de aglutinar ao redor da declaración de Santiago de Compostela oito comunidades autónomas, de diferentes signo político: Cantabria, Asturias, A Rioxa, as Castelas, Extremadura e Aragón, e fomos quen de pactar uns mínimos de consenso para construír e contribuír a un bo acordo xeral. E facémolo convencidos de que este é o camiño, porque non queremos que haxa gañadores e perdedores, senón un financiamento —insisto— equivalente, que cubra a prestación de servizos en cada territorio coas súas características particulares.

Lamentablemente nin parece haber interese por parte do Goberno central para este asunto, e, de habelo, semella que o Goberno socialista está disposto a repetir o erro co que naceu o actual modelo, pactado primeiro con Cataluña e despois co resto. E agora vai polo mesmo camiño, imos polo mesmo rego, pois parece disposto a aceptar un financiamento singular para Cataluña e, unha vez resolto, negociar o resto coas demais comunidades autónomas.

E unha cousa está clara, señorías: se se chega a materializar calquera acordo bilateral que achegue privilexios para un territorio, o modelo xa non será equitativo. Por iso, dende o Goberno galego defendemos que só unha negociación multilateral, na que cada unha das comunidades autónomas expoñamos as nosas necesidades e na que todos poidamos ceder un pouco, se poderá conseguir un financiamento estable e suficiente. Lamentablemente, os precedentes apuntan a que ao Goberno central tan só lle interesa un acordo cunha comunidade, e non chegar a un consenso, algo imprescindible para garantir un modelo duradeiro.

Insisto: un sistema de financiamento no que toda a cidadanía teña garantía dunha prestación de servizos equivalente. O Goberno galego defendeu isto no pasado, deféndeo agora e defenderao en todo momento, con coherencia e buscando consenso.

Vou rematando, señorías.

Galicia non ten un problema de débeda, e non o ten porque este goberno aposta por un modelo de endebedamento responsable, que nos ten permitido ser a comunidade que menos incrementou a débeda porcentualmente nos últimos quince anos. Por iso non nos conveñen solucións á carta ideadas con criterios políticos para favorecer as comunidades máis endebedadas. O que precisamos para a nosa Comunidade Autónoma son máis recursos, un mellor





financiamento, algo que, como teño acreditado ao longo da miña intervención, non facilita unha asunción de débeda por parte do Estado.

Por tanto, quero reclamar dende Galicia un cambio de rumbo ao Goberno central, para priorizar o importante e inverter a orde dos asuntos a tratar. Primeiro, a revisión do sistema de financiamento autonómico, tal e como o presidente Sánchez se comprometera o pasado mes de decembro na Conferencia de Presidentes. E, despois, estudar as distintas alternativas para dar unha posible solución para as comunidades autónomas máis endebedadas, das que a asunción da débeda non é a única solución; poden establecerse tamén mecanismos de reestruturación, con subvención de intereses, que poden ser mesmo máis efectivos.

Por iso gustaríame contar co apoio de todos os grupos parlamentarios para reclamar de forma unánime ao Goberno central a nosa prioridade: a mellora do sistema de financiamento autonómico, cunha ponderación axeitada das características que encarecen na nosa Comunidade a prestación dos servizos públicos. Porque —insisto— o que Galicia necesita é un novo modelo que compense o déficit de recursos actual, e iso non se soluciona cunha asunción de parte da nosa débeda. Unha vez que o Goberno central resolva o problema de financiamento, como elemento de peche, poderíase analizar entre todos as posibles medidas a tomar para aliviar a situación das comunidades máis endebedadas, pero non ao revés.

En definitiva, dende o Goberno galego reclamamos comezar pola prioridade da nosa Comunidade Autónoma, un financiamento equitativo, estable e suficiente, para que Galicia conte de verdade con máis recursos para financiar os servizos públicos fundamentais, en especial a sanidade e os servizos de dependencia.

Galicia non quere ser máis que ninguén, pero tampouco acepta ser menos que ninguén, asumindo prioridades alleas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Quenda do resto de grupos parlamentarios.

Ten o turno de palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Grupo Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Ben, neste caso concreto da quitación da débeda, que é un dos temas dos que falou o conselleiro pero que seguramente é o fundamental que pretende que se trate, nós coincidimos en que, efectivamente, o financiamento das autonomías debe facerse con base nunha discusión xeral e con base no interese público, e con base nunha decisión que teña consecuencias estruturais no futuro. O que non se pode facer é, a raíz dunha situación conxuntural, e dunha comunidade moi concreta, facer un traxe á medida para esa comunidade e condicionar o resto todo a ese obxectivo. Entón, nese sentido, si que coincidimos en que a quita da débeda, tal e como está plantexada polo Goberno central, prexudicaría a Galicia, pois esencialmente polos motivos expostos polo conselleiro.





O que si pediríamos é que o discurso fundamental e a cuestión fundamental sería discutir, seguramente, entre todos, porque o que afecta a todos debe discutirse entre todos, un financiamento lóxico, axeitado para todas as comunidades, que teña en conta todas esas cuestións das que se fala sempre: envellecemento, ben, as circunstancias concretas de cada autonomía, porque Galicia ten as súas e as outras teñen as súas tamén; entón, unha nova norma de financiamento das comunidades autónomas. A que hai xa sabemos que está caducada, e o que non se pode é en quente, no sentido de por unha situación conxuntural moi concreta e cuns obxectivos políticos que todos coñecemos, pois plantexar o que se plantexa.

Pero o que si tamén pediríamos á Xunta de Galicia é que ese financiamento xusto para a Xunta de Galicia se convertese despois, unha vez que por parte da Xunta houbera os cartos que lle deben ou que lle deben, pois que non se esquecese da provincia de Ourense, porque á provincia de Ourense pouco lle vale se un financiamento axeitado da Autonomía non se traduce nunha reversión desa discriminación da provincia de Ourense no futuro.

Nada máis, grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señor Corgos, nin frío nin quente, senón todo o contrario. A miña avoa era moi refraneira, e, señor Corgos, este refrán galego resume moi ben cal foi a súa postura nas últimas semanas sobre se a Galicia lle convén ou non a quita da débeda proposta polo Goberno central no derradeiro Consello de Política Fiscal e Financeira, e que para Galicia supón a quita de 4.000 millóns de euros. Proposta para todas as comunidades autónomas; sorpresa, ao mellor sorprendeulles, ¿non?, porque realmente todas as de réxime común, excepto Euskadi e Navarra, e curiosamente entre as máis beneficiadas pois non está Cataluña, señor Corgos, están comunidades gobernadas polo PP. Iso entendo que non o esperaban. ¿Sabe que lle digo, como din no tempo na Galega? Aveciño maresía, dupla maresía, para o señor Feijóo, (Aplausos.) porque hai intereses contrapostos das comunidades autónomas gobernadas polo PP. Sábeo ben, señor Corgos, pode rirse todo o que queira.

¿E cal foi a súa incoherencia, señor Corgos? —Abro comiñas—: «Pues para que ahora me pregunte qué vamos a hacer, pues no lo sé.» Esta foi a súa resposta na entrevista de Silvia Intxaurreondo. Menudo xardín no que se meteu, e vostede é un home cheo de dúbidas. E as socialistas de Galicia —dígollo ben— estamos seguras de que tanto Rueda como vostede van aceptar esa quita de 4.000 millóns de euros para Galicia, por unha razón simple, que, seguramente, nas conversacións do café, nas nosas casas, se entende. ¿Por que, señor Corgos? Porque é boa para Galicia, radicalmente si é boa para Galicia. Sentidiño común, señor Rueda, sentidiño común. (Aplausos.) Non é un negocio ruinoso, como din, porque iso é unha farsa.



De respecto institucional falaba, señor Corgos, con esa estampida protagonizada por vostede no Consello de Política Fiscal e Financeira, e dígollo dende o cariño; sabe que nos coñecemos de hai tempo, somos os dous empregados públicos da Xunta de Galicia, vostede da escala superior de finanzas, cun currículum vitae moi potente; dígollo de verdade con absoluto respecto. Pero de verdade que non me cabía na cabeza cando o vin na Televisión, que para min, nunha opinión persoal, foi penoso, esperpéntico ese teatrillo que fixo, ¿non?, porque polo menos xa sacou a careta. E máis que conselleiro de Facenda, que debe velar polos intereses xerais de todos os galegos e as galegas, ¿que foi?, ¿como actuou, señor Corgos? Como portavoz do PP, como portavoz do PP. Así foi como actuou no Consello de Política Fiscal e Financeira, un mandadiño do señor Feijóo; igual que o presidente Rueda, seguidismo do PP sen pensar en Galicia, señor Corgos.

E toca facer un pouquiño brevemente de memoria, para saber de onde vimos cadaquén e onde estivo o Partido Popular ao longo da historia, porque amosa eses bandazos e esas confrontacións; sempre confrontan cando as boas ideas veñen da man do Partido Socialista, sempre, absolutamente sempre; o Partido Socialista tamén sempre estivo no mesmo lado, na coherencia, señor Corgos, cousa que lles falta a vostedes.

E, a pesar de que o BNG pretenda agora tamén poñerse a medalla desta proposta de condonación da débeda, que non é así, aclarareino. Tratarei de darlle argumentos, é de sentido común, como dicía, tamén financeiros, aínda que vostede falou de tantas cifras que xa me perdín, pero o resultado é que si, un «si» sen matizacións: hai que aceptar a quitación de 4.000 millóns de euros, porque é bo para Galicia, señor Corgos.

E non mo poderá negar na réplica, poderame contestar. Menos débeda implica menos xuros, ou se menos débeda implica tamén menos risco financeiro de endebedamento da nosa Comunidade Autónoma, se menos débeda implica capacidade de incrementar as partidas orzamentarias e fondos futuros para o Estado de benestar.

Falou da capacidade de gasto; ben, o PP, que votou tres veces no Congreso dos Deputados en contra da axenda de estabilidade orzamentaria. (*Aplausos.*) Vostede, curiosamente, abstívose, que implica maior capacidade de gasto para as comunidades autónomas e entidades locais galegas. Incoherencia absoluta, señor Corgos.

E, como dicía, un pouquiño de memoria. Alá polo 2010, cando estaba Zapatero no Goberno, dicía o PP: o novo modelo de financiamento responde ás necesidades persoais do presidente, á súa debilidade parlamentaria e á necesidade de contar cos seus socios de Cataluña. 2010, ¿sóalle isto, señor Corgos?, ¿sóalle? ¡Ah! Se tan perverso era o sistema, ¿por que M. Rajoy non modificou o sistema de financiamento autonómico cando estivo no Goberno, de decembro de 2011 a xuño de 2018? (*Aplausos.*) ¿Por que? ¿Que fixo? Dígollo eu: nada, señor Corgos.

Pero a verdade do PP é outra. ¿Cal é a verdade que se esconde detrás de toda esta maraña e incoherencia? Pois destruír, boicotear calquera iniciativa, aínda que sexa boa para Galicia; se vén da man do Partido Socialista, boicótase. ¿Por que? Porque a confrontación é o signo de identidade do PP, agora liderado por un galego en Madrid que non foi presidente porque non quixo, que está perdido e desnortado e que carece de liderado, porque carece dun pro-



xecto alternativo para España, e, iso si, mentres se converte no avogado defensor de Vox. Oposición sen ideas, oposición sen dirección e oposición sen escrúpulos, señor Corgos. (Aplausos.)

E a historia repítese agora, agora, en 2025, destrución sen aportacións no sistema de financiamento autonómico, e tamén cunha posición sobre a quita da débeda pública, e o peor que pensamos nós, os socialistas: seguidismo do señor Rueda a Feijóo.

Pero imos poñer unhas razóns enriba da mesa para contrapoñer, a ver se así o convenzo. Galicia triplicou a súa débeda pública dende que o Goberno do PP está na Xunta de Galicia: 4.900 millóns de euros en 2009, actualmente 12.154 millóns de euros. Iso si, van de bos xestores; cáelles a careta, cáelles a careta como un castelo de naipes. O mesmo que a imaxe de Feijóo de moderado cando foi para Madrid, ¿verdade?, e que foi o que fixo de artífice dos pactos coa ultradereita de Vox. Igualiño. ¿Bos xestores? Non. ¿Moderado? Non, señor Corgos.

Segundo. Galicia paga agora máis de mil setecentos millóns de euros de xuros pola débeda acumulada, que ten de máis de doce mil millóns. Son máis orzamentos —a terceira— despois de sanidade e educación e máis do dez por cento do orzamento total da Xunta de Galicia anualmente.

A quita proposta polo Goberno representa o 33 por cento do total da débeda; 1 de cada 3 euros asumiraos o Estado. Xa non será débeda galega. E xa sei que non lle gusta a comparación, pero se unha familia ten unha hipoteca e recibe a oferta do banco e lle condona o 33 por cento, ¿que cre?... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Falaba de refinanciamento da débeda soberana. ¿Pero que cre que debería facer, señor Corgos?

E dígolle tamén, como economista que é, con todos os respectos —evidentemente, eu non son economista—, que de verdade que me parece un absurdo a proxección económica que fan, que cada 220 euros para cada galego. Iso, de verdade, esa proxección, concordará comigo en que é unha proxección absolutamente absurda, que non sei de onde quita os números.

Pedímoslle rigorosidade, como conselleiro de Facenda; é o único que lle pedimos. E a verdade é esta: 4.000 millóns de euros xa non serán débeda autonómica, o cal permitirá ter maior capacidade de partidas orzamentarias no Estado de benestar, Estado de benestar fortemente golpeado nestes dezaseis anos de privatización dos nosos servizos públicos: sanidade, educación, dependencia, aos que debemos sumar, aos 4.000 millóns de euros, o aforro de 100 millóns de euros anuais por esa condonación desa débeda pública.

E non sei, ao mellor díxoo e non apuntei ben, o Plan de condenación de débeda ofertada polo Estado, supoño que, claro, non estaba, porque se foi, esa estampida protagonizada por vostede, sabe que a todas as comunidades aplícase a todas, solidariedade, equidade, as de réxime común, excepto Euskadi e Navarra. ¿Que se aplica? O criterio de poboación axustada, señor Corgos. Ben, se quere doullo despois, que teño a copia do acordo, e se quere lémolos xuntos. Pois ¿que implica? Evidentemente, que Galicia ten un 5,5 por cento da poboación e que vai ser beneficiada cun 6,7 por cento da poboación axustada. Tense en conta o envellecemento,



a dispersión, neste modelo compútase, e por iso Galicia págase máis cara, e beneficia o noso país, señor Corgos.

E, por outra banda —xa saben que estou obsesionada, pero é verdade, estamos falando sempre de gastos—, de ingresos, ¿cal é a política fiscal que practican vostedes? Ilusionismo fiscal irresponsable, irresponsable; o modelo fiscal que favorece uns poucos e prexudica a maioría. ¿Por que? Exencións, bonificacións, imposto de patrimonio, imposto de doazóns. Un modelo fiscal regresivo. Iso si, fanse os choromicas. Infracinanciadas educación, dependencia, cando non fan os deberes en política fiscal redistributiva, social e xusta para o noso país, señor Corgos. *(Aplausos.)* Non se pode estar na misa e repenicando á vez. Seguimos co refraneiro.

En definitiva, Galicia ten enriba da mesa unha proposta enormemente ambiciosa de condonación da débeda pública de 4.000 millóns de euros, o que supón o primeiro paso. Non é incompatible con falar do sistema de financiamento autonómico. É complementaria, sucesiva, señor Corgos. Non me pode dicir que non. E ás socialistas sempre nos vai atopar aí, para velar polos intereses e particularidades dos galegos. Somos a esquerda que pode, señor Corgos, e sempre cun proxecto útil, progresista e con ambición de chegar ao Goberno da Xunta de Galicia.

Señor Corgos, sabe ben que negarse a aceptar a condonación responde en exclusiva a unha cuestión partidista da oposición destrutiva do señor Feijóo no Estado. Queira máis a Galicia, teña máis personalidade, teña máis convicción, teña máis valentía. Deixe os números e as excusas técnicas de mal pagador, que ninguén entende. Se non rectifican —e dígollo con todo cariño—, será o primeiro grande erro histórico do señor Rueda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Iglesias.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Ana Belén Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor conselleiro, ¡menudo papelón!; si, menudo papelón. Non me estraña que o señor Rueda marchase para o outro lado do océano para non ter que vir hoxe comparecer neste Parlamento para intentar explicar o inexplicable.

Porque, é que, de verdade, vostede pode darlle as voltas que queira, pero é inexplicable que o Goberno da Xunta de Galiza queira renunciar a unha condonación do 33 por cento da súa débeda, a que lle eliminen 4.000 millóns de euros da súa débeda.

E eu, escoitándoo a vostede, xa non sei se a quita é boa ou é mala, ou depende. Claro, cando o Goberno de Rajoy falaba dunha quitación da débeda, ¿era boa ou mala, señorías do Partido Popular? É que, ademais, fíxese: estaban recoñecendo que había un problema de financiamento das comunidades autónomas, que por iso se tivo que recorrer ao FLA, e precisamente o que dicía o Goberno do Partido Popular é que a forma de recoñecelo era unha quita da débeda. ¿Nese momento era boa, señorías do Partido Popular?



En 2023, cando aprobabamos neste Parlamento unha resolución —que vostede non leu literal; en fin, sempre están cambiando a realidade, forma parte da maneira que ten o Partido Popular de entender a política, desde a mentira—, pois ben, cando en 2023 vostedes pactaban co BNG unha resolución na que se pedía a condonación da débeda, ¿é porque esa era unha medida boa ou mala, señor conselleiro?

Iso é o que vostede nos ten que explicar, porque todo o demais é o argumentario do Partido Popular, (*Aplausos.*) é o argumentario do Partido Popular e Madrid, que vostede vén aquí repetir. E fíxese se tanto é así que nin vostede nin o señor Rueda tomaron esta decisión, é que esta decisión tomouse na rúa Génova, o PP impón ás comunidades do PP votar «non» á condonación da débeda. É unha vergoña que vostedes, en vez de defender os intereses dos galegos e das galegas, queiran prexudicar a Galiza única e exclusivamente pola estratexia partidista do Partido Popular. É unha vergoña, señor conselleiro.

Mire, o seu papelón aquí, e o seu papelón no Consello de Política Fiscal, é que é o mellor retrato da súa submisión, da submisión do Goberno de Rueda ás directrices do Partido Popular de Madrid. Vostede deu a espantada no Consello de Política Fiscal, é todo un exemplo de respecto institucional. Evidentemente, o PP sempre reinventando as palabras.

En todo caso, despois desa espantada, vostede compareceu ante os medios de comunicación para defender a posición do Partido Popular. E é que isto é central; vostede compareceu, non para defender a posición de Galiza, compareceu para defender, para facer de portavoz do Partido Popular de Xénova. E non lle pagan os galegos e as galegas para ser portavoz do Partido Popular de Xénova, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

E ao día seguinte podemos velo a vostede nunha entrevista en Televisión Española, na que lle fixeron unha pregunta moi concreta: ¿vai reclamar a quitación da débeda para Galiza? Non sei se lembra qué respondeu. Respondeu, aí xa non dixo «non», pasou a «non o sei». Non sei se isto é un avance a respecto da posición do Partido Popular.

En todo caso, eu, señor conselleiro, voume atrever a facer un prognóstico. En canto se aprobe a quita da débeda, Andalucía, Valencia e Murcia van saír disparadas a pedir a condonación. Nese momento, ¿que vai facer o Goberno do señor Rueda? ¿Vai seguir no «si, bwana» ao Partido Popular de Madrid ou vai defender os intereses de Galiza aceptando a quita de 4.000 millóns de euros, negociada polo BNG no acordo de investidura?

¿Que vai facer, señor conselleiro? Eu a impresión que teño é que en San Caetano xa están preparando un novo argumentario para xustificar esta rectificación. E farán ben, porque o Partido Popular, na defensa de Galiza, só acerta cando rectifica. Polo tanto, señorías, rectifiquen. (*Aplausos.*)

E veu aquí presumir da xestión da débeda. É que este é o mundo ao revés. Pero se vostedes fixeron unha xestión nefasta da débeda e tomaron decisións que pagou moi cara a cidadanía deste país. Porque os recortes non saíron gratis, os recortes tiveron consecuencias directas na calidade de vida dos galegos e das galegas, que pagaron con sufrimento que vostedes quixeran ser os alumnos avantaxados dos recortes e da política fiscal que lle chaman da





austeridade, e que eu digo que é falsa, porque é a política fiscal que quere cargar os servizos públicos.

Mire, analicemos a súa política en xestión da débeda. Vostedes triplicaron a débeda pública deste país, pese a ser dos que máis recortaron en sanidade, en educación ou en dependencia. Menos servizos públicos, máis débeda. Excelente xestión, excelente xestión a do Partido Popular.

En 2008 Galiza debía 3.954 millóns de euros, o equivalente ao 6,8 por cento do PIB; hoxe superamos os 12.000 millóns de euros e representa o 15 por cento do PIB. Triplicaron a débeda, mentres recortaban, recortaban e recortaban. Por exemplo, os 2.000 millóns de euros menos en atención primaria, que fai que hoxe teñamos lista de espera ata para ir ao médico ou á médica de cabeceira, e eses recortes, señorías, págaos a cidadanía deste país á conta da súa saúde.

Pero ¿que esperar dun goberno do Partido Popular onde ten un conselleiro de Sanidade que di que se alguén le pouco non importa que lle operen as cataratas ou que a saúde está sobrevalorada? Nun goberno normal ese conselleiro sería —¡vamos!— cesado, duraría menos que unha noticia do BNG no Telexornal da Galega. (*Aplausos.*) Pero aquí o que temos é un conselleiro que nos din que é o mellor do mundo mundial.

Pero vaíamos a analizar que máis fixo o Partido Popular en xestión da débeda. Está ben que se ría, os galegos e galegas non se rin tanto. Ben, ¿que din? Que pagamos os xuros máis caros cun sobrecusto millonario. Esas son as decisións que vostedes tomaron. Porque vostedes, este goberno, señor Rueda, decidiu, por propaganda política, que prefería acudir á banca privada con xuros máis caros que ao fondo de financiamento que ofrecía o Estado. Vostedes decidiron pagar máis pola débeda da banca, en vez de destinar eses recursos á venda, á dependencia ou á sanidade.

É que esta foi unha decisión que ata lle reprochou o ministro Montoro naquel momento, do Partido Popular, que lles advertiu que acabarían pagando máis acudindo á banca privada que ao Estado. Aquí é moi eficaz o Partido Popular: Galiza perde pero a banca gaña.

Terceira consecuencia. É que hoxe o pago da débeda é a terceira partida de gasto máis alta dos orzamentos: 1.763 millóns de euros en 2025. Despois de en sanidade e en educación, no que máis gastamos é no pago da débeda, señor conselleiro.

E, neste contexto, temos un goberno do señor Rueda que nos di que vai rexeitar un recorte do 33 por cento da débeda, 4.000 millóns de euros menos, que claro que poderíamos destinar a mellorar outros servizos públicos. Porque se se recorta a débeda, vai pagar menos en intereses e vai pagar menos en amortización da débeda. É que é unha cuestión elemental.

O que non pode ser é que lles faga pagar aos galegos e ás galegas o custo da súa submisión ao Partido Popular de Madrid. O que non pode ser é que as decisións sobre os intereses de Galiza se tomen na rúa Xénova. O que non pode ser é que as decisións que nos afectan en asuntos claves se tomen nos despachos da sede madrileña do Partido Popular.





Pídlle ao señor Rueda que deixe de usar Galiza como moeda de cambio, basta xa de poñer o Partido Popular por diante de Galiza, ¡basta xa! (*Aplausos.*) É unha indignidade, que non van poder tapar nin con mentiras nin con argumentos falaces.

Acábaseme o tempo.

Señor conselleiro, ¿que problema hai en aceptar unha quitación que vostedes pedían en 2023? ¿Queren máis? Negocien. O BNG negociou 4.000 millóns de euros. ¿Parécelles pouco? Negociemos máis, negociemos máis. Pero o que vostedes nos están dicindo é que non a van aceptar, única e exclusivamente por seguir a estratexia do Partido Popular.

E mire, ¿hai que mellorar o sistema de financiamento? Evidentemente. Pero ¿que fixo o Goberno do PP? Non moveu un dedo. É máis, ata rebaixa o nivel de exixencia do propio país, cando, por exemplo, nos di que o déficit fiscal é inferior que o que di o Consello de Contas. Pero ¿que clase de defensa fan vostede deste país? ¿Ou cando levamos cun sistema caducado desde o ano 2014 e a vostedes acórdalles agora que hai que reformalo? Pero é que nin tan sequera son capaces de activar a Comisión de estudo deste Parlamento. Se non temos nin un só documento, señor conselleiro, neste Parlamento, sobre que posición defende a Xunta. ¿Vostede falou algunha vez coa oposición para consensuar algo en materia de financiamento? Nin unha soa vez, señor conselleiro, nin unha soa vez, nin unha soa vez. O seu Goberno está unicamente encastelado e atrapado na estratexia partidista...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que rematar, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...do Partido Popular de Madrid.

E eu para rematar, señor conselleiro, pídlle que nos aclare esa pregunta: cando se aprobe a quita da débeda, o seu Goberno ¿vai solicitala? ¿Si ou non? Eu creo que —non sei— é unha resposta...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que non se pode dar aos galegos e ás galegas cando nos xogamos tanto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Alberto Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidenta.

Señorías.

Creo que nunha democracia que se prece de tal a ameaza e a coacción aos responsables públicos debería resultar inadmisibile. Por iso, eu quero comezar esta intervención condenando



o intento de amedrentar a conselleira de Medio Ambiente e a súa familia no seu propio domicilio familiar. (*Aplausos.*) (*O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.*) Non é un bulo, señorías, é que algúns cren ter bula para facer o que queiran, non é exactamente o mesmo.

Señorías, pasemos aos papelóns.

Pasaron xa dezaoito meses desde que nunha entrevista radiofónica a ministra Montero desmentise rotundamente a posibilidade dunha condonación de débeda a Cataluña, insinuada nalgunha ocasión polo presidente Rueda —abro aspas—: «*Es que se lo inventan, es que lo curioso es que las comunidades del PP se inventan las cuestiones. En este caso fue el señor Rueda, que empezó a especular*». A señora Montero mentiu, o Goberno de España mentiu; coa mesma convicción e rotundidade á que xa nos teñen acostumados, mentiron; coa mesma rotundidade coa que negaron calquera posibilidade de indulto aos responsables do procés ou coa que afirmaron que unha amnistía era plenamente inconstitucional; coa mesma rotundidade coa que garantiron unha Fiscalía independente, coa que negaron calquera posibilidade de pacto con Bildu ou coa que rexeitaron a posibilidade dun mediador internacional para relacionarse co independentismo; coa mesma rotundidade coa que nos xuraron que as competencias sobre a emigración e o control de fronteiras eran exclusivas do Estado e, en consecuencia, intransferibles e indelegables. E fálanos a señora Iglesias de pactos coa ultradereita.

Coa rotundidade de sempre, o señor Sánchez enganou unha vez máis os cidadáns deste país, e co servilismo de sempre aí estaban o socialismo galego e o BNG para apoiar o señor Sánchez cando afirma unha cousa e para aplaudir ao señor Sánchez cando fai a contraria. (*Aplausos.*) Son vostedes unha enorme fraude a Galicia.

Eu, señor conselleiro, agradezo a súa comparecencia nesta sesión plenaria, porque creo que resulta de grande utilidade para que os galegos poidan apreciar a diferenza, abismal, que media entre un goberno que cumpre cos seus compromisos e unha oposición disposta permanentemente a traizoar a súa palabra e os seus principios. E non fago esta afirmación a fume de pallas. Cómpre recordar, en contra do que di a señora Pontón, que este Parlamento de Galicia no seu último debate sobre política xeral acordou unha postura unánime en materia de financiamento autonómico, un acordo que recollía catro puntos básicos.

Podemos lela, señora Pontón. Primeiro punto: «*Demandamos do Goberno de España a urxente convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira onde se aborde a reforma do modelo de financiamento autonómico*». Coincidimos todos na necesidade dun diálogo multilateral e no feito de que os acordos que condicionasen o financiamento de Galicia non se podían pechar en mesas onde non estivese representada Galicia. ¿Como é posible que agora vostedes acepten que se nos traslade un acordo bilateral pechado entre o Goberno e Esquerra Republicana, un acordo anunciado previamente por un representante político condenado por malversación e indultado polo Goberno, un acordo que supuxo que no último Consello de Política Fiscal e Financeira o Goberno de España retirase, unilateralmente, da orde do día o debate sobre o novo sistema de financiamento autonómico?

Segundo punto: «*Defendemos un financiamento xusto para Galicia, mellorando a proposta actual de poboación axustada e para defender a ponderación adecuada dos sobrecostos que*



a dispersión e o envellecemento implican na prestación dos servizos públicos galegos». Pois agora ao BNG e ao PSdeG parécelles ben que nin exista a proposta de novo modelo, nin exista proposta de mellora de cálculo de poboación axustada, nin maior ponderación relacionada coa dispersión ou o envellecemento. É máis, nin sequera expresaron unha mínima queixa ante o feito de que nin un só dos factores correctores aplicados ao cálculo da súa medida estrela —esa mal chamada condonación— beneficia Galicia, nin un só. E non dixeron nin «mu».

Terceiro punto: «Defendemos a valoración do modelo xusto de financiamento local que supere a discriminación histórica dos concellos galegos». ¡Pois vaia sorpresa! Nin unha soa palabra sobre financiamento local neste acordo e nin unha soa palabra da oposición en relación con esta cuestión. Por certo, nin os seus alcaldes nin a dirección, habitualmente tan locuaz, da Fegamp —tan exixentes, por certo, coa Xunta— expresaron queixa ningunha con este flagrante esquecemento.

Ou, por último —o seu punto favorito—, o cuarto: «No caso de condonación, que se compeense equitativamente ás comunidades que non se adherisen ao FLA». En termos de habitante, axustado a cada galego, condónanselle 1.369 euros, fronte aos 1.892 da media de España, un 67 por cento menos do que lles condonan ás comunidades máis beneficiadas.

Señoría, ¿onde está a equidade? ¿Parécelles equitativo que a cantidade condonada a un galego sexa 1.000 euros menor que a condonada a un catalán, a un valenciano ou a un andaluz? Non hai equidade, señorías, porque estas cifras non son o resultado de ningunha fórmula matemática, senón a consecuencia dunha chantaxe política, o prezo que o soberanismo catalán exige a Pedro Sánchez a cambio de permitirlle que permaneza un pouquiño máis na Moncloa. E o malo non é iso, o malo é que o señor Sánchez pretende endosar ese prezo ao peto dos galegos. E nós, á diferenza de vostedes, non estamos dispostos a tragar, señorías. *(Aplausos.)*

Señorías, o método de cálculo, imposto unilateralmente desde o Goberno, ten, ademais de Sánchez, dous claros beneficiarios: a primeira beneficiaria, a señora Montero, que na súa condición de axente dobre consegue eliminar como ministra de España a débeda que ela mesma disparou como consejera de Andalucía. Eu podo entender, ¡eh!, que a candidata Montero pretenda borrar as pegadas da súa xestión no Goberno dos ERE, pero custa entender que organizacións supostamente comprometidas coa defensa dos intereses de Galicia acepten pacificamente esta dupla condición de xuíz e parte, que para nós é totalmente inaceptable. Segundo beneficiario: o independentismo catalán, que aspira a mutualizar a súa débeda como paso previo á súa aspiración definitiva: o concerto económico catalán; porque ese é o obxectivo do independentismo, que as súas débedas as paguemos entre todos, pero que os seus ingresos non saian de Cataluña.

E non podemos aceptar que a chantaxe duns delinquentes amnistiados polo presidente máis débil da nosa democracia consolide un país de territorios de primeira e de segunda, con cidadáns de primeira e de segunda. Galicia vaise rebelar contra esta inxustiza e, como afirmou o señor Corgos, nin queremos ser máis que ninguén nin aceptamos ser menos que ninguén, señoría. *(Aplausos.)*



As cifras e os datos son tan evidentes que nestes días, para tratar de defender o indefendible, escoitamos argumentos absolutamente disparatados. Preguntábase o señor Besteiro na anterior sesión plenaria: ¿que diría unha familia se a chamasen e lle dixeran que un 33 por cento da súa hipoteca queda condonada? ¿Realmente se plantexaron esta situación? Eu intenteino, confeso. Imaxinen que soa o teléfono na súa casa e unha voz anúncialles: ola, chámote do banco, a ver se mañá podes pasar pola sucursal para firmar uns documentos, que che imos perdoar o 33 por cento da hipoteca —sen telo pedido, jeh!—. Non sei vostedes: eu conto isto na miña casa e o primeiro que me din todos é: nin se che ocorra firmar; *(Risos.)* e o segundo: chama a Policía, que isto ten que ser unha estafa. Eu creo que esa sería a reacción racional da maioría dos galegos; do señor Besteiro e da señora Pontón, non; eles son dos que, se lles chega un SMS dicindo que preman un botón porque Facenda lles vai devolver cartos, eles premen; se alguén lles pide cuartos por anticipado para xestionar unha herdanza dunha descoñecida tía da América, eles póñenos, ¡e así lles vai, claro!

Pero a maioría dos galegos non somos así e se algo temos interiorizado é aquilo de que, cando a limosna é moita, ata o santo desconfía. Señorías, ¿por que esqueceron vostedes aquelas leccións que os seus pais lles ensinaron na casa? Xosé Ramón, ten coidado que ningún dá duros a tres pesetas. *(Risos.)* Ana, desconfía, non aceptes regalos de descoñecidos. Son os consellos que a inmensa maioría dos galegos aprendemos de nenos, e por iso a inmensa maioría dos galegos non imos picar neste timo que vostedes nos queren endosar. *(Aplausos.)*

Tamén axuda —debo dicilo— que cada día teñamos máis claro que BNG e PSOE non son vítimas deste timo, son os cómplices. Vostedes son o gancho, ese colaborador necesario para tentar enganar un pobre incauto disposto a crer que un descoñecido que atoparon na rúa vai resolver os seus problemas a cambio de nada. E por iso menten e por iso infantilizan o debate.

Decía a señora Pontón no anterior pleno: «Se reducimos un 33 por cento o pago da débeda, estamos liberando millóns de euros que se poden utilizar para a sanidade, para a educación, para a vivenda». «É de primeiro de Economía», afirmaba. Señorías, ¡alégrense!, segundo a matemática financeira nacionalista, calquera que amortice unha hipoteca dispón inmediatamente da mesma liquidez da contía amortizada. É sorprendente, unha disparatada teoría segundo a cal, se vostedes mañá liquidan unha hipoteca de 150.000 euros, dispoñen automaticamente de 150.000 euros para gastar en educación, en sanidade ou en construírse unha nova casa. Pero ¿como se pode insultar así a intelixencia dos galegos? *(Aplausos.)* Pero ¿non lles queda un mínimo de decoro, de verdade?

Miren, señorías, eu entendo que 25 anos na oposición sen xestionar nin un só euro público poden explicar certas carencias...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...pero quen espera gobernar Galicia debería saber o básico.

Remato xa.



Titular: «Pontón denuncia que a decisión de rexeitar o FLA e acudir á banca provocou que a Xunta pagase de máis entre 2021 e 2024». Señoría, o curioso é que esta mesma semana a conselleira catalá de Economía declaraba que a condonación da débeda «*Permitirá a Cataluña financiarse en los mercados a partir de 2026*». Resulta que o que para a oposición galega é unha mala xestión para o Goberno catalán é un obxectivo prioritario. Claro, esa é a diferenza entre o que comenta unha conselleira que ten o deber de financiar e alguén que vén exercer de mero comentarista da actualidade.

Señor Corgos —remato xa—, eu, despois de escoitar os seus argumentos, os que cada un degrañou aquí, só podó felicitar os galegos polo seu acerto á hora de asignar responsabilidades: as responsabilidades de goberno para quen acreditou quince anos de experiencia solvente de goberno e as da oposición para quen acreditou vinte anos oponéndose a calquera cousa que supuxese progreso para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica novamente do Goberno.

Ten a palabra, sen límite de tempo, o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidenta.

Grazas, señorías.

Vou intentar responder un pouco por orde de intervención, aínda que foron moitas as cousas que se afirmaron e moitas delas contraditorias entre si, e algunhas tamén contraditorias coa miña intervención e coa lóxica financeira coa que tentei explicarme. Polo tanto, terei que reafirmarme tamén nalgún dos termos nos que falei anteriormente, a risco de ser aburrido.

En primeiro lugar, efectivamente, como dicía o representante de Democracia Ourensana, a quitación é un traxe á medida conxuntural, e o que precisa a Comunidade Autónoma é unha solución estrutural. Díxeno antes, é unha solución no sistema de financiamento. Un sistema de financiamento suficiente, en primeiro lugar equitativamente distribuído, tendo en conta a diferenza do custo de prestación dos servizos públicos nas diferentes comunidades autónomas. E na nosa caracterízase por un sobrecusto moi importante debido ao avellentamento e á dispersión. E, ademais, vencellando as palabras do representante de Democracia Ourensana, pois Ourense é precisamente a provincia que quizais estea máis afectada por estas dúas circunstancias, en especial polo avellentamento da poboación. Polo tanto, na medida en que poidamos dispor de máis recursos en función do avellentamento, poderemos dispor de máis recursos para moita da poboación rural ourensá, que se caracteriza por ese alto nivel de idade.





E isto é o principal, o prioritario. E a axenda de Galicia debe guiarse e o Goberno de Galicia debe defender as prioridades da nosa Comunidade Autónoma. Galicia non ten un problema de débeda —insisto—.

Resulta abraiante que agora se veñan dar clases de ortodoxia financeira da débeda cando eu levo escoitando debates neste Parlamento dende hai moitos anos, anteriormente como director de Orzamentos e logo como conselleiro, e había outras épocas en que se apostaba polo contrario. Pero ben, agora somos todos ortodoxos —congratúlome diso— e apostamos por un nivel sostible de débeda.

Cómpre lembrar que os 1.544 millóns de euros que se recollen no capítulo IX dos orzamentos da Comunidade Autónoma non supoñen unha menor capacidade de gasto para o ano 2025, xa que se refinancian con novas emisións de débeda. Entón, non xoguemos a confundir. Xa o dixeron tanto a voceira do BNG como a socialista. Non é certo. A débeda que se dedica a amortizar refinánciase cunha nova emisión de débeda, non son recursos que poidan quedar á disposición do financiamento doutras políticas de gasto, e non ten sentido, ningún sentido, que se comparen co gasto sanitario ou co gasto en política social, porque non absorben recursos dos que se recadan cos tributos que pagan todos os galegos e as galegas.

Este importe correspóndese a amortizacións da débeda que por calendario de vencementos pois son esta cifra que é, 1.500 millóns de euros; e que, por certo, inclúen 85 millóns de euros correspondentes á devolución das liquidacións negativas que deixaron vostedes cando gobernaban, porque corresponden ás liquidacións dos anos 2008 e 2009, e que teremos que pagar aínda ata o ano 2031; levamos pagados 1.581 millóns de euros de liquidacións negativas.

Grazas á solvencia da Comunidade Autónoma, esta contía financiarase con novas emisións de débeda nas mellores condicións de mercado, e por iso non estamos urxidos a aceptar un acordo de quitación da débeda que é lesivo para a nosa Comunidade Autónoma, como o que propoñen vostedes.

Isto é o importante, o que se dicía anteriormente. Nós xa estamos no mercado, non precisamos ningunha quita da débeda, somos solventes; preservamos o noso autogoberno no peor da crise. Anteriormente eu lembro nos anos pasados en que precisamente os voceiros do Bloque Nacionalista Galego apostaban porque íamos entrar no FLA e íamos ser intervidos. E, precisamente, non o fixemos e agora a política que había que defender era ter entrado no FLA. Non se entende. Nós mantemos sempre a nosa liña política. Os que non son coherentes son vostedes, señora Pontón.

O FLA foi unha medida extraordinaria que puxo en marcha o Goberno de Mariano Rajoy para dar unha solución aos problemas de liquidez que tiñan algunhas comunidades autónomas, entre as que non estaba Galicia. Non tiñan cartos nin para pagar aos provedores nin para pagar as súas débedas ao seu vencemento, e o mercado non as financiaba. Sen esta medida, algunha comunidade autónoma ía directamente á creba, polo que esta medida foi un salvavidas en forma de rescate. Non se buscaba abaratar os custos de financiamento, senón proporcionar un recurso de financiamento a aquelas comunidades autónomas que non podían





afrontar por si mesmas os vencementos das débedas. Galicia mantivo o seu autogoberno e mantivo a súa solvencia aínda nos peores momentos.

E daquela, como dicía, a vostedes non lles gustaba esta medida. Lembro que Carlos Aymerich dicía no ano 2013: se non é este ano, será ao seguinte, cando a Xunta vaia ao FLA posto en marcha polo Estado, un instrumento co que se pretende recentralizar as competencias das comunidades. E Francisco Jorquera dicía que o FLA impoñía unhas condicións que deixan en papel mollado a súa autonomía financeira e orzamentaria; e logo falaba da Troika e desas cousas, que iamos ser intervidos e tal, e que ía ser todo fatal.

Nós exercemos o noso autogoberno, somos quen de manter a nosa capacidade financeira e, por tanto, non incorremos no FLA. E, ademais, tampouco é certo que recorrer ao FLA fose máis oneroso para a Comunidade Autónoma galega. Os tipos de xuro medios deses peores anos, 2012, 2013, 2014, nos que se establece o FLA, foron inferiores para a Xunta de Galicia que os establecidos no FLA. O tipo medio do FLA no 2012 foi do 5,5 por cento de xuros, para a Xunta de Galicia o 4,8 por cento; no 2013 o 4,2 por cento no FLA, e para a Xunta o 3,9 por cento; e no 2014 o 3,3 por cento, e para a Xunta o 2,3 por cento. Por tanto, tampouco é certo que fose máis oneroso para a Comunidade Autónoma manterse no FLA.

É máis, cando mudaron as circunstancias do FLA, no ano 2014, e se establece un tipo cero para todas as comunidades autónomas, nós requirimos o ministro Montoro —non foi que o ministro Montoro reprendese a Galicia—, Galicia exixiulle no Consello de Política Fiscal e Financeira ao ministro Montoro que crease o dispositivo de facilidade financeira, para pagar os mesmos xuros que as comunidades incumpridoras. (*Aplausos.*) E Galicia adhírese a ese fondo. E os 2.000 millóns de euros que quedan agora mesmo en mans de fondos do Estado son precisamente en facilidade financeira, non no FLA.

Por iso, como digo, Galicia non ten un problema de débeda, ten un problema de insuficiencia do sistema de financiamento, que, por certo, son uns recursos que se están a recadar en tributos cedidos, como dicía antes; máis dun 60 por cento de incremento dende o ano 2008, sobre todo nos últimos catro anos, e un 28 por cento de incremento só o financiamento que aumenta na Comunidade Autónoma galega.

Por tanto, hai que adaptar as dúas sendas de evolución dos recursos, da recadación dos tributos cedidos aos ingresos do sistema de financiamento da Comunidade Autónoma galega. Esa é a nosa prioridade e non outra. ¿Por que? Porque soubemos preservar o noso autogoberno —insisto—.

Segunda cousa que quero dicir. Por favor, non mintan. A quitación da débeda, mal chamada quitación da débeda, a asunción de débeda polo Estado, non traerá maior capacidade de gasto. É mentira, radicalmente mentira. Nin en concepto de principal a débeda que se amortiza nin en concepto de intereses. No primeiro caso porque non pode aumentar a débeda global do Reino de España nun 5,6 por cento do PIB cando estamos por enriba do cen por cento, e ademais o indica o texto do acordo; se lemos o texto do acordo pois deberíamos... (*Murmurios.*) ¿Verdade que si? Pois aí figura o principio de neutralidade da débeda do gasto, aí está recollido. E, polo tanto, non vai supor ningún incremento de capacidade de



financiamento de ningunha política competencia da Comunidade Autónoma, nin en concepto de intereses, salvo que a Airef, xa que non me cren a min, diga mentira.

Os intereses non se teñen en conta na regra de gasto, os intereses xa non computan no incremento de gasto computable que figura nos orzamentos para 2025 da Comunidade Autónoma de Galicia, están deducidos. E, por tanto, se restas menos intereses, como non se reducen da capacidade de gasto, non afectan ese incremento do 3,2 por cento de incremento de gasto que figura nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega.

Por tanto, non digan cousas que non son certas. Poden defender as súas posicións, pero sen dicirlle mentiras á poboación, por favor.

En segundo lugar, os criterios da quitación. Os criterios da quitación, efectivamente, recollen a poboación axustada. A propia ministra dixo que o criterio de poboación axustada era importante. Pero ¿por que engade outros tres, que chama criterios políticos e que desvirtúan totalmente o volume de recursos que se amortizan ás comunidades autónomas? ¿Por que Galicia é a comunidade autónoma que obtén unha menor asunción de débeda por habitante axustado de todas as comunidades autónomas de España? ¿Por que? ¿Iso é equitativo? Non, nós pensamos que non. Pois iso é certo, iso é certo.

O que fixo a ministra é torturar as cifras ata que lle deron as contas para quitarlle máis cartos a Cataluña, tal e como tiña pactado, a Andalucía porque se presentará ás próximas eleccións e prexudicar o resto das comunidades autónomas.

Aquí o ten: *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública mostra un documento.)* Galicia, a menor por habitante axustado. A media está aquí, 1.892, e as que teñen máis capacidade de condonación son 2.284 euros por habitante, moi lonxe da cantidade que se lle ten en conta a Galicia. ¿Por que se prexudica as comunidades que foron quen de manter a súa solvencia financeira, que foron quen de adaptar a súa axenda de ingresos á súa axenda de gastos? Non o podemos entender e, por suposto, non o podemos compartir.

Entón, aquí, cando falemos de papelóns, habería que ver quen fai o papelón: se vostede, señora Pontón, firmando ese acordo de corta e pega que lle puxo a ministra coas mesmas condicións que asinara antes con Esquerra Republicana de Cataluña, ou eu levantándome da silla cando non podía aceptar as condicións que se poñían e que se acordaran ás miñas costas polo Goberno con representantes doutras comunidades autónomas. Non sei quen faría este papelón. *(Aplausos.)*

Porque o certo é que a ministra os enganou. Ese grande acordo de 4.000 euros por habitante, como acabo de sinalar, é o peor acordo posible para a Comunidade Autónoma de Galicia. Somos a comunidade que obtén o peor acordo, o peor acordo. A débeda non se pode medir en termos absolutos, débese medir en relación co PIB ou por habitante. E o nivel máis baixo de proposta de asunción de débeda por habitante axustado correspóndelle a Galicia. Iso é o que pactou vostede, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Por tanto, nós non podemos compartir o seu acordo, do que está tan orgullosa, porque discrimina a nosa Comunidade Autónoma. E xa están acostumbrados, non é a primeira vez. A



primeira foi cando votaron a favor dese imposto sobre a banca, que van ter que pagar a escote todos os consumidores españois de produtos bancarios pero que se reparte en función de comunidade máis rica: á que teña máis PIB máis cartos lle corresponden. ¿Que quere dicir iso? Que, se se repartise co criterio do sistema de financiamento autonómico, que é o habitante axustado, a Galicia corresponderíanlle 17 millóns de euros máis dos que lle van corresponder. Esa é a súa gran negociación. ¿Por que prexudica os galegos, señora Pontón?, ¿por que prexudica os galegos? *(Aplausos.)*

E, por último, gustaríame facer referencia a algunha afirmación que tamén se fixo respecto do tema do financiamento. O financiamento é a nosa prioridade, como dicía antes. ¿Por que fomos reclamando un financiamento con maior intensidade ao longo do tempo? Pois porque os fondos que había nos recursos da Facenda pública española non daban para repartir máis cartos nos anos 2015, 2016 e 2017 e é a partir do 2017 cando empeza a haber fondos abondos para unha nova rolda de financiamento para as comunidades autónomas. E cando hai cartos, cando hai posibilidade de obter un financiamento suficiente, é cando é o momento de abrir as negociacións e pedir que se reconsidere se se están financiando ben as diferentes comunidades autónomas. Por iso é o que fixemos.

O que non tiña sentido é no medio da gran crise financeira, cando non había ningúns cartos, o único que había era unha minoración de recursos ano tras ano, pedir nese intre unha apertura dun sistema de financiamento para repartir menos cartos entre todos. Non tiña ningún tipo de sentido. Por iso é nos últimos catro anos cando se pide con máis intensidade esa reforma do sistema de financiamento, reforma que é a auténtica prioridade da Comunidade Autónoma de Galicia —insisto—. Polo menos precisamos 500 millóns de euros para financiar eficientemente os servizos públicos fundamentais competencia da Comunidade Autónoma, en función deses factores discriminantes no custo para a nosa Comunidade Autónoma como son o avellentamento e a dispersión.

Nós esperamos que vostedes, e eu si que defendín isto na Comisión de Financiamento e acheguei documentación —sábeo ben a señora Presas—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero acaban de dicir que non. Entón, non digan que non, por favor. Achegamos a posición do Goberno galego e achegamos propostas do que esperabamos do novo financiamento autonómico.

A nosa posición non mudou, non mudou. Nós somos coherentes e seguimos a defender o mesmo. Espero que vostedes tamén defendan o mesmo e defendan o mellor para os galegos co Goberno de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Vou saudar agora o segundo grupo dos alumnos de primeiro de Bacharelato do IES de Sar, de Santiago de Compostela, que hoxe nos visitan e están acompañados dos seus profesores. Benvidos e benvidas ao Parlamento.



E agora si.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Declina a intervención.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS REY:** Grazas, presidente.

Señor Corgos, excusas e excusas de mal pagador. Menudo, de verdade, papelón lle tocou. E penso, de verdade, contradición, señor Corgos: lóxica orzamentaria, que non é un problema ter máis de doce mil millóns de euros de débeda pública.

A verdade é que, lonxe de especulacións e intentos de transmitir que Galicia vai ser maltratada por este suposto trato de favor a Cataluña, o modelo proposto de condonación da débeda do Goberno de España inclúe dúas cuestións polas que só por iso xa debería aceptar, si ou si, a condonación de 4.000 millóns de euros.

A primeira: forman parte todas as comunidades autónomas de réxime común, excepto Euskadi e Navarra; principio de solidariedade e principio de equidade, lonxe das patrañas que durante tempo se contaron do sistema de financiamento autonómico, que a condonación da débeda só se facía a favor dunha comunidade autónoma, de Cataluña, e non foi así. Esta proposta de condonación é para todas as comunidades autónomas, unha proposta de Estado, unha proposta de país, que non prioriza territorios, señor Corgos, senón que prioriza as persoas e o mellor financiamento dos servizos públicos esenciais (educación, sanidade e dependencia), señor Corgos; *(Aplausos.)* e actúase, por tanto, en consecuencia, con responsabilidade de goberno, como actúa o Goberno central.

E o cómputo modelo —que sei ben que o leu, é evidente— faise sobre o criterio de poboación axustada, que tamén defendeu como conselleiro de Facenda; é dicir, que, como dicía, se teñen en conta dificultades para ofrecer os servizos públicos. Co 5,5 por cento da poboación que representa Galicia en todo o territorio nacional, aplicando este criterio de poboación axustada, recibimos un 6,7 por cento; criterio de envellecemento e criterio de dispersión xeográfica. Por tanto, neste modelo compútase a poboación de Galicia máis cara.

Estes dous criterios, ademais, aplicación a todas as comunidades autónomas de réxime común e criterios de poboación axustada, son e sempre foron os que defendeu o Partido Socialista tanto en España como aquí en Galicia, desde Zapatero. Mariano Rajoy non fixo absolutamente nada no seu Goberno. Ao igual que organismos que defenden, como o Foro Económico de Galicia, ese criterio e, evidentemente, esa proposta que tamén se defende polo Foro Económico de Galicia, da condonación da débeda a todas as comunidades autónomas de réxime común. Si, señor Corgos.



Ademais —atento, señor Pazos—, non é o modelo feito para Cataluña. ¿Por que? Cataluña ten unha condonación do 20 por cento; Galicia, 33 por cento; se é bo para Cataluña, máis para Galicia, señor Corgos. (*Aplausos.*) Á comunidade autónoma que máis débeda se condona é á de Andalucía, 12.900 millóns de euros; a comunidade autónoma á que máis porcentaxe da súa débeda se deberá condonar é Canarias, do PP, 50 por cento.

Cuarto. As comunidades autónomas que máis débeda teñen condonada, per cápita, señor Corgos: Andalucía, primeira, PP; Comunidade Valenciana, segunda, PP; e terceira, Murcia, PP. Marexada, dupla maresía é o que vai ter Feijóo con intereses contrapostos dos gobernos do Partido Popular.

Galicia está por riba da media da condonación das comunidades autónomas, e pode dicir o contrario, porque non é verdade. Por iso, negarse a aceptar a quitación porque outros tamén son beneficiarios non é solidario, señor Corgos, non é solidario. É como aceptar unha quitación dunha hipoteca porque ao meu veciño lle fan a mesma oferta. Pois imos velo en termos comparativos, xa que lle gusta tanto o tema da hipoteca.

Afirma vostede que é un modelo trampa e que non elimina a débeda, porque se asume polo Estado. De acollerse ao modelo, a realidade é esta: que a débeda baixará 4.000 millóns de euros, e iso é unha realidade, negar isto é mentir. Dous, cando recibimos fondos europeos, tamén son públicos, ¿non?, señor Corgos, cando o Estado financia investimentos aquí en Galicia, pero a débeda deixará de computar para a Xunta de Galicia e poderá reducir amortizacións, terá 4.000 millóns de euros menos que devolver e non pagará os xuros por ela. ¿É verdade ou non é verdade? Menos débeda, menos xuros. Menos débeda, menos risco financeiro. Menos débeda, poderemos financiar máis Estado de benestar, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) tres cuestións claves —non diga si, que non, que se pon nervioso—.

Argumentou vostede tamén que hai que falar do sistema de financiamento. A condonación é un primeiro paso, non é incompatible, é sucesivo, ademais, en grandes cantidades, e posto en termos de solidariedade e equidade en todo o territorio de España. Non está feito para Cataluña, aínda que lles fastidie, señor Corgos. As comunidades autónomas máis beneficiadas están gobernadas polo PP, é así, e o contrario é mentir.

E, como lle dicía, é o primeiro paso para negociar o sistema de financiamento autonómico. Aí vai atopar o Partido Socialista de Galicia, defendendo Galicia, a súa singularidade no sistema de financiamento. E en Galicia poña o gorro de conselleiro de Facenda, non o gorro do PP. Dígollo de verdade, sinceramente, é un consello que lle dou.

A proposta é actuar igual en condicións para as comunidades autónomas, como dicía, baixo o principio de solidariedade; é unha proposta ambiciosa que dende Galicia traballaremos para que sexa unha medida que se vaia ter en conta tamén no sistema de financiamento futuro que se vai negociar. Seguro aí que os que máis contradicións teñen son as comunidades autónomas do Partido Popular, veremos a ver que pasa, que fai Galicia cando lle ofrezan esa condonación en firme de 4.000 millóns de euros. Porque se se negan a aceptar, señor Corgos, pois non van ben, e —o que lle dicía ao principio— será o primeiro grande erro histórico do





Goberno presidido polo señor Rueda. Poña o gorro de conselleiro de Facenda, vele polos intereses xerais de todos os galegos e as galegas e deixe o gorro de portavoz do PP na casa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Corgos, vostede antes era así como unha especie de illa dentro da política de bulos do Partido Popular, pero eu vexo que xa está contaminado por esa eu creo que forma tan negativa, si, de facer política, que creo que nin lle beneficia ao Goberno nin lle beneficia ao Parlamento, nin tampouco lle vai beneficiar á cidadanía.

E todo porque vostede veu aquí facer algo que é imposible, e é explicarlle á cidadanía deste país por que o Goberno galego quere impedir que se nos retiren 4.000 millóns de euros da débeda, un 33 por cento da nosa débeda.

Eu admiro a capacidade que ten vostede aquí para vir repetir o argumentario do Partido Popular, pero é que ninguén llo cre, señor conselleiro, porque é indefendible o que vostede e o que vostedes queren facer. E, ademais, é que utilizan unha serie de argumentos que logo é que caen polo seu propio peso.

Ve aquí vostede dicirnos que está moi preocupado porque se socializa a débeda doutras comunidades autónomas e entón isto rompe a igualdade. ¿Onde estaba esa preocupación pola igualdade cando o Partido Popular socializou as perdas da banca cun rescate bancario que tamén pagamos os galegos e as galegas? (*Aplausos.*) ¡Ah!, claro, socializar a débeda da banca, ben; agora, que a Galiza se lle perdoen 4.000 millóns de euros, mal.

Tampouco lle vin a vostede ningunha preocupación pola igualdade cando se rescataron con 5.000 millóns de euros as radiais madrileñas, que tamén pagamos os galegos e as galegas, mentres seguimos tendo a hipoteca da AP-9, que tamén nos deixou o Partido Popular, que a privatizou e aumentou a concesión ata os setenta e cinco anos. Si, si, ¿onde estaba a súa preocupación pola igualdade? Xa o vemos. O que lle preocupan son os impostos á banca. Eses son os impostos que lle preocupan ao señor conselleiro.

E tampouco nos acaba de dicir, exactamente, por que nos prexudica unha quitación. Eu díxenllo aquí: vostedes pediron unha quitación da débeda equitativa; ano 2023, é que o acordamos neste Parlamento, e agora vén aquí dicir que a quitación é mala. ¿É que non ve que a mentira ten as patas moi curtas, que os seus bulos teñen as patas moi curtas? Porque ou é boa ou é mala, podemos ver como mellorala, pero o que é evidente, señor conselleiro, é que unha quita da débeda beneficia a Galiza, e pode vostede darlle as voltas que queira, porque, evidentemente, esa é a realidade.

Dinos tamén que para Galiza isto non supón nada. Isto é algo que —non sei— o economista que teñen de portavoz parlamentario me ten que explicar, ¿non?, porque, claro, se un ten





unha débeda e lle condonan o 33 por cento, ¡home!, iso váiselle notar, ao que vostede ten que pagar, porque vai ter que amortizar menos e vai ter que pagar menos intereses.

Entón, vostede veu aquí dicir que non, non o notamos. Non obstante, hai uns días na prensa publicouse que a Xunta recoñecía que isto ía supoñer un aforro no pago de intereses. Ao mellor lle parecen poucos, pero, ¡home!, a min paréceme que é unha cifra importante. Non sei o cálculo que fan; vostedes falaban de 42 millóns cada ano; pois con 42 millóns de euros ao ano faise moito pola xente deste país, desde atender problemas de sanidade á dependencia ou a outras necesidades. Polo tanto, non veña aquí dicir á cidadanía que isto non supón ningún tipo de beneficio.

E logo veunos aquí dicir que vostedes defenderon o autogoberno, ¿non? Claro, defender o autogoberno para o señor Corgos debe ser pagar máis pola débeda deste país por acudir á banca en vez de recorrer aos fondos que financia o Estado, que xa sabemos que para o señor portavoz do PP é un estafador o Estado. Están xa no trumpismo elevado. Veu aquí dicir que que o Estado nos ofrezca unha quitación é unha estafa. Non, non, unha estafa é o que lle fan vostedes a Galiza. *(Aplausos.)*

Porque, señor Corgos, vostede veu aquí dicir que o BNG conseguiu un mal acordo. ¿Cal é o acordo do Partido Popular? ¿Que lle condonen a todos menos a Galiza? ¿Que conseguiu o Partido Popular?, ¿que conseguiu o seu Goberno?, ¿que conseguiu vostede en Madrid? O que quere o Partido Popular é que lles condonen aos demais e a Galiza non.

E, sobre todo, señor Corgos, é que lle fixen unha pregunta, que ten unha resposta breve: si ou non. Ten tempo ilimitado, non foi capaz de contestala. Cando Andalucía, Murcia e Valencia vaian acollerse á condonación da débeda, ¿Galiza vai seguir sendo refén da estratexia partidista do Partido Popular de Madrid? Díganolo, señor Corgos, ten tempo ilimitado para facelo, e a cidadanía deste país ten dereito a saber a resposta a esta pregunta. Cando se aprobe a condonación da débeda ¿Galiza vai solicitar a quitación? ¿Si ou non? Esa é a pregunta, sexa valente e responda, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.

¡Que cousas, señoría, de verdade! Señora Pontón, un consello: non sei se le vostede os teletipos, preocúpese un pouco menos polas radiais de Madrid e un pouco máis polo anuncio oficial que acaba de facer o seu amado Pedro Sánchez declarando non viable o rescate da AP-9. Supoño que vai tomar medidas contundentes e inmediatas para poñerse unha vez máis do lado... de Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

Señora Iglesias, recoñézolle a autoría da frase do día: señor Corgos, deixe ao lado os números, claro que é mellor para falar de débeda e de finanzas, é que é así, como que dixó que imos cometer o primeiro erro histórico do Partido Popular de Galicia no Goberno. Ben, polo



menos ata o de agora nos recoñeceu que todo foron acertos. Agradézollo sinceramente, de verdade (*Aplausos.*) Iso si, comprenderá que eu non podo compartir o seu plantexamento de «créanme a min e non ás matemáticas», porque isto si que é un pouco inxusto.

Preguntou de onde sacabamos os cálculos da débeda. Divida vostede a cantidade asignada a cada comunidade entre o número de habitantes por poboación axustada; é unha división, non é demasiado complexo. E dicir que non discrimina, ¡home! Eu creo que lle amosaron un gráfico que era bastante claro e, se quere, vólvollo ensinar. (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) É que nós somos esta raíña pequeniña de aquí, non somos estes, e estes son os grandes beneficiados. Eu creo que, se cada catalán ve reducido o seu volume de débeda e cada galego o ve aumentado, ata a isto poden chegar vostedes.

Miren, insisten vostedes no tema de que esta redución aumenta a capacidade de gasto. Teño que dicir que a señora Pontón acaba de reducir o seu anuncio de 4.000 millóns máis a 40 millóns. ¡Oia!, iso si que é recortar, ¡eh!, aquí en dez segundos un recorte certamente importante, o un por cento do que ía conseguir. Pero, mire, non é así, non é así. E, ¡home!, eu entendo que vostede pense que o conselleiro mente; eu non, pero vostede pénsao. Pero ¿mente tamén Airef?, ¿mente tamén Fedea?, ¿menten tamén os técnicos do Ministerio de Hacienda?, ¿mente todo o mundo agás vostedes? Sexan un pouco serios, que isto non ten moito máis percorrido.

Chamoume moito a atención, señora Pontón, que tivera vostede o atrevemento de vir aquí exixir respostas, vostede, que leva como dous meses calando dúas respostas a preguntas moi claras que se lle formularon desde este grupo. Se quere, reitérolle a pregunta, aquela de ¿está vostede en condicións de afirmar que persoas do seu contorno persoal non recibiron axudas e subvencións de entidades e organismos públicos gobernados polo BNG? Porque vostede vén exixir hoxe aquí unha resposta e leva dous meses negándolles esa resposta aos galegos e pedíndolles explicacións aos demais. (*Aplausos.*)

Voulle engadir outra pregunta, señora Pontón, vou engadir eu outra pregunta: ¿que vai facer vostede e o BNG se se confirma que esta quita non supón máis gasto e capacidade de gasto público para as comunidades autónomas? ¿Vai asumir algunha responsabilidade? ¿Ou vai facer o de sempre: pasar a comentar o seguinte tema?

Falaron tamén aquí de débeda e de recortes, porque, ¡home!, cando se trata de bulerías, este non pode faltar nunca. O primeiro, falan da débeda como se vostedes non tiveran nada que ver con ela. Eu recórdolle que, da débeda viva, 3.450 millóns corresponden coa débeda actualizada que deixaron vostedes no seu Goberno, ademais da que se encontraron antes, 3.450 millóns. Esa débeda xerouna o Bipartito, que parece que isto non vai con vostedes.

E di que, ben, somos malos xestores porque triplicamos a débeda. Pois é verdade, pois é verdade. O que pasa é que vostede quere que mutualicemos esa débeda cos que a multiplicaron por catro, por cinco e por seis.

E pregúntase que fixemos coa débeda, en que a empregamos. Pois mire, empregámola en crecer o dobre máis que a media de España; en manter quince anos consecutivos a taxa de



pobreza por debaixo da media nacional; en pasar de 14.000 dependentes a máis de 72.000; en multiplicar por cinco as prazas públicas de atención á dependencia; en reducir quince puntos a taxa de fracaso escolar; en converternos no sistema educativo máis inclusivo de toda a OCDE; en ofrecer un ensino gratuíto dende a escola infantil ata finalizar a universidade; en construír ou ampliar todos os hospitais de Galicia; en pasar de ser a terceira peor sanidade de España, que nos deixaron vostedes —*ránking* da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública—, a converternos na sexta mellor; e tamén en superar unha pandemia e ser, por certo, os primeiros en recuperar o produto interior. ¿Parécenlle uns bos motivos, unhas boas razóns para investir a débeda galega? A min paréceme que son excelentes, (*Aplausos.*) case tan importantes como saber en que non empregamos os galegos a débeda.

¿Saben en que non empregamos os galegos a débeda? En embaixadas *fake*, en comprar urnas para referendos ilegais ou en campañas publicitarias internacionais defendendo que non formas parte dun país, ao que —iso si— anos despois lle pides ao conxunto dos seus cidadáns que veñan rescatar da quebra financeira na que incorreches. E agora, como colofón, vén aquí a gran patriota galega explicarnos aos galegos que é un gran negocio que paguemos a escote a orxía do soberanismo catalán, e que non lle caia a cara de vergoña; é increíble o seu, señoría.

Mire, señor Corgos, este goberno leva quince anos xestionando con rigor e con responsabilidade os intereses dos galegos, un rigor e unha responsabilidade que nos permitiron superar unha crise financeira e unha crise sanitaria cunha solvencia envexada por outras comunidades autónomas. Non podemos permitir que, despois do inmenso esforzo colectivo que fixo o pobo galego para superar esas dificultades, hoxe se pretenda que asumamos as débedas derivadas da irresponsabilidade e da deslealdade doutros.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Galicia non merece ese maltrato. E, namentres o Goberno continúa a traballar para tratar de evitalo, contará co respaldo da inmensa maioría deste Parlamento e, aínda máis importante, co respaldo da inmensa maioría do pobo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da comparecencia, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidente.

Pois imos darlles outra volta aos conceptos, porque penso que non quedaron claros.

Pero o primeiro que me gustaría dicir é que, cando catorce comunidades autónomas, doce máis dúas cidades autónomas, se levantan da mesa e din que así non, eu penso que iso debería facer reflexionar a calquera ministra responsable. E, por tanto, non podemos seguir con esta dinámica e con esta proposta enriba da mesa. Iso penso que é certamente importante.



Dicía a señora Iglesias que este acordo está feito para priorizar as persoas e que por iso se facía en función do habitante axustado. O habitante axustado é un dos catro parámetros que emprega a ministra, por certo, o único obxectivo; os outros son o que ela mesma chamou na rolda de prensa parámetros políticos —que manda truco—, e que desvirtúan totalmente calquera criterio de repartición razoable, pero que si que conseguen o resultado pretendido de xeito moi efectivo.

Pero, se o que se quere é priorizar as persoas e dotalas de xeito igualitario, non sei por que se condonan 1.369 euros por galego axustado e 2.284 euros por andaluz, catalán ou murciano, axustado tamén. Non sei de onde vén esa diferenza, se realmente se mirou as persoas e pola equidade na asunción da débeda. Ese é o resultado, de verdade, eses son os números, de verdade. O que dixo vostede non é certo.

Non é certo que se pase dun 5,5 por cento de poboación a un 6,7 por cento do que se recibe, porque non se recibe; a condonación final non é un 6,7 por cento, é un 4,7 por cento, señora Iglesias; non minta, non minta. *(Aplausos.) (O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública fai o xesto de que lle crece o nariz.) (Risos.) (Murmurios.)* Hai que dicir a verdade, aquí hai que vir dicir a verdade, con números e con fontes. Non se pode inventar, señora Iglesias. Señora Iglesias, non invente, e nós debémonos ás matemáticas, ¿que lle imos facer?

Mire, outra gráfica, *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública mostra un documento.)* que xa vexo que lle gustan tanto. Condonación por habitante. ¿Cal é o efecto da condonación? Evidentemente, para a Xunta podería ser un bo negocio, porque efectivamente se lle quita unha parte da débeda, pero para os galegos non; para vostedes, *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública sinala a tribuna do público.)* que están aí arriba, non é un bo negocio. ¿Por que? Porque por cada habitante, por cada galego, se lle quitan de débeda autonómica 1.477 euros. Pero ¿que pasa? Que nós temos que asumir a débeda que xeran o resto das comunidades autónomas, que é moito maior. E, por tanto, nós asumimos da parte da débeda do Estado 1.696 euros por galego. Polo tanto, quítannos 1.477 e asumimos, a través do Estado, 1.696 euros por galego. *(Aplausos.)*

O resultado é que nós, e sobre todo a vós que sodes novos, *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública sinala a tribuna do público.)* estavos engadindo 2.020 euros, pola cara, de débeda, que non tedes xerado, grazas todo á xestión da señora Pontón. *(Murmurios.) (Aplausos.)* É que non hai por onde coller o acordo. Pero ¿que fixo vostede? Hai que facer números antes de asinar; antes de asinar, hai que facer números.

¡Home!, condonación por habitante: 4,8 por cento do total, temos o 5,5 por cento da poboación, Galicia recibiría 4.606 millóns se se amortizase por poboación. Temos un 6,7 por cento da poboación axustada, Galicia tería que recibir 5.542 millóns se fose por poboación axustada, non 4.000, que vostede negociou. Vostede negociou fatal. ¿Que quere que lle diga?

Mesmo, se fose por PIB, corresponderíanos 4.665 millóns, e non só os 4.000 que vostede negociou. Non sei que negociou. Non negociou. O que pasa é que a ministra a enganou, con este acordo, enganouna, ben, non só a vostede, enganou tamén os independentistas cataláns, e tamén mesmo o señor Besteiro, a vostede, porque no acordo que asinou para investir a



Pedro Sánchez reclamou o mesmo tratamento que para Cataluña nunha suposta condonación da débeda, e, coa proposta da ministra, a débeda por poboación axustada en Galicia é case 1.000 euros menos por habitante que en Cataluña. Ou sexa, a cada galego vannos condonar, segundo o acordo que vostede negociou, 1.000 euros menos que a cada catalán. Moi boa negociación, ¡que boa negociadora, señora Pontón!

Pero non é a única enganada, porque, mire, aos independentistas cataláns tamén os enganaron; presumían de conseguir que o Estado asumira máis que o inicialmente previsto, 17.000 millóns en lugar dos 15.000 que pedira Esquerra, pero, lendo a letra pequena do acordo, decatáronse de que a máis beneficiada é Andalucía, 19.000, exactamente 18.971 millóns de euros, para ir abonando o terreo da candidata do PSOE ás eleccións andaluzas do ano que vén. Moi ben.

Ao señor Besteiro tamén o enganou, porque dixéronlle ao señor Besteiro que os 4.000 millóns, así veu a señora Iglesias aquí facer gala deses 4.000 millóns novos que poderemos investir en políticas de servizos públicos fundamentais, que se poden dedicar a construír hospitais, contratar profesores e mesmo rescatar a AP-9, cando o propio documento indica que esa transferencia de 4.000 millóns debe ir directamente a amortizar débeda aos bancos, nada de hospitais, nada de contratar profesores e nada de rescatar a AP-9.

A quen non vai enganar a ministra —podo aseguravos— é ao Goberno de Galicia, que coa súa postura defende os intereses de todos os galegos e de todas as galegas.

Ao longo da miña intervención intentei explicar polo miúdo, por unha banda, as razóns que temos como Goberno galego para rexeitar a proposta de asunción da débeda por parte do Estado, tal e como está formulada, e, por outra, expoñer o que realmente necesita Galicia para contar con máis recursos de verdade, que non é máis que un novo modelo de financiamento autonómico, que nos permita paliar o déficit que acumula o actual modelo.

É totalmente lóxico que poidamos ter discrepancias ou diferentes puntos de vista sobre o alcance e a conveniencia desta medida, pero o que si que ten que quedar claro son dúas cousas, que xa repetín tres veces en sendas intervencións.

A primeira, que esta proposta non nos daría nin un euro máis de capacidade de gasto, polo que volvo pedir ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista de Galicia que non tenten enganar dicindo que teríamos máis recursos para sanidade, educación e políticas de vivenda; unicamente teríamos máis solvencia ao ter menos débeda, unicamente. E temos solvencia dabondo, señor Bará, somos a cuarta comunidade autónoma máis solvente do Estado.

E a segunda, que, tendo claro que non estamos de acordo con esta asunción de débeda, aínda sen ter en conta isto, a formulación que se fai, cos criterios que se elixen, é a máis lesiva para os intereses de Galicia; acáboo de demostrar.

Como Goberno galego, temos que ser firmes e pór en valor unha situación de solvencia das finanzas públicas autonómicas, que é un logro colectivo dos galegos tras anos equilibrando a nosa axenda de ingresos e gastos públicos e que agora non podemos entregar a cambio de





nada. Estamos nun escenario no que hai un acordo bilateral entre o Estado e Esquerra Republicana de Cataluña, que se quere impoñer ao resto das comunidades autónomas, a maioría das cales xa temos manifestado que estamos en contra do mesmo.

Por iso, o máis razoable sería que o Goberno central reconsiderase esta posición e atendese ao asunto no que si que existe consenso por parte das comunidades, que non é outro que revisar o sistema de financiamento autonómico. Insisto: é o Goberno central o que ten que impulsar a súa revisión, propoñer unha reforma ás comunidades autónomas e entre todas consensuar un sistema equitativo, suficiente e duradeiro. E, se entre todas resolvemos esta cuestión prioritaria para dispor de máis recursos, Galicia non será un atranco para que de seguido as comunidades que, ao contrario que a nosa, si teñen un problema de débeda, poidan racionalizar as súas finanzas.

Señorías, póñanse do lado dos galegos para conseguir o que realmente precisamos: un mellor financiamento, porque estou seguro de que os galegos estarán á altura para que outras comunidades autónomas tamén teñan fórmulas para mellorar a súa solvencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Temos desde logo moitísimas cousas que dicir sobre Altri, mais, como dicía aquel lema da compañía aérea portuguesa, «o tempo voa». Pois ímonos centrar nunha cuestión, que é exactamente os dous modelos de país e de desenvolvemento económico e industrial que están detrás de Altri. E un dos modelos é o do Partido Popular, que é o modelo da subordinación, o modelo dun país pregado aos intereses dos grandes grupos económicos; e o outro é o modelo que defende o BNG, que é o dun país autocentrado, cunha economía e un proxecto industrial propio, para desenvolver todo o enorme potencial, os recursos e a riqueza que temos, para que redunde en beneficio do país.

E Altri é precisamente o exemplo por excelencia de como o Partido Popular pon a riqueza e os recursos do país ao servizo dos grandes grupos (pasteiros, enerxéticos, mineiros), como a dirección do Partido Popular obedece mansamente as consignas que lle ditan desde Madrid e desde os grandes grupos económicos. Vostedes son os comerciais, os criados, e o peor de todo é que utilizan non o partido, senón o Goberno da Xunta ao servizo deses intereses de espolio dos nosos recursos.





O seu proxecto, o seu modelo é vender o país a cachos, entregalo a prezo de saldo a esas multinacionais insaciáveis, que queren facer negocio, agora con ese marchamo que se vende mellor de verde, circular, sustentable. Pero a realidade é que eses proxectos de verde non teñen nada, son o *timo verde*. Así é como hai que chamalos.

Porque miren, fronte a ese modelo, que lle chamaban ao principio «proxecto de xestión sostible dos bosques galegos, co fin de impulsar a biodiversidade», a realidade é que o de Altri non ten nada que ver con isto. É todo o contrario, é seguir apostando polo monocultivo de eucalipto, pola produción de pasta de papel, ou pasta neste caso de celulosa. Cun proxecto que ten unhas dimensións descomunais, de 3,6 millóns de hectáreas, que é o equivalente a seiscentos campos de fútbol; imaxinen as dimensións de seiscentos campos de fútbol plantados no corazón de Galiza, no corazón da Ulloa.

E o que significa o proxecto de Altri é, en primeiro lugar, que é unha industria de enclave; industria de enclave é unha maneira máis elegante de chamarlle á industria de espolio, o espolio colonial de toda a vida. Ademais, as industrias de enclave están desaconselladas, expresamente contrariadas, nas Directrices de ordenación do territorio, que vostedes aprobaron no ano 2011. E dálles igual, aínda que vaia contra as Directrices de ordenación do territorio.

Ten enormes impactos no territorio, no medio, na auga, na captación por setenta e cinco anos da auga do río Ulla, na vertedura ao río Ulla, ao encoro de Portodemouros, á ría de Arousa. E, claro, agora véñennos vostedes, despois de todos estes impactos na auga, coa filtración dun informe de Augas de Galiza, que nos vén dicir —fíxense ata onde chegan vostedes— que a vertedura de Altri vai mellorar a calidade do encoro de Portodemouros, que está contaminado por nitratos. ¿E sabe como van facelo? Pois vertendo miles de toneladas de nitratos, de sulfatos e de sólidos en suspensión.

É que non teñen vergoña, non teñen literalmente vergoña ao dicir que vai mellorar a calidade do encoro de Portodemouros. Por certo, ao mesmo tempo que xa están ameazando as empresas do sector agrogandeiro dos concellos de Santiso e de Melide con limitarlles a vertedura de nitratos nas súas actividades de fertilización dos chans, porque o encoro de Portodemouros está contaminado. É o mundo ao revés. Vostedes queren favorecer que Altri verta nitratos e querenlles prohibir aos gandeiros que vertan nitratos. (*Aplausos.*) ¡É que que país defenden vostedes! ¡Están absolutamente vendidos! É absolutamente indecente o que están facendo.

Pero miren, o máis grave deste proxecto é o seu impacto socioeconómico, porque vostedes póñense do lado de Altri e póñense en contra de sectores produtivos estratéxicos do noso país. Este é o gran dilema deste proxecto: ¿de que lado estamos? ¿De Altri ou do tecido produtivo, que xera moitísimo traballo, moitísima actividade económica, moitísimo dinamismo, moitísima vida e moitísimo futuro en comarcas absolutamente fundamentais para o futuro deste país?

Vostedes están a favor de Altri e en contra do sector agrogandeiro da Ulloa, con ducias de pequenas e medianas empresas que crean postos de traballo. Están a favor de Altri e en con-



tra do sector marítimo-pesqueiro da ría de Arousa, que xa está na picota, que lles dá de comer a máis de catro mil familias e ao que vostedes queren darlle o golpe de graza.

Están a favor de Altri e en contra do sector forestal, de ducias, de centos de empresas implantadas en todo o país, que xeran actividade económica e emprego nunha cadea de valor, como é a do piñeiro, que xera máis de oitocentos millóns de euros, que é máis do que xeraría Altri e Ence xuntas.

Pero ¿que clase de país están defendendo vostedes, atacando empresas e sectores que son fundamentais para o futuro deste país?

E, por se isto non lles parecera suficiente, atacar as nosas empresas, e este modelo de desenvolvemento con todo o potencial que ten aínda por diante, vostedes, aínda por riba, queren regalarlle a Altri fondos públicos por valor de ata 250 millóns de euros. Pero ¿é unha broma isto? ¿Vostedes teñen dignidade, teñen decencia para ir explicarlles isto a esas pequenas e medianas empresas que vostedes están atacando, que aínda por riba lle queren regalar 250 millóns de euros? É que é absolutamente increíble que poidan sequera pensar tal cousa.

E claro, como vostedes están unidos con Altri desde o comezo, desde o acordo secreto de Impulsa con Altri do 1 de outubro do 2021, que lles pedimos que fagan público, que deixen de ocultar esta documentación, desde ese momento vostedes cometeron todo tipo de irregularidades, de chanchullos, de presións, e están absolutamente pringados na alianza con Altri.

Fixérono con Impulsa, e despois desde o Goberno da Xunta con todo tipo de modificacións legais, con todo tipo de apoio económico, político, lexislativo, mediático. E despois aínda se atreven a dicir que quen se opón a Altri está cometendo unha ilegalidade, e vostedes que lle dan as bendicións, que lle dan apoio, que lle queren dar 250 millóns, pois están facendo as cousas perfectamente. É que este é o mundo ao revés, é o mundo ao revés, o mundo ao revés.

Pois miren, fronte á manipulación do Partido Popular, o dilema non é Altri ou atraso, porque Altri é un modelo do pasado, o modelo da industria de enclave, do eucalipto, o modelo franquista, o modelo do espolio, de Altri, de Ence, de Navigator, do eucalipto e de todo pola pasta que defende o Partido Popular.

E, fronte a iso, está o BNG, neste Parlamento, na sociedade galega, nas rúas, en todas partes, para defender un modelo de país centrado no país, que poña en valor toda a nosa riqueza, todos os nosos recursos, no sector da terra, no sector do mar, no sector forestal, cunha cadea de valor potente, desenvolvida e xerando riqueza e emprego. Aí estaremos sempre, e o Partido Popular estará vendido aos intereses alleos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.



**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Saúdos de novo.

Ben, vou empezar facendo unha referencia, porque xa se fixo tamén previamente a esa mensaxe que apareceu, polo que entendín, nas proximidades da vivenda da conselleira de Medio Ambiente, unha pancarta que polo visto dicía: «Ti tamén tes familia.» Esa frase, descontextualizada, pois é unha frase con suxeito, predicado, obxecto directo e tal. Non parece dicir nada, pero, claro, nada especial —refírome—. Pero nos contextos en que se producen as cousas, pois loxicamente interprétanse dunha maneira ou doutra. O vello dito dos nosos avós de que as cousas tómanse segundo de como veñan ou segundo de quen veñan.

Eu particularmente, cando vin a noticia na prensa, creo que xa a vin primeiro nas redes sociais, interpreteino como unha ameaza, así a bote pronto interpreteino como unha ameaza, e recordoume aquilo que pasaba noutras partes do país cando aos políticos lles chegaban mensaxes de tipo «*sabemos en qué colegio estudian tus hijos.*»

Entón, xa digo, esa foi a miña primeira impresión, pero loxicamente podía significar outra cousa. O autor da frase explicou despois que o que quería dicir era: ti tamén tes familia e a túa familia tamén se pode ver afectada pois polas consecuencias negativas que teña a implantación de Altri. Loxicamente é unha cuestión de interpretación, e non sei se a intención foi unha ou foi outra.

En todo caso, o que si quero dicir é que entendemos que non é de recibo, que non é permisible, que a actividade política e os políticos vexan condicionada a súa actividade por ameazas de tipo físico ou coaccionados. Entón, dende aquí, o meu apoio á conselleira se se sentiu ameazada, e, por outro lado, instar a quen puidera facer esa clase de declaracións a explicar as cousas para que non queden dúbidas de cal foi a verdadeira intención.

Dito iso —perdón, que me estendín un pouco, pero entendo que ten a súa importancia—, vou ler directamente aquí o se propón votar, con toda a marxe da contextualización que fixo o portavoz do BNG.

En primeiro lugar, di: «Facer públicos os acordos asinados por Impulsa, sociedade con maioría na Xunta e en Altri». Ben, por facer públicos non sei exactamente o que quere dicir a moción, se se refire a dalo ao coñecemento estrito do Parlamento e dos parlamentarios ou facelo público á sociedade en xeral. Se é isto segundo, pois considero que ao mellor habería que ter algo de coidado, porque sería, chegado o caso, un acordo firmado cunha sociedade privada e ao mellor habería algún tipo de impedimento legal para poder facelo.

O que si entendo é que si sería desexable facer chegar ao Parlamento, aos parlamentarios, ese tipo de acordos, se a Xunta ten a maioría na sociedade, pois podería facelo, e o Parlamento, no seu dereito, instar a Xunta a que o faga.

Entón, ben, nese sentido de que se nos dea aos parlamentarios, que sobreentendo a todos a súa capacidade de discreción, de mesura, de cautela, esa clase de cousas que tamén se lles



soen exixir aos representantes públicos, pois non habería ningún problema en apoialo, pero, xa digo, sempre que se entenda que ese coñecemento sexa en primeira instancia accesible aos parlamentarios, e despois xa se vería se sería posible, desexable ou non facelo chegar ao público. Entón, ben, ese primeiro punto con esa matización.

Algo similar no punto 2: «Facer públicos os informes de Augas de Galicia en relación co abastecemento da vertedura do proxecto de Altri», coas mesmas cautelas que dixen antes, apoiariámolo, pero sempre e cando se sobreentendese facer, pero sempre e cando se sobreentendese coñecer os parlamentarios, polo menos, en primeira instancia, e logo xa se valoraría, a posteriori, a conveniencia ou non de facelos públicos en xeral.

«Abrir unha investigación e depurar as responsabilidades que correspondan pola filtración dun informe de Augas de Galicia sobre Altri». Iso si que o consideramos importante, porque, efectivamente, é unha filtración, ten a aparencia de ser unha filtración interesada. E tendo en conta cal é a conclusión dese informe, ¿como dicían en latín aquilo? ¿A quen favorece esta filtración? Pois ten as súas consecuencias. ¿Como era? *Qui, quae, quod*; non, iso era outra cousa. (*Risos.*) *Qui prodest*?

A cuarta, «Incorporar na Estratexia de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxica a zona de amortecemento situada ao suroeste da zona ZEC, zona de especial conservación, da serra do Careón, que estaba incluída no documento da estratexia sometida a información pública, que foi eliminada». Nós, antes de decidirnos por apoiar ou non este cuarto punto, teríamos que saber se a eliminación que tivo lugar desa estratexia desde o punto de vista técnico ten xustificación entón ou non. Entón, aí non nos pronunciaríamos, polo menos de momento.

E logo di: «Non financiar o complexo industrial contaminante de Altri e desenvolver unha contrapartida de asesoramento, promoción e apoio ás pemes» —das que falou o portavoz do BNG, eses sectores dos que falou—. Ben, cualifica de contaminante a priori o complexo industrial; nós, particularmente, esperaríamos a que os informes pertinentes así o acreditasen. ¡Home!, que é contaminante entendo que é indiscutible, a cuestión é se contamina dentro dos parámetros permitidos pola lexislación ou non. Porque un complexo industrial que non contamine é case unha *contradictio in terminis*. Pero ben, a cuestión é se é tolerable ou non a contaminación que poida ter, e, antes de pensar se se pode financiar ou non, habería que sabelo.

En todo caso, a nós parécenos claro —ou así, digamos, nunha visión grossa do asunto— que Altri pode ser unha empresa moi contaminante —así o dixemos xa noutras ocasións—, sempre supeditado ao que digan os que realmente se supón que saben, que son os técnicos que informan; pois, loxicamente, a nós parécenos ou dános a impresión de que os informes teñen que ser finalmente desfavorables.

E, á parte de todo o que dixo o señor portavoz do BNG e do que se leva falado, eu levo percorrido o río Ulla nos últimos tempos un pouquiño para coñecer o tema, e alí hai un montón de zonas recreativas que teñen un gran valor turístico, moi bonitas, en ambas as marxes, nas diferentes alturas do río. Nós en Ourense temos experiencia do que supón a contaminación dun



embalse por nitratos. No caso concreto do embalse das Conchas, da Limia, coñecemos os problemas que tivo a proliferación de algas cianóticas, con prohibición de bañarse os bañistas, e o impacto negativo que tivo en diferentes recursos turísticos ao longo do cauce. Iso sería unha cuestión a engadir ás que xa se dixeron: afectación das pequenas e medianas empresas.

Tamén entendo que unha cousa non quita a outra. Aquí di: «Non financiar o complexo industrial contaminante e, en contrapartida, promocionar estas pequenas e medianas empresas». Entendemos que, con independencia do tema de Altri, as pequenas e medianas empresas deben ser financiadas e apoiadas con independencia de calquera outra consideración, cousa da que tamén xa se leva falado nalgunhas comisións.

Ben, para decidirmos finalmente entre a abstención e votar a favor ou en contra, pois agardarei as intervencións do resto dos participantes.

Nada máis e grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidenta.

Moi bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, gustaríame agradecer todas as mostras de cariño e condolencias que a cidade de Lugo e os compañeiros de Paula Alvarellós fomos recibindo ao longo de todos estes días.

E hoxe estamos aquí para debater e apoiar esta iniciativa, porque imos apoiar esta iniciativa, porque o PSdeG está onde estivo sempre: na rigorosidade e na responsabilidade. E benvido sexa ese tránsito da pancarta fácil á política útil —e hai pancartas e pancartas—. E este novo camiño que deixa atrás o twit fácil, esa achega —como dicía— á política útil, esa política programada, esa política cun claro modelo, esa política definida, esa política con planificación, é a que non practica o Partido Popular.

Porque a falta dun modelo industrial claro do PP para Galicia e a ausencia dun plan industrial a desenvolver fan que nos atopemos nesta situación. E a industria non sabe a que aterse para implantarse en Galicia, e iso de por si xa é unha mala noticia, porque iso de por si xa xera receo ante as empresas que se queiran implantar, ante a falta dunha política industrial —como dicía—, ante a falta pois dun marco legal definido e claro, onde unha empresa que queira vir a Galicia pois poida saber xa de antemán que se vai atopar e que retos pode ter por diante. E, polo tanto, isto —como dicía— xa de por si pois é unha mala noticia, salvo para aquelas empresas que, por interese do PP, por intereses partidistas, si teñan interese en concorrer e si que deixan pois ao mellor outras vías ou outras canles para facelo.

E dende o PSdeG, nun inicio, nós non nos movemos un ápice —como dicía— dende os nosos posicionamentos; non así outras forzas políticas. E nós sempre falamos dende o PSdeG do



equilibrio: o equilibrio social, o equilibrio económico e o equilibrio medioambiental, que ten que haber unha harmonía entre estes tres piares, porque isto é como as patas dun taburete —que se compón desas tres—, e onde se falla unha o banco cae e, polo tanto, non cumpre os obxectivos. E nós temos claro que necesitamos unha política industrial, necesitamos un modelo industrial pero que ten que ter claras e definidas estas tres patas: social, medioambiental e económica.

E nós estamos aquí ante un proxecto opaco, un proxecto que foi dando bandazos e cambiando dende o seu inicio, dende a súa propia ubicación —que se A Mariña de Lugo, que se Palas—, dende a empregabilidade —de máis de dous mil quiñentos empregos a menos de quiñentos—, dende o propio obxectivo —dende unha fábrica téxtil a unha macrocelulosa—, dende un proxecto privado —que un proxecto privado, evidentemente, se pode presentar, ¿como non?, ¡cantos se presentan!—, pero un proxecto privado non require de fondos públicos; esta denominación de proxecto privado foi incluso dito pola propia conselleira, a señora Lorenzana.

E o proxecto presentado como estratéxico no Parlamento polo PP nada ten que ver coa realidade. Implica que teñen que seguir con esa política escurantista, e que ademais van fasciculando na información, van entregando relatos por tomos; información onde se fai un mal uso da mesma e onde —como ben se dixo xa aquí— se vai filtrando a mesma, co obxectivo de ir favorecendo os seus e de ir intentando gañar un relato que non convence na sociedade nin convence os galegos e as galegas; información que só chega aos medios de comunicación, pero non chega a onde ten que chegar, que é aquí ao Parlamento.

E, polo tanto, o Goberno galego ten que dar moitas contas e explicar moitas cuestións ante este escurantismo, ante esta opacidade que practica, ante como fai un uso pervertido desa información, onde se nos nega aos grupos parlamentarios a información para poder coñecer ben a fondo ese proxecto.

E nós temos moitas cuestións, moitas preguntas enriba da mesa, que xa fomos facendo en distintas ocasións en comisión e aquí no Pleno, e son preguntas que seguen no aire. ¿É razoable que dende hai máis dun ano a empresa saiba que a Xunta vai investir —palabras do propio señor Rueda— e que aquí non se saiba nada e que os galegos e as galegas non saiban nada? ¿Que liña de financiamento vai poñer a Xunta de Galicia para dar esas axudas? ¿De canto é esa axuda? ¿De que estamos a falar? ¿Con que criterios se vai outorgar esa axuda? ¿Impórtanlle á Xunta de Galicia eses cambios de criterio sobre localización, emprego, problemas ambientais? ¿Ou para o PP só hai que preservar os mexillóns do río Miño, de Lugo?, que aí si que poñen trabas para poñer simplemente unha plataforma e que os veciños e veciñas se poidan dar un baño. Ese proxecto era impensable polo impacto ambiental que ía ter, e o de Altri pois parece que non vai ter ningunha consecuencia e ningunha repercusión.

E nos cambios na política forestal, ¿que resposta ten que dar o PP neste eido? ¿É viable economicamente un proxecto que pretende obter axudas públicas de case o 25 por cento do seu investimento, do investimento total do proxecto, que falamos de 250 millóns de euros? ¿É viable economicamente unha empresa se non percibe esas axudas públicas, dado que condiciona —segundo ten manifestado a propia empresa— a viabilidade da mesma?





Polo tanto, claro que si queremos información, claro que queremos ter esa información para poder posicionarnos, debater, estudar e mirar ese proxecto que —como digo— naceu mal, non se xestionou ben e sobre o que hai un interese oculto por parte do Partido Popular e así o ten manifestado. E nós —como dicía ao principio— pois faremos o que fixemos sempre: votaremos a favor desta iniciativa, porque —como digo— estamos onde estivemos sempre: na rigorosidade e na seriedade. E queremos saber que fondos públicos serán asignados pola sociedade coa Xunta; e queremos tamén saber os informes de Augas de Galicia e que sexan públicos, ademais dos distintos informes sectoriais. Queremos tamén que cadaquén asuma as responsabilidades polas correspondentes filtracións de Augas. Queremos tamén incorporar esa zona onde se vai implantar a Estratexia de infraestruturas verdes, tal e como se ten manifestado por parte do Partido Socialista. E queremos un apoio sen condicións aos distintos sectores que realmente están asentados no territorio...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...—finalizo, presidenta— e se xeran riqueza, se xeran emprego e se conservan o noso contorno e a nosa paisaxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Gonzalo Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moi bos días, señorías.

Moitas grazas, presidenta.

«Altri vai ser a tumba do Partido Popular. É prioridade para nós reforzar a presión». Hoxe o señor portavoz do Bloque Nacionalista chamounos comerciais, criados, timadores; onte mesmo nas redes, por pedir que non se acosase e que non instigase e que non se presionase aos nosos responsables políticos —á nosa conselleira, en concreto—, chamáronme nas redes fascista, vendido —que tamén mo chamou hoxe o señor Bará—, levas unha boa mordida, tes firmada unha praza en Altri... Esa é a linguaxe do Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) esa é a linguaxe, señorías. Pero o desta fin de semana: «Ánxeles, veciña, ti tamén tes familia. Non descansaremos», pasou todas as liñas do admisible.

Non vale todo en política, señorías. (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) A intimidación, o acoso ás nosas familias, as coaccións aos empregados públicos, o insulto, a manipulación e a difusión de bulos..., non vale todo, señorías.

E quero expresar a miña máis rotunda condena ao ataque que sufriu esta fin de semana a conselleira de Medio Ambiente e a súa familia no seu propio domicilio, á marxe da interpretación, da lectura que vostedes fagan desta pancarta. Foron ao seu domicilio este domingo



un grupo de persoas, membros que vostede di que agora xa non son do Bloque, pero que si que foron nas listas do Bloque Nacionalista Galego, a intimidar a conselleira, a ela e a súa familia. E foron os señores do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Si, señorías, si, señorías.

E, ademais, faloron aquí os tres do Politburó do Bloque Nacionalista Galego e ningún dos tres que tiveron a palabra ata agora tiveron nin sequera (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a máis mínima palabra de apoio á conselleira.

Pero miren, señorías, os ataques non acabaron, e enterámonos agora mesmo de que unha exconcelleira do Bloque Nacionalista Galego acaba de subir ás redes sociais a ubicación do domicilio da conselleira. Porque non lle chegou o desta fin de semana e teñen que seguir vostedes coa súa campaña de acoso.

E, señorías, en política non vale todo, e menos o uso da ameaza contra a familia e as persoas máis próximas dos que nos dedicamos á política.

Basta xa de coaccións, señores do Bloque, e moita forza e ánimo á conselleira e a todos os funcionarios que están a traballar neste expediente. (*Aplausos.*)

Señorías, son vostedes profesionais da manipulación, son vostedes profesionais do engano e da difusión de bulos. É como dicir que este señor que levaba este cartaz non é do Bloque Nacionalista. (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) Non sei se é do Bloque Nacionalista, pero ía acompañado de catro persoas que ían nas listas do Bloque Nacionalista Galego.

E, ademais, miren, miren, (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) parece que si que sae nas fotos coa señora Pontón. Claro, non son amigos, non se coñecen de nada, pero aí saen xuntos nas fotos. Eu elixo moi ben con quen fago as fotos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, como dicía, señorías, son vostedes os profesionais da manipulación e dos bulos. Inventaron vostedes argumentos pseudocientíficos para asustar e anular calquera tipo de racionalidade na cidadanía. Faloron vostedes de choiva ácida, faloron de boina de contaminación, dixeron que ía ferver a auga, e agora están a falar vostedes de miles de toneladas de nitratos e de sulfatos que se van botar no río.

Fan vostedes montaxes fotográficas, señorías, (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) son vostedes expertos do Photoshop, porque a realidade non se adapta ao seu discurso. Necesitan vostedes poñer fume, necesitan vostedes poñer chemineas; vostedes necesitan alterar a realidade para que o seu discurso anule calquera principio de racionalidade na cidadanía. Xa o fixeron, fixérono cando foi a crise dos *pellets*. ¿Lembran vostedes as fotos dos peixes de Sri Lanka que vostedes distribuíron pensando que facían dano ao Partido Popular e que o que fixeron foi dano a todo o sector da pesca? Pero iso a vostedes dálles absolutamente igual. (*Aplausos.*)

Pero se é que vostedes, señorías, atendían notas de prensa falsas dicindo que a Comisión Europea se reúne con veciños, con ecoloxistas e con científicos, (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) e resulta que son vostedes, os seus portavoces e os seus alcaldes: o alcalde



de Arzúa, o alcalde de Santiso, o portavoz de Narón, o concelleiro de Melide, o concelleiro de Monterroso —dous de Monterroso—, dous exaltos cargos do Bipartito e a súa eurodeputada. Pero se é que incluso ata os periodistas dos pseudomedios de esquerdas se puxeron aí para facer vulto. Señorías, eses son os científicos, os ecoloxistas e os veciños que vostedes inclúen na nota de prensa. (*Aplausos.*) Vostedes son os profesionais da manipulación.

Pero é que se incluso, señorías, manipulan ata o que está no rexistro, como fan vostedes coas respostas do Concello. O outro día trouxeron unha iniciativa á Comisión onde o señor Bará entrecomillaba a resposta do Goberno. Si, pero fíxense: esqueceuse nese entrecomillado de poñer todo isto, (*O señor Trenor López mostra un documento.*) todo isto que está subliñado, todo isto o eliminaron vostedes; porque vostedes necesitan modificar e alterar a realidade para que se adapte ao seu discurso.

Todo en vostedes, señorías, é manipulación e coacción. Porque o que están facendo vostedes aos empregados públicos non é propio dunha democracia. Cuestionaron vostedes a súa independencia e a súa capacitación. Están presionándoos, por terra, por mar, por aire, a través do seu sindicato machista, enviándolles correos de forma masiva, publicando os seus nomes, facéndolles manifestacións, buscando con todo isto dobregar a súa independencia e o seu criterio técnico.

Exercer, señorías, continuas presións sobre os funcionarios no seu labor é unha actitude perigosa para a democracia, así como tamén faltar de xeito reiterado á verdade e, polo tanto, difundir falsidades intencionadamente.

Polo tanto, señorías, a autorización de Altri, como non pode ser doutra forma, é un asunto estritamente técnico, que dependerá unicamente do persoal da Administración. Son os funcionarios os únicos que están lexitimados para determinar a viabilidade ambiental de calquera proxecto, e temos que respectar o seu criterio técnico.

Temos que ser responsables, señorías, e transmitir á sociedade galega que existe o pleno convencemento de que os diferentes órganos e administracións informan sempre exclusivamente baixo as premisas técnicas e non baseándose en meras opinións ou valoracións persoais, e menos atendendo a calquera tipo de presión dos partidos políticos.

E, señora Méndez, ese, señora Méndez, é o marco, ese é o marco onde nos movemos, o marco medioambiental e o marco industrial. Esa é a nosa obriga: cumprir a legalidade.

Di vostede que non temos definido o marco. Señora Méndez, pero se vostede foi responsable dunha administración, sabe perfectamente cal é o marco administrativo, o marco ambiental, o marco industrial, que nos ata a todos, que ata os funcionarios. E sabe tamén perfectamente cal é o seu papel. ¿Que vén aquí dicir vostede sobre que non hai un marco definido? Eu non sei que máis podo dicir da súa intervención, pero pensei que vostede estaba coa Administración, pensei que vostede estaba cos funcionarios e co seu criterio técnico, e pensei que vostede rexeitaba e repudiaba calquera tipo de intimidación e de acoso aos mesmos. Pero vexo que a súa intervención hoxe foi a de mudar o criterio do Partido Socialista e agora non deixa de ser vostede un apéndice do Bloque Nacionalista Galego e socio nas súas coaccións e nas súas intimidacións.



Señorías, deixemos os funcionarios traballar, deixemos que o criterio técnico e científico prevaleza. Garden as súas opinións e as súas valoracións, porque, cando está a lei, non valen de nada as súas arbitrariedades.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Trenor.

Turno de peche para o autor da moción.

Ten novamente a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Trenor, saíu vostede aquí todo alporizado, todo bravucón (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e con todo ese argumentario, con ese manual de libro do Partido Popular da manipulación e da mentira, todo para evitar debater sobre o fondo da cuestión, que é se se apoia ou non a Altri con 250 millóns de euros ou se se apoia ou non os sectores produtivos galegos, e ademais transparencia e información, que é o que lle pedimos aquí.

Pedímoslle que fagan pública a documentación. ¿Que problema ten iso? Ou que reparen e repoñan o cambio que lle deron á infraestrutura verde, que foi unha proposta do Ibader, un organismo académico-científico de máximo prestixio en Galiza, que incluíu esa protección desa zona de amortecemento. Vostedes quitárona, curiosamente a zona onde vai Altri. Simplemente pedimos iso. E vostede vénnos aquí con todo o repertorio sobre as presións.

Miren, aquí quen presiona e quen chantaxea cunha presión insoportable os técnicos da Administración é o Partido Popular, é a Xunta do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E quen presiona, quen ameaza, quen agride a xente que se mobiliza é a Xunta e o Partido Popular, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é a Xunta e o Partido Popular, si. Porque a xente séntese ameazada por vostedes, polo proxecto de Altri. A xente sente estrés, sente anguria, sente unha cousa que non avalía a declaración de impacto ambiental, que é o impacto emocional que ten nas súas vidas; porque só queren vivir en paz, en tranquilidade cos seus traballos, como fixeron sempre. E séntense ameazados por vostedes. Deixen de ameazar a xente, que, ademais, se mobiliza pacificamente, (*Aplausos.*) de maneira exemplar, respectando as normas, defende os seus intereses. Aí hai moita xente tamén do Partido Popular, por certo. Respeten tamén a súa xente, as súas empresas, que se senten agredidas e ameazadas por Altri.

E con respecto ao acto desta fin de semana, esa ameaza que vostedes denuncian á conselleira, eu non sei se vostedes non queren entender, pero o BNG onte fixo público un comunicado, unhas declaracións da miña compañeira Olalla Rodil condenando ese acto, expresando o seu apoio á conselleira. Vostedes non o creron. Pero, claro, caeulle a máscara, caeulle a máscara (*Aplausos.*) cando o autor desa pancarta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) saíu publicamente dicindo que nin el era do BNG nin tiña intención de chantaxear nin de presionar. (*Murmurios.*) E, terceiro, que nas mobilizacións...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Silencio, por favor.



**O señor BARÁ TORRES:** ...hai xente de todas as cores.

Pero, claro, ¿cal é o problema de fondo? (*Murmurios.*) ¿Cal é o problema de fondo? Que a vostedes, a vostedes...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...válelles todo e aproveitan todo o que poden, ¿sabe para que? Para atacar o BNG, (*Murmurios.*) para atacar o BNG. ¿E saben por que? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vanme deixan falar? ¿Saben por que vostedes atacan o BNG?

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Vóullelo dicir. Porque o BNG está forte, é o BNG máis forte da súa historia. (*Aplausos.*) Porque o BNG estalle disputando a hexemonía ao Partido Popular, porque o BNG ten un liderado claro, potente, recoñecido en todo o país e fóra do país, como o de Ana Pontón. Por iso vostedes atacan o BNG, cousa que lles agradecemos, porque demostra que a alternativa ao Partido Popular, que lle está comendo terreo ao Partido Popular, é o BNG. (*Aplausos.*)

Así que seguiremos adiante con este traballo en defensa do país, en defensa da xente, contra o Partido Popular e contra Altri.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Avanzamos na orde do día, no apartado de mocións.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. Silencio, por favor.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor!

Estamos case, case aí, ¿eh?! (*Murmurios.*)

Imos adiante coa seguinte moción.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta moción non se presentou ningunha emenda, e para a súa defensa ten a palabra don Óscar Insua.



**O señor INSUA LEMA:** Bos días, señorías.

Grazas, presidenta.

Ben, hoxe imos tratar unha moción que deriva da interpelación da semana pasada, é dicir, tratando o que é o informe sobre as medidas adoptadas para abordar o que é o reto demográfico nos concellos de menor poboación.

Non sei se lles deu tempo a ler o informe desta volta, porque, na sesión pasada, se algo quedou claro é que o señor conselleiro, o señor Diego Calvo, demostrou que non leu nin a portada, nin a portada.

O informe desde logo conclúe que o maior problema, e o problema fundamental que temos para o reto demográfico, é o infrafinanciamento dos concellos galegos.

E no informe, se é que o leron, aparecen oito conclusións e oito recomendacións. Poderíamos dicir tranquilamente que esta moción a presenta o propio Consello de Contas. Porque extraemos literalmente, é dicir, tres das recomendacións que eles afirman.

A primeira fala precisamente de que hai que modificar a Lei de impulso demográfico de Galiza e a normativa oportuna, para establecer unha definición homoxénea do que é un territorio, que ten a condición do reto demográfico, planificando as medidas fiscais precisas en función das peculiaridades que concorren nos ditos territorios e elaborando, desde logo, un listado de concellos. Non ten sentido que vostedes digan que son pioneiros en facer unha lei —que é certo que foron os primeiros no ano 2021—, pero logo que non definan que é o reto demográfico, que concello se atopa en reto demográfico. E non o dicimos nós, dío o Consello de Contas; hai que definilo. Isto está na recomendación número 1.

Na recomendación número 2 fálase de que hai que modificar no orzamento —é dicir, no orzamento que temos aprobado— o importe do Fondo base de Cooperación Local, de maneira que se incrementa a contía de repartición entre concellos, modulando o que é o fondo adicional, para incluír extremos de relevancia en relación co reto demográfico ou alternativamente configurando un fondo de cohesión territorial destinado ao financiamento do incremento da capacidade institucional, co obxecto de incrementar a sustentabilidade económica, pero tamén social e ambiental. Está na recomendación número 2 do Consello de Contas.

E, por último, o terceiro acordo que se propón nesta moción fai referencia á modificación dos réximes de convocatoria e transferencia de fondos dos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual e, en particular, de financiamento que na actualidade se está a conceder en concorrencia non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que con cargo ao Fondo de Cooperación Local ou de xeito autónomo se podían realizar nos orzamentos da Xunta para este ano.

Estas son tres recomendacións das oito que establece o Consello de Contas e nas que nós, desde logo, coincidimos na análise e nas recomendacións. Non sei se vostedes coinciden ou non, porque non sei se vostedes desta volta... Hai un momento dicían que había que respectar





os informes dos funcionarios. ¿E vostedes respectan os informes dos conselleiros e dos funcionarios que están no Consello de Contas facendo este labor? ¿Ou teñen unha posición para unha cousa e unha posición para outra? Non sei, verémolo, porque descoñezo se o Partido Popular vai apoiar esta moción que hoxe traemos aquí. Non sei se lles parece a vostedes que os conselleiros de Contas son [...] ou nacionalistas, ou están ás ordes dalgún outro partido. Non sei se vostedes coñecen os conselleiros que propuxeron.

Desde logo, xa digo, estas son tres, non entramos en todas. Se entramos, por exemplo, na recomendación número 8, do que se fala é de que se debe mellorar a prestación do servizo e a obtención de financiamento dos concellos en reto, porque se comproba e conclúen que a análise de isócronas realizadas para unha das medidas implantadas permite concluír que a prestación de servizos básicos —autobuses, hospitais, centros educativos...— ten valores peores nos concellos en situación de reto. E así vemos cousas como a que vimos esta fin de semana, onde concellos como Ribeira de Piquín teñen que asumir unha gasoleneira porque non se dá ese servizo, ou outros como o Concello de Pol, que acaban de comprar un supermercado, porque se xubilou a persoa que o tiña e, entón, teñen que recorrer moitos quilómetros para poder ter un servizo tan básico —non público, pero tan básico— como, por exemplo, é ter un supermercado.

Isto, desde logo, exemplifica —e tírase de enxeño— para asumir que determinados servizos xa non valen para a iniciativa privada. Desde logo, a este paso, os concellos acabarán controlando a economía circular e —¡quen o diría!— o PP promocionando o intervencionismo no libre mercado. E os concellos..., non sei, comunistas —como diría Fraga, o seu prócer—...; é dicir, non hai mal que por ben non veña. Bromas á parte, desde logo, esta situación é tan triste que temos ao Partido Popular de brazos cruzados porque levan quince anos gobernando en Galiza e a situación vai a peor, ¡a peor!

Comentaba o señor Diego Calvo na interpelación da pasada sesión que están a traballar sen parar e que foron pioneiros na elaboración da Lei de impulso demográfico de Galiza, e eu dixen hai quince días que era papel mollado, e hai exemplos a dúcias, porque o papel, desde logo, aguanta todo. El dicía que se fixo esa lei cuns obxectivos claros, de blindar medidas, precisamente, en materia de demografía ou de apoiar a aqueles que deciden vivir e traballar no medio rural, e que a nós que nos daba igual, que nós non lle dabamos ningún tipo de recoñecemento, pero que a realidade era teimuda. Incluso dixo que con esa lei se gañaran —téño apuntado tal cal— 120.000 persoas nos últimos anos. Iso foi o que dixo o señor Diego Calvo. Eu xa non sei se vostedes son expertos incluso nas mentiras. Eu creo que é a base de facer política que teñen vostedes, mentindo e controlando a TVG, porque eu acudín aos datos do Instituto Galego de Estatística e o que vexo é que no ano 2001 había 2.695.000 habitantes e no ano 2024 —que son os datos elaborados en decembro do ano pasado— 2.705.000; é dicir, subiu soamente 10.000 habitantes nos últimos vinte e cinco anos. ¿Onde están eses 120.000 habitantes que dixo o señor Diego Calvo?

Eu podo poñerlles un exemplo, precisamente, da súa xestión coa Lei de impulso demográfico en Galiza, na miña comarca, no concello de Carnota, que leva un ano sen pediatra, e agora, xusto onte, acaban de retirar a enfermeira pediátrica. Non sei... Lean vostedes o artigo 48 da Lei de impulso demográfico, que regula medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación. Todo queda en papel mollado coas súas accións. A actua-



ción, neste caso, da Consellería é totalmente contraria á que vostedes establecen nese artigo 48 da Lei de impulso demográfico. E, por certo, a poboación de Carnota descendendo.

Aquí o que teñen, desde logo, son unhas propostas do Consello de Contas e que hoxe trae o BNG para que sexan aprobadas e executadas, porque nós consideramos que si que é posible. E, claro, ¿onde está a alternativa do Partido Popular? ¿Que fixo o Partido Popular a respecto do tema do financiamento local? É dicir, ¿alguén sabe cales son as propostas nesta materia? Eu estiven revisando a documentación do PP e podemos dicir que non teñen ningún modelo de financiamento das entidades locais; non aparece ese modelo por ningún tipo de documentación. E estiven mirando nos programas electorais que teñen vostedes, incluso as resolucións —que non me vai dar tempo de comentalas— da Federación Española de Municipios e Provincias, e, por certo, na súa XIII asemblea aproban cuestións que recollen precisamente estas propostas que traemos hoxe aquí na moción. Por iso eu espero que vostedes aproben isto.

Teño aquí unha nota de prensa do ano 2010 precisamente, e di: «O PP levará aos nosos alcaldes ás Cortes en sinal de protesta pola situación financeira. O comité de alcaldes do PP reuniuse esta mañá, porque consideran a situación dramática, debido á situación dos concellos e debido á política errática, neste caso, de Zapatero».

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que rematar, señor Insua.

**O señor INSUA LEMA:** «Ao seu xuízo esta falta de fondos pola que atravesan as arcas municipais pon en risco os servizos públicos dos concellos que prestan aos cidadáns. O obxectivo dos populares é presionar o Executivo na necesidade de ofrecer unha solución aos municipios». Isto dicíao o señor Mariano Raxoi no ano 2010. Pasaron quince anos, e a situación parece que non reverte.

Podería traerlle, pero non me vai dar tempo, e comentarlle algunha cuestión, precisamente, da Federación Española de Municipios e Provincias, pero, xa digo, eu espero que vostedes aproben esta moción. É clara...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Rematou o seu tempo.

**O señor INSUA LEMA:** ...—si remato—, son as recomendacións que están no Consello de Contas e... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto.

Ten a palabra o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.

Todo o que supoña mellorar o financiamento dos concellos, en principio, pola nosa parte, sempre contará co noso apoio. Todos os grupos aquí representados compartimos absoluta-



mente a necesidade de plantexar un novo modelo de financiamento dos concellos, porque alcaldes de todo signo —e xa non é de agora, senón que a cousa vén xa de bastante atrás— sempre se manifestaron nese sentido. O infrafinanciamento dos concellos é unha cuestión xa crónica, que vén de sempre, agudizada nos últimos tempos, como saben, por cuestións como a covid. Cuestións como a asunción progresiva de competencias, diso que se chama habitualmente «competencias impropias» etcétera, fan cada vez máis necesario un replantexamento do financiamento dos concellos, de maneira que teñan un financiamento suficiente, como mínimo; necesario xa, dende logo; e, a ser posible, xeneroso.

Non sei onde lin ou vin hai tempo que os países nos que os concellos —ou o seu equivalente— estaban fortemente financiados e fortemente dotados de competencias eran os países máis estables; ou sexa, aos que menos lles afectaban as veleidades da macroeconomía e dos gobernos nacionais, que moitas veces levaban á inestabilidade por un cambio brusco de tendencias macropolíticas e macroeconómicas. Digamos que había unha especie de resistencia aos cambios bruscos e ás consecuencias que acostuman ter. Tamén está pasando, por exemplo, en Estados Unidos estes días, que os analistas din que aínda que o novo presidente pareza ter ganas de cambialo todo, a estrutura federal de Estados Unidos, cunha grande autonomía e cun gran poder económico dos Estados a nivel particular, fai que as veleidades ou as decisións, digamos, arbitrarias dos presidentes teñan menos efectos. Iso podería pasar se os concellos estivesen ben financiados, que, como digo, nos países nos que así é, evolucionan de xeito máis razoable e son menos sensibles ás discrecionalidades e ás malas decisións das altas cúpulas.

Pero xa con independencia desa reflexión e aínda que non cambiase tanto a nosa estrutura municipal, que tamén hai outros aspectos que se abordan habitualmente, como o cambio de planta etcétera, asumindo que a necesidade, en termos xerais, eu atreveríame a dicir incluso que é urxente nos próximos anos, estas cuestións concretas que se plantexan na moción, que son tres, parécennos axeitadas; serían un paso máis nesa dirección que desexamos.

A primeira é que sería moi positiva a modificación dunha definición de situación de reto demográfico na provincia de Ourense, porque raro é o concello da provincia de Ourense que non se atopa nesta situación de reto demográfico.

O segundo sería aumentar o orzamento do Fondo de base de Cooperación Local ou, no seu defecto, do Fondo de Cohesión Territorial, nos termos expresados pola moción, que tamén nos parece axeitado. Non digo que sexa a panacea, pero polo menos estes puntos serían interesantes.

E logo, loxicamente, neses réximes de convocatoria, que moitas veces se fan por concorrencia competitiva e que moitas veces os concellos nin sequera teñen a capacidade burocrática e administrativa para tramitar esta clase de concorrencias, pois que se fixesen esas aportacións por defecto a todos os concellos con cargo ao FCL ou, de xeito autónomo, con cargo aos orzamentos, pero que non teñan que entrar eses réximes de convocatoria nese réxime de concorrencia competitiva, porque ás veces incluso se ven afectados por cuestións como a fenda dixital etcétera.

Entón, resumindo, e como dese tema seguramente falaremos, e «seguiremos falando» —como dicía aquel personaxe naquela película—, quero comunicar que apoiaremos esta moción.



Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Marnotes. (*Murmurios.*)

Perdón, outra vez. Como o Grupo Socialista nunca identifica as persoas que van intervir, sempre salto a lista; xa é a segunda vez que me pasa. ¡Perdón!, ¡perdón!

Ten a palabra novamente a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, presidenta.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Non identificamos porque non o recolle así o Regulamento, non é obrigatorio, pero iso non quita que non teñamos o dereito de falar neste Parlamento. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Perdoe un momentíño.

Ninguén lles pretende retirar ningún dos dereitos, simplemente que dificulta a orde do debate, porque non sabemos a quen temos que dirixirnos, pero que non se interprete que quería retirarlle a palabra.

Moitas grazas.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** O Grupo Parlamentario Socialista, independentemente de que compañeiro ou compañeira faga uso da palabra. (*Aplausos.*)

Por contextualizar un pouco e indo ao tema de fondo, quero dicir que o reto demográfico é unha situación que estamos a vivir pódese dicir que en case a totalidade dos 313 concellos de Galicia e que se dá basicamente por dúas cuestións, que xa teño comentado aquí, nas sesións plenarias, e, incluso, neste caso máis concreto, na Comisión onde xa debatemos esta cuestión. Débese, por un lado, ao envellecemento da poboación e, por outro lado, á baixa natalidade. Un envellecemento da poboación que, ademais, se ve incrementado porque hai maior esperanza de vida; cousa de por si moi boa, porque, ademais, non só queremos vivir máis, senón que queremos vivir mellor. De aí tamén depende que se invista en mellorar a sanidade, as políticas sociais, as infraestruturas, a educación, a educación para maiores, nese envellecemento activo, para que non pase o que pasou hoxe, que nos levantamos con esa nova de que un veciño da Mariña leva esperando cinco anos e cinco meses para unha consulta de uroloxía, cando debería ter consultas anuais, ¡cinco anos e cinco meses! Esta é a realidade do Partido Popular. E tamén que se invista máis en políticas sociais, no SAF, nos centros de día, nas residencias...; aprecio, para que non sexa un luxo poder desfrutar dunha



residencia ou para que as familias non teñan que facer esforzos titánicos para poder ter algún familiar na residencia.

E, por outra banda, está esa baixa natalidade, á que tamén habería que sumarlle aqueles mozos e mozas que seguen marchando, que seguen marchando de Galicia porque non encontran oportunidades ou porque simplemente non as encontran apareladas ao seu nivel formativo, onde as familias levan investido tamén moitos recursos e moitos esforzos; eses rapaces e rapazas que teñen todo o dereito a buscar tamén un proxecto profesional acorde coa súa formación.

Esa baixa natalidade pódese combater con incentivos financeiros e con conciliación, que tanto predicamos e pouco practicamos. Aí podemos falar de horarios flexibles, de teletraballo, de permisos de paternidade, de maternidade, de comedores escolares —que todas esas iniciativas axudan á conciliación—, así como do fomento da inmigración, en vez de deostala, en moitos casos branqueando a ultradereita alí onde gobernan con eles ou onde lles deixaron entrar nas institucións, que tanto dano fan á nosa sociedade, e á parte sendo un pobo inmigrante como é o pobo galego.

Tamén promover a participación da muller e loitar con esa fenda salarial, porque a muller —moi preto deste 8M— traballa tres meses gratis para paliar esa fenda laboral. ¿Imaxinan unha familia que teña que prescindir de tres meses de salario durante un ano? ¿Imaxinan o que se teñen que apertar os bolsillos meses anteriores para poder chegar a finalizar o ano sen desequilibrar as contas da unidade familiar?

Polo tanto, o Consello de Contas —que non é susceptible de ser de parte; ese Consello de Contas que exerce tamén as funcións con plena independencia e someténdose ao ordenamento xurídico— di que hai que aumentar a contía dos concellos; algo que vimos pedindo reiterativamente e no que vimos insistindo, efectivamente, dende o PSdeG en distintas iniciativas que xa temos traído a esta sesión plenaria.

Tamén despois di que hai que controlar esa parte moi importante que vai a través de sinaturas de convenios, deses convenios ad hoc, e podemos velo en moitos exemplos: no Concello de Ribadeo hai unha infraestrutura que levaban demandando dende hai moitos anos; non se fixo nada; e agora, co novo alcalde do PP, xa están os cartos enriba da mesa. Ou no Concello de Barreiros, onde se planificara unha infraestrutura para realizar, e, como houbo un cambio na alcaldía, pois entón xa non é tan importante acometer esa infraestrutura. Ou o caso máis recente que estamos a vivir estes días: como arrebataron a alcaldía de Viveiro grazas a esas promesas de que agora si á VAC, agora si ao Plan xeral ou agora si a asumir parte do conservatorio. Esta é a forma de traballar do Partido Popular.

E, mentres, ¿que fai? Pois non quere a quitación; non quere esa quitación que podería destinar a financiamento local de moitos concellos, porque cada ano se pagan 1.700 millóns en débeda —¡1.700 millóns en débeda!—; se eses cartos llelos dedicasen aos concellos, moitas cousas cambiarían e moito beneficio terían os concellos beneficiarios. *(Aplausos.)*

E, mire, señor Pazos, eu non sei que chamadas telefónicas recibe vostede, pero a maioría dos galegos e das galegas, cando os chaman dun banco —que os chama Juan, Pedro, Teresa



ou María— e lles din —un deles—: «Mira, podemos reducir a súa débeda nun 33 por cento». ¿Sabe que lles responderían? «Espera que vou para aí e falamos». (*Aplausos.*) Iso é que lles corresponderían, e iso é o que non fixo o PP en Madrid, porque foi alí montar o show; non para falar ou intentar mellorar esas condicións, foi montar o show orquestrado e dirixido desde Madrid e desde Xénova. Iso é o que lles dirías. Eu non sei que chamadas reciben vostedes, ao mellor anónimas ou ao mellor de bancos que incluso non se encontran nin no Estado español. Pero a realidade é esa.

O PP saca peito dicindo que incrementa o fondo base en 5,4 millóns de euros para os concellos de menos de quince mil habitantes, o cal significa que son 5,4 millóns de euros para 279 concellos de Galicia, aos cales lles correspondería unha media de escasos 20.000 euros por concello. Iso non chega nin para pagar 1.000 horas de SAF. Están afogados todos os concellos galegos porque teñen que investir unha parte tremenda do seu orzamento para poder seguir prestando servizos bos aos seus veciños e ás súas veciñas. É a realidade.

Segundo dixo o portavoz do PP na comisión —onde tamén xa tiñamos debatido isto—, os concellos de menos de quince mil habitantes son considerados concellos de emerxencia demográfica, sen ter en conta as diferenzas entre eses concellos, porque, mire, non lle é o mesmo un concello como Noia, de 14.240 habitantes, que un como o de Negueira de Muñiz, de 240 habitantes. Pero todos teñen que prestar servizos e todos teñen un custo mínimo, independentemente de que teñan 200 ou 14.000 veciños e veciñas. E o PP aquí pide criterios de poboación axustada, criterios de dispersión, criterios de envellecemento, pero é que despois non aplica, á hora de telos en conta, o financiamento local e de dar o mesmo que piden; isto que agora tanto utilizan de: «Non queremos ser máis, pero tampouco queremos ser menos». En Galicia están facendo concellos e veciños e veciñas de primeira e de segunda, e iso é o que dende o PSdeG denunciaremos.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Non lle imos permitir que faga unha Galicia de dúas, tres ou catro velocidades, nin que faga concellos de primeira e de segunda, en función de quen sexa o seu alcalde ou alcaldesa.

Polo tanto, queremos uns criterios xustos, queremos unha repartición equitativa e apoiaremos, como xa fixemos nesta comisión, a proposta do BNG, que vai na liña que nós defendemos e que xa temos —como digo— debatido en distintas ocasións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Agora si.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Marnotes.

**O señor MARNOTES FERNÁNDEZ:** Moitas grazas, presidenta.





(O señor Marnotes Fernández diríxese á presidenta.) Simplemente é cuestión de estar atentos, porque todos sabíamos que non había emenda. ¡Menos mal que eu parei en seco! Pero vos-  
tede non se preocupe, que non fixo nada máis... (Risos.)

Señora portavoz do PSOE, antes de nada, que eu saiba, a única intención que houbo de compra en Viveiro foron 1 millón de euros do presidente da Deputación de Lugo e 600.000 euros do delegado do Goberno. Espero que, se eran para os veciños, sigan tendo esa promesa. ¡E é curioso que lles pareza mal o de Viveiro!, porque, en cambio, no Carballiño, onde o PP mantén a un alcalde do PSOE, vostedes van e expúlsano. ¿Por que? De verdade, hai cousas que, non sei... Supoño que no Congreso arreglarían un pouco a cabeza nese sentido. (Aplausos.)

Señorías, a moción que nos trae aquí unha vez máis o Bloque cae na súa visión reduccionista do problema, ¡como se non se estivese facendo un esforzo sen precedentes dende a Xunta para apoiar economicamente os municipios galegos!

Mire, señor Insua, señora Pontón, señorías do BNG, falar de melloras de reto demográfico negándose si ou si á implantación de novas industrias xeradoras de emprego, como pode ser, chegado o caso, Altri, é dicir claramente que a vostedes non lles importa absolutamente nada falar de reto demográfico. (Aplausos.)

Quero aproveitar este momento tamén para expresar a miña máis rotunda condena ao ataque sufrido esta fin de semana á conselleira de Medio Ambiente e á súa familia no seu propio domicilio. A ela, Ángeles, apertas dende aquí, de toda a súa familia popular, que representa a maioría das familias de Galicia. (Aplausos.)

Muden o discurso, señorías do BNG, polo menos dicindo: ogallá o de Altri cumpra todos os parámetros técnicos e medioambientais para que se poida implantar en Galicia. Fágano canto antes —se pode ser, hoxe mesmo—, pois estarían a dicir aos galegos e ás galegas que vos-  
tedes, de ser posible, estarían interesados en que se puidesen cubrir eses miles de postos de traballo. Do contrario, o que están facendo é impoñer un bloqueo ideolóxico que impide o progreso e pon en perigo o emprego e, polo tanto, o incremento de poboación, que é do que estamos falando.

E isto non pasa só co sector industrial. O BNG pon atrancos ao desenvolvemento do sector eólico, un dos motores económicos do rural galego, xerador de riqueza, de emprego e de ingresos para os propios concellos que din que queren axudar. Falan de reto demográfico mentres boicotean o desenvolvemento industrial e enerxético da nosa terra. Falen de reto demográfico apoiando as empresas xeradoras de emprego. É máis —e invítoos—, non só opinen sobre o que outros conseguen, traballen vostedes na busca de posibles empresas; traballen un pouco nese senso. É máis, traballen, que é algo que os galegos e as galegas están esperando de vostedes. (Aplausos.) (Murmurios.)

Señorías, Galicia está inmersa nunha estratexia integral na que é certo que o financiamento dos concellos é importante, pero sobre todo se se pretende facilitar investimentos produtivos que xeren emprego e que ofrezan oportunidades para as familias. Vou poñer un exemplo. Galicia ten unha situación xeográfica similar a Cataluña, e vouno explicar. Por un lado, linda



co mar; por outro lado, co resto de España; e, por outro lado, cun país da Comunidade Europea. E Galicia teno claro: Galicia non será nunca un problema de lindes xeográficos e menos de control de idioma, nin no Padornelo, nin na raia con Portugal, nin en ningún porto nin aeroporto, para deixar entrar ou non a xente a establecerse en Galicia, a traballar. ¿Pensa o mesmo o BNG? Non hai pronunciamento. (*Murmurios.*) Non. Isto foi á Mesa do Congreso e está pendente de votación. ¿Pensa o mesmo o PSdeG? Non sei, pero, dende logo, estas fronteiras, para o tema demográfico, son moi, moi prexudiciais.

Señorías, Galicia conseguiu frear a previsión de perda de poboación e conseguiu gañar poboación ata superar os 2,71 millóns de habitantes, aumentando só no derradeiro ano en 9.500 persoas. Señor Insua, o conselleiro non lle dixo que Galicia gañara 120.000 habitantes. Non, non; é máis, nin llo dixo o conselleiro, nin llo dixen eu na Comisión. O que se lle dixo é que hai unha década o IGE estimaba que hoxe vivirían en Galicia 2.597.861 persoas, mais a realidade é que melloramos en case 120.000 persoas as proxeccións de poboación de hai unha década. Iso é o que lle dixo, e entendo que, nese sentido, algo estamos a facer ben.

A Xunta é consciente de que para seguir mellorando as cifras demográficas é fundamental ofrecer facilidades ás familias, e seguirá intensificando as medidas para atraer poboación e apoiar as familias, entre elas a gratuidade nas escolas infantís e a universidade, a Tarxeta Benvida, a posta en marcha de máis de cen casas niño e de máis de cento corenta casas do maior gratuítas, o bono Concilia Familia e beneficios ás familias numerosas e monoparentais.

En xaneiro do 2021, Galicia foi a primeira comunidade en aprobar unha Lei de impulso demográfico en toda España, co voto en contra do BNG; unha normativa que nos axuda a blindar as medidas en materia de demografía, dándolles seguridade ás familias, e que puxo á disposición delas medidas palpables que se abordan nesta cuestión do único xeito posible, dende a transversalidade.

Non é necesario modificar ningunha lei para establecer unha definición de reto demográfico, mais non renunciamos a establecer unha definición máis explícita, e parece máis prudente facelo de forma coordinada cos traballos que se están a facer no conxunto do Estado, nos que Galicia participou e seguirá participando tan pronto o Goberno de Sánchez volva chamar para tal tarefa, paralizada por el durante os anos 2023 e 2024.

Mentres tanto, a Xunta está a priorizar os concellos en reto demográfico cun criterio de poboación, pois para a Xunta de Galicia todos os concellos de menos de quince mil habitantes xa son considerados como concellos en situación de prioritarios. Todos sen exclusión son tidos en conta, e de aí que na repartición de fondos sexan os primeiros beneficiados.

A Xunta hoxe ten un sistema de repartición ao que se axusta e fai as achegas aos concellos segundo o previsto, e os concellos sábeno dende o primeiro momento e cumpren con el. Con carácter xeral, o criterio de repartición garante a igualdade de trato entre os concellos de Galicia e o cumprimento da normativa de subvencións, sendo o sistema xeneralizado o de concorrencia competitiva, no ano 2024, nun setenta por cento, e o resto en casos excepcionais, establecidos pola propia Lei de subvencións, sempre de forma legal e sempre para actuacións imprevisibles para o normal funcionamento da entidade local, que son publicados



cos seus respectivos convenios de colaboración no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia. Polo tanto, total transparencia —e, por certo, concellos de todo tipo de color—.

Falar dun fondo común das subvencións, como tamén se fala, similar ao Plan único das deputacións, é querer ocultar premeditadamente as competencias de lei duns e doutros. Señorías, se contásemos cun financiamento do Goberno central sólido, pactado, duradeiro, sen «sanchadas» polo medio, seguro que poderíamos falar de facer moito máis dende a Xunta de Galicia.

Véñse reclamando reiteradamente dende Galicia ese modelo de financiamento autonómico e local, pero é unha tarefa complicada, que xa parece imposible con Sánchez de presidente.

Remato, presidenta.

En definitiva, señorías do BNG, se queremos que a xente quede en Galicia e que outros e outras veñan, que mellore demograficamente Galicia, non só basta con mellorar cada ano as aportacións aos concellos dende a Xunta —que iso xa se fai—, tamén cómpre facilitar que novas empresas se implanten e que as empresas existentes sigan investindo, e así, creando traballo, garántese un futuro dunha Galicia moito máis poboada. Aí é onde os galegos e as galegas queren ver o BNG, mais nin asoman a cabeza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Insua.

**O señor INSUA LEMA:** Grazas, presidente.

Señor Marnotes, vén vostede falar de todo o argumentario do PP, menos da moción, do financiamento local. Vén aquí vostede agora falar de Altri. Bueno..., e fala de que as empresas traerán máis impostos para os concellos. ¡Pero se vostedes están promovendo un programa, como é o *Doing Business*, que precisamente o que fai é que incitan aos concellos a quitar impostos para as empresas que se asenten —o Icio, as taxas, o IAE...—, e aínda por riba condicionan as subvencións que dan a que non estean nese programa. É o que fan, e, entón, ¿que impostos van traer, se o que queren é que se lles quiten os impostos? (*Aplausos.*) ¡Claro!

E vostedes falan de que Altri é un proxecto marabilloso. ¡Home!, non sei... ¿Canta xente vive ao redor da central de Chernóbil, aí, no norte de Ucraína? ¡Un proxecto marabilloso! En fin...

Mire, o señor Corgos eu creo que hoxe se equivocou, porque dixo que os modelos de... (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Pausa do orador.*) Decía que dixo o señor Corgos hoxe que hai que cambiar os modelos de financiamento xusto cando hai cartos para repartir e cando as cousas van mal. ¡Vaía criterio que ten este conselleiro! Claro, soamente funcionan cando as cousas van mal. E cando van mal, ¿que pasa? Porque os concellos están a sufrir. Dixen o outro día que había



dezaseis concellos — ¡dezaseis! — que se atopan nunha situación crítica economicamente, e vostedes teñen a tutela financeira deses concellos.

Claro, o que pasa é que vostedes din unha cousa en Madrid e despois din outra aquí. Falaba precisamente antes do informe das resolucións da FEMP, e soamente vou ler unha cuestión: «Neste marco faise imprescindible que todos os fondos do Estado, tales como os fondos que proveñen do presuposto da Unión Europea, cuxos destinatarios sexan as entidades locais, se canalicen directamente sen a intermediación das comunidades autónomas». Isto (*O señor Insua Lema amosa un documento.*) dino onde teñen vostedes maioría absoluta, o que pasa é que din unha cousa en Madrid e aquí, precisamente, din outra. (*Aplausos.*) ¿Acaso esta moción é unha proposta partidaria, cando coincide exactamente — ¡exactamente! — co que recomenda o Consello de Contas? ¡Coincide exactamente!

Claro, ¿cal é o obxecto de resolver o financiamento dos concellos do Partido Popular? O outro día falei, por exemplo, dunha alcaldesa do Partido Popular, de Folgoso do Courel, a Popular dona Lola Castro, que criticaba precisamente o financiamento do SAF, e dixo que isto había que solucionalo. ¿Como o soluciona o Partido Popular?

Onte, o acordo do Consello da Xunta: «Acordo polo que se autoriza a sinatura da cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación e o Concello de Folgoso do Courel para a execución das obras de humanización do acceso ao Fondo da Vila, por un importe de 300.000 euros». Así é como solucionan vostedes o financiamento local dos concellos do Partido Popular, pero non dos concellos que teñen outros problemas. Porque, claro, así é como vostedes... É dicir, acabouse a protesta dos alcaldes do PP. Así é como compran o silencio dos alcaldes do Partido Popular. Si, si, foi así, tal cal.

Mire, o artigo 9.7 da Carta europea da autonomía local establece que «na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais».

A tan aclamada Constitución española establece que «as facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei lles atribúe ás corporacións respectivas, e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos do Estado e das comunidades autónomas». Cumpran ese mandato constitucional e legal. É dicir, a autonomía local non se pode entender, desde logo, sen a autonomía financeira, e isto non o di o BNG, teno sinalado o Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa.

Miren, vostedes son un *bluff*, ¡son un *bluff*!; é dicir, só saben utilizar o mantra de que gañaron as eleccións hai un ano, e iso soamente lles serve para tapar a súa propia miseria, (*Murmurios.*) que non é outra que a incapacidade que teñen vostedes de resolver os problemas reais da cidadanía neste país. E os problemas que hai hoxe en día son o do financiamento dos concellos, onde vostedes tamén gobernan.

Por iso creo... ¡Home!, non sei se, ao final, van aprobar esta moción; polo menos deberían absterse, porque, xa digo, son as recomendacións exactas do Consello de Contas.



¿Vostedes están realmente desacreditando o que di o Consello de Contas? Non sei, diránnolo agora cando voten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Votamos.

*Votación da Moción presenta polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Óscar Insua.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Óscar Insua Lema, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*



**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión volvendo ao punto segundo, que é o de comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre as políticas de igualdade en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Comparezo hoxe a petición propia para informar sobre as políticas en materia de igualdade que está impulsando Galicia e sobre os avances previstos para os próximos meses, e fágoos cando acabamos de celebrar o 8 de marzo, o Día Internacional das Mulleres; unha xornada que conmemora a loita polos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero. É unha data na que lembramos a mulleres valentes que alzaron a voz cando todo o mundo lles pedía silencio; unha data que nos permite reflexionar sobre o papel fundamental que xogamos as mulleres na sociedade; e unha data na que debemos botar a vista atrás, ver o conseguido e mirar cara adiante.

Neste 2025, a ONU fixou a súa mirada no futuro e no papel imprescindible das novas xeracións. De feito, o lema elixido para esta ocasión foi para todas as mulleres e nenas en toda a súa diversidade: «Dereitos, igualdade e empoderamento», poñendo así o foco na importancia que ten a educación en igualdade dende idades temperás, que axuda a eliminar estereotipos, a previr a violencia sobre as mulleres e a fomentar relacións baseadas no respecto e na corresponsabilidade; un aspecto xa defendido no seu momento por Concepción Arenal, que apostaba pola educación como a arma máis poderosa para transformar a sociedade e garantir os dereitos das mulleres.

Neste 2025, tamén conmemoramos o XXX aniversario da Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, a folla de ruta mundial en materia de igualdade e un dos documentos máis importantes na loita polos dereitos das mulleres a nivel global. Unha declaración cunha implementación dispar, a distintas velocidades e en distintos puntos do mundo, que nos demostra que en trinta anos avanzamos moito, pero o certo é que aínda queda moitísimo camiño por percorrer, e que nos revela que quedan atrancos aos que aínda nos enfrontamos moitas mulleres no mundo; atrancos como, por exemplo, a interxeracionalidade da igualdade de xénero ou, o que é o mesmo, a discriminación múltiple á que se enfrontan moitas mulleres polo mero feito de selo. Polo que resulta imprescindible ter en conta que non todas as mulleres teñen as mesmas barreiras para poder actuar ante elas. A isto únese o que é un dos principios expoñentes da desigualdade, a violencia de xénero; contra a que debemos seguir actuando, e facelo sempre con contundencia. O certo é que unha sociedade como a galega non pode avanzar se a metade da súa poboación queda atrasada, xa que a igualdade non só é un dereito fundamental, senón que tamén é un pilar para o desenvolvemento económico, social e democrático de todo o territorio galego. *(Aplausos.)*





Neste mesmo sentido incidía Clara Campoamor, que recalcaba que a igualdade non é unha concesión, é un dereito; polo que avanzar nesta senda non significa dividir, senón que significa sumar esforzos; significa sumar esforzos para lograr unha sociedade máis xusta, onde o respecto, a equidade e a colaboración sexan sempre os valores que nos definan.

Precisamente ese traballo conxunto e esa necesidade de unión é o xerme da nosa campaña «O noso canto» para este ano 2025. Un proxecto sen precedentes que xunta trinta artistas galegas emerxentes e xa consolidadas. Un proxecto que nace da unión feminina interxeracional e que reconecta as mulleres a través do canto, a través da música. Un proxecto que é a suma de dúas cancións diferentes que, ao fusionarse, dan lugar a un himno único, un himno feminista; un himno feminista impulsado pola Xunta de Galicia dende unha perspectiva de unión sen sectarismos. (*Aplausos.*) Un proxecto que nos impulsa a seguir traballando cara a unha sociedade xusta e igualitaria; unha sociedade na que as mulleres non sexamos nunca xulgadas nin polas nosas decisións persoais, nin pola nosa forma de vida, nin pola nosa aparencia ou forma de vestir; unha sociedade na que sexamos valoradas soamente polos nosos méritos ou capacidades, polo desempeño do noso traballo e na que as mulleres sexamos sempre unha única persoa; que esteamos sempre unidas sen importar a nosa cor política, que esteamos unidas ante o machismo e ante as discriminacións e os condenemos sen paliativos; (*Aplausos.*) que os condenemos sen paliativos todas xuntas porque soamente xuntas resoamos máis forte.

O certo é que a igualdade de mulleres e homes debe estar na base da sociedade e debe estar sempre no centro das axendas políticas, xa que unha sociedade xusta se constrúe sobre oportunidades equitativas para todas as persoas; e como dicía Emilia Pardo Bazán nunha frase que hoxe segue plenamente vixente: «Nada pode xustificar a desigualdade legal entre homes e mulleres». Neste sentido, o Goberno da Xunta de Galicia vén facendo un esforzo moi considerable que fai que Galicia sexa pioneira neste ámbito; que sexa pioneira cunha firme aposta pola corresponsabilidade, a conciliación e tamén a sensibilización, dando como resultado que dende hai moitos anos a igualdade de xénero impregna todas as políticas da Xunta de Galicia; unha implementación da igualdade que require dun enfoque transversal que abarca todas as áreas de goberno: dende a educación ata a economía, a saúde, a xustiza e a seguridade; o que significa que dende hai anos aplicamos o principio da igualdade de xénero en todas as áreas e en todas as decisións gobernamentais. Apostamos por unha administración comprometida coa igualdade e contamos cun goberno que garante que todas as políticas contribúan a reducir desigualdades e que promovan sempre unha sociedade máis xusta para todas as persoas. (*Aplausos.*)

Grazas a este traballo, Galicia é hoxe unha das comunidades máis avanzadas na loita pola igualdade de xénero. Temos xa moito camiño percorrido, especialmente no marco normativo, no que trazamos a liña a seguir: desde inicios dos anos noventa, coa creación do pioneiro Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, cando a igualdade de xénero aínda era un ideal; pasando polos primeiros plans de igualdade de oportunidades das mulleres galegas, tamén nesa década; ata a Lei xeral de igualdade de xénero e de igualdade do ano 2004, que chegou tres anos antes que a lei estatal e marcou o camiño para outras moitas comunidades autónomas; facémolo deseñando leis sectoriais tamén pioneiras, como a Lei de emprego en igualdade do ano 2007, ou a Lei de violencia de xénero, que é unha das



máis avanzadas de Europa; desembarcando na actual Lei de igualdade do ano 2023, mellorada e plenamente adaptada á nosa realidade actual.

Neste camiño tamén contamos co VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que está dotado con 935 millóns de euros e que ten como obxectivo asegurar o benestar integral das mulleres na súa diversidade, que é precisamente a nosa folla de ruta das políticas no ámbito da igualdade; un texto que se completa co II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, e tamén co III programa Muller e Ciencia 2022-2025.

Levamos a cabo tamén o impulso dunha serie de órganos de participación institucional que lideran a incorporación da perspectiva de xénero en todos os ámbitos: co Consello Galego das Mulleres, coa Unidade de Muller e Ciencia, coa participación no grupo técnico de I+D+i da Xunta de Galicia ou co Observatorio das Mulleres do Mar e do Rural, no que estamos traballando nestes momentos, levando deste xeito as políticas de igualdade de xénero a todos os ámbitos de actuación; ámbitos como o deporte, con medidas que buscan fomentar a práctica feminina, conseguindo incrementar o número de licenzas de deportistas galegas de alto nivel e tamén de clubs; na cultura, ¿como non?, coa recente aprobación da Lei de cultura inclusiva e accesible, e con políticas que buscan garantir que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades en todas as manifestacións culturais. Tamén no sector primario, no que máis do corenta por cento das explotacións agrarias son lideradas por mulleres; un sector ao que se incorporan cada vez máis moitas mozas. Tamén no caso do mar, co apoio ás redes de mulleres no sector e promovendo a súa participación en órganos de decisión. Ou, tamén, ¿como non?, coa elaboración actualmente do Estatuto das mulleres do rural e do Mar, contemplado na Lei de igualdade. Tamén incorporando máis mulleres na función pública, coa formación en igualdade de xénero de máis de catro mil funcionarios e a aprobación da implantación do Plan de igualdade da Xunta. Tamén no ámbito sanitario, onde estamos traballando no segundo Plan de igualdade do Sergas, que busca levar a igualdade de xénero a todos os ámbitos sanitarios. Tamén no ámbito educativo, apostando pola coeducación e a sensibilización dos máis novos, con iniciativas como as incluídas no plan Proxecta, que implican a máis de seiscentos oitenta centros de toda Galicia e a máis de oito mil docentes; conseguindo, polo tanto, que o alumnado galego destaque por ser o máis concienciado coa igualdade entre mulleres e homes e fomentando tamén as vocacións científicas entre as xeracións máis novas.

Especial mención merece o ámbito do emprego, no que na última semana coñecemos os datos, que nos permiten ser razoablemente optimistas; datos como o feito de que nunca houbo tantas mulleres traballando en Galicia como en 2024, un ano que acadou o máximo pico de afiliadas de toda a serie histórica —as cifras históricas do paro en febreiro, en canto á redución de desempregadas, son de -5.561, sendo a máis baixa desde que hai rexistros—; ou que Galicia presenta a menor fenda salarial de xénero de toda a serie histórica dende o ano 1999.

Con todo, non debemos conformarnos, nin moito menos, xa que temos que seguir traballando e temos que seguir dando pasos firmes, e iremos da man a Consellería de Política Social e Igualdade e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Podo avanzarlles hoxe que de xeito coordinado estamos acometendo a revisión dos principais plans e programas, que inclúen me-



didias para favorecer a incorporación de mulleres no mercado laboral, e temos que facelo en condicións de igualdade. Esta revisión será o primeiro paso para o desenvolvemento da que será a primeira Estratexia galega de emprego feminino en sectores masculinizados. *(Aplausos.)* Unha estratexia que será a folla de ruta da equidade no emprego en Galicia e da supresión deses teitos de cristal e das barreiras no mercado laboral das mulleres; unhas barreiras que frean o ascenso e que perpetúan desigualdades como a brecha salarial ou a sobrerrepresentación en posicións de liderado. Esta nova estratexia contará con tres fases: a primeira, a avaliación —unha avaliación na que nos atopamos e que permitirá botar luz sobre o estado real das políticas de emprego feminino—; un segundo paso, que será a escoita activa directa de moitas mulleres que están traballando en sectores masculinizados; e a terceira fase, que será o deseño e a implantación activa da estratexia. Estamos, polo tanto, nunha aposta sen precedentes pola incorporación de mulleres a sectores masculinizados e tamén a postos de liderado.

Paralelamente a isto, estamos tramitando a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e tamén o Rexistro de Empresas e Entidades, recoñecidas con esta certificación; un distintivo incluído na nova Lei de igualdade e co que recoñeceremos as empresas galegas que destacan na aplicación de políticas de igualdade de xénero, como a eliminación da discriminación salarial ou o impulso da formación en materia de igualdade entre as persoas con responsabilidade na empresa.

Ademais, neste 2025, imos seguir reforzando o apoio ao empoderamento feminino, poñendo o foco en proxectos no ámbito rural e tamén en proxectos para favorecer a implantación de iniciativas empresariais. *(Aplausos.)* E tamén nos emprendementos en sectores masculinizados e en todos eses proxectos que estean liderados por mulleres de máis de 55 anos; unha área na que contamos co consolidado programa Emega, que dispón dun orzamento de 5,1 millóns de euros e que só na última década nos permitiu apoiar máis de dúas mil emprendedoras galegas, a maioría delas autónomas, e xerar ou reactivar máis de catro mil empregos femininos en Galicia.

O certo é que se hai algo que afecta o impulso das carreiras profesionais das mulleres son as maiores cargas familiares. Por iso mesmo necesitamos seguir impulsando políticas coas que apoiar as familias na tarefa da conciliación, pero sobre todo na necesaria corresponsabilidade das tarefas do fogar entre homes e mulleres. E así o facemos; facémolo co investimento neste ano de máis de 150 millóns de euros en medidas de conciliación e corresponsabilidade, con esas liñas de apoio aos concellos, a entidades de iniciativa social e ás ANPA, para actividades de conciliación todos os meses do ano, con máis de 9,4 millóns de euros, que é o maior investimento da historia.

Tamén o facemos con esas axudas específicas para a redución de xornada, para cambiar a tendencia e para que cada vez sexan máis os homes que o soliciten. Tamén, ¿como non?, con outras iniciativas que fan de Galicia un auténtico referente, como a gratuidade das escolas infantís, tanto as públicas, as privadas ou as de iniciativa social. Son medidas que buscan aumentar o impacto na participación laboral das mulleres, dando lugar a unha contorna máis xusta e máis equilibrada e libre de discriminación de xénero.

Como dicía, a perspectiva de xénero está presente en todas as áreas de goberno. Está presente de xeito transversal, pero, de forma máis concreta, neste ano 2025, destinare-



mos dende a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade máis de vinte e oito millóns de euros á promoción da igualdade. Facémolo cun dezaioito por cento máis de orzamento con respecto ao ano anterior, grazas ao que seguiremos avanzando na igualdade de xénero e que, como dixen, debe ser sempre a base da nosa sociedade. Un ámbito no que Galicia leva anos sendo pioneira, e que neste ano 2025 continuaremos co reforzo destas políticas, apostando, como dicía, pola corresponsabilidade, pola sensibilización e tamén pola concienciación.

Facémolo así porque somos conscientes da importancia de sensibilizar e concienciar as xeracións máis novas, de conciencialas sobre a igualdade entre mulleres e homes, algo que nos permitirá seguir promovendo o respecto e a equidade, garantindo o acceso a distintas oportunidades e tamén transformando patróns culturais e estereotipos, achegando sempre aos máis novos referentes; referentes que son claves para o desenvolvemento e o empoderamento de nenas e mozos, imaxinando un futuro sen limitacións por causa de xénero (*Aplausos.*) e seguindo deste xeito as ensinanzas de María Wonenburger, que aseguraba que o talento non entende de xéneros, pero as oportunidades deben estar ao alcance de todas e de todos.

Por isto podo avanzarlles hoxe que no marco do III programa de Muller e Ciencia lanzaremos este ano o I Programa de apoio á investigación en materia de xénero. (*Aplausos.*) Será o que chamaremos programa Galicia Investiga a Igualdade; unha convocatoria de contratos pseudodoutorais para estudantes nas universidades galegas, que estará dotada con 300.000 euros, e que permitirá apoiar dez contratos, que se prorrogarán durante catro anos ata que rematen o doutoramento.

Con este programa queremos fomentar a formación de investigadoras para a obtención do título de doutoramento e a adquisición de competencias relacionadas coa investigación en igualdade, mellorar o coñecemento da situación das condicións e posición de mulleres e homes nas relacións de xénero nos distintos ámbitos da vida e tamén dar a coñecer os resultados da investigación que poidan constituír boas prácticas en políticas de igualdade.

E neste 2025, ademais de impulsar a presenza das mulleres en sectores masculinizados e de reforzar a investigación en igualdade, seguiremos apostando por outras medidas destinadas a apoiar as mulleres galegas: co impulso e mellora dos centros de información á muller, deseñando ese Plan integral e mellorando o seu financiamento —5,8 millóns de euros para reforzar os 84 centros que dan servizo a preto de douscentos concellos—, con 12,2 millóns de euros para o apoio aos concellos en programas de igualdade e de prevención, con 2,2 millóns de euros para as entidades de iniciativa social, cun millón de euros para as ANPA e con máis de 300.000 euros para o respaldo ao asociacionismo galego. Un conxunto de iniciativas que son posibles grazas á colaboración de todos; á colaboración de todos aqueles aos que quero agradecerlles hoxe o seu compromiso e o seu traballo diario.

Todo isto sen esquecer, por suposto, a loita contra a violencia de xénero, o principal expoñente da desigualdade que aínda sofren moitas mulleres. É unha das áreas de traballo máis importantes da Consellería de Política Social e Igualdade.



Señorías, o 8M convidanos a camiñar xuntas cara a un futuro mellor; un futuro con respecto, un futuro con diálogo e un futuro que ten a certeza de que, cando avanzamos, avanzamos en igualdade, avanzamos como sociedade.

O 8 de marzo é unha oportunidade para recoñecer o camiño percorrido, para valorar os avances logrados, pero, sobre todo, para seguir construíndo entre todas unha sociedade máis xusta e máis igualitaria. É unha data que nos lembra que, grazas a moitas mulleres valentes que nos precederon, hoxe temos máis dereitos e máis espazos de participación; unha data que debemos conmemorar e facer nosa os 365 días do ano, porque aínda quedan moitísimos desafíos.

Queremos que a conciliación sexa cen por cento real, queremos que o talento se valore sen distinción de xénero e queremos que o respecto e a equidade sexan sempre a base das nosas relacións.

E para conseguir derrubar todos eses muros que aínda existen é imprescindible a unión de todas as mulleres. O certo é que Galicia, España e o mundo son mellores grazas ás mulleres. *(Aplausos.)*

Grazas a ese feminismo tan exixente como amable, tan reivindicativo como dialogante, no que cabemos todas e no que caben todos, porque ese é, señorías, o bo camiño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

¿Polo Grupo Parlamentario Mixto...? *(Pausa.)*

*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Declina.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Coincido con vostede nesa frase final que dicía que para camiñar cara á igualdade é necesaria a unidade de todas as mulleres. Engadiría: das mulleres e tamén dos homes, e engadiría que tamén é necesario illar aqueles que negan que existen desigualdades e tamén aqueles que negan que a violencia non ten xénero. *(Aplausos.)*

Non sei se poderei tocar todos os puntos que tocou vostede na súa intervención, porque o tempo é máis limitado, pero vou intentar referirme a case todos eles na primeira intervención.





Iniciaba vostede a súa intervención coa campaña do 8M. No PSdeG vemos con acerto a campaña do 8M; unha campaña na que se implica ás mulleres da cultura, na que se mesturan mulleres, ademais, de distintas xeracións, como paso para visibilizar o talento que temos aquí, en Galicia. Pero iso non chega. E quero dicir que as mulleres do eido da cultura non poden ser uns seres exóticos en perigo de extinción que se exhiben o 8M para conmemorar unha data, senón que teñen que ser tidas en conta e impulsadas durante o resto do ano. A realidade galega dinos que isto non é así, porque na cultura persisten as discriminacións, os hábitos, as estruturas dinámicas e os enfoques discriminatorios, e, cando non, tamén misóxinos. Estudos do Consello da Cultura Galega, da SGAE, da Ahige ou de Cima acreditan rigorosamente que estas desigualdades son reais e que, ademais, son estruturais, e son máis evidentes aínda cando escalamos na xerarquía, nos orzamentos ou no prestixio dos espazos de exhibición en Galicia.

En primeiro lugar, está, en relación co eido da cultura, a situación das traballadoras nos diferentes eidos culturais e artísticos. Son moitos os estudos que acreditan cuantitativamente a fenda salarial que existe entre homes e mulleres nestes eidos, e tamén nas vidas laborais, con máis precariedade nas mulleres, e a intermitencia dos seus contratos, ou as menores pensións; en consecuencia, posteriormente, as menores pensións de xubilación.

E, en segundo lugar, en relación coa representación cultural, aquí falamos tanto de como son representadas as mulleres —sempre, ou case sempre, dende unha ollada patriarcal— como do espazo que ocupan as creacións das mulleres nos espazos culturais de consumo e representación que interveñen no proceso de asimilación cultural. Pois ben, todas as estatísticas que cuantifican cantas mulleres crean, producen, distribúen ou consomen cultura, que concretan, por tanto, canto se paga pola creación de homes e mulleres, canto se premian os espazos que estes ocupan, amósannos claramente que, a pesar de que as grandes consumidoras de cultura somos as mulleres, os postos de alta dirección, a exhibición nos espazos institucionais, os maiores orzamentos de produción ou as pezas mellor pagadas sempre soen corresponder aos homes. Polo tanto, é necesario impulsar a arte e o talento das mulleres galegas, non só en datas específicas no calendario, senón durante todo o ano.

Falaba vostede de que a ONU poñía o foco no futuro das nenas e das mulleres. E para iso nós entendemos que a igualdade ten que ser o eixo transversal das políticas da Xunta e de calquera administración.

Señora conselleira, en moitas ocasións falabamos de que no Grupo Socialista non estabamos de acordo co novo organigrama desta lexislatura, que padeciamos un retroceso para acadar a igualdade. Vostede sinalaba o marco normativo existente en Galicia e sinalaba como un avance, como normas pioneiras, a Lei de igualdade ou a Lei de violencia de xénero, ambas aprobadas durante o Goberno progresista de Emilio Pérez Touriño. E eu vou falarlle tamén desa nova Lei de igualdade entre mulleres e homes que aprobou o ano pasado o Goberno de Alfonso Rueda, e vou explicarlle, en relación con esta lei, por que cremos que a Consellería de Igualdade debe ser unha consellería única, transversal ao resto.

Pois ben, un ano e catro meses despois da aprobación da lei, isto vese claro e vese no incumprimento de moitos aspectos dela. En primeiro lugar, a algunhas consellerías ou orga-





nismos da Xunta habería que empezar a tirarles das orellas por non cumprir a paridade: por exemplo, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, na que todos os directores xerais son homes; ou á Consellería ou aos organismos dependentes de Facenda; ou á Consellería do Medio Rural.

No eido da saúde, a lei prevé unha aprobación dese Plan de saúde feminino que tiña que ter en conta os factores biolóxicos diferenciais entre homes e mulleres e que tiña que incorporar a perspectiva de xénero aos diferentes programas, e aínda non sabemos nada. Incluso xa non é só que non saibamos nada, senón que hai unha semana o Partido Popular votou en contra dunha iniciativa que se levaba a Comisión para a aprobación deste Plan de saúde feminino. E a voceira do Partido Popular xustificaba o voto en contra alegando que «¿Que faciamos coas persoas que non tiñan sexo? ¡A ver se tiñamos que facer un plan para elas!» Se vostede as atopa, pois dígame onde andan, ¿non?

Na educación, dicía vostede que Concepción Arenal xa entendía a educación como imprescindible para acadar a igualdade. Nós coincidimos niso, e cremos e sempre defendemos que a educación é unha ferramenta principal para acadar unha sociedade igualitaria. Pois ben, a lei fala de adaptar o currículo educativo dende as primeiras etapas para integrar a igualdade entre mulleres e homes, cousa que non se está a facer. Tamén aprobamos no Parlamento, por unanimidade, hai un ano a inclusión no vindeiro curso da educación afectivo-sexual. E lémbrollo hoxe aquí para que vostede llo vaia lembrando ao conselleiro, señor Román Rodríguez, e que non se despiste cara ao ano que vén.

En relación coa formación do sector público, defendemos que cómpre mellorar a formación en igualdade, tanto para o acceso, integrándoa, vía inclusión, cunha maior formación en igualdade nos temarios, como tamén, vía promoción, mediante incentivos ou incluso coa inclusión de cláusulas sociais nos pregos de contratación de empresas que contraten coa Administración; ou exixir que estas contén cun plan de igualdade, protocolos antiacoso e formación en igualdade obrigatoria para o seu persoal. A Xunta ten que fiscalizar, por unha banda, que as persoas que traballan no eido social —a maioría delas, como todos sabemos, mulleres, e a maioría delas traballan para empresas privadas, porque a maioría dos servizos do eido social están externalizados— estean a traballar en condicións axeitadas. E refírome ao persoal dos centros de maiores, dos centros de menores —xa vimos o que aconteceu onte en Badajoz— ou dos centros de persoas con discapacidade. Pero tamén ten que controlar que teñan formación suficiente en igualdade para poder detectar situacións de maltrato, de acoso, de abuso, e para que poidan dar tamén un trato digno e non revitimicen a persoas que normalmente xa se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

Son moitas as queixas que chegan á Valedoría do Pobo, e reflíctese nos informes anuais dos últimos anos, ou que tamén perciben as asociacións, en relación con empresas de carácter semipúblico que fan un servizo público, pero que son empresas privadas, como o punto de encontro familiar, como o Imelga ou como os equipos psicosociais, entre outras.

Falaba vostede do deporte. As políticas de igualdade do deporte non se poden cingir á Carreira da Muller ou a un partido benéfico, teñen que cumprir a lei, e para iso hai que adaptar as infraestruturas para que as mulleres tamén teñan espazo dentro delas.



Tamén son necesarios plans de impulso do deporte feminino por parte da Administración, como a concienciación na sociedade ou a imaxe pública que debe dar o deporte feminino nos medios de comunicación.

Respecto das mulleres maiores, tamén se referiu vostede á dupla discriminación que sofren, a esta discriminación múltiple ou interseccional derivada de diferentes factores; e, como sabemos todos que a esperanza de vida é moito maior en mulleres que en homes, afecta sobre todo as mulleres galegas, que tamén se ven afectadas por circunstancias como a soidade non desexada, e en moitas ocasións, ademais, estas mulleres perciben pensións non contributivas e son as que, a pesar da súa idade, se seguen a encargar dos coidados.

Necesitamos unha planificación temporal, un deseño e unha avaliación de medidas dirixidas a mellorar a calidade de vida das mulleres maiores; axudas aos concellos para incorporar as políticas de igualdade —e aquí teño que incluír a necesidade de regular os CIM para incorporar a figura da axente de igualdade—; garantir un persoal mínimo nestes centros, atendendo ás demandas da poboación, e completar o mapa, porque é inasumible que haxa moitas comarcas enteiras sen este servizo imprescindible. Fan falla máis recursos e máis formación do seu persoal.

En relación coas mulleres rurais e do mar, quero dicirle que a Lei de acompañamento restrinxiu os dereitos destas mulleres —iso é o que viña establecido na Lei de igualdade—, afastándoas dese Observatorio de Mulleres Rurais e do Mar e afastando a súa representación. E tamén se está a incumprir esa disposición adicional quinta da Lei de igualdade, que falaba do Estatuto das mulleres rurais e do Estatuto das mulleres do sector do mar. ¿Para cando vai estar ese estatuto, señora conselleira?

E, por último, está a composición equilibrada do persoal público, do que fala tamén a Lei de igualdade. Hai que implementar medidas nese sentido, e voulle poñer un exemplo claro: na Policía Local, no corpo básico, o oito por cento son mulleres e nos servizos especiais de inspección e subinspección, o cero por cento. Dos 137 concellos, só 39 contan con policías locais mulleres, a pesar das reiteradas queixas que se producen sobre as probas físicas exixibles ás mulleres, que son practicamente imposibles de superar. Polo tanto, hai que aplicar esta lei e hai que aplicar o que di no seu artigo 153, que é «Facilitar a inclusión de mulleres naqueles sectores do sector público que teñen menos presenza feminina»

E, por outra banda, e xa no eido laboral, a verdade é que aplaudimos, dende o Partido Socialista, con esas medidas que vostede anunciou, ese plan, esa estratexia, porque levamos dez anos neste Parlamento —concretamente, a miña compañeira Carmen Dacosta— con iniciativas referidas á necesidade de actualizacións destes plans nos sectores máis masculinizados.

E remato dicindo, señora conselleira, que xa que vostedes non van dar o brazo a torcer sobre o organigrama deste goberno, polo menos dende o Grupo Socialista pedímoslle que poña en marcha as unidades de igualdade entre mulleres e homes en todas as consellerías do Goberno galego, garantindo a aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes e garantindo así tamén que se cumpra esa Lei de igualdade, na que antes, na miña intervención, lle sinalaba todos aqueles aspectos nos que non se está a cumprir e que afectan



moitas das consellerías deste goberno, garantindo tamén a coordinación entre as diferentes consellerías e o cumprimento de todas as políticas feministas, que son as que verdadeiramente nos poden permitir avanzar cara a esa igualdade.

Por agora, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde.

Señora conselleira, tivo vostede tempo ilimitado. Puido aproveitar para dicir aquí que demandas —que se fixeron este sábado nas rúas, nun 8M outra vez masivo— ía asumir vostede do feminismo galego, ou puido aproveitar vostede para rectificar a estratexia de ruído do Partido Popular e facer o que se espera dun goberno, que é avanzar en propostas concretas para defender os dereitos das mulleres. Pero non, preferiu vostede empregar 25 minutos en xeneralidades, repeticións e nun renovado sermón do Partido Popular de que é o bo feminismo e o mal feminismo. Desaproveitou vostede unha oportunidade, pero basicamente eu tomei nota de dúas propostas máis ou menos novidasas por parte da Xunta: dun *restyling* do Plan de emprego feminino, ao que xa obrigaba a lei no ano 2007, e de que van facer un programa de investigación en xénero, que é algo que xa recolle a Lei galega de violencia machista desde o ano 2007.

Pois, mire, eu sinto romper *el buen rollito* desta tarde, pero desde o Bloque Nacionalista Galego non lle imos aplaudir que, por primeira vez, en dezasete e dezaioito anos deixasen de cumprir dous puntos da lexislación da igualdade. (*Aplausos.*) Porque, basicamente, unha comparecencia repetitiva en propostas e ámbitos demostrou o que se vía vir, e é que a aparente preocupación do Partido Popular nestes últimos días pola igualdade é unha cuestión de calendario; é unha cuestión de axenda, un lavado lila, e é que toca dúas veces ao ano poñer un marchamo feminista, como ese que din que van poñer agora as empresas; unha proposta que levan anunciando as últimas semanas e que tamén, para sorpresa de ninguén, é algo que xa o señor Feijóo introduciu na lei no ano 2009. E agora, nun país no que a fenda salarial chega case aos cinco mil euros, a gran proposta da Xunta de Galiza é poñerlles un pin ás empresas se cumpren a igualdade.

En fin, é unha comparecencia, señora conselleira —con todo o respecto llo digo—, baleira e previsible, como é previsible o debate sobre os bulos do Partido Popular. Eu voulle ser moi directa. ¿Sabe por que pasa isto? Pasa isto, precisamente, señora conselleira, porque vostedes o que queren tapar é que o seu goberno, e particularmente a súa consellería, son un dos principais obstáculos que ten este país para avanzar en igualdade e en dereitos das mulleres traballadoras. (*Aplausos.*) E voulle dicir por que: primeiro, porque son un goberno que precariza as mulleres que traballan directa ou indirectamente para a Xunta. Segundo, porque son un goberno que impón un modelo de coidados que avanza, que permanece, no rol de coidados tradicional. Terceiro, porque incumpren vostedes as súas propias leis. E, en cuarto lugar, porque, nun contexto tan grave e urxente como o que vivimos, de rearme reaccionario,



de rearme machista, vostedes son tamén parte do seu problema, e por vostedes fala a súa actuación, señora conselleira. Ben vemos o seu historial e ben vemos onde están posicionados, abrazando un día Vox e outro día Milei. Non sei, señora conselleira, se esa é a unión sen sectarismos da que nos pretendía falar hoxe aquí. Se a unión sen sectarismos é unirse a fascistas como Milei, desde o Bloque Nacionalista Galego temos moi claro que nós non imos participar desa unidade. (*Aplausos.*)

E con todo isto vostedes o que pretenden basicamente é pór unha cortina de fume, pero todas estas cuestións non hai cortina de fume que as tape, señora García; nin a propaganda do Partido Popular na televisión pública, nin tampouco a telepredicación do Partido Popular, dos bulos do Partido Popular. Nós imos denunciar que é o que pretenden tapar vostedes: primeiro, que a Xunta é unha máquina de precarizar mulleres —son vostedes o peor exemplo posible—, a comezar pola situación das residencias de maiores, que vostede coñece tan ben, aínda que non saque tempo para reunirse coas traballadoras. Quedáronlle a vostede moi bonitos os desexos de igualdade laboral, pero o problema é que isto non é unha celebración de fin de ano na que expresar bos desexos, o problema é que vostede goberna, señora conselleira. ¿Non lle preocupa que as traballadoras das residencias públicas deste país —que vostede financia, drenando máis de cen millóns de euros ás residencias privadas— cobren por debaixo do SMI? ¿Non lle preocupa que o setenta por cento deste persoal —aproximadamente doce mil persoas neste país—, do que a maioría son mulleres, cobren por debaixo do salario mínimo interprofesional e que vostede non queira nin mediar coas empresas nin negociar coas traballadoras? Desde logo, iso é o que quere tapar o Partido Popular, e non llo imos consentir. Residencias, por certo, que están vostedes convertendo en psiquiátricos, coas consecuencias en materia de violencia e agresións —tamén sexuais— que está tendo sobre as traballadoras. ¿Non lle preocupa a vostede que haxa traballadoras agredidas sexualmente nas residencias de maiores deste país sen que pase nada? ¿Non é obxecto da súa preocupación? Iso é o que quere tapar o Partido Popular coa súa *campañita*, a discriminación que financia e que consente, tamén nas casas niño, precarizadas como falsas autónomas, tamén no 112, precarizado e externalizado e con maioría de traballadoras mulleres, tamén no Sergas, a maior ETT que hai neste país, coa metade das enfermeiras sen unha praza fixa. Un Sergas, por certo, que ten desde hai seis meses caducado o seu Plan de igualdade; é que vostedes non comezaron a negociar plans de igualdade. E podemos falar tamén do ensino, no que arredor de trinta mil traballadores e traballadoras do ensino público deste país —un sector fundamental, por certo— están traballando sen plan de igualdade.

Mire, señora conselleira, tardaron vostedes dezaseis anos en ter o Plan de igualdade xeral da Administración da Xunta. A ONU estima que tardaremos trescentos anos en acadar a igualdade. Se aplicamos o ritmo do Partido Popular da Xunta de Galiza, desde logo, *ad aeternum* estaremos. Iso é o que quere tapar o Partido Popular.

E tamén, en segundo lugar, quere tapar que a Xunta coloca a conciliación por riba dos lombos das mulleres galegas. Co seu modelo de privatización dos coidados, devolven vostedes as mulleres ao rol de coidadoras. Nega coa cabeza, pero ¿quen coida en Galiza?, ¿quen coida en Galiza?! O 83 por cento das coidadoras neste país son mulleres —a maior porcentaxe, por certo, de todas as cidades e comunidades autónomas do Estado; despois de Melilla, a maior, Galiza—. Estará vostede orgullosa, señora García, porque, ademais de ser vostede respon-



sable de igualdade, é responsable tamén de política social, e é vostede quen asina esa miseria do bono Fogar para que as mulleres coiden por menos do que se cobra cunha Risga ao mes na súa casa; un modelo que perpetúa os roles de xénero. Iso é o que quere tapar o Partido Popular coa súa demagogia do 8M.

E queren tapar vostedes tamén que son un goberno que incumpre as súas propias leis. Vostede presumiu aquí de marco normativo. Moi ben, pero as leis, ademais, de para presumir, están para cumprilas e para desenvolverlas. ¿Onde está a garantía do aborto na sanidade pública ao cen por cento? ¿Onde están esas medidas que contempla a lei, como, por exemplo, a atención psicolóxica para vítimas de violencia machista desde hai dezasete anos en atención primaria e que non desenvolveron? Explique por que financian entidades antiabortistas e por que financian entidades que corroboran a síndrome de alienación parental, pese ás recomendacións científicas? ¿Onde está o rexistro das familias monoparentais? ¿Onde están as axudas á violencia sexual e ás vítimas de violencia sexual que tiñan que poñer en marcha neste ano? ¿Onde están os servizos de dependencia, polos que morreron esperando neste país máis de cinco mil persoas, que o tiñan recoñecido entre o ano 2017 e 2023? ¿Onde está o Estatuto das mulleres do rural e do mar? ¿Onde está ese estatuto que na súa lei, na lei que promoveron para quedar moi ben un 25 de novembro de 2023, señora conselleira, establecía un prazo dun ano, que incumpriron sen mover unha soa coma? Era o único compromiso que tiñan con entidades sociais e cos grupos parlamentarios e incumprírono. Iso dá idea de cal é o seu compromiso: un bonito lavado de cara cando toca, pero despois tapan a súa inacción cos seus bulos.

E queren tapar tamén outra cuestión fundamental, que é que temos ante nós un Partido Popular cada vez máis ultra e cun historial que demostra, ademais, que non son vostedes de fiar cando se fala de defender os dereitos das mulleres. O seu currículo fala por vostedes: primeiro, en contra do aborto, despois en contra de defender que as mulleres participasen nas listas do sesenta-corenta por cento por lei; primeiro en contra de crear os permisos de paternidade e agora en contra de que sexan obrigatorios no posparto. Xa anunciaron que, se entran pola Moncloa, o van derrogar, e que van derrogar tamén os dereitos das mulleres trans. Non é ignorancia nin é división, señora conselleira, é transfobia. (*Aplausos.*) ¿Quen divide, señora García? ¿Quen divide? Son vostedes, o Partido Popular, que, ao día seguinte de entrar en San Caetano —aínda non prenderan as luces—, xa eliminaron o Servizo Galego de Igualdade e Benestar, que impuxeron a Redmadre, que impuxeron tamén un recorte nas axudas de vítimas de violencia machista, que aínda hoxe son menores que no 2009; o mesmo goberno de onte que hoxe privatiza os centros de crise 24 horas das vítimas de violencia sexual para facer negocio coa violencia machista. Iso é todo o que quere tapar, señora conselleira, a política do Partido Popular. E ninguén con ese historial pode dar leccións —¡ninguén!— de feminismo, nin de igualdade, nin dicirnos ás feministas como temos que pensar, e máis aínda cando estamos vendo un Partido Popular xa sen límites morais.

Miren, estamos moi acostumadas a que vostede, especialmente na última quenda de palabra, cando as demais xa non temos réplica, nos acuse de cómplices dos violadores; o mesmo partido que estivo bloqueando durante máis dunha década o Convenio de Istambul, porque non lle gustaba, e que estivo bloqueando ese avance na lexislación. Vostedes tamén tiveron a boca moi frouxa á hora de acusarnos aquí a algúns de cómplices de abusadores por non co-





ñecer un delito que estaba prescrito. E agora resulta que a Xunta de Galiza oculta —e vouno denunciar aquí, unha vez máis, diante de vostede—, nunha resposta escrita —¡lamentable!—, os expedientes que vostede, como empregadora, que vostedes, como empregadores, non aplicaron, cando houbo unha denuncia recentemente e esta persoa seguiu traballando con menores. ¿Que oculta, señora García? Xa lle advirto que imos acudir á transparencia, á Lei de transparencia, para que vexan eses datos que están ocultando ao Parlamento. *(Aplausos.)* Difamaron así onte o BNG por presuntas ameazas a unha conselleira. Xa non saben que inventar na máquina de bulos do Partido Popular para tapar as vergonzas da súa xestión.

Señora conselleira, haberá unión outra vez cando abandonen o seu radicalismo, cando volvan vostedes á senda do sentido común.

E remato xa, señora conselleira.

Efectivamente, ás mulleres hai que xulgarnos polo que facemos; ás mulleres en política hai que xulgarnos polas cuestións que facemos, e temos que dicir, señora conselleira, que o seu goberno e, particularmente vostede e a súa consellería, demostran na súa acción política que son un obstáculo para a igualdade e un obstáculo para as mulleres deste país.

Pero, miren, a nós vannos ter en fronte, non só na crítica, tamén nos terán vostedes na proposta.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E como vemos que vostedes son un goberno sen ideas e eu non teño tempo ilimitado, voulle entregar unha batería de propostas que propón o BNG para aplicar de forma urxente no ano 2025. Vostede verá; cando decidan poñerse a traballar, en lugar de difamar, pode coller e copialas polo ben das mulleres galegas. *(Aplausos.)* *(A señora Presas Bergantiños entrégalle á señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, no seu escano, un documento.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Dá igual. Á Presidencia...

Por favor, avísenme a ese uxier. *(Un uxier recolle o documento do escano da señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, e entrégallo ao presidente de Parlamento.)* Grazas.

*(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, silencio, por favor. ¡Silencio, señora Prado! ¡Silencio!

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!

*(Murmurios.)*





Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas.

Boa tarde, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, despois, se fai o favor, entrégame tamén a min ese documento que lle fixeron chegar para ver se na primeira de todas as propostas está condenar calquera tipo de machismo exercido sobre unha muller, (*Aplausos.*) sexa do partido que sexa, pense como pense; ¡a calquera muller!

Porque miren, señorías, o pasado luns, 17 de febreiro, no edificio administrativo da Xunta de Galicia, en Santiago, apareceron uns carteis publicados pola CIG —que xa todos coñecen— onde a atacaban a vostede, conselleira, pola súa condición de muller, non polo seu traballo. Porque claro que no Partido Popular cremos que hai que criticar o traballo das mulleres, igual que o dos homes; pero polo que fan, non polo seu sexo. E iso é o que nós queremos denunciar aquí: uns carteis da CIG radicalmente machistas e sexistas, que case un mes despois seguen sen ser rectificadas por parte da CIG, pero o que é peor é que nin Ana Pontón nin o Bloque condenaron esta campaña, nin hoxe o fixo Noa Presas. E, non nos enganemos, non o fan porque a vítima deses ataques é unha muller que non pensa coma vostedes, por iso non o fan, (*Aplausos.*) porque a vítima é unha muller do Partido Popular; porque ese é o rearme negacionista do novo feminismo do Bloque Nacionalista Galego: un feminismo selectivo e un feminismo hipócrita, sectario e oportunista. É dicir, outro xeito de machismo.

Conselleira, no Partido Popular solidarizámonos con vostede, igual que con calquera muller, con calquera que sufra un ataque machista, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) sexa de onde sexa, pense como pense e vote a quen vote.

Igual que, da mesma maneira, queremos solidarizarnos hoxe, unha vez máis, e condenar rotundamente o ataque sufrido esta fin de semana á conselleira de Medio Ambiente e á súa familia no seu propio domicilio, onde hai nenos e onde hai xente maior. Aí o Bloque dá un paso máis, que tampouco condenou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, expresamente non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non... (*Murmurios.*) É un paso máis no acoso que están a sufrir todos aqueles que están a traballar no expediente de Altri. Altri, que, se cumpre, terá que instalarse en Galicia, porque iso é bo para Galicia, xa que, señorías, sen emprego, non hai igualdade.

Señora Noa Presas, fala vostede do modelo de coidados. ¿Estase a referir ao modelo de coidados da Deputación de Lugo, con absolutamente todo privatizado?, ¿ou se está a referir ao modelo de coidados dos concellos onde gobernan o Bloque e os socialistas, onde máis do cincuenta por cento do SAF está privatizado? ¿Fala vostede diso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere dicir vostede que, porque en Arxentina gobernada Milei, aos 180.000 galegos que viven en Arxentina os temos que deixar sós? ¿Quere dicir



vostede que o Goberno galego non se ten que ocupar destes galegos que viven en Arxentina?, ¿que non se ten que preocupar de traer talento para Galicia? ¿Que me quere dicir vostede? (*Aplausos.*)

Fala vostede de bulos, ¡pero ¿que me está dicindo?! ¡Se son unha fábrica de bulos! ¿Como que as mulleres vítimas de violencia non están cobrando as súas axudas? ¡Pero, ¿que é iso?!, ¿que é iso de dicir que os centros de crise 24 horas son privados? Os centros de crise 24 horas son públicos, os cinco que hai en Galicia —que ten un máis do que lle pide a lei—, cando outras comunidades aínda non os puxeron en marcha.

Por iso, conselleira, eu hoxe quero felicitala, porque, fronte ao involucionismo feminista do Bloque Nacionalista Galego, fronte ás contradicións e tamén á hipocrísia do Partido Socialista, vostede veu aquí hoxe render contas, coas ideas claras e os deberes feitos, con optimismo, pero sen triunfalismos, como somos en Galicia; esas galegas e galegos que maioritariamente votan ao Partido Popular unha e outra vez nas eleccións autonómicas —case un de cada dous— e que nestas enquisas acaban de dicir que aínda se aumentaría o apoio se as eleccións xerais fosen agora. Pero é que os mozos galegos botan maioritariamente o Partido Popular, (*Aplausos.*) e tamén as mulleres, si; tamén as mulleres, porque os galegos e as galegas confían no Partido Popular porque saben que o Partido Popular é de fiar.

Señora García, vostede falou dos avances en materia de igualdade, nunha materia na que a Xunta multiplica por tres o orzamento que lle dedicaba o Bipartito, de esquerdas e nacionalistas. Porque no tema da igualdade —vostede díxoo aquí— avanzamos moito, pero aínda temos moito que avanzar, e puxo enriba da mesa as claves, coa transversalidade, dende todos os organismos da Xunta de Galicia e todas as políticas que pon en marcha, e a corresponsabilidade e a conciliación, que son imprescindibles para a igualdade, na que se vai investir máis de cento cincuenta millóns de euros neste ano 2025.

Fixo fincapé na igualdade laboral, na incorporación das mulleres aos sectores masculinizados, como unha ferramenta tamén para rachar a fenda salarial. E cabe destacar que en Galicia nunca houbo tantas mulleres traballando. Ocupamos o segundo lugar en España no relativo á proporción de mulleres cotizantes respecto do total de afiliación, e Galicia encabeza tamén o aumento de directivas en España, cun 41 por cento destes postos ocupados no ano 2024 e subindo oito puntos respecto do ano anterior. ¡Claro que hai que seguir traballando!

Falouse aquí da aposta polas carreiras STEM para nenas e mulleres, porque é un dos eidos onde máis nos custa entrar. Falar de ciencia é falar de futuro e falar de prestixio, e por iso esas mulleres, que conformamos o cincuenta por cento da poboación, temos que participar nese deseño do futuro.

Señora Castro, falaba vostede do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar. Pero, ¡vamos ver!, ¿que bulo é ese de que non van estar representadas as mulleres do mar? Van estar representadas as confrarías, (*Murmurios.*) que é onde máis mulleres hai, 3.000 traballadoras do sector do mar, que vostedes queren deixar sen representación. (*Aplausos.*) Díganllelo ás mulleres do mar, ¿por que non llo din?



E, por certo, vostede, señora Castro, baseou boa parte da súa intervención na Lei de igualdade; unha lei da que agora exige o seu cumprimento exquisito no primeiro ano, e resulta que nin sequera foron capaces de votar a favor.

Señora conselleira, esta comparecencia —vostede dicíao— vén a colación da conmemoración do Día da Muller, do 8 de marzo. Vostede xa se referiu a ela, pero eu non quería deixar a oportunidade de felicitala, en nome de todo o grupo, pola campaña da Xunta de Galicia para este 8M. Transmítallelo tamén á directora xeral de Promoción da Igualdade, á señora Quintana, e por suposto tamén a todas esas mulleres que participaron neste proxecto, *O noso canto*; un himno feminista impulsado pola Xunta dende unha perspectiva de unión e sen sectarismos; un proxecto sen precedentes que xunta trinta artistas galegas emerxentes e consolidadas. Ademais, señora Castro, os cartos conseguidos servirán para becar outras mulleres artistas. Son mulleres que no mundo da arte en Galicia teñen un posto consolidado a nivel nacional e internacional: Chelo Loureiro, Leticia Costas, María Vázquez, María Solar, Tanxugueiras etcétera, etcétera, etcétera.

E dicía eu, conselleira, que felicite vostede a esa trintena de artistas de distintos estilos, de distintas idades e estou segura de que tamén de todas as ideoloxías, porque así é como entendemos nós o feminismo e a igualdade: un feminismo inclusivo, sereno pero firme nas reivindicacións, sen siglas e no que cabemos todas e todas. E por iso, tanto dende a Xunta de Galicia como dende o Partido Popular, este 8M puidemos saír á rúa mirándolles aos ollos a todas as mulleres de Galicia, cousa que non puideron facer outros. Para as esquerdas e para os nacionalistas este 8M foi simplemente unha prolongación do Entroido.

O BNG tivo que saír este 8M coa máscara do feminismo, porque debaixo desa máscara o único que hai é unha lideresa, Ana Pontón, cada día máis submisiva aos mandatos da CIG e dos coroneis da UPG. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un BNG tan reivindicativo co feminismo para as mulleres de esquerda, pero que cala e mira para outro lado cando unha muller atacada non pensa coma eles. Feminismo —xa o dixen— sectario e hipócrita que comparten coas outras forzas de esquerda e ultraesquerda, que tamén tiveron que saír coas súas máscaras este 8M.

E un PSOE que, mentres no Congreso falaba da abolicionismo, tiña un ministro e número dous de Sánchez buscando compañía feminina nun catálogo. Ou os machos alfa de Podemos e de Sumar, que viñeron para dar leccións a todo o mundo e pasaron del «*Hermana, yo sí te creo*», a ser denunciados por abusos sexuais. (*Murmurios.*) Sinceramente, dá pena ver que o da esquerda actual e o feminismo é un fiasco sen precedentes que deixou á deriva a miles e miles de mulleres que creron na súa palabra.

Noraboa, conselleira, polo traballo realizado pola Xunta a prol da igualdade; a igualdade para todas e todos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Hoxe visítannos —e saudamos— os alumnos de cuarto de Economía da Universidade de Santiago de Compostela. Benvidas e benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos xa coa réplica da conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Castro, na Consellería de Presidencia e de Xustiza non son todo homes os directores xerais, senón que, na falta dunha, hai tres mulleres: a señora Natalia Prieto, directora xeral da Administración Local, a señora Judit Fontela, directora xeral de Mobilidade, e a directora de Relacións Parlamentarias e Institucionais, a directora Sandra Vázquez.

Mire, señora Presas, dende logo, o que temos é que continuar traballando pola incorporación das mulleres ao mercado laboral, por suposto que temos que continuar loitando contra esa fenda de xénero que aínda existe no día de hoxe na nosa comunidade; pero a fenda de xénero é unha realidade social que temos que continuar erradicando entre todas, e témolo que continuar facendo con políticas que sexan efectivas. Pero tamén hai que ser honestos, recoñecer e salientar que ano tras ano hai unha evolución moi positiva das diferenzas salariais e do acceso a empregos máis técnicos por parte das mulleres.

Cada vez hai máis mulleres en Galicia que elixen carreiras denominadas da rama STEM, e por iso a Xunta de Galicia cada vez pon en marcha máis programas para a incorporación das mulleres aos sectores especialmente masculinizados; por iso cada ano impulsamos máis medidas de conciliación en Galicia; por iso as escolas infantís en Galicia son totalmente gratuítas, a diferenza do resto das comunidades autónomas; por iso cada vez en Galicia hai máis recursos de conciliación para os nenos e para os maiores, non soamente nas cidades, senón tamén no rural, con esas casas niño e esas casas do maior, aínda que a vostede, señora Presas, non lle gustan; por iso imos continuar dándolles cada vez máis axudas a todos aqueles e aquelas que queiran coidar, queiran vostedes ou non. ¡Que as maiores sexan sempre libres!; libres, señoras e señores do Bloque Nacionalista Galego, que as persoas maiores sexan sempre libres de decidir como e onde queren ser coidados. *(Aplausos.)* ¡Libres, señora Presas, libres!

Mire, señora Presas, ¿de que protección das mulleres fala vostede? ¿De que protección? ¿Fala vostede da lei do só si é si, que o Bloque Nacionalista Galego votou a favor no Congreso dos Deputados? Vostedes son cómplices de todos eses excarcerados e de todas esas rebaixas de condena; sodes cómplices os que formades parte do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Miren, ¿de que protección das mulleres me falan vostedes?, ¿de todas aquelas que sofren violencia de xénero? Aínda estamos esperando agora por eses novos xulgados de violencia de xénero en Galicia. Ese acordo... Vostede ri... Tamén se ri de vostedes o señor Sánchez, que non lles fai caso ningún a eses acordos que firman. ¿Onde están os novos xulgados? Axúdeme a reclamarlle ao señor Sánchez e ao Goberno de España a creación inmediata de xulgados contra a violencia de xénero aquí, en Galicia. *(Aplausos.)* Apóienos, señores do Bloque Nacionalista Galego. Aínda se está rindo de vostedes o señor Sánchez con ese acordo. ¿Onde está o financiamento da Lei de dependencia de cincuenta por cento o Estado e de



cincuenta por cento as comunidades autónomas? ¡Se non lles fan nin caso! ¡Se lles dan o voto a cambio nada —de nada para Galicia—!

Mire, señora Presas, eu felicítoa, felicítoa hoxe, de verdade, polo seu show. É unha grande interpretación —e seguro que unha boa foto— levar os papeis ao meu escano, pero, mire, non coa. Non coa, porque vostedes non teñen límites, e en Galicia estanse cruzando liñas vermellas moi graves; liñas vermellas como ese ataque á señora conselleira de Medio Ambiente, á que hoxe lle transmitimos o noso apoio incondicional. ¡Xa está ben! ¡Xa está ben! *(Aplausos.)*

Señora Presas, vostede tamén tivo dez minutos para condenar unha viñeta machista e sexista contra a miña persoa dun sindicato, a CIG —da UPG, a onde están atados os do Bloque Nacionalista Galego—, que me ataca polo mero feito de ser muller. Vostede tivo dez minutos. Condene esta viñeta, señora Presas. *(A señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, mostra unha viñeta.)*

Mire, vostedes non nos van dar a nós clases de feminismo. *(Murmurios.)* Non nos van dar nunca a nós clases de feminismo, porque vostedes, as do Bloque Nacionalista Galego, non son máis mulleres ca nós; nós somos exactamente igual de mulleres ca vostedes. *(Aplausos.)*

Mire, o seu feminismo o único que defende é un feminismo nacionalista, que non sei se vai de viñetas, *(A señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, mostra unha viñeta.)* ou se o seu feminismo nacionalista vai de debuxos, de debuxos coma este, *(A señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, mostra un debuxo.)* a súa campaña deste ano. Ben, unha campaña que eu diría que... *(Murmurios.)* —están contentos por que a ensine; por suposto que a estou ensinando—. É unha campaña que, na miña opinión, non une, senón que divide; é unha campaña agresiva, pero máis agresivas e violentas son as palabras da súa autora, da autora desta viñeta, do Bloque Nacionalista Galego. Vounas ler textualmente: «Yo lo tengo clarísimo, pero superclaro, y le daría hostias hasta en el carnet de identidad a Ayuso. ¡Que manera de descargar, de enganchar el pelo, tal!, ¿sabes? A parte, parece que le puedo; la veo escuchada». Estas son as palabras literais da autora do cartel do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* ¡Que vergonza! ¡Que vergonza!

Continúen, continúen defendendo ese nacionalismo, ese feminismo nacionalista, e continúen sen condenar ese feminismo que nós defendemos; un feminismo que une a sociedade, que une as mulleres, pero que nunca divide; un feminismo que intentamos representar e traballar a través do lema desta campaña, a través de *O noso canto*, de trinta mulleres de distintas ideoloxías, de distintas sensibilidades, de distintas xeracións, unidas a través da arte, da música e do canto.

Sempre imos traballar dende a Xunta de Galicia para unir as mulleres, porque xuntas somos moito máis fortes e xuntas, como temos que estar, sempre seremos imparables. Ese vai ser o feminismo que sempre defenderemos, máis alá dos nacionalismos sectoriais e sectaristas que vostedes defenden.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos os que hoxe nos acompañan aquí, neste hemiciclo.

Señora Arias, a verdade é que non sei se vostede hoxe fixo espóiler ou na PNL que traen mañá van sacar a artillería pesada; será que a señora Prado lle sacou o posto e, entón, quixo vostede tamén meter aí un pouco a patiña, ¿non? Enténdoo tamén, jeh!

A verdade é que a min me gustaría —e voulle dar unha suxestión— que vostede, polo menos, lese as leis das que fala, e voulle dicir por que é importante. Decía eu hai uns meses que era importante ler as exposicións de motivos das leis, porque conteñen o fondo e o sentido das leis, pero tamén é imporante o seu articulado; é importante. E por iso agradezo que vostede hoxe falase deses centros de crise 24 horas para as vítimas de agresións sexuais aos que poden acudir todas as mozas que se sintan vítimas dunha situación de agresión sexual, de abuso ou de acoso, porque é unha medida que se aprobou no Goberno de Pedro Sánchez, nesa Lei de garantía contra a liberdade sexual; nesa lei terrible que di vostede que saca os violadores á rúa..., toda esa mentira e todo ese fango do que fala vostede, terxiversando unha modificación do Código penal e da contía das penas; unha horquilla que vostede non explica porque non leu a lei e, entón, non a sabe explicar.

Pois ben, eu agradezo que vostede puxese en valor e enriba da mesa a importancia destes centros de crise 24 horas para atender a todas as mulleres vítimas de agresións sexuais, (*Aplausos.*) e sobre todo hai que dicir que o Goberno de España de Pedro Sánchez transferiu 5,9 millóns de euros a Galicia para que crease estes centros en toda a comunidade.

E tamén quero que repase vostede, señora Arias, outra lei, e refírome á Lei de acompañamento dos orzamento do 2025; unha lei que modifica a Lei de igualdade entre mulleres e homes do ano 2023, afastando algunhas asociacións con representación maioritariamente feminina dos sectores do mar e do sector do rural. E, se non, fale con Mulleres Salgadas ou fale con Fademur, que son as asociacións máis representativas de mulleres do sector do mar e de mulleres rurais e a ver que pensan elas da súa representación no Observatorio da Muller Rural e do Mar. (*Aplausos.*) ¡A ver que pensan elas!

Mire, en relación coas acusacións que facía vostede ao Partido Socialista, dígolle que, como vostede tamén pertence a un partido con anos de historia, con representación en todas as cidades e en todas as comunidades autónomas e do que formamos parte moitísima xente, é mellor non cuspir para arriba, porque lle pode caer no ollo, teña coidado.

Nós o que si que sabemos é que o Partido Socialista, no momento que atopamos unha persoa que pertence ao noso partido cunha conduta cuestionable, a afastamos do noso partido, e vostedes prefiren incorporala, como ese concelleiro non adscrito... (*Protestas.*) Perdoe, non minta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes prefiren incorporalo a un grupo





municipal, como fixeron no Salnés, con esa persoa que estaba condenado por violencia de xénero, e alegaron que tiña unha conduta exemplar e que por iso o incorporaran ao grupo municipal do Partido Popular.

Señora conselleira, eu falaba de que non había representación feminina, pero non dentro das direccións xerais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, senón dentro dos organismos autónomos dependentes desta consellería, e refírome a Pasega, á Fundación para o Deporte ou á Policía Autonómica, porque nelas todos son homes. Xa sei que hai algunhas directoras xerais dentro desa consellería.

E tamén quero dicirlle que eu non creo que a Xunta estea para sacar peito da xestión das escolas infantís, porque despois de devolver 22 millóns de euros ao Estado porque non quería crear escolas infantís de carácter público, senón que preferiu seguir subvencionando as de carácter privado, pois creo que non está para sacar peito deste tema.

Pero, bueno, no Partido Socialista cremos que a igualdade é o futuro, que a igualdade é a meta, e que o feminismo é o único camiño, e non imos entrar en confrontacións baleiras. Creemos que as mulleres non somos singular, senón que somos o gran plural da historia humana. Non somos un colectivo, somos o único grupo que representa por número máis da metade da poboación do planeta, e por iso a igualdade entre mulleres e homes ten que ser o núcleo de calquera administración pública, o núcleo de calquera democracia.

Na loita feminina, falaba vostede de Emilia Pardo Bazán. Temos que seguir visibilizando as mulleres que nos precederon, porque moitas pagaron coa súa vida as nosas liberdades. E por iso temos que potenciar os referentes femininos para as nosas nenas, para as nosas mozas, para que saiban que forman parte da historia do noso pasado, e que moitas veces estiveron silenciadas.

O compromiso coa cultura e coa igualdade das mulleres na cultura é fundamental, coas mulleres rurais e do mar, como dicía antes, que son sectores moi masculinizados. Necesitamos unha planificación, un plan estratéxico para as mulleres rurais e do mar.

E tamén hai que falar da corresponsabilidade nos coidados. Temos que rachar coa carga mental que supón ser muller e traballadora, e impulsar medidas de prevención; temos que traballar para abolir a prostitución. Non podo entender que ninguén fale con medias tintas nin coa boca pequena da explotación dos corpos das mulleres. Tanto a trata como a prostitución son violencia de xénero e son explotación. Por tanto, nós defendemos a abolición. (*Murmurios.*) Si, si, defendemos a abolición da prostitución; non coma vostedes, que agora xa non a defenden.

E, finalmente, digo que os socialistas o temos claro: para acadar todo isto e poder camiñar cara a unha Galicia máis igualitaria e, polo tanto, máis libre e máis democrática, hai que facer da igualdade a columna vertebral en todas as accións deste e de calquera goberno. Nós sabemos e podemos facelo, e así o demostramos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señorías do Partido Popular, o Entroido é unha cousa moi seria; non o deberon entender. Pásalles un pouco como co 8M, que o día que abran un libro e descubran que se consolidou a data na historia da humanidade grazas ao traballo dunha comunista perseguida polo fascismo chamada Clara Zetkin vailles explotar a cabeza xa de todo coas súas contradicións. *(Aplausos.)*

Mire, eu viña a este pleno preocupada pola deriva do Partido Popular, como estamos preocupados desde hai moito tempo no BNG, pero saio aínda máis. Porque, claro, ¿que é o que lles preocupa da campaña do Bloque Nacionalista Galego? ¿Están vostede e o Partido Popular incómodos porque se patee unha esvástica nun cartel que denuncia a persecución do rearmamento do machismo e do avance do fascismo contra os dereitos das mulleres? *(Aplausos.)* ¿Están incómodos cunha esvástica? *(Aplausos.)* ¿Están incómodos cun cartel que patea unha esvástica? *(Aplausos.)* ¿Non cren que haxa que patear o fascismo? *(Aplausos.)* ¿Moléstalles ver a motoserra de Milei, que se usa tamén para recortar o dereito ao aborto das mulleres en Arxentina? ¿Están incómodos cando se di iso con todas as palabras? Pois nós témolo moi claro: diante desta vaga reaccionaria, nin medo nin vergoña, e non nos imos cortar un pelo á hora de defender os dereitos das mulleres.

Señora conselleira, xa imaxino que o seu referente é máis ben Ayuso, a que se ri do 8 de marzo e di que «¿Para cuándo el Día del Hombre?». *(Aplausos.)* Ese é o referente do Partido Popular, ¡pois moi ben! *(Aplausos.)*

Miren, menos mal que hai cámaras neste Parlamento e que hai testemuñas, porque coa deriva do Partido Popular acusaríanme de agredir a conselleira por levarlle un papel con trinta propostas políticas en materia de igualdade e de violencia machista. Ese é o límite no que está o Partido Popular, que mente máis que fala máis que nunca na súa historia.

E agora están con «la condena». Todos os días da semana hai algo que condenar e o Partido Popular lle pide ao BNG que condene. Entón, onte era o día de condenar unha suposta agresión a unha conselleira; suposta agresión, que xa quedou claro que nin era iso, nin era un militante do BNG, nin nada. *(Protestas.)* En todo caso, o BNG dixo: «condenamos...», «o BNG condena calquera tipo de intimidación ou ameaza que se poida exercer sobre un cargo público etcétera, e traslada o seu apoio á conselleira Ánxeles Vázquez». É unha transcripción literal da señora Olalla Rodil Fernández, portavoz do BNG. *(Murmurios.)* E o Partido Popular vén aquí con: «la condena», «la condena», con que «el BNG no condena...». *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, eu podería falar... *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, eu xa sei que lles molesta, pero é que de momento isto é aínda unha democracia. As deputadas podemos vir aquí falar e expresar as opinións, porque tamén nos votaron os galegos e galegas para facelo. Non se poñan nerviosos. *(Murmurios.)* «La condena», pero, mire, é que isto de «la condena» o levamos visto anos e anos no Bloque Nacionalista Galego con algo moi serio, como é o terrorismo no Estado español de ETA —que non hai desde hai quince anos, afortunadamente, no Estado español—. O Partido Popular, pese a que o Bloque Nacionalista Galego sempre na súa historia defendeu a vía da paz e da non violencia, pese a iso, pese a que sempre a condenou,



sempre está: condena, condena, condena. ¡Quince anos! E en lugar de parabenizar a sociedade, o que fan é intentar usar iso outra vez máis, pese ao que lles din as vítimas de terrorismo contra os nacionalismos e contra o Bloque Nacionalista Galego. ¡É vergonzoso!, e nós non imos caer na estratexia de ruído do Partido Popular, que nos pide unha condena diaria cada día, inventando unha cuestión. Non serve de nada porque están vostedes todos os días aquí faltándolle ao respecto ao BNG e faltándolles ao respecto ás persoas que apoian esta forza política, por buscar rédito político no Partido Popular máis *carroñero* da súa historia. (Aplausos.) (Murmurios.)

E, miren, a extrema dereita quixo apropiarse da palabra «liberdade» e agora quere facer o mesmo coa palabra «feminismo» e ir dar leccións por aí, mentres o que fan é un absoluto lavado de cara. Tráense aquí trinta propostas políticas e cualifícase iso de show; esa é a súa vara de medir. Eu non sei, se lles vai tan ben, como están tan nerviosos. ¿Están nerviosos porque se revalide a maioría sindical en representantes de traballadores e traballadoras sen afiliación por parte da organización sindical nacionalista? Pois fan ben en estar nerviosos. ¿Están nerviosos porque o Bloque Nacionalista Galego cada vez ten máis apoio social, incluso porque a portavoz nacional e candidata á Presidencia da Xunta do BNG ten cada vez mellor valoración por parte mesmo dos votantes do Partido Popular? Pois fan ben en estar nerviosos, señores do Partido Popular, (Aplausos.) pero nós imos seguir centradas no importante (Aplausos.) (Murmurios.) e practicando o feminismo no noso día a día. (Aplausos.) Porque non hai nada máis machista que non condenar actitudes machistas agora do señor Rueda e antes do señor Feijóo, e non hai nada máis machista que vir aquí dicir que as mulleres do BNG estamos dominadas por non se sabe que machos alfa *de la UPG y de no sé dónde*. ¡Iso si que é machista!, (Aplausos.) cando a vostedes o que lles molesta é que hai unha organización consolidada, (Aplausos.) unha organización máis unida que nunca e cunha líder moi clara e moi ben valorada incluso polos seus votantes. (Aplausos.) Iso si que é machista, porque ás mulleres do Bloque Nacionalista Galego ninguén nos manda. Non sei se é que pensan vostedes que se aplican exemplos que ven noutros lados en todas as casas, pero, desde logo, non é o caso do BNG.

Nós imos seguir centradas e centrados no importante, que é en traballar por este país, en traballar polos galegos e galegas, que están preocupados por problemas de primeira orde como a violencia machista ou como a desigualdade das mulleres. Por iso traballamos, traballamos esa alternativa política; e cando vostedes decidan abandonar a súa deriva e deixar de estar instalados na estratexia da inacción, do incumprimento das leis e da difamación, teñen aí trinta propostas que poden copiar, ademais de desempolvar esas leis que non cumpren e poñelas en práctica. Mentres, nós seguiremos ao noso, sempre en defensa dos dereitos das mulleres e sempre freando toda vaga reaccionaria...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...como historicamente fixo o feminismo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e o nacionalismo galego neste país. (Aplausos prolongados.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Conselleira, a oposición aproveitou o tempo desta comparecencia para facer críticas sen alternativas. (*Risos.*) Só ese papel que puxo aí, que deixou aí... É como un show: xa teñen a foto, xa poden colgar o tuit... Por certo, de paso que miran ese tuit, vexan as críticas que teñen vostedes nas redes de todo o mundo a que non censuren esa viñeta machista contra a conselleira de Política Social. (*Aplausos.*) Non o di o Partido Popular, é que llelo di todo o mundo; (*Aplausos.*) dino todos os xornalistas, dino nas redes... (*Aplausos.*) Se vostedes non queren oír, jalá vostedes!

Bueno, vostedes din que a vostedes non as manda ninguén. Entón, eu fágolle unha pregunta, señora Presas: entón, realmente vostedes, as mulleres do BNG, ¿están a favor de que se fagan críticas machistas e sexistas a outras mulleres cando son doutro partido distinto ao seu? (*Protestas.*) Díganlo. (*A señora Presas Bergantiños nega coa cabeza.*) Pois, logo, teñen agora..., non sei se agora poden aínda intervir, (*Protestas.*) pero mañá, desde logo, teñen a oportunidade, nas seguintes iniciativas, de dicir claramente: dende o Bloque Nacionalista Galego rexeitamos e condenamos absolutamente o cartel machista contra a conselleira de Política Social e Igualdade. Teñen a oportunidade de facelo. (*Murmurios.*)

E ben, conselleira, vostede aproveitou o tempo desta comparecencia —dicía— para falarnos das alternativas, para darnos a coñecer o que se está facendo e dicirnos cal é a situación real, pero, sobre todo, o que está por facer. Vostede falaba do apoio ao emprendemento feminino no rural en sectores masculinizados ou de mulleres maiores de 55 anos, nos que a muller sofre unha dupla ou unha tripla discriminación coa Estratexia galega de emprego feminino en sectores masculinizados, ou tamén en colaboración coa Consellería de Emprego, ou coa posta en marcha xa neste ano 2025 do programa Galicia Investiga a Igualdade, para apoiar as investigadoras e as investigacións vencelladas á igualdade de xénero, cun orzamento xa neste primeiro ano de 300.000 euros para a contratación de dez investigadoras. No eido da sensibilización, a Xunta está tramitando a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e o Rexistro de empresas e entidades recoñecidas con esta certificación; un distintivo incluído, por certo, na nova Lei de igualdade que o BNG e o PSOE non apoiaron e agora reclaman. No eido da información e o asesoramento, temos o Plan integral de mellora dos CIM, cun orzamento de 5,8 millóns de euros; ou outras que xa coñecemos polos orzamentos, como o incremento de case o 245 por cento de orzamento para o colectivo LGTBI.

Señora Castro, unha vez máis, de verdade, lle digo que o Observatorio das Mulleres Rural e do Mar non saca, suma; non resta, suma. (*Murmurios.*) O que non pode ser é que, ao mellor, vostedes queiran unicamente unhas persoas en concreto; non, a todas, a representación de todas as traballadoras.

E si que sacamos peito das escolas infantís, claro que si. Son máis de sesenta millóns de euros de fondos propios da Xunta de Galicia —porque, unha vez máis, o Estado non nos dá nada—



para que todas as familias galegas poidan levar os seus fillos de 0 a 3 anos de forma gratuíta a calquera escola infantil. *(Aplausos.)* Temos máis do sesenta por cento de escolarización, *(Aplausos.)* o índice máis grande de toda España. *(Aplausos.)* ¡Claro que sacamos peito!, igual que das casas niño, das casas do maior e da conciliación no medio rural; de todo iso, que sae dunha lei que vostedes tampouco aprobaron, a Lei de impulso demográfico de Galicia.

Señora conselleira, non puido ser —xa o dicíamos ao principio e volvémoslo dicir—, seguen sen querer condenar os ataques machistas. E é o mesmo BNG que pide máis recursos para a igualdade e contra a violencia de xénero, pero —como vostede moi ben dicía— non exige nada en Madrid, non exige máis xulgados e non exige nada. Nós, señora Presas, non estamos incómodos en absoluto co cartel que vostedes presentaron, estamos incómodos coas palabras que dixo a autora dese cartel. E coidado, porque coa deriva que levan vostedes cara ao machismo calquera día ese animal salvaxe sobre o que ten que estar poñendo a pata é sobre as súas medidas. ¡Moito coidado!

O Bloque e o Partido Socialista, claro que si, son cómplices de que saian antes violadores e agresores sexuais á rúa; son cómplices, e, se se cambiou a lei, foi porque o pediu o Partido Popular.

Mire, señora Castro, eu non sei se vostede milita xa no Partido Socialista, porque aquí dixo unhas cousas como que vostedes están en contra do proxenetismo e que vostedes cando ven a alguén inmediatamente o botan... E, claro, é que no último congreso federal que acaba de pasar, cando o señor Ábalos xa era famoso no mundo mundial, vostedes din: *(A señora Arias Rodríguez mostra unha folla dun xornal.)* «El PSOE solo expulsará del partido a puteros con condena». Por certo, *La razón* e vostede co mesmo vocabulario. *(Aplausos.)*

E remato xa, conselleira, que quedo sen tempo. Simplemente quero dicir que oxalá a esquerda hoxe, na práctica negacionista coa igualdade real, volva «ao noso canto»; non ao canto do Partido Popular, senón ao de todas as mulleres que ao unísono din: «Tira de min, que eu tirarei de ti, porque xuntas e xuntos resoamos máis fortes». Xúntense todas e todos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da comparecencia, a conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, señor presidente.

Señora Presas, ¡que sectarismo! *(Risos.)* Si, non rían, ¡que sectarismo! Porque vostedes continúan coas súas teimas. Para vostede as mulleres do Partido Popular nin somos mulleres nin podemos ser feministas. *(Murmurios.)* Non podemos ser feministas porque vostedes soamente defenden o feminismo...*(Murmurios.)* *(Risos.)* *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, señora Presas. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*





Señora Presas, vostede xa terminou... Non, non, silencio. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)* ¡Silencio, por favor! *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Bueno, pero imos intentar que isto vaia por vías normais. *(Murmurios.)* Non, non, imos por vías normais. ¡Veña! *(Murmurios.)*

Continúe. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio, señor Pazos.

Continúe, conselleira, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Para o Bloque Nacionalista Galego, as mulleres do Partido Popular nin somos mulleres nin podemos ser feministas, porque vostedes soamente defenden un feminismo sectario e un feminismo nacionalista. ¿Pensa vostede que a señora Ayuso, por ser do Partido Popular, merece que alguén lle queira «dar de hostias e tirarlle do pelo»? *(Murmurios.)* Iso é exactamente o que dixó a autora do seu cartel, señora Presas. *(Aplausos.)* ¡Iso foi o que dixó a autora do seu cartel! *(Aplausos.)* ¡Pídolle hoxe que condene as palabras da autora do seu cartel contra a señora Díaz Ayuso! *(Murmurios.)* Píddollo, señora Presas... *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Vamos ver, os debates... *(Protestas.)* —perdoe un momento—... *(Murmurios.)* Perdoe un momento, señora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe un momento, señora conselleira.

Vamos ver —eu creo que xa o comentei moitas veces—, os debates poden ser duros, pero teñen que ser respectuosos. Temos que empezar a acostumarnos todos a que tamén hai que saber encaixar. ¡Claro! *(Murmurios.)* Non pode ser que ao primeiro golpe se rompa xa a mandíbula; non se pode vir ao Parlamento con mandíbula de cristal, ¡eh! *(Protestas.)* Hai que vir un pouco máis rodado nese sentido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non. Debates duros e respectuosos, si; faltas de educación, non. Iso, non... Non, non, isto é o que hai. O debate duro deuse antes e non dixen nada. Agora está contestando a conselleira; amigos, hai que encaixar, ¡eh! *(Murmurios.)* Claro, este é o Parlamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, hai que acostumarse a iso.

Continúe, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Píddolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Píddolle, señora Presas, que tanto vostede como o seu grupo condenen hoxe as verbas da autora dese cartel contra a señora Díaz Ayuso e píddolles, unha vez máis, que condenen esa viñeta machista e sexista contra a miña persoa, porque teñen aínda a oportunidade de facelo. *(Aplausos.)*





Pero, ademais, hoxe tamén quero aproveitar a ocasión e darlles as grazas a todas as mulleres, tanto do meu partido como doutros partidos políticos, que saíron, que deron a cara, que condenaron unha viñeta sexista e que me apoiaron, porque aí —aí— é cando se demostra a talla política dunha persoa. (*Aplausos.*)

Dende logo, na Xunta de Galicia o que imos facer é continuar traballando; continuar traballando, continuar defendendo a todas as mulleres e sempre demostrando o noso compromiso coa igualdade de xénero, que é un principio fundamental para o desenvolvemento social e tamén para o benestar de todos os galegos e as galegas. Imos continuar traballando sen descanso e ímolo facer os 365 días do ano, deseñando cada vez máis políticas públicas, fortalecendo os dereitos e tamén coa promoción dunha cultura en equidade e inclusión.

A realidade, señorías, é que o 2025 será un ano marcado polos avances, entre os que me gustaría destacar o impulso á incorporación das mulleres nos ámbitos empresariais, que tradicionalmente foron ocupados por homes, a través desa primeira Estratexia galega de emprego feminino en sectores masculinizados. Imos crear tamén a primeira Certificación galega de excelencia en igualdade, coa que recoñeceremos, como dixen, a todas as empresas galegas que destaquen pola súa implicación coas políticas en igualdade de xénero, reforzando o apoio ao emprendemento feminino, poñendo o foco nun ámbito tan necesario e tan característico de Galicia como é o ámbito rural e apoiando a todas as mulleres que deciden emprender, unha vez que teñen os 55 anos. E, por suposto tamén neste ano 2025, lanzaremos o I Programa de apoio á investigación en materia de xénero a través dese programa Galicia Investiga en Igualdade.

Imos seguir apostando por que cada vez máis mulleres elixan carreiras profesionais e carreiras máis técnicas, como son as da rama STEM, porque apostar polo emprego é apostar pola independencia económica das mulleres, e ese é un paso fundamental sempre para que todas as mulleres nos sintamos libres.

Por todo isto, xunto ao necesario reforzo de todas as medidas de conciliación e corresponsabilidade que estamos poñendo en marcha en Galicia, imos apostar por cambiar a tendencia, para que cada vez sexan máis os homes que deciden solicitar esa excedencia por coidado de familiares; e tamén imos continuar investindo cada vez máis e destinando máis fondos aos concellos e ás entidades sociais, ás ANPA e tamén, como non, ao asociacionismo feminino.

Polo tanto, señorías, dende a Xunta de Galicia imos continuar traballando sempre a prol da igualdade de xénero entre homes e mulleres. Imos dedicar cada vez máis recursos, poñer en marcha novas iniciativas e estar a carón sempre de todas as mulleres que o necesiten, con independencia da cor política de cada unha e con toda a sociedade galega. Porque, señorías, a unión fai a forza e o certo é que todas xuntas somos fortes e somos imparables.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



*(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)*

¿Si, señora Presas? ¿Para que quere a palabra? ¿Con base...?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, déanlle voz ao escano da señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Con base no artigo 76.1, por inexactitudes, para poder ler en sede parlamentaria a literalidade das frases que dixo a portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, e que unha e outra vez manipularon a conselleira primeiro, despois a voceira do Partido Popular e despois, de novo, a conselleira.

**O señor PRESIDENTE:** Pero xa o leu vostede aquí.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Eu escoiteino, jeh!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non. Lin unhas de Olalla Rodil Fernández e que... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, é que non entendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Lin...

**O señor PRESIDENTE:** Un momento, por favor. É que non entendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non entendo, ¿Cal é a inexactitude? *(Murmurios.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Eu lin as palabras que verteu dona Olalla Rodil Fernández e que podería volver ler, porque tamén foron manipuladas nas segundas intervencións, pero refírome exactamente ás que dixo a portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego durante as últimas tres semanas... *(Murmurios.)* ...e que o Partido Popular aínda non conseguiu entender.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Eu escoitei. Vamos ver, eu escoitei isto. Vostede xa sabe que é a xuízo da Presidencia...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Desafortunadamente.

**O señor PRESIDENTE:** Eu escoiteille a vostede ler dende o teléfono móbil...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Estoulle dicindo...



**O señor PRESIDENTE:** Si, si.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que estaba lendo as palabras de Olalla Rodil Fernández sobre outro bulo do Partido Popular. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Pero, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero paréceme... Ben, iso si que non sei...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¿Non queren condenas? Pois voulle ler unha condena.

**O señor PRESIDENTE:** Vostede está lendo algo... Ben, eu non podo entrar en de onde vén ou de onde non vén. Vostede leu aquí algo desde un móbil e non xerou... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor presidente, está vostede sendo parcial, porque...

**O señor PRESIDENTE:** Non entendo cal é o problema.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...sabe perfectamente a quen se está referindo cando está mencionando á portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, que é distinta da viceportavoz parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego e que vostede coñece perfectamente, ademais, desde hai máis dunha década. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Perdón, vamos ver... A ver se eu me entendo: ¿vostede cando leu aquí estaba falando da viceportavoz ou da portavoz? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora VICESEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores):** Da vice.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Da viceportavoz? Bueno...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Eu lin o da viceportavoz...

**O señor PRESIDENTE:** Perfecto.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e fixen mención ao da portavoz, e despois foi posteriormente manipulado o que dixo a portavoz nacional...,

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pero...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...porque se está negando o que recoñeceu.

**O señor PRESIDENTE:** Non entendo cal é o problema, logo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Non, non. Pero iso xa é a xuízo da Presidencia, e iso non é un asunto que entre agora aquí no debate. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non ten nada que ver. Non, porque me abre outro debate. Non, non, non. *(Murmurios.)*

Vostede leu o que leu da viceportavoz, pois perfecto. Este grupo...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Lin moitas cousas, señor presidente. En dúas intervencións...

**O señor PRESIDENTE:** Ben, xa, pero é que non pode ser.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero estoume referindo a que houbo unha inexactitude sobre o que dixou ou deixou de dicir...

**O señor PRESIDENTE:** Non me abra outro debate por outro lado...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...a portavoz nacional da primeira forza da oposición...

**O señor PRESIDENTE:** Está o que leu aquí, que, por certo, me gustou o que leu, e nada máis.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...deste Parlamento e que vostede ten que respectar. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non.

Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Que vostede ten que respectar.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non. Grazas. É que iso é abrir outro debate. Non. *(Murmurios.)*

Grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estou...

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas. Ben, de acordo.

### **Alteración da orde do día**

**O señor PRESIDENTE:** Agora temos dúas alteracións da orde do día.



Continuamos coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmela González Iglesias e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación e composición do Observatorio das Mulleres do Mar**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Boa tarde a todas e a todos.

Boa tarde, conselleira.

O 9 de marzo de 2022 aprobamos neste hemiciclo por unanimidade a creación do Observatorio de igualdade do sector pesqueiro galego, incidindo na necesidade de que tivese a achega orzamentaria precisa e que estivese formado por persoal técnico, co obxectivo de analizar e establecer medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou —e este dato é importante— en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación.

Durante máis de dous anos tanto a conselleira como a secretaria xeral da Igualdade afirmaron que o Observatorio ía ser incluído na nova Lei de igualdade, e mentiron, porque o proxecto de lei non recollía esta figura, e foi grazas a unha emenda do BNG que se introduciu a creación do Observatorio da Muller e do Mar, aínda que con algunha diferenza substancial, xa que o Observatorio demandado polas mulleres era separado, un observatorio para as mulleres do mar e outro para as mulleres do rural, por ser unhas realidades totalmente distintas, e creouse un único observatorio.

Pasaron tres anos desde o acordo plenario que se aprobou por unanimidade e máis dun ano desde a aprobación da Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza e seguimos sen saber nada da creación deste observatorio. Acaba de anunciarnos vostede que «estamos trabajando en ello», pero non só non avanzamos na creación do Observatorio, senón que, pola porta de atrás, na Lei de acompañamento aos orzamentos, modificaron a composición do Observatorio, reducindo a representación das mulleres do sector e das persoas expertas de recoñecido prestixio que estaban recollidas na lei inicial, que farían precisamente deste observatorio unha ferramenta real para acadar a igualdade entre homes e mulleres no sector do mar.

Excluír da composición do Observatorio as persoas expertas, que son as que poden estudar, analizar e establecer as actuacións necesarias para reducir a desigualdade no sector non ten absolutamente ningunha explicación, salvo a de converter este observatorio nun órgano inútil para dicir que se fai e non facer nada. E é un insulto, conselleira, que non garantan a participación das organizacións nas que as mulleres representen a maioría das persoas traballadoras, particularmente as mariscadoras, redeiras ou as do sector da conserva, tal e como recollía a lei.

¿Pensa vostede, conselleira, que a Federación Galega de Confrarías vai representar todas as mulleres do mar?; ¿ás redeiras, ás traballadoras da conserva...,



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...ás traballadoras...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...da industria conxeladora...?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o tempo.

Grazas.

*(A señora González Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora González, a Lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres en Galicia supuxo un fito para a nosa comunidade, situándonos como auténtico referente na loita polos dereitos das mulleres. Como ben di ese texto — ante o que o Bloque Nacionalista Galego se abstivo —, incluía a creación de órganos colexiados de asesoramento, entre os que se atopaba o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar; un observatorio que inclúe entre as súas funcións recompilar, analizar e intercambiar información para coñecer mellor a situación das mulleres do mar, así como detectar as súas necesidades. Tamén permite este observatorio formular propostas e tamén recomendacións sobre liñas estratéxicas, sobre prioridades, especialmente sobre o acceso a postos directivos e a postos de representación. E tamén inclúe a realización de investigacións e de estudos específicos, como a posta en marcha de foros de comunicación e de debate.

Mire, a súa composición, como non podería ser doutro xeito, avalíouse directamente co sector, co que se mantiveron encontros para concretar a súa representatividade. Precisamente froito desas reunións e a petición do propio sector, determinouse a inclusión da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, que é unha federación que, como vostede sabe, agrupa a maioría das mulleres profesionais do ámbito pesqueiro e do ámbito marisqueiro, e tamén é o seu máximo órgano representativo. Polo que — repito — a composición do Observatorio foi froito, única e exclusivamente, da escoita activa do sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, a señora González.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Conselleira, de 63 confrarías, só tres patroas maiores, o menor número na historia das confrarías. *(Aplausos.)* No Comité Executivo da Federación





Galega de Confrarías: presidente, home; vicepresidente primeiro, home; vicepresidente segundo, home; e dos 12 membros do Comité Executivo, 10 homes e 2 mulleres. Consello Galego da Pesca: 9 mulleres, 45 homes.

E fala vostede de que van promover a participación de mulleres nos órganos de dirección. ¿Como van facelo, conselleira? ¿Como van garantir que haxa mulleres nos órganos de participación? ¿Como van conseguir que a Federación Galega de Confrarías inclúa mulleres no Observatorio de Igualdade das Mulleres do Mar? ¿Como van estar representadas as redeiras, as traballadoras da conserva, as traballadoras do conxelado, as traballadoras das peixerías, que non están dentro das confrarías? ¿Como, conselleira?

Non é certo, tal como nos indicaron na resposta, oportunamente remitida onte; respondéronnos que as confrarías integran a maioría das mulleres do sector; faltan todas estas mulleres que forman parte do sector do mar. Negan vostedes as desigualdades e as discriminacións no sector do mar; néganlles o dereito ás mulleres de ocupar o lugar que lles corresponde, conselleira; reforzan vostedes o teito de cristal a que se enfrontan as mulleres do sector do mar, invisibilizándoas e discriminándoas. ¡¿Este é o feminismo do Partido Popular, conselleira?!

Falounos o PP —acabamos de oírlo aquí—, en varias ocasións, de sectarismo e de feminismo sectario. ¿Como chaman, entón, a vetar a participación de asociacións de mulleres no Consello Galego da Pesca ou no Observatorio das Mulleres do Mar? Van tres anos desde que acordamos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, grazas.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** ...que ían poñer en marcha o Observatorio. ¿Cando van facelo e con quen? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora González, ¿de verdade está o Bloque Nacionalista Galego en contra dun cambio que permite incluír neste órgano toda esa organización que integra, a través das confrarías, a maioría das mulleres profesionais do sector pesqueiro e do sector marisqueiro? Armadoras, mariñeiras, mariscadoras...; todas elas están asociadas e están representadas nas confrarías de pescadores. De feito, a modificación que incorporamos establece expresamente que as mulleres vogais deben proceder do sector extractivo.

Eu lémbrolle que a Federación Galega de Confrarías agrupa as 63 confrarías galegas que contan con, ao redor de, 10.750 afiliados, dos cales 3.300 son mulleres, e que, no seu conxunto, máis de 200 mulleres están nos órganos de goberno das confrarías. Polo tanto e polo que me preguntaba, sobre posta en marcha do Observatorio —xa lle pode dicir— que esta-



mos ultimando — como dicía — a súa tramitación, e estará operativo nos vindeiros meses, con ese obxectivo de escoitar sempre e de ter en conta as voces das mulleres que traballan día a día e que garanten un sector que é vital para o futuro de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Boa tarde a todos e a todas.

Hai máis dun ano que se veñen sucedendo protestas na Residencia para Persoas Maioras do concello de Ortigueira, por causa da comida; unha residencia pública xestionada polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, en que conviven cincuenta persoas. Durante este ano mandaron cartas á dirección do Consorcio, ao Concello e mesmo á Valedoría do Pobo. En todas as comunicacións preocupáronse de explicar con claridade e con exemplos, o porqué das súas queixas pola comida: desde atopar tomate no caldo, pasando pola dificultade para separar a pasta ou as patacas, que, moitas veces, parecen un engrudo e, ata, en xeral, para recoñecer a comida que lles serven.

Despois de que ninguén lles fixese caso, decidiron montar unha plataforma e publicar vídeos da comida nas redes sociais para que o público en xeral puidese ver e comprobar en que consiste a súa alimentación. Hai un vídeo que superou as trinta mil visualizacións, e que eu recoméndolle encarecidamente que o vexa. O vídeo mostra un prato, supostamente é «pescada provenzal», mais é absolutamente imposíbel distinguir nin o peixe nin as patacas; é todo unha masa homoxénea máis parecida a un puré espeso do que a outra cousa.

As persoas residentes din que a maioría dos pratos van de volta tal como veñen. A xente non come, e, nas palabras dunha das señoras maiores da Residencia, pasan «máis fame que na guerra»; unha frase que repiten as persoas portavoces da plataforma porque a consideran a mellor descrición da situación que viven na Residencia.

As respostas que recibiron estas persoas desde o Consorcio ou as que recibimos nós, o grupo parlamentario do BNG, e as que difundiu o Partido Popular, consisten en negar a evidencia, en desacreditar as persoas portavoces e en insistir en que, na Residencia, teñen a mellor comida que poderían ter.

As protestas serían logo o resultado dunha conspiración contra o Partido Popular, contra o alcalde e contra a Xunta, que non teñen reparo ningún en dar a volta á tortilla e, no colmo da desvergoña, en colocarse como vítimas, tratando de mentirosas e conspiradoras as persoas usuarias dun servizo público sobre o cal o único que fan é protestar contra unha mala



prestación do servizo, concretamente, contra a mala calidade da comida que teñen que consumir a diario.

Contra este relato falso e ruín do Partido Popular, a plataforma convocou unha concentración de protesta que foi masiva e na cal falaron varias persoas profesionais do sector da alimentación que explicaron que o máis importante dunha dieta saudábel para ser, efectivamente, saudábel, é que sexa comestíbel, porque, se, como dixeron, os pratos van de volta como veñen, non se consegue nada, e todo o discurso da seguridade alimentaria e da dieta adaptada queda fóra de xogo. E alí tamén explicaron que a Residencia dispón dunha cociña máis que preparada para poder elaborar a comida para todas as persoas que viven na Residencia, cumprindo con todas as medidas necesarias. Creo que todas as persoas aquí presentes sabemos que unha comida elaborada no momento sempre será mil veces mellor que outra que chega envasada unha vez á semana. Na Residencia de Ortigueira teñen unha cociña que permitiría elaborar a comida diaria.

¿Por que a Xunta de Galiza desbota esta posibilidade e decántase por atacar as persoas que protestan e que reclaman ter unha vellez digna? Porque diso estamos a falar: temos dereito a unha vellez digna e a ser tratados e tratadas...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** ...na vellez, como persoas de plenos dereitos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Terminou o tempo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señor Fernández, a alimentación das persoas maiores é unha cuestión clave para o mantemento da súa saúde, para a prevención de enfermidades e, en definitiva, para mellorar a súa calidade de vida; por iso, na Xunta de Galicia somos conscientes desta importancia, e, por iso, ofrecemos un servizo de comedor que combina a calidade dos produtos, o valor nutricional e, por suposto, está adaptado ás necesidades nutricionais de cada usuario dunha residencia de maiores.

Mire, o servizo, ao cal vostede fixo referencia, é o mesmo que se ofrece, día a día, nos setenta centros de maiores da Rede autonómica da Xunta de Galicia que xestiona o Consorcio; é o mesmo que comen diariamente os 2.500 usuarios que residen nos mesmos; e é o mesmo que servimos, a través do servizo Xantar na Casa en douscentos concellos, con máis de tres mil menús diarios. Estou falando, polo tanto, dun servizo que leva funcionando máis de ca-



torce anos con total normalidade, e que, por suposto, como con calquera outro servizo, pode haber queixas.

Eu hoxe quero defender a calidade dun servizo que conta con menús supervisados por nutricionistas e que están adaptados ás dietas pautadas polos servizos médicos dos distintos centros; menús nos cales, ademais, se empregan produtos de primeira calidade, que están amparados por selos de garantía, e son menús que pasan rigorosos controis sanitarios para garantir a óptima prestación do servizo; polo tanto, é un servizo que conta cun nivel de satisfacción moi alto, tal como demostran as enquisas que lles facemos periodicamente, e ese servizo da Residencia de Ortigueira é o mesmo servizo que se presta nos distintos centros da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Señora conselleira, se a comida feita nun *catering*, unha vez para toda a semana, envasada, transportada e requentada é máis segura, máis nutritiva e mellor, ¿por que aquí, no Parlamento, nós temos unha cociña que serve a comida recentemente elaborada e non a encargamos, unha vez á semana, nun *catering*? ¿Será que o señor presidente do Parlamento é un temerario que está a poñer en risco a seguridade de todo o persoal traballador que come aquí habitualmente e mais a seguridade de todos os deputados e as deputadas? ¿Como pode ser posíbel que a Xunta de Galicia poña en dúbida a veracidade e o fundamento das queixas das persoas usuarias da Residencia de Ortigueira?

Señora conselleira, o BNG rexistrou o 24 de xaneiro unha solicitude para que os grupos do Parlamento visitemos a Residencia e poidamos comprobar a comida. Mes e medio despois, a Xunta, o seu departamento, aínda non nos deu ocasión.

E antes de rematar, quería envarlle os nosos mellores desexos á señora Antonia, unha residente de 106 anos, que leva unha semana ingresada e que foi a persoa que dixo que pasaban máis fame que na guerra. Nas residencias do noso país hai moita xente como a señora Antonia, de máis de cen anos ou de noventa e moitos, e non están para discursos; non están para encabezar protestas; non están para enfadarse coas persoas que lles preguntan como avalían a calidade do servizo. Nin están nin queren. Vostedes saben iso; vostedes coñecen a súa vulnerabilidade; coñecen a vulnerabilidade das persoas maiores, e aprotéitanse diso. Aprotéitanse da vulnerabilidade das persoas maiores.

¿Que pasou neste caso en Ortigueira? Que hai un grupo de rapaces e de rapazas de oitenta e poucos anos que dixeron que «por isto non estamos dispostos a pasar». E afortunadamente deron cunha sociedade e cunhas entidades que apoiaron e que apoian as súas reivindicacións; entre elas está o BNG, porque é unha demanda básica respectar a dignidade das persoas maiores, que son cidadáns e cidadás de pleno dereito.



Teñen dereito a unha comida de calidade e teñen dereito tamén a protestar sen que ninguén procure desacreditalos.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Política Social e Igualdade.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señor Fernández, ¡non vou tolerar, baixo ningún concepto, que se cualifiquen os menús, que se serven nos distintos centros residenciais, como comida de guerra, nin que vostede diga hoxe que nos aproveitamos da vulnerabilidade das persoas maiores! Non llo consinto, señor Fernández; *(Aplausos.)* non llo consinto. *(Aplausos.)*

Mire, esa comida de guerra que vostede menosprezou é a mesma comida que se ofrece no servizo Xantar na Casa, e — como vostede sabe — o servizo Xantar na Casa é un dos servizos mellor valorados, tanto polos propios usuarios como polos propios concellos, de que dispoñemos da Xunta de Galicia. Mire, eu supoño que, se esa comida fose tan mala, o Concello de Santiago e a súa alcaldesa non solicitarían unirse ao servizo e *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non o estarían ofrecendo dende este mesmo mes, como están facendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non, señor Fernández?

Mire, señor deputado, como non podería ser doutro xeito, na Xunta de Galicia controlamos e supervisamos a calidade dos menús que ofrecemos en todos e cada un dos centros residenciais.

Por suposto que escoitamos as posibles queixas; ¡só faltaría! E tamén modificamos, moitas veces, algúns menús en función das opinións que nos trasladaban a través das distintas enquisas de satisfacción, pero é que, ademais, os responsables técnicos do Consorcio comeron varias veces nos distintos centros da comunidade autónoma e sempre teñen un obxectivo, que é comprobar directamente o funcionamento do Servizo.

Polo tanto, en definitiva, señor Fernández, o que hai nos centros da Xunta de Galicia son produtos de calidade, son controis nutricionais e é a escoita activa da Xunta de Galicia; en definitiva, o que hai é un compromiso coa nutrición das persoas maiores fronte á demagogia permanente do nacionalismo galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto cuarto, que é proposicións non de lei.



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Silvia Longueira Castro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir no texto da parte resolutiva o que segue a continuación:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- a) Deseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.*
- b) Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.*
- c) Que o acceso aos distintos eventos sexan en igualdade de condicións.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra o señor Borja Vereá.

**O señor VERA FRAIZ:** Grazas, presidente.

Nós non nos imos cansar de insistir, porque é un asunto que tivo xa varias unanimidades neste Parlamento, pero segue sen resolverse.

Non nos imos cansar de insistir porque queremos saber que é o que está pasando e cal é a explicación a que hoxe aínda non estean declaradas nin activas as bonificacións, a declaración. Estamos falando dun consenso total para que o Xacobeo 2027 sexa declarado un evento de excepcional interese público, e, sen embargo, non o é no día de hoxe; non o é.

Como xa falamos e debatemos, noutras ocasións, non imos insistir en que a causa principal da falla de declaración é que non hai orzamentos estatais. E así é, así é. Loxicamente, o lugar e o espazo xurídico natural para esta declaración está nas disposicións dunha Lei de orzamentos, pero existindo, como existe, un consenso político e —entendemos— tamén vontade política, pois poderíase poñer en marcha esta mesma declaración noutra lei ou incluso nunha lei independente. Polo tanto, claro que hai solucións; hai solucións e o que é máis importante hai consenso e unidade política. Por conseguinte, ¿que é o que falta? —¿que é o que falta?— ; creo que esta é a pregunta que nos estamos facendo todos, e a resposta unicamente é que o que parece que falta é vontade política do Partido Socialista.





É importante lembrar por que é importante esta declaración porque permite poñer en marcha os incentivos fiscais de apoio ao Xacobeo, e, polo tanto, abre a porta á colaboración público-privada. Podemos poñer o exemplo do anterior Xacobeo para poder ver entre todos a importancia da declaración e como este mecanismo permitiu poñer á disposición de todos os galegos, de toda Galicia, 30 millóns de euros, nomeadamente 28 millóns de euros, con que corenta operadores económicos, é dicir, corenta empresas, axudaron a que o Xacobeo fose un éxito. Vinte e oito millóns que o sector privado puxo á disposición de todos os galegos, grazas a esta declaración.

No día de hoxe, sen orzamentos e sen unha declaración, aínda que sexa independente ou autónoma, pois estes fondos hoxe están en perigo e están en risco. Sería unha inmensa irresponsabilidade — unha inmensa irresponsabilidade — non facer esta declaración con carácter urxentísimo. Hoxe non toca insistir na unidade porque está máis que demostrada no Parlamento de Galicia, tanto en comisión como en sesión plenaria; hoxe toca pedir vontade política — toca pedir vontade política — alí onde non existe, que é no Partido Socialista ou no Goberno de España, gobernado polo Partido Socialista. Non declarar como evento de excepcional interese público o Xacobeo 2027 terá consecuencias negativas para toda Galicia e para todos os galegos. Como dicía, xa pasou o tempo do urxente; estamos no tempo do urxentísimo, e hoxe aquí esperamos, polo menos, a resposta do Partido Socialista a dúas preguntas — a dúas preguntas —: ¿por que non está feita a declaración? Esta é a primeira pregunta; e a segunda é: ¿cando se vai aprobar a declaración?

O próximo Ano Santo Xacobeo 2027 representa unha oportunidade única para reforzar o posicionamento internacional de Galicia como destino cultural de referencia a nivel mundial. Terá un impacto directo sobre todos os sectores estratéxicos da economía galega, con iniciativas en materia de sostibilidade e de preservación do patrimonio. Xa analizamos tamén noutras intervencións que o Camiño de Santiago e o Ano Santo son dous produtos culturais ou os produtos culturais máis sostibles, máis socializantes e máis ecolóxicos que existen, e que temos a sorte histórica de que son cen por cento galegos.

Queremos respostas — como dixeran —, porque queremos esa declaración, que xa chega tarde. Estaremos atentos á intervención do Partido Socialista. Volvo repetir as dúas preguntas: ¿por que non está feita a declaración, cando xa está máis que demostrada a vontade única do Parlamento de Galicia? — polo tanto, a vontade política dos galegos —; e, ¿cando se vai aprobar a declaración?.

E, para rematar, se me permiten dirixirme ao señor Pérez, do BNG, a conselleira Fabiola García é, sobre todo, unha veciña de Santiago — é unha veciña de Santiago —. Eu pedín expresamente ao Concello de Santiago, gobernado polo BNG, que condenase expresamente — que condenase expresamente — o ataque machista, non a unha conselleira, senón a unha veciña de Santiago. Non puido ser — non puido ser —. ¡Que pena!, ¿verdade? Unha alcaldesa, unha muller, que non ten a valentía de defender unha veciña de Santiago — política, si —, que sufriu un ataque machista directo. (*Aplausos.*) Eu doulle, señor Pérez, os tres minutos de réplica, e, espero que sexa vostede máis valente — que sexa vostede máis valente —, que a súa compañeira alcaldesa do BNG, que non tivo a valentía de defender — insisto — non unha conselleira, senón unha veciña de Santiago.



Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Polo Partido Socialista, o grupo emendante, ten a palabra a señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

É a terceira vez que falamos deste tema aquí, no Pleno, e nas comisións. Xa dixemos que si e que iso se ía ter en conta. Supoño que os gobernos teñen os seus tempos e teñen que aprobar as súas cuestións.

En calquera caso, é inicio do ano 2025 e ata 2027... O que estaría ben é que, a próxima vez... —nós presentamos dúas emendas e nós ímoslle dar para adiante a esta proposición—..., engadisen as emendas que nós tamén presentamos, que non teñen maior cuestión. A próxima vez traíanas aquí engadidas.

Por suposto que coñecemos a importancia do sector turístico e que se reflicte nos datos do INE. O ano 2024 superou, en Galicia, trece millóns e medio, con 115.000 novas noites con respecto ao ano anterior, ao ano 2023. E tamén un dato bo, pola desestacionalización, porque vai en aumento. Esta incrementouse en maio nun 11,1 por cento e en novembro nun 12,2 por cento, é dicir, é unha boa noticia fóra da época estival, e si que fai todo máis propicio para o sector turístico. Tamén é verdade que o compromiso co sector se demostra nos orzamentos; estes só soben 1,53 por cento en promoción e protección do turismo, mentres a subida do orzamento da Xunta é dun 6,25 por cento. Os datos demostran tamén a importancia que lle dan vostedes, a Xunta de Galicia, a potenciar o sector.

No PSdeG sempre falamos de incrementar a potencialidade dun sector con capacidade de crecer; iso si, defendemos un turismo de calidade, sostible e que teña un balance entre o que é o turista e a veciñanza, o territorio e a expansión...; e —insisto— defendemos ese turismo sostible, un turismo transversal, tendo en conta que Galicia ten unha gran diversidade para aproveitar o seu potencial, sobre todo nun turismo desestacionalizado. Parece ser que para vostedes o único potencial turístico é o Camiño de Santiago —e por supostísimo que é algo senlleiro—, e nós xa temos manifestado en moitas ocasións que ten un potencial importantísimo para Galicia, pero non é o único que existe.

Todos compartimos a importancia que ten o turismo no tecido económico do noso país, como así o reflicten os datos que acabo de dar do PIB. Pero hoxe toca falar novamente do Xacobeo, que, por certo —como dicía antes—, xa debatemos aquí. E é certo que o Xacobeo 2021–2022 xa contou con esa declaración de acontecemento de excepcional interese, que foi o que tamén nós pedimos e polo que nos sumabamos ao Partido Popular. Queríamos que se firmase, que se empregase xa. Declarouno, ademais, o Goberno de Pedro Sánchez —como xa vostedes saben—, que, por certo, vén a Galicia traballar —por moito que vostedes digan— como demostrou nas infraestruturas, nas pensións, no salario mínimo interprofesional, na reforma laboral e na quitación da débeda...; e así poderíamos seguir.



Como dicía, o Xacobeo 2021-2022, grazas a que contou, precisamente, con esa declaración de acontecemento excepcional —como xa se dixo aquí—, contou coa colaboración de corenta empresas e supuxo unha aportación de máis de vinte e dous millóns de euros para os eventos. Cabe recordar que a Xunta aplaudiu a decisión que tomou no seu día a Comisión Executiva do Consello Xacobeo, un órgano dependente do Goberno central, a través do Ministerio de Cultura, para a promoción do Camiño de Santiago, polo que os beneficios fiscais para as empresas e as entidades —como tamén se dixo aquí— que apoien o Xacobeo de 2027 se amplíen a tres anos completos, como así o solicita o Goberno galego. Neste encontro, aceptouse a iniciativa galega para materializala, e, se ben é certo que debe recollerse nos orzamentos —que, por certo, vostedes non apoian a pesar do grande amor que profesan a Galicia, como pasou tamén coas pensións, pois votaron «non» ao incremento destas, cando o seu voto era necesario; e votan si cando o voto non é necesario e non conta—, hai outros instrumentos para poder materializala —cousa que tamén saben—.

Todo apunta a que vostedes non buscan o acordo unánime deste Pleno porque xa o teñen. Dado que isto —como dixen— xa o debatemos en Pleno e en comisión e se vai confrontar novamente co Goberno central e confrontar coas directrices de Xénova ou coas directrices de Feijóo. Nós, dentro da coherencia e da responsabilidade, votaremos novamente que si, pero tamén nos chama poderosamente a atención que, logo dos dous debates, nos cales presentamos unha emenda que o PP aceptou en dúas ocasións —que xa veremos se a cumpren—, volvan con esta iniciativa sen incluír a emenda, que xa foi aprobada tanto neste Pleno como en comisión.

Así que, pola nosa parte, queremos dicirlle que non hai ningún problema en valorar a súa proposición. A emenda, que pola nosa parte presentamos, só buscaba unha equidade e que o PP non utilizase un recurso turístico, como é o Xacobeo, como un instrumento político. Como dicíamos nas nosas emendas: queremos que deseñen un mapa territorial de toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos ou, cando menos, a todas as comarcas galegas; queremos que faga unha distribución equitativa e igualitaria da actuación do maior impacto por todo o territorio; e queremos que o acceso aos distintos eventos sexa en igualdade de condicións. Saben vostedes perfectamente ao que nos referimos cando dicimos que non haxa discriminacións, como sucedeu no anterior Xacobeo, e, xa que o diñeiro é un diñeiro público, todos os galegos e as galegas deben ter o mesmo acceso estean onde estean e pertenzan a onde pertenzan. Desde o PSdeG, agradeceríámoslles que incorporasen as emendas que xa fixemos en dúas ocasións, e espero que nun futuro non moi lonxano se poida firmar todo o que está xa pendente.

Evidentemente —como vostedes saben—, vostedes non apoian os orzamentos en Madrid, pero despois queren uns rápidos resultados na comunidade autónoma onde si gobernan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas, señora Longueira.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra o señor Ojea Bouzo.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, presidenta.



Efectivamente, como xa dixeron as persoas que me antecederon no uso da palabra —o grupo propoñente e a portavoz do Partido Socialista—, este tema xa veu en varias ocasións e, especialmente, tamén foi a comisións, de xeito relativamente recente. E, loxicamente, volveremos votar a favor de que o Goberno central tome a iniciativa —iniciativa realmente non é, se o fai por pedimento do Parlamento Galego—.

O que si, eu tamén vou repetir o mesmo que xa mencionei noutras ocasións, é dicir, chegado o caso de conseguir esa axuda do Goberno central e, con independencia do que poidan facer as entidades privadas, que colaborarán nesta forma de levar o Xacobeo, sobre a parte que compete á Xunta de Galicia, pediría —como xa fixen en máis ocasións— que non discriminasen a provincia de Ourense á hora de asignar eventos asociados ao Xacobeo.

Lémbrolles que, na xénese desta nova promoción do Xacobeo, que tivo lugar a principios dos anos noventa, un conselleiro do Partido Popular recoñeceu, de xeito explícito, que, na provincia de Ourense e na cidade de Ourense, non facían practicamente actividades relacionadas co Xacobeo. E a desculpa que puxo naquel momento foi o que chamou «estupendo clima da cidade de Ourense», facendo referencia a que, como en Ourense facía moito calor, non considerou oportuno levar alí concertos e outras actividades que se facían ao amparo daquel Xacobeo, que estaba naquel momento na súa eclosión contemporánea. Entón, cada pau que aguante a súa vela —como se di habitualmente—. E o Goberno central que faga caso e que escoite este Parlamento nesta petición, que xa se lle ten feito de xeito reiterado.

E eu quero repetir que, dalgunha maneira, vai na liña da emenda ou, polo menos, dun dos puntos á emenda do Partido Socialista, a repartición de actividades turísticas, culturais et-cétera asociadas a ese Xacobeo do ano 2027 non deixe de lado a provincia de Ourense, senón que a teña moi en conta.

Nada máis e grazas.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Ojea.

É a quenda agora do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Realmente, ¿que é o que perseguen con esta iniciativa, señor Verea? Porque, se o que buscan —e xa o dixo tamén vostede— é acadar o acordo unánime do Parlamento..., se o que buscan é mandar unha mensaxe clara ao Goberno do Estado por parte dos partidos que integran o Parlamento galego..., iso xa o acadou; xa o acadamos ata en tres ocasións.

Todos estamos de acordo en solicitar ao Goberno do Estado a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese para que aquelas empresas que queiran pa-



trocinar o Xacobeo se poidan acoller aos beneficios fiscais que, en forma de desgravacións ou de achegas, efectivamente, contempla a Lei de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro e de incentivos ao mecenado. E estamos tan de acordo con isto que os tres grupos votamos a favor da iniciativa na Comisión 6ª de finais do ano pasado e no pleno de hai un mes e medio, como, ademais, tamén xa fixemos cando trouxeron vostedes ao Parlamento a mesma iniciativa no relativo ao Xacobeo 2021-2022.

E hoxe volveremos facelo. Os do «non», os anti-empresa, os anti-Xacobeo..., votando «si» a unha iniciativa do Partido Popular que fala sobre —Deus me perdoe— o ano Santo Xacobeo, os patrocinios, as colaboracións xurídico-privadas ou sobre os beneficios fiscais para a empresa. E fixémoslo ata tres veces, ¿eh?; así que nin sequera podemos dicir que fose por erro. Isto fai saltar polos aires o relato, cada vez máis difícil de soste, que o PP intenta transmitir, día si e día tamén, no Parlamento, de que somos os do «non», porque xa insisto ¿eh?, ¡ata en tres ocasións votamos a favor deste mesmo texto!

¡Bueno!, imos puntualizar, hai unha novidade: neste caso, *se lo curraron un poquito más* e introducíron algunha cifra, algún dato e algunha literatura máis na parte expositiva, quitando —iso si— a referencia que había ao Camiño de Santiago na anterior iniciativa, porque tamén cando falamos de turismo e da declaración do Camiño de Santiago como patrimonio da humanidade..., quen ten Altri ten medo, ¿verdade, señor Vereas?

En definitiva, repítense vostedes con esta iniciativa máis có allo —e mire que a min me gusta o allo, ¿eh?—, pero isto fai que me volva preguntar, esta vez dun xeito xa retórico, que é o que pretenden con esta reiteración nunha cuestión en que é indubidable que hai un acordo unánime na Cámara. E fago unha formulación retórica da pregunta porque nunca me reconecerá vostede que a auténtica motivación desta iniciativa non é acadar o apoio do Parlamento para que o Goberno do Estado articule unha vía que permita as desgravacións de achegas das empresas patrocinadoras do Xacobeo 2027, aínda que non haxa orzamentos aprobados.

Preguntábase vostede daquela que era o que faltaba, é dicir, se había ese apoio parlamentario. Falaba vostede de vontade política. Pois se hai apoio parlamentario, eu creo que agora dependerá da capacidade de negociación do Goberno galego para acordar co Estado medidas moi positivas para as empresas galegas. Pero, ¿sabe cal é o problema? Que en Madrid vostedes aplicaron a política da «terra queimada», e, agora, a capacidade do Goberno galego é nula polo lameira en que o PP —e tamén coa colaboración inestimable do Partido Socialista— converteu a política estatal e que intenta estender cara ao noso país, dun xeito ou doutro; e iso a Galiza, ao noso país, estalle custando e vaille custar moi caro.

Por tanto, volver traer esta cuestión aquí só responde a unha motivación: atacar o Goberno estatal, facendo un seguidismo cego da estratexia marcada desde Xénova polo Partido Popular; un seguidismo servil a Madrid e kamikaze cos intereses galegos, ata o extremo de intentar xustificar —e levan toda a mañá intentando facelo— que o PP diga que non á quitación da débeda galega, por un importe de 4.000 millóns de euros, isto é, o 33 por cento da débeda galega; ata ese punto chega a submisión do Partido Popular a Madrid: a intentar xustificar, ou non, esa quitación; ou si, ou non sei, como diría o señor Corgos. Tampouco o temos demasiado claro. (*Aplausos.*)





A reiteración da iniciativa tamén amosa outra cousa que, para min, é moi preocupante —e dígollo desde o cariño—, que é que o Grupo Parlamentario do Partido Popular non está interesado en traballar para garantir ao turismo galego un futuro, para garantir o futuro do sector turístico galego. ¿Cantas iniciativas sobre turismo trouxeron vostedes a este Parlamento na presente lexislatura? Máis aló desta iniciativa [...] sobre as desgravacións a patrocinadores, e máis aló das sorprendentes, exhaustivas e incisivas preguntas que formulan vostedes ao Goberno, na Comisión 6ª..., ¡nin unha, nada, a nada máis absoluta! ¡Non trouxeron nin unha soa proposta!

Pero, ¡oh sorpresa!, votaron en contra das iniciativas do BNG, dalgunhas, da maioría, nas cales, a través da activación dun observatorio turístico de Galiza, pedimos algo tan revolucionario como sistematizar todo tipo de datos sobre o turismo para permitir así planificar e acertar coas políticas públicas implementadas no mundo e no ecosistema turístico. ¿Saben, señorías, o que votou o Partido Popular? Votou «non». Cando pedimos unha análise científica e unha monitorización da actividade turística galega para ter unha visión global da situación e a evolución da industria do turismo ante o cambio de paradigma indubidable derivado do cambio climático, ¿saben, señorías, o que votou o Partido Popular? Votou «non». Ou cando pedimos o apoio da Cámara para impulsar unha nova Lei de turismo de Galiza para abordar os desafíos a que se enfronta o sector e para proporcionar algo tan importante como un marco regulador actualizado e adaptado á realidade turística do noso país, ¿saben vostedes, señorías, o que votou o Partido Popular? O Partido Popular votou «non». ¿Quen son, neste Parlamento, os do «non», señores do Partido Popular?

Este grupo vai apoiar, por terceira vez, a iniciativa. E eu desde logo, non vou esgotar o tempo que me resta da intervención porque a nosa posición —creo— está bastante clara. Vou sentar e rematar unha iniciativa para que a Xunta execute unha infraestrutura que potencie o atractivo turístico de Cabana de Bergantiños e vou rexistrar tamén unha iniciativa na cal pedimos ao Goberno da Xunta que deixe de exercer de tapón para o desenvolvemento económico dun pobo e dunha comarca enteira, para que, despois de quince anos de promesas incumpridas, executen, dunha vez por todas, a ampliación do polígono de Bértoa e a circunvalación de Carballo; a ver se, desta vez, ninguén ma copia literalmente. Para iso estou aquí, para traballar por isto.

E, a respecto de Gorette Sanmartín, alcaldesa de Santiago de Compostela, leccións de feminismo por parte do Partido Popular, ningunha, señoría. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Pérez López.

Para pechar esta proposición non de lei, ten a palabra o deputado do Grupo Parlamentario Popular, o señor Vereia Fraiz.

**O señor VEREA FRAIZ:** Grazas, presidenta.

Señor Pérez, esperaba un pouco máis de valentía; tiña esa esperanza.

Eu pedín ao Concello de Santiago que defendese unha veciña de Santiago; unha alcaldesa muller para que defendese unha veciña de Santiago ante un ataque machista. ¡Que pena,





¿verdade?! —repito—, ¡que pena! E estou convencido de que se están enrocado nunha rúa sen saída, porque é unha auténtica pena que a alcaldesa de Santiago non teña a valentía de defender unha veciña de Santiago dun ataque machista tan cutre. *(Aplausos.)*

Fixen dúas preguntas e xa dixeran que, loxicamente, a unanimidade xa estaba conseguida; polo tanto, había dúas preguntas por responder. ¿Por que non está xa a declaración feita? ¡Claro!, coidado coa resposta do Partido Socialista: «O Goberno terá os seus tempos».

Pois mire, mentres aquí faciamos os nosos alardes de unanimidade, en Madrid, nas Cortes Xerais, ¿que respondía o Goberno á nosa petición? O 16 de decembro do ano 2024: «O Goberno non presta a conformidade para a súa tramitación». Por tanto, mentres aquí o Partido Socialista estaba dicindo que si e estaba aplaudindo a unanimidade, en Madrid estaba dicindo por escrito —supoño que terá a documentación o Partido Socialista— que non prestaba a conformidade. Por tanto, ¿cal é a verdadeira posición do Partido Socialista?

Na última intervención —creo que a defendía a compañeira do Partido Socialista, Lara Méndez—, eu pedinlle expresamente axuda. Díxenlle: «Por favor, fale co Ministerio, fale coa Secretaría de Estado, fale coa Dirección Xeral..., porque loxicamente ten unha interlocución máis cualificada da que poidamos ter nós. Bótenos unha man, porque necesitamos e queremos esa declaración». ¿Fixeron algo? Entendo que non, porque a resposta hoxe é para bostarse a temblar: «O Goberno terá os seus tempos».

Como dixeran, acabou o tempo do urxente, e estamos no tempo do urxentísimo e de activar todas as alarmas. No anterior Xacobeo houbo tres anos de bonificacións para preparar con calma e con estratexia o Xacobeo; agora xa levamos un ano perdido —xa levamos un ano perdido—.

Se a insistente unanimidade do Parlamento de Galicia non é suficiente para activar a vontade política do Partido Socialista, só nos queda unha triste interpretación: que estamos ante un boicot doloso para facer dano a Galicia por intereses partidistas. Esperamos que non sexa así e que, de verdade, se active esa vontade política e se declare, canto antes, o Xacobeo 2027 como evento de excepcional interese público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vereá.

¿Acepta a emenda do PSOE? Si.

Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Olla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a crear unha estrutura pública sólida e especializada en Galicia na defensa dos dereitos das mulleres, e para iso debe asumir o compromiso de:*

- 1. Crear unha consellería con competencias únicas en materia de Igualdade, que garantirá que a igualdade entre mulleres e homes sexa un eixo vertebrador das políticas do goberno galego, e dedicarase de xeito especializado á defensa e promoción dos dereitos das mulleres en Galicia, coordinando toda a acción do Goberno galego en materia de igualdade.*
- 2. Poñer en marcha as Unidades de Igualdade entre mulleres e homes en todas as consellarías do Goberno galego, coordinadas desde a Consellería de Igualdade, garantindo así a aplicación transversal do principio de igualdade entre mulleres e homes.*
- 3. Crear o Instituto Galego de Muller, recuperando así o senlleiro organismo público responsable da defensa da igualdade entre mulleres e homes en Galicia, fulminado polo PP no ano 2010.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¡Que pena, si!

Hai moitas cousas que dan pena neste momento, como a degradación política do Parlamento galego, como que se intente disfrazar de falta de comprensión lectora ou sonora o que, na realidade, é unha burda manipulación: *(A señora Presas Bergantiños quita o seu teléfono móbil e le directamente del.)* «Eu entendo que as mulleres en política —ao igual que os homes— temos que criticarnos polas nosas actuacións no marco político, e calquera outra crítica creo que está fóra de todo o lugar porque —como xa dixeran e volvo repetilo, aínda que dá igual porque o Partido Popular non quere entender— as mulleres, en política, temos que criticarnos polas nosas actuacións políticas e non por calquera outra consideración».

Isto díxoo Ana Pontón no 5 de marzo. É a transcripción de *La Voz de Galicia*. Nin sequera me atrevín a empregar as nosas propias notas de prensa, pero teñen vostedes tamén os dous vídeos en que Ana Pontón dixo isto e nos cales dixo moito máis, pero que non queren escoitar nin tampouco que se lea no Parlamento, porque o que queren é tapar cal é a verdade fronte ás súas difamacións, *(Aplausos.)* para tapar a súa nula política laboral e a súa nula política de igualdade en materia de dereitos para as mulleres. Iso é o que queren tapar, e iso é unha verdadeira pena. *(Aplausos.)*

Pero, fronte a un Goberno do Partido Popular sen iniciativa política..., fronte a un Goberno do Partido Popular obsesionado con facer oposición ao BNG no lugar de traballar..., fronte a un Goberno do Partido Popular en folga de brazos caídos no que á igualdade se refire..., e fronte



a un Goberno do Partido Popular cada vez máis atado pola dereita máis extrema..., aquí está o BNG. Un BNG comprometido coa igualdade real e con facela efectiva; un BNG comprometido con non permitir, non só nin un só paso atrás, senón tampouco con permitir a máis mínima relaxación no avance do dereito das mulleres a unha vida sen discriminación, tampouco pola súa importancia no ámbito económico e laboral; un BNG que cre, ademais, no autogoberno e na capacidade de impulsar instrumentos desde Galiza —como sempre fixemos cando tivemos a oportunidade— que nos fagan avanzar no concreto e que nos teña na vangarda das políticas públicas, como no seu día fixo coa Lei de violencia machista; un BNG, en definitiva, que non se distrae e que non cae na degradación e no ruído aos cales nos quere levar o Partido Popular.

Estamos por riba diso e, como alternativa política, traballamos como líderes da oposición en xerar instrumentos ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas e en xerar medidas ambiciosas; unhas medidas ambiciosas fronte á política cosmética —dicíao na intervención da comparecencia da conselleira de Igualdade— en que as grandes propostas son desenvolver dous aspectos que levan na lexislación —insisto— dezasete e dezaioito anos. E, fronte a iso, o que hai que incorporar son cuestións concretas e firmes; por iso nos abstivemos na tramitación da Lei de *restyling* de propostas de igualdade que fixo o Partido Popular un 25 de novembro de 2023, no cal non tiña máis que facer. (A señora Presas Bergantiños mostra un recorte de prensa.) Un titular que resume o que dicía aquela lei e por que non está supoñendo, un ano e medio despois, un avance significativo no ámbito laboral: (A señora Presas Bergantiños le o titular mencionado.) «A Xunta presenta unha lei para garantir a igualdade que non prevé sancións para quen a incumpra».

Así nos vai en 2025. Non podemos ter un marco de defensa da igualdade que non aborde no ámbito laboral algo tan fundamental como a investigación, a sanción e a mediación; e, por iso, hoxe traemos unha proposta que cobre este baleiro. Propoñemos, nesta proposición non de lei, impulsar unha valedoría da igualdade, é dicir, un organismo independente de defensa das mulleres ante calquera discriminación de xénero no ámbito privado, que é un dos máis delicados. Este é un instrumento que non existe —supón crear algo que non existe—, e, supón colocar de novo Galiza á vangarda das políticas públicas de defensa da igualdade e cubrir tamén un baleiro que hai no noso marco político institucional. E quero insistir nisto: é un baleiro do cal se beneficia o patriarcado, un baleiro que nos fai ser máis vulnerables e ineficaces na loita contra as fendas de xénero; fendas que son complexas, pero que, desde logo, se nos conformamos con non tocar aquilo que non funciona, desde logo, van permanecer.

Nas últimas décadas demos pasos na igualdade lexislada, entre outras razóns, porque as mulleres nos mobilizamos en folgas históricas de mulleres, que inicialmente o Partido Popular cualificaba como «machistadas»; e avanzamos tamén porque houbo capacidade de presión das forzas sindicais e da sociedade, en xeral. Pero o certo é que nos atopamos hoxe nunha realidade que é complexa: avanza o rearmamento do machismo e é unha ofensiva que busca rebaixar a igualdade lexislada, desde un Milei que ataca o dereito ao aborto —como sempre fixo a dereita— ata un Feijóo que anuncia a derogación da Lei trans e a eliminación da obrigatoriedade das seis semanas de permiso de paternidade posparto.

Estes non son feitos illados, senón que é unha ofensiva que ten como obxectivo quitar dereitos; e esta ofensiva ten consecuencias nas sociedades: esta semana viamos un titular que



dicía que unha maioría de cidadáns do Estado español cre que o feminismo foi demasiado lonxe e que se discrimina os homes, nun país en que a fenda salarial roza os 5.000 euros. É demoledor e é sintomático de que a esta ofensiva non se pode responder nin con conformismo, nin con propostas baleiras de contido, nin con mirar para outro lado ante o incumprimento da igualdade que xa está lexislada. Hai que ver que é aquilo que non funciona.

Precisamente o feminismo é iso: é cuestionarse e non conformarse. E nun contexto onde os dereitos lexislados non se cumpren e, por riba, se están cuestionando cada vez máis, hai que reforzar aqueles mecanismos de defensa ante as discriminacións e aqueles mecanismos de garantía para que se cumpran os dereitos recoñecidos polas leis, e especialmente —insisto— no sector privado, porque se hai vulneracións no ámbito público —como estabamos a ver con eses exemplos de traballadoras de residencias que traballan en residencias financiadas con fondos públicos e que están explotadas por debaixo do SMI; unha situación que afecta 12.000 persoas neste país e que á conselleira de Política Social non lle importa—, quen traballa ao cen por cento na privada ten aínda menos mecanismos de protección. Existe medo ao despido, existe medo a quedar sinalada, existe medo aos longos procesos que desgastan económica e moralmente... Aí hai un baleiro e hai un desamparo que hai que cubrir.

Propoñemos crear unha valedoría da igualdade, é dicir, un instrumento análogo a aquelas defensorías e valedorías que xa ten a cidadanía en distintos ámbitos para se protexer cando a Administración vulnera os seus dereitos. O que non podemos consentir é que, ante unha administración, que cada vez se evade máis das súas responsabilidades, non haxa un organismo ao cal a cidadanía e as mulleres, en particular, poidan acudir se son discriminadas no ámbito económico e laboral. E insistimos nisto, ademais, porque non pode ser a xudicial a única vía para este tipo de combates contra a discriminación; e non pode ser a única porque sabemos que é unha vía moi custosa, que está saturada, que é precarizada, que é lenta e que é moi custosa do punto de vista persoal. E que, ademais, non todo é xudicializable, pois hai moitas discriminacións por razón de xénero que son complexas, sutís e transversais, e que, polo tanto, é necesario que ampliemos o foco, que ampliemos a mirada e que creemos un instrumento que nos coloque á vangarda, que teña funcións de investigación, de mediación e de sanción.

En definitiva, que en marzo de 2025 teñamos que falar de dereitos e de medidas recollidas no marco lexislativo que non se cumpren, como a permanencia da fenda salarial de case cinco mil euros e de tantas outras cuestións, fai que debamos revisar as medidas que temos e os instrumentos que usamos para facelos efectivos. E iso foi, precisamente, o que o feminismo de clase e o que o feminismo demandou nestes últimos días nas súas mobilizacións.

Para iso está o autogoberno, para avanzar en dereitos, e, aprobar esta iniciativa abriría un período de seis meses para poder chegar a un consenso ao redor dun instrumento que puidese ser útil. Precisamente —pensamos—, fronte ás declaracións de intencións, son necesarias actuacións concretas e fronte ao conformismo, é necesaria a ambición. E disto vai esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.



Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde de novo.

Falaba o corpo desta iniciativa, e tamén a intervención da señora Presas, da forza do feminismo. E nós tamén queremos poñer en valor como a forza do feminismo acadou cambios lexislativos e tamén unha conciencia colectiva en prol da igualdade dos dereitos das mulleres.

E compartimos, ademais —creo que con orgullo—, e con orgullo podemos dicir, que todos os avances en igualdade na historia democrática do noso país viñeron das mans dos socialistas: dende o permiso de paternidade ata as dúas leis de interrupción voluntaria do embarazo; dende a Lei contra a violencia de xénero ata a Lei de igualdade. A igualdade para o PSOE, polo tanto, é fundamental e irrenunciable. E isto acontece porque demostramos, cando gobernamos, que os socialistas incluímos a igualdade como eixo prioritario das nosas políticas e dos nosos programas de goberno; como eixo vertebrador e transversal a todas as áreas.

Porque cremos na igualdade e porque sabemos, ademais, que os países igualitarios e cos índices máis elevados de participación equilibrada por sexos na toma de decisións, tamén son os máis desenvolvidos e os que obteñen mellores resultados económicos. Pero aínda temos moito camiño por avanzar —isto é algo obxectivo— e temos compromisos que temos que afrontar, como son a erradicación da violencia de xénero. Un paso máis nisto foi a nova renovación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, con unanimidade —¡bueno!, case con unanimidade, salvo os negacionistas de VOX—; ou foi apostar por unha economía da igualdade ou por unha democracia paritaria —necesitamos mulleres feministas nas institucións e nas tomas de decisións—; ou foi apostar tamén por abolir a prostitución e a trata de seres humanos con fins de explotación sexual —non pode quedar isto pendente—; ou foi apostar por un sistema coeducativo; ou por unha administración feminista que impida que teñamos persoal funcionario que non teña a formación suficiente. Temos que reforzar todos estes aspectos e temos que seguir, polo tanto, traballando.

En relación coa iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación dunha valedoría de igualdade, que poida fiscalizar o sector privado, como un órgano que poida recibir as queixas da cidadanía polos incumprimentos da Lei de igualdade ou en materia de igualdade, pois nós, os socialistas, en principio, non poderíamos opoñernos a que se reforcen os mecanismos de control de cumprimento das leis, pero —cremos— esta iniciativa ten máis de demagogia que de efectividade real, e voulle explicar por que.

O nome de «valedoría» suporía usar un termo que podería levar a un erro e a confundir cun órgano estatutario, como é a Valedoría do Pobo; unha Valedoría do Pobo que, como xa se atribuíu na última Lei 7/2023, de igualdade efectiva das mulleres e homes en Galicia, xa ten competencias para velar pola igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e pola erradicación da discriminación por razón de sexo —pero é verdade, ten estas competencias dentro do ámbito público—. Non podemos asumir un órgano que teña a





mesma denominación porque sería manipular un termo e sería crear unha confusión sobre un órgano estatutario como é a Valedoría do Pobo, cuxa función —como xa lle dixen— é garantir o cumprimento dos dereitos humanos e supervisar a actuación das administracións públicas. Ese sería o primeiro motivo.

E o segundo motivo sería pola estrutura deste organismo. A moción non indica nin cal sería a composición do órgano nin a cualificación ou rango das persoas que o compoñían nin tampouco a forma de deliberar e de resolver. Por unha banda, ademais, atribuiría a este órgano unhas competencias moi limitadas que virían redundar o papel de organismos xa existentes —e dígolle—, por exemplo, os centros de información á muller, que asesoran ante posibles situacións de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo; os servizos de orientación xurídica, adscritos aos colexios de avogados, que son servizos que se encargan do asesoramento e da asistencia xurídica ante posibles situacións de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo; a inspección laboral, tanto a estatal, con base no principio de tipicidade, segundo o cal, ninguén pode sancionar se non está tipificado e esta é outra tarefa que corresponde, ademais, á Inspección de Traballo, un órgano de carácter estatal; ou os tribunais, tanto a Constitución como a Lei orgánica do poder xudicial establecen competencias aos órganos xurisdiccionais para a investigación, a mediación e a potestade sancionadora e tamén cando se refire a condutas que vulneran o cumprimento da normativa de igualdade en materia laboral. Son os que teñen a potestade sancionadora.

A maiores, e ante os incumprimentos que se poidan dar e para asegurar as garantías de cumprimento das normas da lexislación de igualdade de trato e de oportunidades, a loita contra a discriminación no acceso ao emprego, dende o Goberno de España aprobouse o 26 de xullo de 2023 a Orde pola que se crea a Oficina Estatal de Loita contra a Discriminación, no organismo estatal de Inspección de Traballo e Seguridade Social. A finalidade da Oficina é acadar a eficacia de todo o marco normativo vixente en canto á igualdade; foi creada por entender o Goberno de Pedro Sánchez que este novo marco normativo en materia de igualdade a nivel laboral require un adecuado sistema de control, de vixilancia e de exixencia do seu cumprimento para previr, no posible, as actitudes discriminatorias no ámbito laboral e para adoptar as oportunas medidas sancionadoras, se fose necesario. Así, coa creación da Oficina Estatal contra a Discriminación, preténdese optimizar o necesario labor coordinador de todos aqueles esforzos e recursos destinados a garantir a plena aplicación do principio de igualdade de trato de oportunidades.

Polo tanto, temos os mecanismos, e o que hai que facer é fiscalizar o seu traballo ou implementar estes ou dotalos de maior persoal, pero os mecanismos xa existen. E cómpre reforzar, polo tanto, as inspeccións de traballo en materia de igualdade, establecendo, como eixo prioritario das súas funcións, o feito de examinar o cumprimento da normativa en materia de igualdade.

A iniciativa, polo tanto —repito—, parécenos unha ocorrencia. A nivel comunicativo é vistosa, ao utilizar o termo «valedoría»; si, pero constitúe unha perversión da linguaxe. Esta denominación non ten ningún sustento xurídico e tampouco a súa aplicación, que sería imposible levala á práctica polo que lle expliquei antes da potestade sancionadora e da potestade de mediación, que teñen que estar previstas legalmente e están unicamente restrinxidas a determinados órganos.





No PSOE cremos que é necesario a fiscalización do cumprimento da normativa en materia de igualdade para que as empresas privadas tamén a cumpran; aí estamos de acordo. Vostede falaba dun período de seis meses para o debate e para chegar a un acordo en relación con este órgano e co inicio do seu funcionamento. Nós cremos que si, pero non utilizando un termo que xa existe —que se refire a un organismo estatutario para esa función moi similar— porque sería coma se eu falase agora do Tribunal Constitucional da Igualdade, para un órgano que analizase as actuacións de carácter privado, pois estaría utilizando un termo dun órgano constitucional, o que podería levar á confusión. Polo tanto —eu creo—, é necesario mellorar a fiscalización do cumprimento das leis en materia de igualdade no eido laboral nas empresas privadas —aí estamos de acordo—, pero —creo— existen outras fórmulas e, polo tanto, presentamos unha emenda de substitución para a creación dunha Consellería de Igualdade, que entendemos necesaria —como xa lle dixen antes— para vertebrar e coordinar o labor de todas as consellarías e de todo o Goberno para o cumprimento da normativa en materia de igualdade, ou tamén a creación desas unidades de igualdade de todas as consellarías do Goberno de Galicia, que deberían articular tamén a coordinación e o traballo en prol da igualdade de forma coordinada.

En relación co traballo conxunto —de que falaba vostede— para poder acadar un órgano consensuado que poida encargarse da fiscalización no eido da empresa privada, pois nós estamos de acordo, pero co nome de «Valedoría da Igualdade» non o podemos compartir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

**O señor OJEA BOUZO:** Grazas, señor presidente.

Serei breve.

Fundamentalmente, coincido co que acaba de dicir a portavoz do Partido Socialista, salvo quizás no caso do nome; para algo existen os dicionarios de sinónimos. Non sería difícil atopar un nome similar, co mesmo contido semántico sen que se producisen eses problemas relativos á nomenclatura.

Sen embargo, o resto da intervención da portavoz socialista si que nos parece que ten máis senso; e, nese sentido, pois apoiariamos a emenda do Partido Socialista, e, no caso de que o grupo proponente non a aceptase, absteríamonos na propia moción.

Nada máis e grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** «Este panfleto é asqueroso. E ás cousas hai que chamalas polo seu nome. Máis alá da crítica política, penso que ningunha muller debe someterse a este



nivel de machismo. É unha caricatura totalmente sexista que reflexa o que aínda hoxe sufrimos. Moito ánimo, Fabiola». Inés Rei, alcaldesa da Coruña, do Partido Socialista.

Pero é que a señora Pontón, se quere, sabe facelo. Miren: «As mulleres nunca chegamos a ningún sitio por méritos e por capacidade persoal. ¡Canto machismo político! Toda a sororidade con Irene Montero». Ana Pontón, 28 de xuño de 2021. Outro exemplo: «Todo o meu apoio e sororidade coa ministra Irene Montero. Ningunha campaña indecente poderá pararte nin a ti nin a ningunha das que traballamos pola liberdade e pola igualdade das mulleres, dentro ou fóra da política. Nin un paso atrás». Ana Pontón, 24 de novembro de 2022. Ou outro exemplo: «Toda a sororidade coa vicepresidenta Carmen Calvo e o repudio de tan noxento machismo». Ana Pontón, 20 de decembro do ano 2018.

¿Cal é a diferenza entre a Ana Pontón do ano 2025 e a Ana Pontón dos anos 2018, 2021 ou do 2022? Pois que aquí a campaña noxenta e asquerosa é da CIG, (*Aplausos.*) polo que é incapaz de sororizarse cunha deputada, conselleira e membro do Partido Popular. (*Aplausos.*) Se son de esquerdas, somos capaces de condenar as campañas; agora, se a muller á cal se ataca é do Partido Popular, entón, non.

Ben, todos sabemos que o BNG está inmerso nun proceso de análise, de definición e de intensificación das súas estratexias feministas por mandato da UPG, pero, permítanme que lles diga que por moi bo camiño non van, reciclando e descafeinando as propostas con que supostamente pretenden cumprir o mandato dos coroneis.

Puideron traer, señora Presas, unha desas trinta maravillosas e novidosas medidas que nos trouxo hoxe aquí á Cámara, pero non; hoxe prefire traer aquí a debate unha vetusta iniciativa nacionalista sobre a creación dunha Valedoría da Igualdade, que xa vén dos tempos de Anxo Quintana, e que pasou de ser unha proposición de lei de 24 folios no ano 2023 a converterse nunha proposición non de lei de tan só 4 páxinas, de tan boas intencións como imprecisións e de termos excesivamente amplos. Aquí —como diría o seu compañeiro— *no se lo curraron ni un poquito*, señora Presas.

E mire, como esta proposta non é nova, voulles dicir o mesmo que xa lles dixen as veces anteriores que aquí se debateu. Primeiro, que as funcións da valedoría que vostedes propoñen entrarían en colisión coas funcións doutros departamentos: coas do Consello Galego das Mulleres, coas das direccións xerais de Promoción da Igualdade e de Relacións Laborais da Xunta de Galicia ou coas da Inspección de Traballo do Goberno central. Segundo, que non é estritamente necesario crear un órgano deste tipo cando en Galicia xa contamos cunha institución, como é a Valedora do Pobo que, precisamente, ten entre as súas competencias a de velar pola igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, así como pola erradicación da discriminación por razón de sexo; algo para o cal conta con funcións de apoio, de mediación, de investigación e incluso de proposta de sanción ante situacións de discriminación ou de violación do dereito de igualdade por razón de sexo. Por tanto, carece de sentido, señora Presas, crear un organismo que, por moito que se envolvese en boas intencións, para os efectos prácticos só serviría para xerar duplicidades e solapamentos innecesarios con outros organismos xa existentes. E vostedes o saben, pero aínda así o traen.



Algo que tiñan que traer a este pleno para cumprir o mandato dos coroneis, para redefinir as estratexias e para combater a actual situación de «esfarelamento e anemia» en que, segundo o sector comunista do BNG, se atopa o feminismo galego. Será o seu feminismo, señora Presas. Hoxe trouxeron aquí ese documento de trinta medidas —supoño que será— para engordar ese feminismo que teñen vostedes totalmente anémico. Mire, aquí o único que se atopa en situación de esfarelamento e de anemia é o falso feminismo da esquerda.

Miren, o falso feminismo dun Partido Socialista que di estar en contra da prostitución, pero cuxos dirixentes son máis de pisiños e de contratar *Jéssicas* e *mises* con cargo ao erario público. ¡Da Lei de trata nada, señora Castro! ¡Levan sete anos para sacar adiante a Lei de trata! (*Aplausos.*) Non volva falar na tribuna da Lei de trata cando a teñen sete anos paralizada no Congreso dos Deputados, señora Castro. ¿E o BNG que fai? ¡Pois ás patadas con todo!, pero disto non di absolutamente nada. E non, señora Presas, non é un bulo.

Un PSOE que di defender as vítimas de violencia de xénero, pero que aprobou a lei do só si é si, coa cal se rebaixou a condena a máis de mil quiñentos agresores sexuais, incluídos tres dos cinco da Manada. ¿E o BNG? Ás patadas con todo, pero con isto volven, outra vez, aprobar e apoiar a lei do só si é si. E incluso, cando se modificou, foron incapaces de votar esa modificación, señora Presas. E non é un bulo.

O falso feminismo tamén dunha Yolanda Díaz que leva anos actuando de imán da perversión alá onde vai, deixándose acompañar por depredadores sexuais, como Ramiro Santalices ou Xabier Ron, Errejón, Monedero. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¡si, é unha graza!; ¡non é un chiste!—. A primeira vez que entrou a Policía no Parlamento foi para deter Ramiro Santalices, que estaba no Grupo das Mareas e que era asesor de Yolanda Díaz, por descargar documentos pedófilos, señorías. ¿E o BNG? Ás patadas con todo, menos con isto.

E, por suposto, o falso feminismo do BNG, que, falando de referentes comunistas —supoño—, tamén teñen como referente a marxista Simone de Beauvoir, que xa en 1900... —¡si, home, por suposto!—, que xa en 1977 asinou un manifesto en que pedía a liberdade para tres homes acusados de pedofilia, alegando que tres anos de prisión por caricias e bicos eran máis que suficientes. Supoño que niso se inspirarían, e así se entende que o BNG incluíse nas súas listas das municipais un home que estivo en prisión por abusar sexualmente dunha menor de catro anos, e que a señora Pontón aínda non fose ao concello de Coles pedir desculpas e perdón aos veciños e veciñas daquela localidade. (*Aplausos.*) ¡E non son bulos nin *campañitas!* Son realidades, señorías. Non nos acusen de mentir porque estas son verdades como puños, como diría miña avoa.

Esa si que é unha lameira, a lameira en que chapotean vostedes, (*Murmurios.*) sacando á rúa agresores sexuais, levando pederastas nas súas listas e rebaixando condenas. (*Murmurios.*) ¡Si asco, dá moito asco a súa lameira, pero esa é a súa lameira, señorías!; a lameira en que vostedes chapotean con todo este tema.

O falso feminismo do BNG, que, ademais, garda silencio ante o machismo que rezuma o seu sindicato ao perpetuar os estereotipos sexistas coas súas viñetas de humor de taberna, señorías. Tampouco son capaces de condenar o ataque a outra conselleira e á súa familia, porque, miren, (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía.*) din que non son do BNG. Pero,



mire, un exconselleiro de Melide, do BNG, que era o que portaba a pancarta; unha señora que foi nas listas do BNG e outra concelleira de Boimorto —jeu non sei!—. É máis, hoxe outra persoa que ía con Mini nas listas municipais publicou nas súas redes sociais a ubicación da casa da conselleira. E vostedes din: «É que non son do BNG». Ao final desta tarde vai resultar que Ana Pontón tampouco é do BNG, señorías. (*Aplausos.*)

Miren, e agora esta tarde, no xornal, do cal moitos de vostedes son propietarios, aparece o mesmo señor que levaba a pancarta, quen dixo que «Non houbo un escrache á conselleira; era un acto reivindicativo no marco do 8M». (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía e un recorte de prensa.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ir acosar unha muller ás portas da súa casa como acto reivindicativo do 8M! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Cada vez que falan, melloran o tema, señorías! —¡cada vez que falan, melloran o tema!—, sinceramente. (*Aplausos.*)

Miren, o 8M non escoitamos aquelas consignas de: «*Hermana, yo sí te creo*». «*Sola y borracha quiero llegar a casa*». «*Hermana, cuidado, el putero está a tu lado*». Ou «*Sólo sí es sí*». ¡Non!, ¿sabe que escoitamos este 8M? Pois: «*Mis tetas no fríen tus croquetas*». Ata ese punto chegou a frivolidade da súa deriva no ámbito do feminismo, señorías. Esa é a frivolidade do feminismo da esquerda.

E tamén, xa que se falou aquí do feminismo e da señora Sanmartín, (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía.*) mire, esta é unha pancarta que ía tamén na manifestación de Santiago do 8M E, ¿sabe que dicía? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, cidades...; si, non, claro, é que falamos de igualdade, falamos de feminismo—. Mire, en Santiago de Compostela, e non o di o PP nin o di Paula Prado; dío unha pancarta que levaba unha rapaza na manifestación do 8M.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Citas, en Santiago, para atender, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) con denuncia: dous meses, para psicóloga e para servizos sociais. ¿Este é o feminismo do Bloque Nacionalista Galego?

Señorías, a verdade é que, miren, voulles dicir unha cousa. Se queren falar en serio da igualdade...; se queren traer medidas reais, pragmáticas e aplicables...; se queren traer políticas públicas destinadas a eliminar todo tipo de barreiras e a acadar, dunha vez por todas, unha igualdade plena...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...real e efectiva...;

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...encontrarannos, atoparannos aí.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.



**A señora PRADO DEL RÍO:** Agora, se veñen vostedes a andar ás patadas con todo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e con esa campañas...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e con esa forma de actuar no feminismo, con nós non conten.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Balance do Pleno: Bloque Nacionalista Galego: trinta propostas en materia de igualdade; balance do Partido Popular: bulos, acusacións e demagogia. (*Aplausos.*)

Cadaquén se retrata polo seu traballo, señora Prado, polo traballo polo cal nos teñen que xulgar as mulleres. E as mulleres do Bloque Nacionalista Galego estamos traballando en propostas; propostas que elaboramos nós, porque xa sei que vostede segue ancorada nese machismo que di que hai uns coroneis que nos teledirixen desde non se sabe ben onde. Dirixímonos nós soas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e temos tamén moitas coronelas; (*Aplausos.*) e estamos moi orgullosas de que haxa coronelas do Bloque Nacionalista Galego. Claro que somos coronelas e nos gobernamos nós mesmas. Claro que si. (*Aplausos.*)

Mire, telegraficamente, porque eu teño menos tempo de réplica. A señora Pontón dixo do ataque, do cal falan vostedes, á señora conselleira exactamente o mesmo que cando unánimemente a esquerda deste Parlamento foi exemplar á hora de apoiar a actual vicepresidenta ante un comentario machista. Dixo exactamente o mesmo, pero vostedes están metidos nunha deriva que, desde logo, deixa ás claras onde están. E, ¿sabe cal foi a reacción desa bancada, (*A señora Presas Bergantiños olla e sinala coas mans para a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) de vostede mesma, cando se acusaba á señora Pontón de «estar necesitada», de «vitimizarse», de que «governan nela» etcétera? Pois un silencio *de la hostia*, señora Prado; (*Aplausos.*) un silencio *de la hostia*. (*Aplausos.*)

Miren, a proposta de creación dun instrumento como a Valedoría do Pobo, aprendendo de exemplos como os que funcionan en Euskadi ou en Suecia, é algo que o BNG elaborou inicialmente no ano 2018 e que trouxo a este Parlamento. Díxose daquela que era moi xenérico; entón, o Bloque Nacionalista Galego elaborou unha proposición de lei. Houbo unha tramitación dunha Lei de igualdade, presentamos un capítulo enteiro e o grupo





maioritario dixonos, en ponencia, que era unha proposta demasiado concretada para unha lei deste tipo; por iso hoxe traemos a proposta de abrir un proceso de debate e de consenso no primeiro semestre de 2025, para chegar a unha proposta concreta que cubra o baleiro da súa trapallada de Lei de igualdade. Agora é demasiado xenérica. ¡Non pasa nada!, volveremos traer unha proposición actualizada de lei para isto. E temo que acabará pasando o que pasou coa Fundación da Ciencia: había grupos que se abstiñan, que criticaban o nome, que criticaban o modelo, e despois a apoiaron; e había un Goberno que dicía «non, non, non...», ata que a copiaron, e mal. Só espero que fagan como coa ampliación das axudas ás vítimas da violencia machista ou como coa Lei de violencia vicaria: que primeiro voten varias veces «non», pero despois que a copien na súa integridade para poder facelo ben. Temo que acabará sendo así porque os grandes impulsos a favor da igualdade neste país viñeron sempre impulsados por parte dese nacionalismo que tanto lles preocupa e lles molesta agora mesmo, señora Prado. E vostede segue instalada agora nas súas leccións de feminismo.

Xa escoitamos de vostedes, cando primeiro estaban en contra da folga feminista porque era *(A señora Presas Bergantiños mostra un recorte de prensa.)* «elitista, insolidaria e irresponsable», que citaba casos de discriminacións machistas «*en países que también critican el liberalismo, como Afganistán, China, Corea del Norte o Cuba*». Daquela eramos «radicais destes países», e despois abrazaban as demandas da folga feminista porque pensaban que así ían colleitar.

Mire, sería mellor que aprendesen un pouco do labor de oposición do BNG, que está facendo trinta propostas neste pleno para avanzar a favor da igualdade. Fixeron o seu traballo porque, de momento, lamentablemente, están gobernando vostedes.

Polo tanto, aplíquense un pouco ao traballo e abandonen o seu carroñerismo absoluto e vergoñoso...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Emenda?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que están facendo neste pleno.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** A emenda non a imos aceptar porque substitúe a totalidade da iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben, ¡alá vostede! *(Risos.) (Murmurios.)*

Grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¿Que comentario fixen? Non fixen ningún comentario. *(Protestas.)* A decisión é dela. ¿Que comentario fixen?





*(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, ningún comentario; un comentario normal.

Que vou dicir eu.

*(Murmurios.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Olalla Presas Bergantiños, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a intensificar o cumprimento e a fiscalización do cumprimento da lexislación en materia de igualdade cun Plan de choque contra a discriminación económica e laboral das mulleres que incorpore as seguintes medidas:*

- 1. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente e avaliar, singularmente, a posible existencia de fendas salariais de xénero e as medidas para o corrixir.*
- 2. Impulsar, en colaboración co Consello Económico e Social, unha estratexia específica para combater a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións e comezar a desenvolver o Artigo 117 da lei de igualdade canto ao fomento da contratación de mulleres en sectores con infrarrepresentación feminina, acordando medidas para favorecer a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas e vinculando aquelas que consistan en axudas económicas ao mantemento do emprego e da actividade empresarial.*
- 3. Intensificar o exercicio do seu papel de autoridade laboral e, a través da autoridade autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social, realizar un Plan de actuacións tendentes a detectar e a erradicar situacións de fenda salarial e economía somerxada, especialmente en actividades feminizadas, para o que presentará unha estratexia específica de actuación con obxectivos anuais e informará anualmente ao Parlamento.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.



**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Para o PSdeG a igualdade, ademais de ser un dereito fundamental, é unha cuestión de xustiza e constitúe unha necesidade social e tamén para a nosa economía.

A igualdade efectiva entre os homes e as mulleres é un obxectivo prioritario, irrenunciable e imprescindible para que as empresas sexan competitivas; un modelo de competitividade baseado na calidade dos produtos e dos servizos non é posible, señores e señoras deputadas, sen igualdade real entre as mulleres e os homes nos centros de traballo.

Por iso, o pasado sábado 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, as socialistas manifestamos o noso compromiso coa igualdade real e efectiva das mulleres e homes, celebrando o XV Congreso do PSdeG e, como non podía ser doutra forma, tamén nas rúas. Hoxe, en sede parlamentaria temos que seguir reivindicado uns mellores salarios e unhas mellores condicións laborais para que se elimine a fenda de xénero; reivindicando medidas non só nestas datas. De feito, este grupo parlamentario instaba o Parlamento en maio pasado a pór en marcha políticas de emprego que impulsasen a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, en condicións de calidade, con contratos a tempo completo e de duración indefinida e nas mesmas condicións que os homes para poder alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes. Tamén instaba a que mellorasen as políticas activas de emprego, en especial as dirixidas ao incremento da inserción e da permanencia laboral de determinados grupos de mulleres con dificultades específicas: as mulleres maiores de 45 anos, as mulleres novas, as mulleres sen cualificación ou con necesidades de recualificación, as mulleres residentes no ámbito rural, as mulleres que teñen discapacidade, as mulleres migrantes... Tamén instaba a adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os ámbitos e, en especial, en materia de coidados para dignificar o sector de coidados e para adoptar políticas de corresponsabilidade efectiva. Tamén solicitamos neste plenario a creación dun observatorio de seguimento das medidas de emprego, implantadas pola Xunta de Galicia, que persigan acadar a igualdade das mulleres e dos homes, e solicitamos que o citado observatorio dea conta das conclusións emitidas, de forma trimestral, no Parlamento, na comisión correspondente, na cal que tamén deberían participar na análise da situación laboral das mulleres o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Económico e Social.

Esta iniciativa era rexeitada polo Partido Popular, alegando que non era preciso gastar recursos públicos na creación dun observatorio cuxo obxectivo podía ser acadado plenamente coa estrutura actual; estrutura que —temos que recordar— eliminaba a Secretaría Xeral de Igualdade. Son peticións que caeron en saco roto ante un PP pouco ambicioso en materia de igualdade.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que hoxe, ante as crecentes mensaxes negacionistas que cuestionan a necesaria loita para alcanzar a igualdade real e efectiva das mulleres e homes e que poñen en dúbida, entre outras cuestións, a existencia mesma da fenda salarial de xénero, faise máis necesario que nunca contrarrestar estes discursos con datos e con argumentos que demostran e corroboran que estamos ante un problema estrutural que devén doutras moitas brechas de xénero presentes na sociedade.



A fenda salarial —como saben— é a diferenza existente entre o salario medio dos homes e o salario medio das mulleres; esta fenda exprésase nunha porcentaxe, que é a cantidade que percibe, de media, de menos unha muller respecto do que percibe de media un home.

Non só se deben valorar as competencias laborais, senón que hai que incluír na análise a oferta de emprego condicionada, en moitos casos, pola conciliación da vida familiar; a maior participación da muller no traballo a tempo parcial, debido á dedicación ás actividades de coidado da infancia e de persoas adultas e dependentes; e os mecanismos de retribución salariais. Consecuentemente, a fenda salarial acondiciona unha serie de factores sociais, legais, económicos..., constituíndose nun concepto que supera a premisa de igual pago por igual traballo.

Vemos tamén imprescindible botar man dos datos para que comprobemos que os obxectivos non foron alcanzados nin de lonxe. Calquera análise de cifras do mercado laboral galego corrobora o carácter estrutural da fenda de xénero en Galicia. Hai máis mulleres en Galicia, porén non son máis traballando nin asinan máis contactos, e si que rexistran un desemprego máis elevado, unha menor ocupación e uns peores salarios. A nosa comunidade autónoma arrastra peores cifras que o conxunto estatal porque a fenda é dupla: a de xénero e máis a que supón a desigualdade rexional.

O salario medio anual en Galicia é de 22.912 euros para as mulleres galegas, un dez por cento menos que a media estatal, de 24.359 euros. Dous mil quiñentos euros menos cobran as mulleres galegas. Elas, en relación co horario ou hora, con 14,37 euros, ocupan o segundo posto pola cola do Estado. Só teñen retribucións máis baixas as mulleres de Murcia. Noutro extremo, por exemplo, está o País Vasco, onde perciben 19,81 euros. As mulleres galegas sofren unha fenda salarial de case un 18 por cento, concretamente un 17,7 por cento respecto dos homes, o que se traduce en case cinco mil euros menos ao ano, concretamente en 4.711 euros. E se falamos das mulleres de máis de cincuenta e cinco anos, esta fenda ascende a un 21,8 por cento, e na actividade privada, a un 26 por cento. Percibimos un salario medio similar ao cal percibían os homes hai trece anos en Galicia. A cantidade que deixamos de percibir as mulleres nun ano se achega aos dous mil quiñentos millóns de euros. O 40 por cento das mulleres galegas ten ingresos iguais ou menores que o salario mínimo; un dato ao cal só se anota o 27,9 por cento dos homes.

Como manifestamos, non só se produce unha fenda salarial, senón tamén unha fenda de xénero na taxa de actividade. No ano 2024, segundo datos da EPA, houbo unha fenda de case un 8 por cento: a taxa de actividade das mulleres representaba un 49,4 por cento; a dos homes, un 57,3 por cento. A fenda de xénero na taxa de emprego en 2024 das mulleres situábase nunha taxa de emprego do 44,5 por cento fronte ao 53,3 por cento dos homes. E a fenda provocada para a parcialidade feminina, un total de ocupación a xornada completa —que é certo que os datos foron mellorados pola reforma laboral, froito do diálogo social do Goberno de Pedro Sánchez—: 552.601 homes fronte a 437.300 mulleres. Pero na ocupación a tempo parcial, temos 115.000 mulleres fronte a 39.200 homes. Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por coidado de menores, de maiores ou de dependentes, o 92,4 por cento son mulleres. Son elas as que renuncian á xornada completa cando se presentan necesidades no fogar. Esta é a triste realidade que ten que corrixir o Goberno.



Por iso pedimos que hoxe, por unanimidade, aprobemos unha iniciativa necesaria. As socialistas pretendemos que, analizando a realidade, o Goberno galego elabore un plan de choque para diminuír a fenda de xénero existente entre as mulleres e os homes en Galicia e así poder rachar, dunha vez, con esta discriminación, deseñando medidas que contribúan para establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións e incrementando a incorporación das mulleres nos sectores masculinizados porque a desigualdade salarial entre as mulleres e os homes provén da desigual retribución que teñen as ocupacións masculinizadas e feminizadas e da actividade económica en que se desenvolven. Non podemos permitir unha brecha salarial de case un 18 por cento, e que alcance un 26 por cento no sector privado; non podemos permitir que cobremos cinco mil euros menos ao ano que os homes; e que as mulleres perciban o salario medio en Galicia que cobraban ou que percibían os homes no ano 2009.

Nada máis pola miña parte.

Espero que se aprobe esta iniciativa en positivo, que ten que rachar coa brecha de xénero que sofren as mulleres galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Clara Zetkin, esa coronela e comunista, grazas á cal temos non só dereitos, senón tamén unha data recoñecida internacionalmente en defensa dos dereitos das mulleres, como é o 8 de marzo, dixo aquilo de que: «A opresión das mulleres é un obstáculo fundamental para o progreso humano e debe ser superada».

Nós estamos absolutamente de acordo e con esa vontade contribuímos con iniciativas tamén neste pleno porque pensamos que o conformismo e as declaracións de intencións son un obstáculo; un obstáculo para o progreso humano e un obstáculo tamén para a igualdade das mulleres. E, polo tanto, diante das reivindicacións que vimos nas rúas neste 8 de marzo, o que temos é que pedir máis ambición e máis medidas concretas como homenaxe a quen loitou antes ca nós. Por iso complementamos a iniciativa que presentou o Grupo Socialista cunha emenda en positivo para elevar o nivel de exixencia ao Goberno galego.

Así, como reflexión xeral, evidentemente, quedou manifestado na exposición que facía a propia señora Dacosta que a desigualdade no ámbito económico e laboral é un elemento central na discriminación das mulleres na sociedade. É absolutamente determinante porque sen autonomía económica non pode haber autonomía persoal, e ese é un elemento de dominación absolutamente clave para o patriarcado; un patriarcado que se fortalece, ademais, co sistema capitalista, que alimenta as desigualdades sociais, que alimenta as desigualdades territoriais e que alimenta as desigualdades tamén de clase, e que ten, precisamente na desigualdade das mulleres, un dos seus principais alimentos.



Sen o traballo invisible e non remunerado de moitas mulleres non rodaría a roda da vida, e tamén sen a discriminación laboral e económica das mulleres, a roda capitalista xiraría, desde logo, con menos beneficios para a cúspide máis alta da súa pirámide. Quero dar só tres datos: en primeiro lugar, o Instituto Galego de Estatística estimou, na última enquisa que coñecemos, que o valor económico do traballo non remunerado, é dicir, do traballo doméstico das mulleres equivale aproximadamente á metade do produto interior bruto. En segundo lugar, os datos de excedencias, que corroboran que somos as mulleres as que renunciámos ás nosas vidas e ás nosas carreiras profesionais para asumir os coidados e para cubrir o que os servizos públicos dinamitados pola dereita non cobren. Así, hai un 88 por cento de mulleres que collen excedencias para coidar os fillos; e hai un 78,6 por cento de mulleres que collen excedencias para coidar os seus familiares. E, en terceiro lugar, un novo exemplo sería ter en conta que, aínda que nos últimos anos as mulleres aumentamos a incorporación no mercado laboral, hai que ver como se dá esa incorporación; esa incorporación é maioritariamente nos tramos menos pagados, nos tramos máis precarizados da estrutura laboral. En 2022, por poñer un exemplo, as mulleres con ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional eran o 40,2 por cento; no ano 2023, esa proporción aumentou ata o 40,5 por cento. Polo tanto, se no caso dos homes diminuíu é que aí algún problema hai. Vemos tamén como hai outros elementos que, pese aos intentos das últimas medidas aplicadas no ámbito laboral, e que se defendían co obxectivo tamén de acabar coa precariedade das mulleres, agrandaron dalgunhas das fendas.

Polo tanto — nós entendemos —, toca algunha reflexión despois do 8 de marzo: que segue a discriminación económica e que segue a fenda de xénero no mercado laboral. Iso é así por algo; por iso hai reticencias porque é útil para o patriarcado, porque é útil para o propio sistema, e, polo tanto, temos que ver que, cando nós queremos avanzar en dereitos, hai reticencias porque algo ou alguén ten que renunciar aos seus privilexios. Iso é o que explica que, no día de hoxe, siga, con intensidade, a fenda de xénero no emprego e que tamén se dea a súa cara máis visible, que é a propia fenda salarial ou retributiva.

¿Como chegamos a isto? Pois por múltiples razóns. Unha das razóns é os estereotipos de xénero; por iso insistimos en que tamén hai que acompañala do desenvolvemento de políticas públicas non sexistas, e en que é un erro cando as campañas políticas da Xunta ou dos concellos poñen o acento en perpetuar estereotipos, como vimos nas últimas horas con esa brillante campaña dun Concello do Partido Popular, (*A señora Presas Bergantiños mostra un recorte de prensa.*) que decidiu regalar un kit de manicura ás mulleres do seu concello, proposto, ademais, polo concelleiro en materia de igualdade. Pois foi claramente un desnorte; foi, claramente, unha posición de non tomar en serio as políticas de igualdade, igual que cando a Xunta fixo aquela lamentable campaña en que que culpaba as mulleres de correr riscos por tentar os violadores, ¿non?

Ben, os estereotipos de xénero contribúen para esta fenda; contribúen tamén para toda esta cuestión o feito de que teñamos os traballos peor remunerados ou que teñamos peor temporalidade e máis parcialidade. Sabemos que hai tamén traballos fortemente feminizados fronte a outros en que somos minorías, e, todo isto lévanos ao que se resume tamén co chan pegañento e co teito de cristal: a maioría está na base e a minoría nas direccións. Nós entendemos que, en todo isto, a concatenación de crises tamén foi prexudicial para as mulleres





e —entendemos— tamén é un ámbito que atender. Como dicía antes, agrandáronse algunhas fendas: o 60 por cento dos contratos fixos-descontínuos son de mulleres; a temporalidade acada o 30 por cento das mulleres; e, a todo isto, existe unha fenda de xénero salarial que, no noso país, é do 18,4 por cento. E aínda que había unha gran vangloria e conformismo nesta tribuna fronte ao feito de que esa era a menor porcentaxe da historia, hai que dicir que, se imos aos termos absolutos, esa fenda de xénero aumentou; e hai que dicir tamén que se a fenda diminuíu minimamente foi polo aumento do SMI, pero tamén diminuíu minimamente pola terciarización da economía galega porque pérdese emprego industrial, xa que a economía cada vez está máis terciarizada, e iso non é positivo para ningún dos sectores da sociedade.

Polo tanto, fronte a todas estas cuestións nas cales vemos datos obxectivos, hai que avanzar e facer real a igualdade lexislada: máis cumprimento da lei —como dicíamos na iniciativa anterior— e máis medidas nas raíces da desigualdade. Hai cousas que seguen fallando, por exemplo, segue fallando a transparencia retributiva; por certo, outro elemento no cal o Partido Popular votou en contra, unha vez e outra, neste Parlamento e no Estado, foi de que houbera un rexistro retributivo, porque non hai políticas para abordar a segregación ocupacional. Vimos hoxe con espanto como a conselleira de Igualdade anunciaba unha estratexia para abordar a segregación ocupacional, despois de ter o mandato na lei galega desde o ano 2007, e tamén a Xunta, como empregadora e financiadora —como vimos no exemplo das residencias—, é a responsable dunha parte importante de que os empregos feminizados deste país estean absolutamente precarizados; por iso, na emenda que propón o BNG, propoñemos complementar as achegas que fixo o Grupo Socialista para elevar un pouco o listón.

No primeiro ámbito, propoñemos impulsar unha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por fondos públicos. Tivemos recentemente un exemplo no noso país, como foi no caso da limpeza, é dicir, esa folga exemplar das traballadoras da limpeza de Lugo. Vemos como esa precariedade é consentida; vemos tamén precariedade no ámbito das residencias do Sergas ou das casas niño —ás cales eu facía referencia—, polo que, polo tanto, é un ámbito en que a Xunta ten que poñer a lupa.

En segundo lugar, propoñemos, na segunda cuestión que aborda o Grupo Socialista, que ten que ver coa segregación ocupacional, que se complemente cun informe do CES e cunha estratexia coa pluralidade das organizacións sindicais —tamén esa que non lle gusta ao Partido Popular, e que é maioritaria neste país—, é dicir, que haxa unha estratexia que teña medidores obxectivos, que teña indicadores de seguimento e que se avalíe no Parlamento para ver en que se acerta e en que non se acerta, porque, basicamente, a Xunta o que fai é sacar liñas de axudas sobre as cales ninguén avalía se son efectivas ou non e se teñen retorno.

Vimos que a gran proposta da Xunta neste 8M era resucitar esa marca de igualdade que van poñer ás empresas. ¡Vamos!, *está el patriarcado temblando* porque vai haber un selo para algunhas empresas neste país. Quince anos para esta proposta, en fin...

En terceiro lugar, compartimos co Grupo Socialista que hai que intensificar os labores de inspección. Nós entendemos que a propia Xunta, dentro das competencias que ten, xa nin sequera abrazando o independentismo e sen pedir máis competencias, podería facer moito





máis. Especialmente o da fenda salarial e o da economía somerxida deberían ser cuestións prioritarias, e debería tamén informarse a este Parlamento.

Polo tanto, como demandaba o feminismo galego de base este sábado, nós facemos nosas esas palabras: «Menos declaracións de intencións e máis actuacións» . Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto...

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

**O señora PÉREZ LÓPEZ:** Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señora Presas, eu non sei se vostede ten parella ou non —e o certo é que non me importa—. Eu si a teño, e —eu podo dicir— o meu marido ten unha balda do armario do baño dedicada ás súas cousas e nela ten un set de manicura; entón chegaron a un nivel en que eu non entendo por que non se pode regalar un set de manicura a unha muller. ¡Acábao de dicir vostede aquí hai un momento, señora Presas! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

En fin, (*Murmurios.*) un 8 de marzo máis para reivindicar, señorías; (*Murmurios.*) e un 8 de marzo tamén para celebrar todo o que conquerimos xuntos en materia de igualdade laboral e mirar cara ao futuro que queda por diante; un 8 de marzo cun compromiso —e isto quería que quedase ben claro—: o compromiso do Goberno galego, co presidente Rueda á fronte, para seguir impulsando medidas que rompan barreiras e que garantan que o talento e o esforzo sexan o único que determine o futuro laboral das mulleres en Galicia.

Miren, por desgraza, tamén é outro 8 de marzo cun novo conto do Partido Socialista. É xa unha tradición. Cada ano polo 8 de marzo, volven facer malabares cos números para encaixalos no seu relato. As políticas que vostede dixo que nos pedira no mes de maio, señora Rodríguez, estaban xa en marcha. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se non estivesen, estabamos aviados; por iso as votamos en contra e por iso as rexeitamos. Mire, desas políticas saen estes datos: (*A señora Pérez López mostra un documento.*) Diga vostede e interprete vostede o que queira interpretar. Miren para a taxa de emprego feminino, para a taxa de ocupación feminina. Nunca houbo tantas mulleres traballando en Galicia; hoxe traballan máis mulleres aquí, señora Rodríguez, que no conxunto do Estado. (*Aplausos.*) A taxa de paro feminino, señora Rodríguez..., o paro feminino é máis baixo en Galicia que no conxunto de España, é dicir, dous puntos por debaixo.



Imos á fenda salarial; fenda salarial (*A señora Pérez López mostra un gráfico.*) que, nestes momentos, está na mellor cifra da súa serie histórica. Por certo, ollen para a fenda salarial no ano 2008, cando o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego gobernaban Galicia. Miren onde estaba a fenda salarial no ano 2008 e miren onde está agora. Se hoxe é demoledor —como dicía vostede, señora Presas, hai un momento—, gustaríame saber como cualificaría a fenda salarial cando vostedes gobernaban.

Eu, vendo o que acaban de dicir na tribuna e vendo os datos, convidaríaos a facer unha reflexión e tamén convidaría todas as galegas e os galegos. Se estas taxas, que eu lles acabo de dar, serven para que o señor Sánchez venda que España está preto do pleno emprego —a pesar de que estamos á cola do resto de países europeos—, eu pregúntome por que esas mesmas taxas non serven cando demostran a mellora da empregabilidade das mulleres en Galicia, baixo un Goberno do Partido Popular. Terán que explicar vostedes por que, cando para o Partido Socialista e para o Bloque Nacionalista Galego, os datos —ademais de xénero teñen tamén ideoloxía—, cando lles benefician son verdade absoluta ou son palabra de Deus, pero, cando benefician o Partido Popular, desacreditáanos e retórcenos para xerar dúbidas aos cidadáns; e iso é pura hipocrisía política do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. A realidade é que as mulleres galegas teñen máis oportunidades de emprego e mellores oportunidades de emprego que no conxunto do Estado.

E, mire, os datos que lles mencionei e as medidas que xa están en marcha para combater a desigualdade laboral e para fomentar a incorporación das mulleres en sectores masculinizados, deullas por escrito, (*A señora Pérez López mostra un documento.*) hai quince días, o Goberno galego; ese Goberno galego que acusan constantemente de falta de transparencia. Son medidas de conciliación, de teletraballo, de formación —pregunten aos sindicatos—; son axudas para a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas... Isto está todo por escrito, e foi respondido polo Goberno galego. O plan Emprega Muller, con case dez millóns de euros ou o apoio ás emprendedoras e as autónomas, con máis de setenta e dous millóns de euros. Pero iso non o contan; e, non o contan, porque vostedes só veñen aquí non para axudar as mulleres, senón para buscar un titular para mañá. Iso é o único que veñen facer ao Parlamento.

Miren, a pesar da súa demagogia, imos votar a favor da súa iniciativa porque o importante para o grupo do Partido Popular no Parlamento non é o Partido Socialista, senón que son as mulleres galegas; imos apoiar a súa iniciativa sempre que non acepten a emenda-trampa que o Bloque Nacionalista Galego lles plantexou para anulalos unha vez máis e un pouquiño máis.

Miren, o plan de choque que pediron hoxe, señora Rodríguez, xa llo anunciou a conselleira esta mañá na súa comparecencia: a Estratexia de emprego feminino; unha estratexia con datos e unha estratexia con feitos. En todo o caso, a min gustaríame falarlles, señorías, antes de rematar, do que en realidade si sería un plan de choque bo para as mulleres galegas; é un plan en que vostedes teñen moita responsabilidade; un plan sobre o cal o Goberno estatal —de que dependen vostedes— tería moito que dicir, se adoptase as medidas que, desde o Parlamento de Galicia, lle demandamos os que coñecemos o territorio onde vivimos e os que, de verdade, coñecemos todas as desigualdades laborais e sociais que aínda persisten.



Mire, se o Goberno do señor Sánchez enviase para Galicia os fondos para programas específicos en materia de emprendemento, é dicir, para apoiar as mulleres emprendedoras —que o Partido Socialista de Galicia, por certo, non votou a favor nesta Cámara—... É que vostedes levaban na páxina 30 do seu programa para as súas eleccións nacionais...—cuxo lema dicía: «Adiante!, imos máis para atrás ca nunca»—... Na páxina 30 dicíase: «*Seguiremos impulsando la igualdad efectiva entre hombres y mujeres y apoyando el emprendimiento femenino*». Isto escribírono vostedes, pero agora cambiaron de opinión.

Un verdadeiro plan de choque sería que o Goberno do señor Sánchez flexibilizase os fondos finalistas de emprego para podelos adaptar á realidade de Galicia; e vostedes e o Bloque Nacionalista Galego votaron en contra diso neste Parlamento. Ou que transferise para Galicia a recadación do IRPF das cotizacións das traballadoras autónomas en concepto de formación profesional. Desde 2019, leva pagando ás traballadoras autónomas un 0,1 por cento nas súas cotizacións, para a formación, é dicir, 40 millóns ao ano; un total de 240 millóns nestes seis anos. Eu preguntolles onde están eses cartos e a que os está dedicando o Partido Socialista porque, desde logo, para a formación das autónomas de Galicia, non.

Miren, ¿sabe onde estaba o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista mentres o Partido Popular reclamaba o que lles pertence ás galegas e aos galegos? Pois estaban na postura de sempre: ou mirando para outro lado ou votando en contra. Iso é o que fan nesta Cámara, porque de palabrería van ben, pero, cando teñen que escoller entre Sánchez e as traballadoras galegas, ¿saben quen acaban escollendo? O señor Pedro Sánchez.

E hoxe queren vir aquí darnos leccións de igualdade laboral e de igualdade salarial os mesmos que afogaron os autónomos en todo o país: (*A señora Pérez López mostra unha páxina de prensa e le o titular dunha nova.*) «*Sánchez dispara los costes laborales un 40 por ciento desde 2018*». Cincuenta e catro mil millóns de euros máis no peto do señor Sánchez e 54.000 millóns de euros menos no peto dos autónomos e dos empresarios deste país. E ¿saben o que significa iso, por se non se decataron? Máis custos sociais; e máis custos sociais significa menos empregabilidade para as mulleres; e máis custos sociais significa tamén que os salarios, tamén os das mulleres —eses que tanto din defender, señorías—, lonxe de medrar, como poderían medrar, vanse a ver freados. E poderíalle dar moitísimos máis exemplos do que está a acontecer. ¿Non foi o señor Pedro Sánchez, co apoio do Bloque Nacionalista Galego, quen eliminou a bonificación do cen por cento das axudas á maternidade? Vostede quíxolle dar aquí a volta o outro día, pero iso tamén penaliza as mulleres galegas. Pero diso non din ningunha palabra nesta Cámara.

Miren, vostedes son moito de feminismo de pancarta, pero, á hora da verdade, gobernan en contra das traballadoras; e, á hora da verdade, as súas políticas seguen deixando atrás moitas mulleres, moitos autónomos, moitas autónomas e moitas emprendedoras do noso país.

E é moi fácil vir aquí facer discursos, señorías do Partido Socialista e señorías do Bloque Nacionalista Galego, e vir culpar outros con medias verdades; pero veñen facer iso, porque non son quen de asumir a responsabilidade das accións propias que teñen, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego.



A ver se a próxima vez que lle digan ao señor Sánchez «Benvido á túa casa», este trae de baixo do brazo algunha axuda que beneficie as mulleres de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Señora Pérez, de demagogia o PSdeG ten cero. Todos os datos que reflectía na miña primeira intervención, son os datos da EPA, os datos do Instituto Galego de Estatística —ese que agora queren que estea baixo a Presidencia, igual para controlar un pouco os informes— e incluso os dos informes das organizacións sindicais —que debería tamén ler—, que se fixeron a raíz do Día da Fenda de Xénero, que foi o 22 de febreiro.

En relación co Goberno do Estado, quero dicir que unha das medidas máis feministas que realizou o Goberno de Pedro Sánchez foi a subida do salario mínimo ata o sesenta por cento da media salarial; pasamos de 735 euros —foi o Partido Popular que o establecera nese momento— a 1.184 euros neste momento. E, ¿sabe quen beneficia, en maior medida, esa medida? Beneficia obviamente as mulleres galegas, que son as que perciben os salarios máis baixos. E vostede dixo que é demagogia, pero tamén dixo que si, que había que facer este plan de choque porque mencionou que ía aprobar esta iniciativa; entón, é un pouco contradictorio.

Non sei se sabe que as mulleres representan pouco máis da cuarta parte do sector industrial en Galicia, e, non sei se está contenta con este dato; tampouco sei se sabe que as mulleres ocupan no sector servizos o sesenta por cento. Está claro que no sector industrial os convenios colectivos teñen mellores condicións contractuais e salariais, mentres o sector servizos goza dunha maior precariedade, e iso inflúe na fenda salarial que temos en Galicia. As mulleres tamén non chegan a un dous por cento en sectores como a construción, a pesar de que este grupo parlamentario incidía en que o Goberno galego debía formar as mulleres que estaban en situación de desemprego en sectores masculinizados, porque era un foco de emprego. E non fixeron caso ata este ano; é certo, neste ano aplaudimos que incorporen timidamente algunha medida nese campo.

Creo que non podemos permitir, ou que o Goberno galego non debe permitir, que sete de cada dez empregos a tempo parcial sexan ocupados por mulleres; e non creo que poida negar esa cifra. E non podemos permitir que a taxa de paro feminino sexa dun 12,68 por cento fronte a un 7,78 por cento dos homes; non o podemos permitir, señora Pérez.

Piden as organizacións sindicais que incrementen... —non só o PSdeG o pediu— ...As organizacións sindicais —vostedes falaron do diálogo social que ían emprender con estas organizacións— piden mellorar as políticas activas de emprego, con perspectiva de xénero, de maneira transversal, impulsando o acceso das mulleres aos sectores produtivos emerxentes e a súa cualificación, porque se olvidan de incluír as mulleres nos sectores que están máis...



Ese reto da dixitalización e do emprego verde. Parece que se olvidan desas cuestións. Cómpre combater a segregación ocupacional e avanzar cara á corresponsabilidade real.

Tiña uns datos —a ver se agora son capaz de encontralos—, que nos dicían claramente como é a fotografía da situación da muller en Galicia. Se falamos das excedencias por coidado familiar, no ano 2024 —son datos oficiais—, 1.363 mulleres estaban na situación de excedencia por coidado familiar, fronte a só 249 homes; un 84,55 por cento. Isto deixa claro que as medidas de corresponsabilidade non están sendo adoptadas pola Xunta de Galicia como deberían. E iso non é demagogia, senón unha realidade.

Por iso, o Goberno do Estado si que está a incrementar medidas dende que chegou, como a Lei orgánica —no seu momento foi con Zapatero—, de marzo do ano 2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. ¿Acórdanse desa lei? Antes, vostedes e a conselleira falaban de leis como a de igualdade de traballo de mulleres e homes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...—si, xa termino presidente— ..., que eran impulsadas polo Goberno bipartito, en concreto pola Consellería de Emprego do entón conselleiro Ricardo Varela.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda?

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Sobre a emenda, imos intentar unha transacción. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Pois entón suspendemos o pleno ata mañá, ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás oito e sete minutos da noite.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

